

Palabras para o noso tempo

xesús Alonso Montero



6/6

edición de olivia rodríguez gonzález

EDITORA
alvarelos

PALABRAS PARA
O NOSO TEMPO

Xesús Alonso Montero

PALABRAS PARA O NOSO TEMPO

Catorce discursos orais
[2014-2023]

Rexistro e transcripción de
Carmen Blanco Ramos

Edición e estudo de
Olivia Rodríguez González

EDITORA
alvarelos

OESTE [divulgación & ensaio]

Versión en pdf de lectura en aberto.

© ALVARELLOS EDITORA, 2024
Rúa de Sempre en Galiza, 4
15706 Santiago de Compostela. Galicia

© Xesús Alonso Montero, 2024
© Edición e estudo: Olivia Rodríguez González
© Rexistro e transcripción: Carmen Blanco Ramos

Deseño de capa: Xacobe Neto
Ilustración de capa: Luís Seoane. «El Orador», 1954.
Témpera sobre papel. Colección da Fundación Luís Seoane
Maquetación: Paula Cantero
Impresión: Podiprint

Depósito Legal C 1155-2024
ISBN edición impresa: 978-84-18567-59-9

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Dirixíase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org) se precisa fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Este libro é resultado do proxecto de I+D+i «Interseccións post-humanas nas literaturas irlandesa e galega» PID2022-136251NB-I00, financiado por MICIU/AEI/10.13039/501100011033/ e «FEDER Unha maneira de facer Europa», «FEDER/UE».

This book is part of project Post-Human Intersections in Irish and Galician Literatures. PID2022-136251NB-I00 funded by MCIN/AEI/ 10.13039/501100011033 and by ERDF A way of making Europe.



ÍNDICE

PRELIMINARES

A voz e a palabra escrita

Carmen Blanco Ramos..... 11

A arte oratoria de Xesús Alonso Montero

Olivia Rodríguez González..... 15

Seis incursións nos textos da miña oratoria (dita, non lida)

Xesús Alonso Montero 51

DISCURSOS INSTITUCIONAIS 63

Un volume insólito na bibliografía antifranquista galega:
Galicia hoy, coordinado (con pseudónimos) por Isaac Díaz
Pardo e Luís Seoane, editado por Ruedo Ibérico (París) e
impreso en Buenos Aires (1966)..... 65

Filgueira Valverde e a USC, antes e despois de 1936..... 89

A oratoria en galego antes e despois de 1916.

Problemática 121

Ramón Piñeiro e Koldo Mitxelena a partir
das cartas do filólogo vasco ao pensador galego 137

Aniversario da primeira edición de *Memorias*
dun neno labrego de Neira Vilas 165

DISCURSOS DIDÁCTICOS..... 173

O «Pergamiño Vindel»..... 175

«Castellanos de Castilla», de Rosalía de Castro 193

Reflexións cívicas a partir da Revolución

Bolxevique de Outubro de 1917 225

La Tribuna, primeira novela proletaria feminina..... 253

DISCURSOS DIVULGATIVOS.

FOROS PÚBLICOS..... 285

Homenaxe a Gayoso e Seoane 287

No centenario do director de *La Noche*:

Borobó, cronista do seu tempo..... 299

No cuarto cabodano de Isaac Díaz Pardo..... 315

DISCURSOS DIVULGATIVOS.

FOROS PRIVADOS 321

Saúde e República: aniversario nas Chabolas 323

DISCURSO DEMOSTRATIVO

COMO CREACIÓN LITERARIA..... 337

Día das Letras Galegas 2023.

Homenaxe a Francisco Fernández del Riego 339



Xesto de aprobación de Xesús Alonso Montero nunha das sesións de traballo para a realización desta obra, con Olivia Rodríguez e Carmen Blanco, na súa casa de Vigo, o 17 de febreiro de 2024. Foto: Chema Ríos

(19/8/2016)

Borobó *

El no 36,
non como os caulle
veucido
repetido
con letra
& Castru

0)
1)

Saúdo / Parobón
a aut. 2

Reim. 6. Dom. 2

a) En teatro: 1856-57 /
a bondade

b) Antifraquista
(arte e letras): 42 Noche

Unha antoloxía!
Aparición da Noite

c)

"Anacos"
elipse / metáfore /
clíticos o anaco all Bor?
La prisionera lia chegada,
nadie salee como lia
sido" cast.

2)

Supleeeeeeito
noche: "Ancha
el castillo, por máis
grande et España"
eucno PC

3)

O tramo

4)

el H / aut. 2. Cadaxso

5)

W + o sñor das
palabras

Man

Prof. Conde / eu /

E)

A guerra:
con otero caulle
en Santamber
a Madrid

Guión improvisado *in situ* para a súa intervención na mesa redonda polo centenario de Borobó, no Ateneo de Santiago de Compostela, o 16 de outubro de 2016.

A VOZ E A PALABRA ESCRITA

Carmen Blanco Ramos

Os actos de memoria son como relatos abertos; historias perdidas que non poden quedar no esquecemento nun mundo inzado de egoísmos e de cobizas particulares. É a idea que nos deixou o discurso de Xesús Alonso Montero no segundo cabodano de Isaac Díaz Pardo en Boisaca. E foi Antón Pulido, o pintor das «Kermeses», quen despois de escoitalo me instou a gravar as alocucións do «mestre». Aquel 5 de xaneiro de choiva e friaxe que encollía o corpo, decidín mercar un aparello co único obxectivo de levar a cabo esta tarefa.

O destino fixo que, tres meses despois, a conferencia que Alonso Montero impartiu no IES Xulián Magariños de Negreira sobre Isaac Díaz Pardo, co gallo da exposición no Centro dedicada ao intelectual galeguista e fundador de Sargadelos, fose a miña primeira gravación. Logo viñeron moitas máis, en lugares moi variados, dentro e fóra de Galicia.

Transcorrido un ano do inicio do meu traballo e con máis dunha vintena de transcrisións, fun sabedora de que a profesora Olivia Rodríguez González intentara anos atrás facer un estudo referente á oratoria do autor do *Informe dramático sobre la lengua gallega*, iniciativa que tivera que abandonar por distintas causas. Así pois, puxen ao seu dispor aquelas e as sucesivas transcrisións para que a profesora traballase sobre a oratoria de Alonso Montero. Cómpre dicir que este proxecto de ámbalas dúas se fixo público na revista *Ágora do Orcellón* n.º 30, decembro 2015, co motivo da homenaxe a Xesús Alonso Montero como socio de Honra do Instituto de Estudios Carballiñeses.

As 1052 páxinas de reproducións escritas son o resultado de 66 gravacións. En cada reprodución rexistramos o título ou o tema principal da disertación, tamén a data e o lugar. As transcrisións están recollidas en tres tomos que abranguen o período no que Xesús Alonso Montero exerceu o cargo de presidente da Real Academia Galega (2013-2017), máis o tomo IV, «Anexos Transcrisións» (outubro 2017-maio 2018), que corresponden a actos «extraacadémicos», etapa na cal xa non é presidente da RAG¹.

O libro que o/a lector/a ten nas mans recolle unha selección a partir destas transcrisións, levada a cabo por Olivia Rodríguez para o estudo introdutorio, e coa que eu, así como coa súa clasificación das elocucións, concordo plenamente:

¹ O 28 de marzo de 2017, Víctor Freixanes é elixido presidente da Real Academia Galega.

1. Discursos institucionais
2. Discursos didácticos
3. Discursos divulgativos. Foros públicos
4. Discursos divulgativos. Foros privados
5. Discursos demostrativos como creación literaria.

Durante o proceso do meu traballo, descubrín a forma de narrar e de transmitir de Xesús Alonso Montero perante auditorios moi diversos. Así como os efectos retóricos dos silencios e das pausas, igualmente a maneira de explicar as disertacións con relatos ou anécdotas persoais. Ou a habilidade para persuadir ao público utilizando elementos paratextuais, como interpretar unha cantiga polo baixiño, ao son do ritmo das súas mans palmeando na mesa coma se dun pandeiro se tratase. En canto á súa oratoria, hai que salientar que nunca lía as disertacións. Só precisaba da metade dunha cuartilla que sacaba do peto da súa chaqueta. Grandes pensadores como Marx, Gramsci, Cervantes ou Antonio Machado foron, desde moi novo, unha fonte inesgotable de inspiracións para o noso orador.

Por outra banda, este traballo obrigoume a documentarme e afondar máis polo miúdo sobre temas de diversa índole (sociolingüísticos, literarios ou políticos), pero tamén a estudar a personaxes relevantes da cultura galega e non galega. Un falar, a existencia de Dorothé Schubarth, profesora de Basilea, autora no ano 1984, xunto con Antón Santamarina, de varios tomos que supoñen a máis importante aportación respecto ao coñecemento e a conservación do folclore musical de Galicia. Conta o noso orador como a musicóloga suíza, «a pé ou a cabalo, en coches de liña ou de amigos, percorreu centos de aldeas galegas

das comarcas onde lle interesaba recoller cantigas ou coplas populares». Ou tamén a relación fraternal entre o pensador galeguista Ramón Piñeiro e o filólogo vasco Koldo Mitxelena. Unha vez fóra do cárcere mantiveron unha relación epistolar unidos na loita polas súas correspondentes linguas, o vasco e o galego.

Esta angueira permitíume medrar non só culturalmente, senón coñecer a grandeza intelectual e humana dun home implicado coa causa política e coa igualdade social, en especial a da muller. Sempre de parte das clases máis vulnerables e desfavorecidas, pero sobre todo, comprometido coa lingua do país.

A don Xesús só lle poden dar as grazas por me permitir viaxar ao seu lado e compartir andanzas e vivencias, acompañados moitas veces do noso benquerido Luís Ferreiro. Para rematar, agradecer a Olivia Rodríguez o tempo e o traballo empregados para facer realidade este libro. Vaian tamén os meus agradecementos a Patricia Arias Chachero polo envío de catro gravacións de discursos aos que eu non puiden asistir. E a Inés Canosa, que me supliu en Segovia gravando a conferencia de don Xesús sobre Antonio Machado.

Carmen Blanco Ramos
Mato/Quintián, Santa Comba de Xallas,
febreiro 2024

A ARTE ORATORIA DE XESÚS ALONSO MONTERO

Olivia Rodríguez González

Universidade da Coruña²

Esa cabeza olímpica!

(Luz Pozo Garza)

Este libro de discursos pronunciados en distintos espazos e ocasións por Xesús Alonso Montero constitúe unha reivindicación, en tempos de cambio cultural profundo, da palabra como algo esencialmente humano, máis alá da capacidade de comunicación cultural compartida con outras especies animais e a moita distancia aínda, no estadio actual

² Este estudo forma parte do proxecto de I+D+i «Interseccións post-humanas nas literaturas irlandesa e galega» PID 2022-136251NB-I00, financiado por MICIU/AEI/10.13039/501100011033/ e «FEDER Unha maneira de facer Europa», «FEDER/UE».

de emulación da linguaxe, dos logros da intelixencia artificial. Xa que logo, é unha revalorización do desenvolvemento creativo da palabra e da súa conexión co pensar, sentir e imaxinar. Na chamada *era post-humana*, comunican estas mostras retóricas unha mensaxe para alentar aos receptores e compartir con eles a necesidade de manteren viva a chama dunha memoria cultural sen a cal a creación de algo novo perde sentido. Nas etapas preliminares da fase que estamos a vivir, aceleradas cara a un futuro que convén prever, representan estes discursos unha demostración do poder didáctico, dialogante e de fonda raíz democrática das palabras. Un poder fronte á disolución das fronteiras entre o que é e non é, entre o que sucedeu e o que nunca foi, porque son discursos que se apoian en datos probados ou posibles, e non en aire e fume de consignas destinadas á estupefacción do receptor, no canto da estimulación do seu propio pensamento.

As culturas irlandesa e galega posúen un acervo cultural e lingüístico que é orixe e contexto da resistencia colonial en defensa do seu rico patrimonio. Unha revisión como a que se fai neste libro das palabras de quen é considerado polos pares o mellor orador vivo de Galicia ben merece a pena como traballo de campo nese ámbito de resistencia.

O ser humano é o animal que fala e pensa, e sobre esta condición haberá que reflexionar sobre as correntes que sacan á luz os discursos emerxentes da diferenza marxinal. A proposta que encerran estes discursos de Alonso Montero é recuperar o que queda do prestixio danado do *logos*, sobre o que se construíu a ciencia e a cultura desde Grecia, para enfrontar con intelixencia

natural as transformacións do presente. Nada bo pode nacer das ruínas dun mundo, sen salvar os tesouros que encerra e sen lembrar as leccións do pasado.

As ciencias humanas encádranse no devir histórico, razón pola cal queremos achegar a nosa análise da oratoria de Alonso Montero á pegada da historia conceptual de Reinhart Kosellek, tal como se manifesta en *Historias de conceptos. Estudios sobre semántica y pragmática del lenguaje político y social*. O ensaio aparece catorce anos despois da súa participación entre 1971 e 1992, como co-editor e autor, no diccionario de conceptos históricos fundamentais, considerados estes como indicios e factores dos cambios históricos e políticos da Modernidade:

La investigación de los conceptos y de su historia lingüística forma parte de las condiciones mínimas necesarias para poder comprender la historia del mismo modo que su definición implica las sociedades humanas. Los conceptos son extraídos del análisis de los usos lingüísticos del momento. (Kosellek, 2012: 9)

Por outro lado, a ninguén se lle escapa que a fala cobra no presente unha importancia nos medios de comunicación e na realidade virtual que corre parella á mingua de prestixio da escrita. Ante isto, o rétor e tamén ensaísta Xesús Alonso Montero decide potenciar tanto a oralidade como a escritura na transmisión de ideas e na aclaración de conceptos dos que el pode dar testemuño para explicar o presente: «¿Qué estado de cosas puede comprenderse, especialmente cuando las fuentes son escasas y difusas, sin atender al modo en

que se plasma conceptualmente ese estado de cosas en el pasado y en el presente?» (Kosellek, 2012: 10).

Kosellek analiza a historia de longa ou media duración, pero o significado das palabras e dos conceptos cambian tamén na microhistoria do individuo e das colectividades. Poñendo a oratoria ao servizo da memoria, Alonso Montero vertebra os discursos facendo pensar nas palabras e os seus usos: «Claro, durante 40 anos a palabra *comunismo*, quen a definiu era Franco, a televisión franquista. Porque o poder... Franco non só tiña o exército, a policía, as prisións, as comisarías donde se torturaba por sistema, eh!, por sistema! E... Franco tamén era dono das palabras» (pp. 245-246).

O orador Alonso Montero é consciente de que a retórica pedagóxica civil debe enfrontarse desde os presupostos democráticos aos grandes relatos propagandísticos do sistema económico-político actual. A súa palabra eríxese en dique de contención dos discursos que, desde fóra da ciencia e lonxe da tradición retórica humanista, tratan de acceder ao canon da cultura de masas con derivas de forte irracionalidade. Así se expanden por medios de comunicación e redes sociais: «Pero señoras e señores, é que non sabemos a historia? É que os libros que eu aprendín e que aprenderon os meus fillos, e quizais aínda van ter que aprender os meus netos, definiron a guerra de España, como unha *cruzada*» (p. 298).

Procurando as premisas comúns á sucesión de acontecementos vividos con aparente caos antes do paso da memoria individual á memoria social para desembochar na constitución dos arquivos da historia (Ricoeur, 2003: 206), o orador revisa momentos e feitos locais

ou universais cun enfoque histórico que proxecta sobre o presente. Desa proxección dá boa conta a alerta sobre a destrución do ecosistema vital («eu non podo defender un réxime político, económico, social e cultural que sexa inicuo (...) e que poña en perigo a vida neste momento do planeta», p. 251); a iluminación da propiedade curadora da cultura fronte á barbarie visible nas guerras, a corrupción e a estupidez («*gracias ó franquismo*, ensinábase nas prisións franquistas a lingua e a literatura galega, p. 147»); así como a defensa das clases subalternas, entre as que aparecen as mulleres, en moitos ámbitos postergadas, tanto hoxe como antano («nós en quen temos que reparar é nunha moza de aldea, probablemente analfabeta», p. 209. «Ela non estudiou na universidade. Daquela, as mulleres como Rosalía non estudaban nos institutos, xa non digo na universidade e na escola, p. 199).

Este libro contén, en suma, as palabras dun *indignado* que se dirixe con preferencia ás novas xeracións³.

A ELOCUENCIA DE XESÚS ALONSO MONTERO EN CATORCE DISCURSOS

O doutor en Filosofía e Letras Xesús Alonso Montero exerceu desde 1956 a carreira docente en escolas de

³ Stéphane Hessel, diplomático francés que loitou na Resistencia contra o nazismo, saltou á palestra en 2010 cun folleto que chegou a millóns de persoas: *Indignez-vous*, publicado aos seus 93 anos. Incitaba con el á mocidade a reaccionar contra a involución política e económica da famosa *austeridade* imposta polo crac financeiro de 2008. Foi seguido, en 2011, do folleto *Engagez-vous*, orixinado nunha entrevista ao vello resistente.

maxisterio, institutos de Ensino Secundario e Universidade de Santiago de Compostela, institución na que se xubilou en 1999 e seguiu como catedrático emérito varios anos despois. Estudou Filoloxía Románica en Madrid e doutorouse en Salamanca cunha tese, dirixida por Xosé Luís Pensado, sobre o galego literario de Manuel Curros Enríquez. En 1951 empezou a publicar estudos sobre lingua, literatura e cultura galegas, e hoxe continúa nesa tarefa coa vitalidade e a teimuda seriedade científica que o caracterizan.

A lección de discípulos que traballan espallados actualmente por Galicia e fóra dela confirmanlo como o mestre indiscutible da Filoloxía Galega, con centenaes de edicións, traducións, antoloxías, artigos, folletos e libros con títulos que poden considerarse xa clásicos, como por exemplo *Rosalía de Castro* (1972), *Informe –dramático– sobre la lengua gallega* (1973), *Castelao* (1975), *Lingua, literatura e sociedade en Galicia* (1977), *Celso Emilio Ferreiro* (1982), *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante* (1995), *A batalla de Montevideo: os agravios lingüísticos denunciados na UNESCO en 1954* (2003), *Curros Enríquez no franquismo (1936-1971)* (2003), *Veintitrés poetas galegos cantan a don Antonio Machado* (2004), *Laio polo irmán ausente: enfermidade, morte e honras póstumas de Castelao no epistolario de Otero Pedrayo e outras voces* (2006), *Aníbal Otero. Lingüística e política na Guerra Civil e no franquismo* (2011), *Xosé Filgueira Valverde. Biografía intelectual* (2015), *Versos dun fistor republicano, marxista, ateo e un pouco epicúreo (antoloxía, 1963-2016)* (2017), *María Victoria Moreno: a proeza da súa vida e da súa literatura* (2018), *Machado. El nombre y*

la obra de Antonio Machado dentro de las coordenadas del franquismo (2022).

A ciclópea tarefa como estudoso da literatura e a cultura vese completada polo labor divulgativo desde a prensa: as columnas en *La Voz de Galicia* «Beatus qui legit» amosan a vitalidade do seu labor intelectual. Pero sobre todo, pola arte oratoria (cfr. Alonso Montero, 2014: 197-198), que Torres Queiruga pon de relevo con acerto: «El, que tanto fala dos *lletraferits* e que é dono dunha moi longa produción escrita, merece o título de verboferido, habitante infatigable da palabra oral, na que nos arrastra porque antes é el mesmo quen se recrea nela» (Torres Queiruga, 2015: 211).

En efecto, Alonso Montero difunde pensamento e acción nas aulas, salas de conferencias e mítins políticos, pronunciando coa habilidade oratoria que lle é propia discursos modélicos como «Palabras sobre palabras», no acto de recepción do Premio Otero Pedrayo en 1989; ou «*Manifestos* en verso a favor da poesía civil...», na cerimonia do seu ingreso na Real Academia Galega en 1993 como membro de número.

O profesor practica unha retórica viva, de urxencia nunhas ocasións, de creación literaria noutras, con conciencia de seguir o ronsel do exercicio da oratoria en Galicia, tema do que, por outra banda e como veremos, se ocupou repetidamente nos seus traballos e disertacións. Francisco Fernández del Riego, a propósito da relación mantida polo seu compañeiro coa palabra, entra a analizar os trazos da «súa singular condición oratoria»: nos discursos ou conferencias, comeza a falar con naturalidade. Despois vai abranguendo, segundo os casos, os tres rexistros que debe manexar un bo orador:

...o grandilocuente, o medio, o familiar. A dicción que emprega é correcta. Non fai uso da énfase cando non quere que a haxa. Non hai descenso no ton cando non cómpre que se produza. Vai o orador dando a súa palabra, e o auditorio inténrase no seu discurso. (Fernández del Riego, 2000: 120)

Centrémonos xa no contido e estrutura deste libro. Á excepción da conferencia de 2023 que lle serve de broche final, os discursos sitúanse nun marco temporal, 2014-2017, coincidente cun momento importante na vida profesional do orador. Daquela, a palabra de Xesús Alonso Montero, sen deixar de ser a mesma que protagonizara os seus discursos desde que tivo que facer a súa primeira presentación académica de importancia: a devandita tese de doutoramento defendida na Universidad de Salamanca, *Lengua y estilo de Curros Enríquez en su poesía gallega* (1966), viuse matizada, polas obrigas diplomáticas institucionais derivadas do seu cargo na Real Academia Galega como presidente electo desde o 20 de abril de 2013⁴ ata o 7 de marzo de 2017. Que diferenzas poden advertirse? Deixa de ser o *martelo* e o contrincante temido, como «home de combatividade intelectual», segundo escribe Francisco Fernández del Riego (2000: 120), e suaviza con ironía os ataques verbais dos que facía gala antano.

Como puidemos ler nas liñas introdutorias, Carmen Blanco Ramos acudiu durante anos aos moitos e

⁴ Poñíase fin desta maneira a unha crise institucional que se pecharía con eleccións anticipadas tras a renuncia como presidente e mesmo como académico de Xosé Luís Méndez Ferrín o 13 de marzo de 2013.

distintos foros alí onde Xesús Alonso Montero poñía en práctica as súas habilidades oratorias. A escritora gravaba e transcribía concenciudamente os discursos. En íntima colaboración con ela, comezaba aquí o meu traballo de selección, edición e estudo dun número representativo e viable de transcripcións. Consultouse o parecer de Alonso Montero sobre a selección, que a deu por boa. Acordouse coas directoras do proxecto da USC no que participo como investigadora, *Interseccións poshumanas nas literaturas irlandesa e galega*, doutoras Manuela Palacios e María Alonso; e co editor, Henrique Alvarellos, a publicación electrónica do texto en acceso aberto: velaí como a oratoria de Xesús Alonso Montero quedará rexistrada como un fito intelectual e moral para o cambio de era.

Os criterios de edición que consideramos pertinentes foron:

- Priorizar na escrita as marcas da oralidade.
- Respectar os trazos dialectais da fala do emisor e o seu *idiolecto* persoal.⁵
- Non reproducir os fenómenos de prosodia, fóra dalgunha excepción significativa (pausa, algún son paraverbal, etc.).
- Ordenar os discursos segundo o tipo, de acordo co lugar, tempo, público e, nalgún caso, xénero retórico.

⁵ «Eu mesmo, eu son falante de galego, eu na aldea de Ventosela, a 5 quilómetros de Ribadavia, e falaba con meus pais, e con meus irmaos, e cos meus veciños, e cunha moza que tiven de adolescente na aldea, sempre en galego, eh! Eu cantei en galego, aturuxei en galego, xoguei ao fútbol en galego, roubeille os figos ó cura en galego, e dixeran as primeiras palabras de amor, ou algo parecido, a unha mociña daquela aldea en galego. Polo tanto, é a miña lingua de instalación, a miña lingua vivencial.» (pp. 230-231)

— Seguir en cada apartado unha ordenación cronolóxica.

Dos discursos que editamos existe só rexistro oral: de ser este accesible na rede, indícase o enlace para poder seguir o contraste entre voz, ambiente sonoro e transcripción. Contamos nalgún caso con documento audiovisual, cuxa ligazón electrónica ofrecemos tamén para que os lectores poidan recibir integramente a execución retórica.

Xa se dixo que estes discursos teñen unha realización diversa, desde o punto de vista da súa preparación para pronunciar perante o público. O máis frecuente é que se apoien nun guión ou nunhas breves notas como fio de memoria que habitualmente o profesor fai momentos previos á súa intervención, cando non deseña na mesma mesa que comparte con outros oradores: «Eu, nunha especie de *chuleta* que fun facendo, mentres falaban os meus compañeiros tiña, para un segundo ou terceiro momento, un tema, pero vou empezar por el», p. 300. Na selección vemos un caso no que ese guión se elabora como programa para que o auditorio siga o curso da fala con documentación ilustrativa. Como discursos máis próximos á repentización oral, aparecen as intervencións en foros privados. E por último, só un discurso foi escrito previamente: o que pronunciou o Día das Letras de 2023. Por esixencias de protocolo, tiña que ser entregado á RAG para ser editado no *Boletín da Real Academia Galega*. Como broche final deixamos a feliz excepción deste texto a medio camiño entre o discurso e o ensaio, afastado dos riscos retóricos que María Victoria Moreno precisaba a propósito da elocuencia en acción de Alonso Montero ao recibir o *Pedrón de Ouro*:

(...) sen máis apoio escrito ca un guión, ante un público vivo que, cunha actitude doadamente intuible polo orador, marca o ritmo do discurso e ás veces mesmo os seus contidos, animándoo a que afonde en determinados puntos ou aconsellándolle que omita miudezas non imprescindibles. (Moreno, 1994: 133)

O DOMINIO DA ARTE DE FALAR BEN

A retórica, arte humanística legada pola cultura grecolatina, perdurou ao longo dos séculos desde o seu nacemento na colonia grega de Sicilia no s. V a. C., con máis ou menos puxanza e case de xeito latente en tempos nos que se conservou só como práctica escolar. Salvando o longo período que leva ao s. XX, a *Vella Retórica* que R. Barthes rescataría para as aulas universitarias revive co xiro lingüístico no campo dos estudos literarios e coa teoría da argumentación no dereito e a filosofía, onde se desenvolve como contrapartida da lóxica formal.

A pegada da devandita corrente de estudos históricos interdisciplinarios, á que nos referiamos máis arriba, non é allea ás liñas de investigación do pensamento teórico-retórico no noso ámbito peninsular. A «Retórica Xeral» de Antonio García Berrio quixo superar a redución progresiva da vella arte ata a exclusiva e mecánica atención ás figuras e tropos da *elocutio*, poñendo en contacto a poética e a retórica coa poética lingüística e a lingüística do texto, para el ciencias modernas do discurso. Este –tanto dá que sexa oral ou escrito– é, segundo Berrio, un «proceso de persuasión

orientado a la acción moral, individual o colectiva» (Berrio, 1984: 33, *apud* Chico-Rico, 2020: 143).

Prolóngase esta orientación na Retórica Cultural de Tomás Albaladejo, que se ocupa da retoricidade da sociedade e analiza a «galaxia de discursos» que constrúen a cultura, entendida esta como conxunto de coñecementos aceptados e compartidos nun contexto social. Tamén se deriva de Berrio a Retórica Construtivista de David Pujante, que atende á construción discursiva, i.e. retórica, da realidade científica, social e individual, dando relevo á capacidade da figuración da linguaxe na *elocutio* como un proceso de «cognición lingüística que hace consciente nuestra experiencia y construye así su significado» (Pujante *apud* Chico-Rico, 2020: 152). Conclúese en que a produción do discurso é «un proceso de construción e interpretación del mundo que nos rodea y de nuestra relación con él» (Chico-Rico, 2020: 154).

Pujante inscríbese deste xeito na corrente construtivista xeral e apóiase, entre outros, nos estudos do filósofo e comparatista Hayden White sobre a poética da historia. Este é fundamental no xiro lingüístico na filosofía da historia: de acordo coa súa proposta, os discursos seleccionados permitirían en boa medida verificar se o «estilo historiográfico» do noso orador estaría achegado á caracterización que fai White da obra de Karl Marx, de acordo cos ámbitos de figuración (tropos), estética, argumentación e implicación ideolóxica, a saber: metonimia, traxedia, mecanicismo e ideoloxía radical (White, 1992: 39). É tentador seguir esta vía porque, como lembra Darío Villanueva, se a fin da historia era prognosticada a finais do

s. XX por Francis Fukuyama, nunha publicación posterior o autor rectificaría uníndose ás novas correntes do final do *antropoceno*: «La Historia no morirá definitivamente hasta que los avances de la biotecnología no consigan abolir a los seres humanos como tales para que comience una nueva historia posthumana» (*apud* Villanueva, 2023: 17).

Pero regresemos ao campo da retórica, tan conectado ao que acabamos de ver. A nós interésanos aproximar a reflexión sobre a oratoria de Alonso Montero á corrente teórica nada da *problematoloxía* de Michel Meyer. O profesor da Universidade de Bruxelas, na liña hermenéutica de H.-G. Gadamer, defende que todo discurso representa un enigma, un problema, unha pregunta que queda aberta fronte aos receptores da voz ou da letra e que, no caso da literatura máis elaborada artisticamente, se comunica a través da figuración retórica. A pregunta vén sendo o punto de partida, a *quaestio* retórica reactualizada agora para sinalar a clave de todo discurso, de acordo coa definición: «La retórica es la negociación de la distancia entre individuos a propósito de una cuestión dada» (Meyer, 2013: 26).

Se ben Meyer encadra a súa proposta nas investigacións da teoría da argumentación desenvolvida a partir do libro fundacional de Chaïlím Perelman e Lucie Olbrechts-Tyteca de 1958, avanza cara a unha retórica integral ao nivelar os tres elementos que interveñen na produción dos discursos: o *ethos* (perspectiva e valores), o *logos* (razoamento e estilo) e o *pathos* (emoción, convicción e pracer). Ata agora víñanse xerarquizando para acoplalos ao enfoque privilexiado de cada teoría, esquecendo que Aristóteles xa falaba

da necesidade dese equilibrio. Polo demais, Meyer dá por sentado que «el cuestionamiento, la distancia y la noción de negociación resultan evidentes por sí mismos» (*ibidem*). Aspectos como convencer, emocionar, compracer, razoar, informar, quedan excluídos desta definición porque forman parte da relación entre os tres elementos da retórica «a título de casos particulares ligados, como tales, a circunstancias específicas» (*ibidem*).

A problematoloxía é, pois, o cadro teórico onde a retórica, para Meyer, cobra sentido e utilidade actual. Pola súa parte Jean Bessière desde a Sorbonne Nouvelle aplica este tratamento ao texto literario e ao estudo comparado dos textos. Neste caso, cando o xénero epideíctico se converte en literario, finxe ter resposta a esa cuestión, polo que se constitúe en si mesmo como *problema* (Bessière, 1999).

A retórica terma de todos estes discursos, individuais e sociais, especialmente no contexto post-moderno onde todo se revela moito máis complexo problematoloxicamente falando. Os grandes relatos problematízanse e a resposta xorde da negociación da distancia co outro: así, lonxe da caracterización que facía Hayden White, pode dicirse que Alonso Montero ofrece unha interpretación problematolóxica do relato memorialístico en primeira persoa sobre aconteceres históricos sempre en cuestión: «É moi fácil facer preguntas, o que non é doado é facer repostas.» (p. 115). E, lonxe de aplicar un relato lexitimador único, fai que o auditorio capte as cuestións que deben seguir viventes para procurar respostas nesa negociación da diferenzas:

Eu non sei, señor director, si debería dicir, pero eu creo que para a metodoloxía da miña intervención é bo que o diga. En primeiro lugar... vin nalgún periódico local que quedaron un pouco estrañados co feito de que un Colexio Maior destas características, que ademais é un colexio de xesuítas e polo tanto, parece que o presidente é San Ignacio de Loyola, e... que de pronto aquí se conmemore, como dicía un periódico esta mañá, a Revolución Bolxevique. (p. 229)

XESÚS ALONSO MONTERO E A PRÁCTICA ORATORIA

O meu interese pola oratoria do profesor comeza cando accede xenerosamente a pronunciar un discurso como ilustración práctica no curso de Retórica, materia optativa de 4.º Grao nas licenciaturas de Español, Galego-Portugués e Inglés da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña⁶. Daquela era o meu cometido impartir estas aulas (1998-2010), e a disciplina pasaría despois a formar parte do currículo do Mestrado Lingua e Usos Profesionais, para diluírse a seguir no novo

⁶ Pasaron por aquela aula as persoas que consideraba no cumio da oratoria galega neses intres: Anxo Guerreiro, Xosé Ramón Barreiro e Pilar García Negro cando retomou o posto docente na UDC ao retirarse do Parlamento de Galicia, no que deixou un bo recordo como oradora. Tamén houbo ocasión de que os estudantes asistisen a un exemplo vivo da *evidentia* retórica na locución *peripatética* de Felipe Senén polo Castro de Elviña. Coa actriz María Inés Cuadrado participaron nunha práctica sobre a utilización da *Actio* retórica na interpretación dramática. Finalmente, Carmen Becerra fixo demostración da súa arte oratoria explicando o *Don Juan* de Gonzalo Torrente Ballester.

deseño imposto nos plans de estudos europeos desde 2010, como programa piloto na miña facultade. Cando a arte de falar en público ía cobrando importancia a través dos medios audiovisuais na rede, nun mundo sen esencias, categorías e lóxica racional occidental, alicerces que a posmodernidade botara por terra, desaparecía paradoxalmente o ensino da retórica na UDC.

Do paso de Xesús Alonso Montero pola miña aula o 24 de xaneiro de 2002 e polo Salón de Graos da Facultade de Filoloxía da UDC o 15 de xaneiro de 2007, non só quedou o rastro na nosa memoria e a de tantos estudantes como alí había. Quedou tamén unha interesante gravación en vídeo da segunda das demostracións retóricas, o discurso «A oratoria en galego despois da guerra civil», que viña ampliar e completar o discurso de 2002, «A oratoria en Galicia».

Das dúas intervencións e dalgún dos discursos agora editados, extraemos a información sobre as súas fontes de aprendizaxe da oratoria viva: a oratoria sagrada dun predicador enviado para a cerimonia do Desencravo en San Domingos de Ribadavia un Venres Santo da súa infancia. O *Tío Paco* (Francisco Cendrón) e Clodomiro Montero como oradores domésticos que non saen nos libros, Ricardo Carvalho Calero, Eduardo Blanco-Amor; o padre Brandariz, do Colexio Maior San Agustín de Compostela, etc.

Orador incansable, acode a todos os foros aos que é chamado. Recordo un día, cando se dispoñía a entrar a dar unha conferencia plenaria nun dos múltiples congresos que un colega organizaba sen moitos escrúpulos científicos e con ilustres convidados de pedra, porque se anunciaba a súa participación e, no momento da

intervención da personalidade, comunicábase a súa ausencia por enfermidade repentina. Algúns deles mesmo nunca chegaron a saber que foran convidados... Ao preguntarlle a Xesús Alonso Montero o motivo da súa participación en semellante foro, contestou: «Non importa, con tal de ter unha tribuna desde onde poida, como vou facer agora, defender a causa republicana: a memoria da Segunda República e a preparación da Terceira».

A anécdota pon en evidencia que o primeiro trazo importante da técnica oratoria de Alonso Montero é a nivelación que Meyer reclamaba para os tres elementos do discurso retórico contemporáneo, non xa oral, senón tamén escrito e manifestado principalmente no xénero ensaio: o *logos*, relacionado coa linguaxe e o seu referente; o *ethos*, relacionado co propio orador; e o *pathos*, relacionado co auditorio.

En canto ao *logos*, nunha primeira reflexión parece detectarse a centralidade da función referencial do corpus integral dos seus discursos, desde unhas posicións ideolóxicas que Del Riego cualificou de «líña coherente» (Fernández del Riego, 2000: 117). O orador amosa a intención de dar noticia contra o esquecemento forzado dos que, coma el mesmo, loitaron e loitan por un mundo mellor, cada vez máis a contracorrente do que habitamos.

Asemade advírtese o peso do *ethos* na construción da figura do autor no propio discurso. Faino Alonso Montero a medida que dá indicacións do seu lugar no mundo, da súa perspectiva e do valor histórico da súa experiencia vital, a partir da idea de que «para ser atendido, antes ten que conquistar o dereito a ser entendido» (p. 228). Desde o primeiro intre ofrece ao

público a súa *carta de presentación*: «Un conferenciante dalgunha maneira ten que darse a coñecer» (p. 228). O rétor autocréase con ingredientes mesmo de confesión persoal, tanto para facerse acredor de atención ante un público descoñecido, como cando actúa perante un auditorio fiel. Porque a maioría das disertacións tratan de asuntos e feitos da historia recente dos que el se considera testemuña privilexiada, case sobrevivinte último. Así constrúe unha imaxe do seu carácter, actitude moral e virtude de autoridade (Meyer, 1999: 6).

En efecto, Xesús Alonso Montero represéntase con toda a súa súa humanidade, sen relevar técnicas retóricas como a *humilitas auctorial*. Xogando con ironías e hipérboles, acentuando o rebaixamento da súa persoa nalgún momento: «Sei que aínda quedan, porque eu fun educado dunha determinada maneira: codicias, egoísmos e cousas.» (p. 233). Ou, nun movemento de péndulo inesperado, facendo todo un exercicio de *superbia auctorial* de fondo retranqueiro:

O señor director díxome si eu estaba disposto a dar unha conferencia. Eu... teño dado conferencias en palleiros, teño dado conferencias en sitios lonxanos, como non vou dar unha conferencia nun colexio desta categoría? Polo tanto, síntome mui honrado. E cando eu lle iba preguntar que tema dentro daqueles, que el estimase que eu podía tratar, díxome: «Gustaríanos indicarlle un tema». «Pois indiquen, que eu tamén sei dicir que non» –dixen para min–. (p. 232)

Reparemos, apoiándonos de novo en Darío Villanueva, no fenómeno da creación da autobiografía

como xénero tradicionalmente considerado ensaístico ou histórico. O teórico da USC pona en relación coa súa teoría sobre o *realismo intencional* por un lado, e co *pacto autobiográfico* de Philip Lejeune, por outro; para concluír que, máis que representación, esa imaxe construída é *poiese* ou creación: «Ahí está la realidad de la autobiografía: en su enorme poder –retórico– de convicción. Nada más creíble que la vida de otro, por él contada, cuando la hacemos nuestra mediante una lectura desde determinada intencionalidad, nada excepcional, por otra parte.» (Villanueva, 2023: 87).

Se o *ethos*, é dicir, a imaxe que o rétor debe crear dentro do discurso mesmo, é para Aristóteles un medio ético que se constitúe en proba técnica *ad hominem*, constitúen tamén para o Estaxirita os argumentos do *pathos* probas técnicas ou medios psicolóxicos de movemento de afectos. A finalidade é a comprensión do problema ou cuestión presentada, a valoración dos argumentos do orador e a aceptación ou non –velaí a negociación da diferenza– da tese defendida, consonte vai medrando o nivel do coñecemento derivado do mesmo discurso.

O *pathos* sempre está posto de relevo debido á natureza didáctica da oratoria do profesor. Esa función pedagóxica xorde desde os inicios presocráticos e platónicos da retórica ata a consagración que do uso escolar fai Quintiliano no s. I nas *Institutio Oratoria*. Retomaría J. B. Vico no s. XVII un programa de uso didáctico, que sería reavivado no s. XX por Roland Barthes.

Porque Xesús Alonso Montero é, por riba de todo, docente. Aínda que neste libro intentamos unha categorización dos discursos seleccionados que atendese

sobre todo ao lugar e ao público, aos que adapta a súa elocuencia seguindo o principio de pertinencia, en todos eles xorde o denominador común do didacticismo inveterado. A finalidade é na maioría dos discursos, *perlocutiva*, de acordo coa teoría dos actos de fala: esa que prima no xénero deliberativo e que en Xesús Alonso Montero moldea a súa retórica ao tratar de provocar unha resposta práctica no receptor. Así destaca Torres Queiruga este trazo: «Talvez a característica que mellor define a súa oratoria é a paixón didáctica, marca indeleble dos longos anos de ensino.» (Torres Queiruga 2015: 211).

Non está lonxe do diálogo socrático o método pedagóxico do orador, que desde a tribuna dirixe a palabra con autoridade, sendo polo lugar poucas veces retrucado, aínda que si interrogado ou comentado nos coloquios dos que optamos por prescindir por razóns de espazo. Francisco Fernández del Riego apunta nesta dirección cando menciona o ton de conversa que adopta a palabra do profesor:

Cando fala, non está só, xa que logo. Está co público que escoita a súa palabra. Dialoga, coma se dixéramos, con el. O orador vai adaptándose á sensibilidade dos oíntes. A menos que non se enfrente con ela, con braveza. Advirte, habelenciosamente, o que entra no espírito dos que escoitan, e o que non entra. O que interesa, o que conmove os corazóns, e o que non acada tales efectos. (Fernández del Riego, 2000: 120)

Ese diálogo adáptao mesmo ao auditorio infantil con xogos de vella tradición popular, aos que quizais os

nenos de once anos sexan xa alleos: «Que tamén sei, porque mo contou un paxariño. Porque, alí, a Vigo chegan tódolos días paxariños de Vilaxoán a Vigo que me contan o que aquí, o que aquí se fai» (p. 196).

Como panca que impulsa estas claves, recoñécese o marco no que a maioría, se non a totalidade, dos discursos se inscriben: a Filoloxía. Como defendía a Escola Estilística española na que se nutriu o propio Xesús Alonso Montero como discípulo declarado de Amado Alonso e como alumno que foi de Dámaso Alonso e Rafael Lapesa na Universidade Central en Madrid, hai que procurar en cada autor ou autora o *estilo*. E o estilo vén sendo toda unha maneira de interpretación do mundo. O estudo e comentario dos textos escritos e das manifestacións orais da literatura, convértese en Xesús Alonso Montero nun medio para iluminar o mundo e poder transformalo.

Nese marco ten lugar privilexiado tamén a sociolingüística, da que o profesor é especialista no relativo á consideración e recuperación do uso en distintos espazos sociais do idioma galego. E seica tamén a socioestilística como recoñecemento no texto literario das voces dos que están na outra beira da historia: a dos que a sofren, non a dos que a escriben e certifican. Recordemos que *l'esprit est à gauche*, polo que, á beira do rescate dos silenciados e perseguidos, especialmente en Galicia e España tras o golpe de Estado de 1936, Alonso Montero dedícase, xunto aos poetas da *musa popular*, aos grandes temas e aos autores que personificaron este espírito e intelixencia: Miguel de Cervantes, Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Antonio Machado, Federico García Lorca.

AS OPERACIÓNS RETÓRICAS NA ARTE DE XESÚS ALONSO MONTERO

Os discursos seleccionados son unha mostra abondo representativa da técnica retórica do profesor. En primeiro lugar, amosan a posta en práctica de elementos pertencentes aos tres xéneros discursivos: xudicial –cuxa pegada é innegable nos outros tipos–, deliberativo –como ideólogo activista que nunca deixa de ser– e demostrativo ou epideíctico –como *letraferido* que é, seguindo un termo moi do seu agrado⁷–.

O xudicial está moi claro, por exemplo, no discurso dedicado á relación en momentos críticos, especialmente no cárcere, entre Ramón Piñeiro e Koldo Mitxelena. O deliberativo, nos foros de divulgación onde a palabra serve para seguir animando á acción cidadá. E o demostrativo está moi ben representado no derradeiro discurso do libro, onde a imaxinación dá curso libre á creación literaria a partir dunhas liñas epistolares entre Francisco Fernández del Riego e Luís Seoane.

É interesante observar como vai traballando o orador nas operacións retóricas. Na *Intellectio* ou fase previa á creación do discurso, rehabilitada no s. xx a partir do legado de Sulpicio Victor (circa s. v),

⁷ O termo *lettre-feru* provén do norte de Aquitania, tal como documenta Michel de Montaigne en 1600, e tiña un uso sarcástico co significado de *pedante*. O diccionario catalán de Pompeu Fabra adopta a palabra como *lletraferit* e co significado meliorativo de *aficionado ás letras*, que é como o usa X. Alonso Montero. cfr. Ricard García Moya, dispoñible en: <https://ricartgarciamoya.com/wp-content/uploads/2023/02/lletraferit.pdf>

identifica a *situación comunicativa* ou xénero retórico (Kibédy, 1989: 225) para fixar o tema, a idea e o percorrido intelectual baixo a premisa da pertinencia (Lausberg, 1975: 97), unha vez tido en conta o tipo de auditorio: «Porque falar en público significa, e discúlpenme a elementalidade da miña explicación, *falar para un público*» (p. 40).

É o momento no que se decide a posición (*status*) desde a que se enfronta a cuestión (*quaestio*) e se esta é simple, complexa ou implica unha comparación. Así reflicte o orador nesta pasaxe a cuestión non simple:

A pregunta que vós vos tiñades que facer é: «Quen matou ó noso paisano?» Porque é un paisano noso. «Quen matou a este ser humano, sexa paisano noso ou non?», porque os nosos paisanos non teñen que ter máis dereitos cós que non son paisanos nosos, eh! (p. 211)

Se percorremos a partir desa fase preliminar as dimensións dos discursos, comprobamos un patrón recorrente: hai unha *Inuentio* moi concreta, nada difusa, con organización e elementos similares. Iso permítelle ao orador encarar e desenvolver unha ampla variedade de contidos que serán tamén probas, consonte unha selección sempre repetida dentro do catálogo de *loci* ou τόποι, elaborado desde antigo polos tratados de retórica. Quizais se observe unha maior atención prestada aos *lugares de persoa* que producen os argumentos homónimos: nome, nacemento, natureza, modo de vida, ocupación, fortuna e talento, axeitados cando o que se trata é de falar de seres humanos concretos, como Lorenzo Varela, Santiago Álvarez ou Luís «Ferreiro»,

por citar algúns exemplos. Non fai narrativa biográfica ao uso, senón que segue o mesmo procedemento que emprega Fernández del Riego para informar sobre o propio Alonso Montero: «Utilización dunha vida para amosar ou divulgar feitos e ideas nela reflectidos» (Fernández del Riego, 2000: 117).

Eses lugares están presentes tamén e sobre todo, nas autorreferencias constantes, na liña da importancia do *ethos* xa sinalada. E, como espallamento neste campo da tópica histórica, moita dela consagrada pola literatura, vehículo imprescindible para a súa perduración, recoñecemos a presenza da devandita *humilitas auctorial*, da persoa como navegante, da contraposición entre a natureza do mozo e do ancián, a similitude no *topos* das vidas paralelas, a sobrepuxanza na comparación, a sabedoría emparentada co valor, a nobreza da alma, a fama e mesmo a fermosura corporal (Curtius, 1998: 126-127; Azaustre/Casas, 2019: 39-48).

Nos discursos con predominio do *logos* e da función referencial, son os *lugares de cousa* os que ocupan o primeiro plano, propiciando os argumentos *ad rem*: causa, modo, espazo, tempo, circunstancias, comparación, indución e dedución. Estes lugares son repetidos e enfatizados con evidente finalidade didáctica e toman as formas recoñecidas da tópica histórica (Azaustre/Casas, 2019: 48, 56, 60, 66, 68). Así vemos a creación literaria como fazaña e proba argumentativa, o final abrupto para dar remate ao discurso, o *mundo ao revés* como circunstancia, a comparación entre as armas e as letras. Ou a tópica relativa ás coordenadas espazo-temporais do tema tratado, como o *locus eremus* da España de Franco ou o tempo histórico na concepción

marxista da historia (véxase a atención ao contexto das revolucións, por exemplo) e que con evidente humor adoita resumir Xesús Alonso Montero na profecía sobre a loita comunista: «Irmos de derrota en derrota ata o triunfo final».

Vexamos a terceira operación: *Dispositio*, na que o orador distribúe as partes do discurso. O *Exordio* sérvelle para as frases de cortesía, para anunciar o tema explícito no título e, de acordo co principio de pertinencia, lograr a *captatio benevolentiae* e facer valer a súa autoridade profesional e moral. Así fai no discurso sobre a Revolución de Outubro, sobre todo cando toma como pretexto o anuncio nun xornal da disertación que está levando a cabo (p. 229).

O primeiro que chama a atención é a longa duración que alcanzan estas introducións ao núcleo dos discursos, cousa que explica ante o público: «Dito isto, eu podería seguir con máis preámbulo, porque me gustan moito os preámbulos i en todo caso, un conferenciante dalgunha maneira ten que darse a coñecer» (p. 228). A longa extensión do exordio vén xustificada tamén polo xeito de conversa que adopta o orador cando está nunha mesa, compartida ou non con outros rétores, e acaban de presentalo perante o auditorio.

Pode servir de mostra o primeiro discurso, conferencia plenaria nun congreso na Universidade Complutense de Madrid, a mesma na que, co nome de Universidade Central daquela, Alonso Montero cursou os cursos da especialidade en Filoloxía Románica. O exordio prolóngase en forma de conversa co vicedecano, os organizadores e mesmo o público asistente, mellor dito: con certas persoas do público, que el

está vendo ou non, pero que supón estaren alí. Non sabe se está, por exemplo, pero faille unha apelación igualmente, unha investigadora que pronunciara un relatorio a véspera ao que el asistiu. Entón puido comprobar, unha vez máis, algo que lle preocupa desde sempre como mestre de novas xeracións: o efecto nelas do esquecemento histórico ou do arrefriamento da memoria co paso do tempo e a relaxación nos contidos escolares. Deste xeito, ata que finaliza o preámbulo pasa moito tempo, xa que o profesor interrompe o fío iniciado para de novo dirixirse a alguén, retrucarlle ou comentar algo coma se en realidade el non fose o único que está no uso da palabra.

Segue a *Narratio*, na que o rétor expón os elementos constitutivos do tema, idea, tese ou comentario filolóxico que centran o discurso. Instruíndo e deleitando, cumpre as calidades da narración retórica –brevidade, claridade e verosimilitude– que pasarían a alimentar as técnicas da narración literaria. En todos os temas tratados, aínda que sexan dispares, atópanse leitmotivs caros ao orador: ademais dos episodios autobiográficos, a historia recente ligada ao risco de esquecemento; a marcha do mundo e o seu futuro, a situación das clases subalternas, as lecturas como fonte de información e conexión coa comunidade crítica, etc.

Son moi frecuentes as digresións a partir do fío vertebrador ou tema anunciado no título. Sen afastarse de todo del, achegan información sobre o contexto espazo-temporal e regresan ao tema principal seguindo o ritmo da composición do discurso. Esta *compositio* atende á estética de creación literaria cando se trata dun discurso escrito para ser lido en público,

tal e como amosou Victoria Moreno na súa intelixente análise de corte estruturalista sobre a composición do discurso de Alonso Montero na recepción do Pedrón de Ouro o 24 de maio de 1992 (Moreno, 1994).

Un caso parecido a este é o que ofrece o último discurso do libro, pertencente ao xénero demostrativo próximo á literatura na recreación imaxinativa e na composición equilibrada e rítmica. A beleza literaria é de novo un instrumento eficaz para levar ao auditorio ideas e preguntas. O resto de exemplos, aínda tendo unha estruturación pre-meditada, ofrecen un estilo solto, máis que periódico, con intercalación de digresións e episodios autobiográficos.

Coa *narratio* vaise entrelazando a terceira operación retórica, a *argumentatio*. Máis aínda, podería dicirse que a argumentación se anticipa en moitos dos exordios (cfr. discurso sobre *La Tribuna* de Emilia Pardo Bazán). Tamén o orador sabe do valor de proba convincente que ten o *exemplum* e úsao moi ben, por exemplo, perante o público adolescente na narración, con ecos cervantinos, da vida de Pedro Vindel (pp. 177-178).

Un bo exemplo de argumentación que se anticipa e mestura coa narración atópase no discurso de encomio de Filgueira Valverde: o desenvolvemento de entimemas vai apoiando a tese de que Filgueira Valverde foi un loitador constante a prol da causa galega. Os entimemas retóricos diferéncianse dos argumentos lóxicos, entre outras cousas, por ocultar ás veces as premisas (porque se supoñen ou porque son coñecidas polo auditorio). Alonso Montero vai, malia todo, desvelando a primeira premisa antes encuberta, que sería algo parecido a «non se pode xulgar a ninguén sen poñerse

na súa pel no contexto histórico que lle tocou vivir». Neste caso, o orador percorre antes e despois de 1936 episodios dunha vida narrados a xeito de *exempla* para apoiar a tese da *narratio*: o protagonista, non sendo antifranquista de esquerdas, contribuíu así a todo a erosionar o franquismo desde dentro. O que si deixa sen mencionar é outra premisa encuberta: o contexto no que as súas palabras se pronunciaban, afectado polos intelectuais que tirando contra a decisión da Real Academia Galega de dedicar a Filgueira Valverde o Día das Letras Galegas, condenaban o intelectual por desenvolver a maior parte da súa vida durante o franquismo. Hai que extraer da conclusión final unha refutación a partir da premisa oculta ao principio: a loita a prol da causa pode ser levada a cabo de varias formas.

Neste, como noutros discursos, vese que as probas técnicas na argumentación (entimemas, *exempla* e sentenzas ou refráns) son iguais de importantes que as probas non técnicas: cancións, textos e documentos epistolares, testemuñas doutro tempo, conversas, conxecturas sobre aspectos non coñecidos aínda, que se tratan de aclarar á maneira problematolóxica. Pero, por riba de todo, xorden os argumentos do *ethos*, que forman o esteo dos discursos de Alonso Montero. Victoria Moreno, querendo identificar a función do autobiografismo, interpreta así o seu valor como proba non técnica:

(...) as súas palabras pódense extrapolar de tal xeito que, ó escoitalo, a atención dos asistentes ó acto non se centra nese *eu* emisor senón que repara no que hai detrás del. O orador convértese deliberadamente,

habilmente, en espello que, sen deixar de estar presente, esváese ante os ollos do público para que este repare na realidade viva e mutante que o espello reflecte. (Moreno, 1992: 136)

No *epílogo* aprécianse dúas modalidades:

- Pechamento do discurso cun final abrupto, urxido o emisor polo tempo ou outra circunstancia (un tren ou un taxi que o espera para regresar a Vigo), en cuxo caso aínda aproveita uns segundos para cumprir co último movemento de afectos levado a cabo nunha breve recapitulación, acompañando a idea central co ritmo da linguaxe: véxase no discurso dedicado a Filgueira Valverde como recorre á enumeración retórica con anáfora para facer un relato de méritos do autor defendido.
- Anuncio intermitente dun final que non chega, que se dispersa en meandros, nunha homenaxe de recordación ao seu modelo Otero Pedrayo. Tende daquela, se ve a ocasión propicia, a prolongar o tempo, entusiasmado coa palabra, polo que os organizadores adoitan sinalo como orador ao final dos actos. Gusta nesas ocasións de manifestar a súa rebeldía: «—Como vamos? — cinco minutos —que tiranía!» (p. 85).

Chega a operación da *Elocutio*, na que o mestre ten en conta as virtudes da expresión: pertinencia lingüística e manexo de estilos, claridade, corrección e ornatus —onde se atopan os recursos da linguaxe figurada—. Son abondosas as figuras de repetición, que terman da memoria e crean ritmos de pensamento e sonoridade.

Están por todas partes, como as enumeracións, anadiploses, anáforas e parisos: «É o ir, é o vir, é o falar coa xente, é o coñecer, é o saír do silencio, do silencio do pai, porque a linguaxe caracteriza ante todos os demais animais ó ser humano.» (p. 271). E caracterizan sobre todo as recapitulacións dos epílogos: «A sociedade é así. A Academia Galega tamén é así. Na Academia Galega non todo o mundo é de extrema esquerda, nin de extrema dereita, na Academia Galega hai os matices que hai na sociedade galega» (p. 120).

O orador fai uso da hipérbole magnificadora do eloxio, ou ben irónica e revestida de humor, como na brincadeira sobre os anos que aínda lle quedan por vivir: «Quizais eu, cando publique dentro de 15 ou 20 anos...» (p. 118); «porque... a min inda me quedan noventa ou cen anos de vida, así que... bueno, hai que ter paciencia comigo (p. 323).

As preguntas retóricas teñen variedades estilísticas: ás veces, en apelación ao público, van marcando as fases do discurso. Outras, aparecen en forma de autopregunta cuxa resposta vai adiando problematoloxicamente para que o auditorio reaccione pensando ou, polo menos, para crearlle algo de suspense narrativo. Incisos, máis breves que as digresións, confróntanse con pretericións cando afirma que non vai entrar nun asunto, pero entra: «E chegamos ó ano 1936. Non fai falta que eu sinale algunha das connotacións desta data. Non fai falta que eu lles diga que á parte do 36, hai os tres anos da guerra civil, e hai...» (p. 105).

Hai figuras de ficción como a *sermocinatio*, coa que reproduce palabras dunha persoa, real ou ficticia: «Mamá, mamá, son pobres y hablan en castellano!»

(p. 124). «Pero estes comunistas son imbéciles, ¿cómo no voy a tener madre, ¡hijo de la Pasionaria!» (p. 139). Son momentos nos que interveñen os lugares e os argumentos *ad personam*, que tamén teñen que ver coas figuras descritivas, especialmente a etopea, pero tamén a prosopografía (no caso de Amparo, a protagonista da novela de Pardo Bazán). Aquí cadra o uso do símil, así como o da comparación como figura e como proba argumental, pois Alonso Montero xoga brillantemente co recurso ou tópico histórico das *vidas paralelas* de Piñeiro e Mitxelena, de Luís Seoane e Francisco Fernández del Riego; ou lanza unha potente *confutatio* a partir da comparación moral entre Partido Comunista da Unión Soviética e a Igrexa católica en relación co perdón polos crimes cometidos ao longo da súa historia (p. 248).

En relación coa capacidade de facer vivos os sucesos e as persoas, usa con pericia a *evidentia*, como na magnífica reconstrución imaxinada do encontro de Luís Seoane, Francisco Fernández del Riego e outros compañeiros, cando o barco do primeiro recala en Vigo camiño de Buenos Aires en 1949. Apóiaa en fragmentos de cartas cruzadas que dan veracidade á historia contada. A *evidentia* intensifícase así, igual que se potencia cando ensina como proba un libro ou unha reprodución facsimilar (por exemplo, para apoiar o conto sobre Vindel, p. 180), ou cando entoia unha cantiga popular ou recita poemas alleos ou propios.

Finalmente mencionaremos o humor tan persoal, sobre todo irónico ou sarcástico, que como no exemplo sobre as palabras como cestas que se poden encher de cousas boas ou malas, constitúe un dos seus

leitmotivs máis celebrados: que el non é comunista, afirma, porque lle queda moito camiño de perfección para chegar a selo (p. 233).

Alonso Montero posúe un tesouro de coñecementos verdadeiramente excepcional nesta época de memorias externas e escaso caudal transmitido pedagoxicamente. Esa extraordinaria memoria natural sen dúbida fortalécese cun traballo constante de adestramento e rememoración, en parladoiros ou na soidade do seu traballo de investigación. Xa vimos como tan só necesita apoiarse nun esquema previo que vai transformando de acordo coas condicións pragmáticas de execución.

Por outra banda, coma os antigos xograres e exercitadores da arte que tanta importancia tivo nos tratados de retórica e outras especialidade do coñecemento (Yates, 2011 [1966]: 32), o orador usa *comodíns* de axuda-memoria: eses relatos de anécdotas e episodios autobiográficos, ocorrencias, humoradas e sentenzas que se repiten con poucas variacións teñen valor probatorio sen dúbida, pero son tamén relanzos no camiño discursivo para ir repousando a idea e activando a memoria do que queda por dicir.

Fixémonos nos momentos de silencio, no carraspear ou emitir sons vocálicos ou nasais case inarticulados e decatáronos de que fan de conectores de ideas que agroman ou se lembran neste intre. Tamén colaboran co ritmo da memoria as exclamacións, case interrogacións, como «Eh!», que son apelacións ao público á maneira de sacudimento, fronte outras que se desenvolven como inicio de diálogo, con caraxe ou con humor: «—Pásmate, José Manuel, que me

fixen catedrático moito antes ca ti, tamén son máis vello—, p. 262).

A derradeira operación retórica é a que nos chega a través das gravacións de voz ou de imaxe. É o que no texto non vemos, fóra das exclamacións e sons —aos que se suma o riso— que tratamos de reproducir como apoio da memoria e como dominio das técnicas da *actio*, considerada esta como a realización final dun traballo que se iniciaba na fase da *intellectio*. Todo está preparado para a pronunciación do discurso de maneira convincente e eficaz, de aí que o orador afine ben os instrumentos de fonación e a quinésica ou conxunto de signos transmitidos polo corpo.

Alonso Montero, moi pendente do ritmo e a eufonía da lingua, logra domar certa dislalia selectiva coñecida como *rotacismo*, moi frecuente na nenez, articulando o [r] vibrante múltiple na parte posterior dos alvéolos, que case é padal. O orador domina tamén a modulación da voz e a prosodia de acordo coas necesidades retóricas da *elocutio*. Por exemplo: o uso do paralelismo e da anáfora vai acompañado dun volume, ton e timbre especial, de indignación ás veces.

O orador dá preeminencia aos acenos da cara, dos brazos e das mans. Á expresión do resto do corpo non lle concede importancia. Na gravación do discurso na UDC en 2007 pode captarse desde a apertura dos ollos ata o voo das mans marcando unha argumentación. E o xesto de erguer o dedo, advertindo dunha falacia, sinalando unha cuestión, acaba sendo a súa marca persoal: a foto fixa da retórica xestual de Alonso Montero é un dedo que se ergue imperioso, como unha frecha lanzada pola palabra.

Remata a nosa análise aquí, e só queda, a xeito de sumario, recordar o eixo sobre o cal xiran os discursos de Xesús Alonso Montero: o cuestionamento e a memoria. Así se desprega toda unha defensa da súa ideoloxía entendida como *Weltanschauung* e como acción con palabras para acadar unha sociedade igualitaria. O principal obxectivo da súa oratoria é a transmisión de coñecemento para combater o silencio e o esquecemento, impostos no pasado e banalizados no presente. Velaquí a función perlocutiva das súas palabras ante a degradación do mundo e a perda de soporte racional para comprendelo.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alonso Montero, Xesús (2014): «No principio, as palabras, quizais a Palabra», *Madrygal*, 17, pp. 197-200.
- Álvarez Ruiz de Ojeda, Victoria (2000): «Bibliografía de Xesús Alonso Montero». En Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra: *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, tomo I, Santiago de Compostela, Universidade, pp. 29-95.
- Azaustre, Antonio / Casas, Juan (2019, 1.ª ed. 1997): *Manual de retórica española*, Barcelona: Ariel.
- Bessière, Jean (1999): *La littérature et sa rhétorique*, París, Presses Universitaires de France (PUF).
- Chico-Rico, Francisco (2020): «Desarrollos actuales de los estudios retóricos en España: la retórica desde la teoría de la literatura», *Rétor* 10 (2), pp. 133-164.
- Curtius, Ernst Robert (1998, 1948 ed. orix., 1965 1.ª ed.): *Literatura europea y Edad Media latina* (I). Trad. de Margit Frenk Alatorre / Antonio Alatorre México, D. F.: Fondo de Cultura Económica.
- Fernández del Riego, Francisco (2000): «Una vida entre palabras». En Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra: *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, tomo I, Santiago de Compostela, USC: 117-123.
- Kibédy Varga, Aron (1993, 1989 1.ª ed.): «Retórica y producción del texto», en Marc Angenot et alii, *Teoría literaria*, Madrid, Siglo XXI, pp. 251-269.
- Kosellek, Reinhart (ed. orix. 2009, 2012): *Historias de conceptos. Estudios sobre semántica y pragmática del lenguaje político y social*. Trad. Luis Fernández Torres, Madrid: Trotta.
- Lausberg, Heinrich (1975, 1960 ed. orix., 1966 1.ª ed.): *Manual de Retórica. Fundamentos de una ciencia de la literatura*. Trad. José Pérez Riesco, Madrid: Gredos.
- Meyer, Michel (dir.) (1999): *Histoire de la Rhétorique. Des grecs à nos jours*, París, Librairie Générale Française.

- Meyer, Michel (2013, ed. orix. 2008): *Principia Rhetorica. Una teoría general de la argumentación*. Trad. Irene Agoff. Buenos Aires: Amorrortu editores.
- Moreno Márquez, María Victoria (1994): «Discurso pronunciado por Xesús Alonso Montero no acto en que recibiu o *Pedrón de Ouro*», en Claudio Rodríguez Fer (ed.): *Comentario de textos populares e de masas*, Vigo: Xerais, pp. 119-143.
- Pujante, David (2003): *Manual de retórica*, Madrid: Castalia.
- Pujante, David / Alonso Prieto, Javier (eds.) (2022): *Una retórica constructivista. Creación y análisis del discurso social*, Castelló de la Plana, Universitat Jaume I.
- Ricoeur, Paul (2003, 2000 ed. orix.): *La memoria, la historia, el olvido*. Trad. Agustín Neira. Madrid: Trota.
- Torres Queiruga, Andrés (2015): «Alonso Montero, orador». En *Homenaxe a Xesús Alonso Montero. Socio de Honra do Instituto de Estudos Carballiñeses*, Ágora do Orcellón, 30, pp. 211-212.
- Villanueva, Darío (2023): *Poderes de la palabra*, Barcelona: Galaxia Gutenberg.
- Yates, Frances A. (2011, 1966 ed. orix., 2005 1.^a ed.): *El arte de la memoria*. Trad. Ignacio Gómez de Liaño, Madrid, Siruela.
- White, Hayden (1992, 1973 ed. orix.): *Metahistoria: la imaginación histórica en la Europa del siglo XIX*. Trad. Stella Mastrangelo. México D.F.: Fondo de Cultura Económica.

SEIS INCURSIÓNS NOS TEXTOS DA MIÑA ORATORIA (DITA, NON LIDA)

Xesús Alonso Montero

—|—

Este volume recolle unha parte do meu labor de conferenciante; en realidade, unha parte superlativamente pequena, se temos en conta que exerzo, como tal, desde fins de xuño de 1951. Nesa data lin un breve panexírico sobre un filólogo eminente, o noso profesor de Gramática Histórica don Rafael Lapesa, que, nesa ocasión (a da última clase), despedíase de nós, profesionalmente, para sempre, pois o ano seguinte (segundo curso da súa materia) impartiría clases de filoloxía española nunha universidade de Estados Unidos. Como don Rafael era un profesor respectado, querido e admirado por todos

nós, os corenta alumnos acordamos manifestarlle a nosa gratitude, que eu tratei de expoñer en catro ou cinco páxinas, manuscritas por min durante aquela clase epilodal, e que lin, en nome dos colegas, antes de que don Rafael abandonase a aula. Aínda conservo, non sen emoción, aquel manuscrito cheo de tachaduras⁸.

Tamén conservo a miña primeira disertación en idioma galego, lida na emisora de Radio Ribadavia, no verán de 1952, sobre a problemática social da lingua galega, que sería, no futuro, un dos temas máis presentes na miña bibliografía. Nese mesmo ano pronunciei, no Centro Galego de Madrid, unha conferencia de título unamuniano, «La muerte de las lenguas y la agonía del gallego», da que se conserva o manuscrito⁹, e, na mesma tribuna, lin tamén unha conferencia de fasquía moi erudita titulada «Ángel Amor Ruibal y las teorías sobre el origen del lenguaje». Era o ano 1954, recién licenciado eu en filoloxía románica¹⁰.

Nesta primeira andaina de disertante público fixen incursións en varios «xéneros» oratorios: disertación ocasional ante os compañeiros de curso, alocución nunha emisora local de radio, exhortación para alertar sobre o desleigamento de certos grupos sociais ante o idioma galego e conferencia académica moi erudita sobre un vello tema de lingüística xeral.

⁸ Custódíase este ms., como outros textos e documentos meus, no ALXAM (Arquivo Literario Xesús Alonso Montero) na biblioteca da Deputación de Ourense, V. *ALXAM. Guía do Arquivo Literario*, Deputación Provincial de Ourense, 2011, p. 23.

⁹ V. n. 8.

¹⁰ V. n. 8.

Co paso do tempo, este pluralismo «xenérico» foise agrandando: charlas a escolares de primaria, leccións a estudantes de institutos e colexios, presentacións de libros, intervencións en mesas redondas, alocucións en asembleas e manifestacións, conferencias no ámbito universitario, homilías laicas en funerais de amigos e camaradas, alegacións en xuntanzas clandestinas, improvisacións en xuntanzas de celebración, discursos de homenaxe, etc., etc. Parte deste pluralismo, só unha parte, está representado no presente volume que acolle algunhas disertacións dun período moi breve (2014-2017).



Ignoro, hoxe por hoxe, a cantidade precisa das disertacións proferidas por min nestes 73 anos (de 1951 a 2024): supoño que arredor de cinco mil (*sic*), tendo en conta as intervencións en cidades, vilas e aldeas de Galicia (a inmensa maioría), pero tamén en bastantes cidades de España (Madrid, Barcelona, Lleida, Tarragona, Bilbao, Palencia, Salamanca, León, Ponferrada, Astorga, Urueña, Valencia, Alacant, Sevilla, Granada, Montilla, Cáceres, Segovia, Soria, Santander, Palma de Mallorca, Tías –Lanzarote–) e as ofrecidas en cidades moi importantes de Europa e América (Lisboa, Porto, Coimbra, Guimarães, París, Rennes, Prada, Amsterdam, Londres, Trier, Heilderberg, Helsinki, Leningrado, Moscova, Nova Iorque, Toronto, Caracas, Buenos Aires, Montevideo, San Juan de Puerto Rico...). Para algúns letraferidos, son eu o conferenciante galego

máis prolífico, dito sexa coa venia de Ramón Otero Pedrayo. Sexa ou non así, a miña biografía oratoria constitúe, cuantitativamente, un capítulo reseñable da miña bibliografía.

Aquí está a razón, ou unha das razóns, penso, de que algunhas persoas se teñan interesado polo meu labor oratorio, nomeadamente dúas, María Victoria Moreno Márquez (1994) e Andrés Torres Queiruga (2015) con traballos citados no estudo preliminar do presente volume. Pero foi a escritora Carmen Blanco Ramos a primeira persoa en propoñerse facer unha recolleita, para editalos, dunha parte (significativa para ela) dos meus «discursos». Cóntao ela mesma no prefacio deste volume:

Os actos de memoria son como relatos abertos; historias perdidas que non poden quedar no esquecemento nun mundo inzado de egoísmos e de cobizas particulares. É a idea que nos deixou o discurso de Xesús Alonso Montero no segundo cabodano de Isaac Díaz Pardo en Boisaca [2014]. E foi Antón Pulido, o pintor das «Kermeses», quen despois de escoitalo me instou a gravar as alocucións do «mestre». Aquel 5 de xaneiro de choiva e friaxe que encollía o corpo, decidín mercar un aparello co único obxectivo de levar a cabo esta tarefa.

O destino fixo que, tres meses despois, a conferencia que Alonso Montero impartiu no IES Xulián Magariños de Negreira sobre Isaac Díaz Pardo, co gallo da exposición no Centro dedicada ao intelectual galeguista e fundador de Sargadelos, fose a miña primeira gravación. Logo viñeron moitas máis, en lugares moi variados, dentro e fóra de Galicia.

— III —

Debería escribir un feixe de palabras para valorar e agradecer o traballo, o inmenso traballo levado a cabo por Carmen Blanco para este volume fose unha realidade. Os centenares de horas que lle dedicou en Cícere (Santa Comba de Xallas), a transcribir tantas disertacións, despois de viaxar por unha boa parte da xeografía galega (Santiago, Vigo, Vilaxoán, A Coruña, As Chabolas...) para gravar os meus discursos e as miñas charlas! A primeira deste tomo foi gravada por ela na Facultade de Filoloxía da Universidade Complutense de Madrid, precisamente o centro universitario no que eu cursei a carreira hai bastantes décadas (1948-1953).

En realidade, as gravacións van moito máis alá das catorce recolleitas no presente volume: son 66, ou sexa, 1052 folios, transcritos con rigor durante centenares de horas pola dilixencia e a paciencia de Carmen, un traballo que ninguén vai remunerar, só eu se fose rico. Carmen compuxo, con esta morea de páxinas, catro grosos volumes, os tres primeiros constituídos por alocucións do período 2014-2017 (no que fun presidente da Real Academia Galega)¹¹, e o cuarto polas correspondentes ó período 2017 (outubro)-2018 (maio)¹². Se non interpretado mal as palabras de Carmen, 62 gravacións foron feitas por ela mesma, e catro pola profesora Patricia Arias Chacheró, amiga nosa, que tamén traballou *gratis et amore*.

¹¹ En realidade, fun presidente da Academia de 2013 (marzo) a 2017 (marzo), pero Carmen iniciou as gravacións, como xa se dixo, en abril de 2014.

¹² Estes catro volumes serán doados, en breve, por expreso desexo de Carmen Blanco Ramos, a súa «co-autora», ó ALXAM.

— IV —

Agora ben, o presente volume só recolle «catorce discursos» do período 2014-2023, pero a cronoloxía consignada no título deste libro pode confundir ó lector pouco atento do correspondente estudo introdutorio, da autoría da profesora Olivia Rodríguez González. En realidade, son trece os «discursos» do período «presidencial» (2014-2017) e un, o derradeiro, do ano 2023. Titúlase este «Día das Letras Galegas. Homenaxe a Francisco Fernández del Riego» e foi lido (non dito) por min o 17 de maio dese ano en Vilanova de Lourenzá, patria do escritor homenaxeado. É o único discurso non oral escolleito por Carmen Blanco e Olivia Rodríguez, as responsables da edición. Elas explican por que.

Rebus sic stantibus, debo dedicar unhas palabras á profesora Olivia Rodríguez González, autora dun estudo introdutorio («A arte oratoria de Xesús Alonso Montero») que me gustaría merecer. Profesora ela de Teoría da Literatura na Universidade da Coruña, hai tempo que se dedica a examinar por dentro a actividade oratoria de escritores, políticos e profesores para detectar os recursos mobilizados por eles nas súas intervencións, algunhas na súa aula universitaria, tal como ela conta nestas páxinas. Se non me trabuco, débese a ela o título da colectánea, *Palabras para o noso tempo*, que tamén me gustaría merecer. En calquera caso: ata onde eu sei, non existe nas Letras galegas un ensaio tan tecnicamente centrado nas páxinas «faladas» dun opinador que é, tamén, un activista cultural, ensaio no que non esquece dúas achegas anteriores, a de

M.^a Victoria Moreno, de 1994, e a de Andrés Torres Queiruga, de 2015. Non hai retórica na miña gratitude.

— V —

Supoño que haberá lectores dos trece discursos falados que atoparán no discurso sintáctico deses textos repeticións, «muletillas» e signos de puntuación inexistentes na oratoria académica que parte de textos escritos, dos que hai un exemplo, un bo exemplo, no derradeiro discurso da colectánea. Atrévome a cualificalo de «bo exemplo» porque nese texto danse algunhas das características literarias presentes nos discursos falados. Supoño que esta foi a intención das editoras ó incorporalo á colectánea. Aínda así, non hai na miña disertación do ano 2023 os dialectalismos e os coloquialismos que non escasean nos discursos precedentes. Cando escribimos textos para seren lidos, todos, en boa medida, nos propoñemos atérmonos ó galego normativo, criterio que debería presidir, tamén, a nosa oratoria oral. No meu caso, recoñezo que, aínda considerando este criterio o axeitado, o correcto, son moitas as ocasións en que «a fala» gaña a súa batalla. Resulta que eu, desde 1938, «teño dialecto», dialecto que sae vitorioso en non poucas ocasións (unhos, algunhos, eso, bueno, si —por «se»—, cantábamos...). Quero pensar que un intelectual catalán da miña idade é máis fiel, na oratoria oral, e mesmo na conversa *inter pares*, á norma libresca do catalán ca min, ca nós, á normativa do galego dos libros, tema este que debería ser abordado noutra ocasión. O certo é que unha boa parte da oratoria oral,

case toda, paga un foro moi elevado ó dialecto natal e ós coloquialismos do noso falar consuetudinario. En calquera caso, guste máis ou guste menos esta fasquía estilística da oratoria oral, sospeito que don Tomás Navarro Tomás, aquel gran fonetista¹³, non sería moi severo con estas páxinas.

Quizais conveña ter en conta que algunhas das «conferencias» recolleitas nas 66 gravacións foron desenvolvidas a partir dun breve guión, case sempre elaborado minutos antes da disertación ou sobre a marcha se se trataba de mesas redondas, mentres os outros oradores disertaban. As editoras deste volume teñen o propósito de ofrecer, en facsímile, esas follas manuscritas.

— VI —

Interesan estes discursos polos contidos? Dito doutra maneira: hai nestas disertacións, en xeral sobre temas literarios, páxinas valiosas pola súa erudición, polo seu enfoque ou pola novidade nas valoracións? Formulado doutro xeito: achegan algo ó coñecemento dos temas tratados? Tanto nos catorce capítulos deste volume como no conxunto da tetraloxía citada, as achegas, cando existen, non son de relevante entidade. En xeral, estamos ante cuestións tratadas por min en libros ou traballos anteriores, que, nesta ocasión, expoño e defendo seguindo as «normas» da miña peculiar oratoria.

¹³ T. Navarro Tomás (La Roda, Albacete, 1884-Northampton, USA, 1972) é o autor do clásico *Manual de pronunciación española* (1918), tantas veces reeditado.

Aténdomonos ó presente volume, asomareime, a modo de exemplo, a algúns dos catorce discursos. Ninguén pense atopar novidades eruditas ou de estimación no primeiro deles (sobre o libro clandestino *Galicia hoy*, 1966) que eu non tivese adiantado no prólogo da segunda edición, de 2008. Nesa ocasión, aínda que o público era moi ilustrado (tratábase dunhas xornadas internacionais sobre literatura galega na Universidade Complutense en 2014), eu ofrecín ese tema convencido de que os oíntes, precisamente eles, non estaban moi versados nese volume ecléctico sobre a represión franquista que circulou clandestino desde 1966. A elección do tema non é allea á miña vella teima de aproveitar calquera tribuna para debruizarme sobre esta problemática.

O segundo discurso («Filgueira Valverde e a USC, antes e despois de 1936») foi dito, o Día das Letras Galegas de 2015, no Salón Nobre de Fonseca ante un público universitario, e supoño que non houbo, na miña «lección», datos ou valoracións que non figurasen nun recente libro meu sobre o persoeiro homenaxeado nesa data. Habíaos, sen dúbida, para os asistentes que non leran o libro.

Nesta brevísima crestomatía da miña obra oratoria, hai textos que foron ditos para oíntes distintos e menos letrados. É o caso da disertación titulada O «Pergamiño Vindel» para un grupo de alumnos do Instituto «Fermín Bouza Brey (5-11-2017), proferida, na Fundación Penzol, o día no que este grupo de escolares se trasladou de Vilagarcía de Arousa a Vigo para ver o celeberrimo pergamiño, cedido temporalmente polo MOMA (Nova Iorque), o museo propietario deste

insólito manuscrito que contén, ademais do texto literario, a música das cantigas de Martín Codax (século XIII). Non son eu medievalista nin teño unha especial erudición sobre o fermoso cancioneriño do trovador vigués, pero, por ser durante tantos anos profesor de Literatura, estaba na miña man poñer o acento no significado do pergamiño que nos transmitiu ese tesouro lírico-musical e tamén nas virtudes de Pedro Vindel, o anticuario (analfabeto ata os vinte anos) que, en 1915, publicou por primeira vez o manuscrito coas cantigas do noso trovador.

Alocucións hai, neste volume, que se produciron en escenarios case tabernarios e nos que estaba, atenta e rigorosa, a gravadora de Carmen Blanco Ramos. Refírome á que as editoras titulan «Saúde e República», improvisada nun modesto restaurante rural (As Chabolas, Ribadavia) co gallo do meu 88 aniversario (novembro de 2016). O «miolo» desa disertación foron as palabras de gratitude e, logo, as que dediquei a varios amigos e amigas que se incorporaban, nesta edición, ó festexo do meu cumpreanos. Terminou a alocución –totalmente improvisada– cunha evocación de dous nomes grandiosos que acababan de deixarnos: Fidel Castro e Marcos Ana, o poeta que escribiu, nos 23 anos de prisión nos cárceres franquistas, versos conmovedores e desgarradores.

Escenarios moi pouco académicos foron os das alocucións no cemiterio de Boisaca (homenaxe a Díaz Pardo no 4.º cabodano) e ante a tumba, no de Santo Amaro da Coruña, dos comunistas Antonio Seoane e José Gómez Gayoso, fusilados en novembro de 1948 despois de seren asañadamente torturados.

Público douto asistiu ás miñas «reflexións cívicas a partir da Revolución Bolxevique de Outubro de 1917» no Colexio Maior San Agustín, da Compañía de Xesús (18-10-2017). Case podo poñer a man no lume e afirmar que a miña foi a única conferencia que se pronunciou en Galicia conmemorando o centenario da Revolución Rusa, un fito *–velis nolis–* na historia da Humanidade aínda tendo en conta, no balance final, algúns problemáticos aspectos. Foron os estudantes do Colexio os que, ó lembraren o acontecemento se lembraron de min.

Destinatarios máis novos e menos doutos eran os que asistiron no Colexio Público de Vilaxoán (alumnos de Primaria), o 10 de abril de 2005 a una palestra miña sobre Rosalía de Castro, centrada no poema «Castellanos de Castilla», intervención na que, máis unha vez, eu ofrecín un comentario do coñecidísimo poema que aínda hoxe a crítica literaria acolle con moitas reservas.

Público moi distinto era o que estivo presente no meu relatorio «Ramón Piñeiro e Koldo Mitxelena a partir das cartas do filólogo vasco ao pensador galego» (Consello da Cultura Galega, 11-12-2015). Quizais esta conferencia é a que ofrece, en canto ó contido, máis novidades. De feito, ninguén, antes ca min, manexara este rico epistolario, non exento de noticias valiosas sobre a vida carceraria dos dous protagonistas, detidos pola policía franquista, en Madrid, no ano 1946. Creo que tamén son citables, no contido, as novidades da conferencia «A oratoria en galego antes e despois de 1916. Problemática».

Quen, no seu día, se debruce sobre a tetraloxía tan minuciosamente transcrita por Carmen Blanco Ramos, decatarase, doadamente, da ampla pluralidade das intervencións se se teñen en conta, alén da tribuna, os destinatarios e a ocasión. Os catorce discursos que compoñen este volume, titulado *Palabras para o noso tempo*, son unha mostra non desdeñable, das 66 alocucións recolleitas na tetraloxía.

XAM

Vigo, 28 de maio de 2024

—
**DISCURSOS
INSTITUCIONAIS**
—

UN VOLUME INSÓLITO NA BIBLIOGRAFÍA ANTIFRANQUISTA GALEGA: «GALICIA HOY»

Coordinado [con pseudónimos]
por Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane,
editado por Ruedo Ibérico (París) e
impreso en Buenos Aires (1966)¹⁴

Bos días, miñas donas e meus señores. Ilustrísimo señor vicedecano, graciñas pola súa presenza aquí e... e polas palabras que dixo a tódolos congresistas.

¹⁴ Conferencia plenaria, 9 h 30 do venres, 19 de setembro, nas Xornadas Internacionais *Literatura galega: identidade, alteridade e exilio*. 2014. 18-20 setembro. UCM-UNED. Madrid. Facultad de Filoloxía. Edificio A. Organizadas polo Centro de Estudos Galegos da Universidad Complutense de Madrid e a Facultad de Filoloxía da Universidad Nacional de Educación a Distancia.

Tras a inauguración polo vicedecano José Manuel Lucía Meñas, Xesús Alonso Montero é presentado pola doutora Carmen Mejía Ruíz como Catedrático da Universidade de Santiago de Compostela, presidente da Real Academia Galega e presidente do Foro pola Memoria Republicana de Galicia. O orador fai distribuír un guión entre os oíntes. *Madrygal* editaría o discurso en forma de texto elaborado posteriormente polo autor nun suplemento especial que acompaña o n.º 15 de 2018. Disponible en liña: <https://revistas.ucm.es/index.php/MADR/article/view/48850/45587>

Graciñas tamén á miña vella amiga, a profesora [Eugenia] Popeanga, que ademais trouxo na mañá de hoxe unha emoción especial á miña vida, porque coñecemos en Pontevedra na casa de María Vitoria Moreno Márquez, unha das persoas que eu máis quixen, que eu máis admirei e unha das persoas que suscitan, eu diría que casi tódolos días da miña existencia, nos últimos anos, máis saudades en min. E... o lugar este non é alleo, porque como dicía o señor vicedecano, eu fun estudante, eh... nesta facultade hai moito tempo, moito, moito, moito, case no Paleolítico Inferior. Eu estudei Filosofía e Letras nesta facultade de 1948 a 1953. Do 48 ó 50, os dous anos de comúns. E aquí era, con Barcelona, a única Facultade de Filosofía e Letras que había en España que tiña as sete especialidades que podía ter unha destas facultades. Había tres de filoloxía: Filoloxía Semítica, Filoloxía Clásica e Filoloxía Románica. Por iso, hoxe, esta é a Facultade de Filoloxía e herda o corenta por cento dos estudos que, *grosso modo*, se impartían naquela facultade cando eu era estudante.

E... hoxe todo son boas noticias e emocións para min, porque o señor vicedecano facía referencia ás clases de don Armando Cotarelo Valledor e recordaba ademais un feito trágico, pero aínda sendo trágico, hai que telo presente para que as traxedias non se reproduzan. En efecto, isto foi fronteira entre o bando republicano e o bando sublevado durante os case tres anos da guerra civil, tanto que algúns libros desta biblioteca serviron de parapeto e algúns foron queimados polos milicianos republicanos. Pero cando se pasa frío, cando se ten fame, cando se está en condicións extremas, por mui republicano que sexa un, por mui humanista que sexa un, si un

quere defender a súa vida, si un quere non morrer, pois ten, e... que poñer as mans ó pé do lume. I o lume ás veces hai que facelo, pois se cadra, cun texto do século XVI, cunha edición de Lope de Vega do século XVII ou do século XVIII. Algúns libros desta biblioteca desapareceron, como desapareceron outras cousas, si. O tempo tamén foi facendo desaparecer a inscrición latina. Eu recordo que o primeiro día que entrei aquí, quizais o catro, o cinco ou o seis de outubro do 1948, cando iba a poñer e... o primeiro pé na escalinata da entrada, atópome cunha inscrición latina, e... que di: «*Siste viator*». E polo tanto eu sentínme interpelado: «Detente, viaxeiro». E detívenme, e con bastante esforzo... eu daquela sabía bastante latín –algún esquecino, cos profesores que tiven aquí de latín, eh?... Un logo tería un cargo moi alto na Democracia, non recordo agora o nome, se non, diríao—. Pois, «*Siste viator*»: «Detente, viaxeiro». Eu dicíalle ao señor vicedecano, que lle transmita ó decano, que ademais é catedrático de Filoloxía Clásica: ou chatan esas letras ou restitúenas. Porque se cadra, dentro de oito ou dez días, cando restitúan estas letras, o contacto co latín de moitos dos alumnos que van a entrar nesta Universidade vai ser esa inscrición. Polo tanto, a bandeira da filoloxía clásica non a podemos perder, nin sequera aqueles que estamos na filoloxía post-clásica. Porque... filoloxía clásica é a nosa, porque o galego, o sardo, o catalán etc., etc., son un «neolatín», eh? O que pasa é que nós en vez de dicir *apícola* decimos *abella*, en vez de dicir *factum*, decimos *feito*... pero estamos falando latín. Latín tan ben falado como o de Cicerón, o que pasa [é] que Cicerón dicía *apícula* e *factum*, e nós decimos *abella* e *feito*. Porque nos falamos o latín galego

do século XX, e Cicerón falaba o latín do século I antes de Cristo. Pero nós non somos menos que Cicerón.

Alégrame moito a mención que fixo a don Armando Cotarelo Valledor, a quen eu coñecín, pero xa non chegou a ser profesor meu. Porque de feito, señor vicedecano, daquela, daquela... quizais no ano 33-34, non, pero, cando eu estudei na posguerra en Filoloxía Románica, en segundo curso, polo tanto, cuarto de carreira había unha asignatura que se chamaba Filoloxía Galaico-Portuguesa, que impartía don Armando Cotarelo Valledor. Xa non foi profesor meu, porque morreu no ano 50. Pero no ano 50, semanas despois do seu pasamento, fíxoselle aquí unha homenaxe, eh? Estaba de paso por aquí Darío Álvarez Blázquez, recordo, médico e humanista tamén. E... estivemos el, Ben-Cho-Shey —que estaba en tódolos actos que tiñan que ver con Galicia—, nunha homenaxe que lle fixeron os alumnos —eu non fora alumno del—... os alumnos que tiveran dous anos antes a don Armando Cotarelo Valledor, que como saben estreouse como catedrático de Literatura Española na Universidade de Santiago no curso 1905-1906. E, aínda que a súa cátedra era Literatura Española, si vostedes ven o programa que xa publicou para ese curso, o curso 5-6, hai un apéndice, nese programa de Literatura Española, con leccións dedicadas á lingua i á literatura galega e bastante bibliografía.

Como decían os seus alumnos —empezando por [Ramón] Otero Pedrayo, que o foi nese ano, e por [Xosé] Filgueira Valverde, que o foi anos despois—, non lle deu tempo de estudar esas materias. Pero, en todo caso, era significativo que simbolicamente figuraran nese programa: porque as inquedanzas polo universo

galaico portugués, a don Armando Cotarelo, que non era galego administrativamente, porque era da Veiga, o que hoxe chaman nunha mala toponimia *Vegadeo*, está á dereita do Eo, polo tanto administrativamente en Asturias, pero en zona de fala galega, don Armando Cotarelo tiña xa unha inclinación grande ós estudos galegos, e galego-portugueses. Daquela xa estaba facendo o seu traballo, a edición que publicaría anos despois, de Paio Gómez Chariño. Así que, para min, hoxe todo son boas noticias, emocións estupendas, unha demasiado conmovedora. Pero bueno, a vida é así, e tamén estamos para eses conmovementos.

Creo que todos teñen esta especie de programa. Eu, realmente non debería de falar, porque aí está dito todo, e o que debería é de establecerse, a partir deste momento, un pequeno coloquio, en que alguén que teña dúbida sobre algún dos epígrafes ou algún dos textos que aí se reproducen, me fixera unha pregunta por si eu podo complementar algunha cuestión das que aí aparecen, ás veces desenvolvidas e outras veces, *bueno*, polo menos enunciadas. De tódolos xeitos, si temos tempo no coloquio farémolo; e si non, eu vou facer estas pequenas glosas, seguindo o esquema que, que aquí se presenta.

Eu debería de empezar, hum,... agradecendo ós organizadores, primeiro que me convidasen a min, segundo que me convidasen para ter un posto dunha certa relevancia: unha conferencia plenaria. Terceiro, que vaian hoxe á noitiña, ou á tardiña, non sei... tardiña ou noitiña –depende de como vaia o programa de toda a tarde–, vaise clausurar esta actividade cunha obriña de teatro –vamos a chamarlle así– que é miña.

E de feito é unha cuestión sociolingüística que eu puxen en diálogo, simplemente. Polo tanto, eu estou infinitamente agradecido, pero... máis importante que a miña gratitude ós organizadores destas xornadas é outra cousa. Eu quedei hai sete ou oito días, cando recibín o pre-programa –inda non era o programa definitivo–, quedei verdadeiramente abraiado da cantidade e da cualidade das persoas que aquí interviñan. Hai, si non me trabuco, oitenta e dous ponentes. O día que se publique, e faremos esforzos máximos para que isto se publique, de aquí van saír unha chea de noticias, de datos, de perspectivas, de propostas e de suxestións extraordinarias.

Eu non asistín á sesión da tarde de onte, e asistín ás da mañá, pero a parte delas, porque un non podía estar simultaneamente nas tres salas. Pero, entre as noticias que eu teño dos actos ós que asistín, e as noticias que me transmitiron os amigos que foron a outras salas, eu creo que poucas veces se dan unhas xornadas destas características, en que aparezan tantas noticias. En todo caso, nunha literatura que como a nosa é unha literatura modesta: non é a literatura francesa, nin a literatura rusa, nin a literatura latina, nin a literatura italiana. E menos, a literatura inglesa que é importante en catro, en cinco, ou en seis países do mundo. É unha literatura moi modesta, pero é unha literatura moi modesta en que hai episodios, en que hai capítulos, en que hai datas, en que hai obras, anónimas ou non anónimas, éditas ou inéditas que... aínda hai que zugarlles todo o celme que non foi zugado polos eruditos anteriores. Onte mesmo, eu asistín a dúas ou tres sesións onde aprendín moito, eu que

teño bastantes anos e que, case, case debería darme vergonza dicir que estou aprendendo cando xa teño máis de corenta anos cumpridos. E... asistín a unha sesión en que se falaba de Luís Seoane –eu publiquei hai máis de vinte anos un libro sobre Luís Seoane. Eu son un admirador de Luís Seoane. Eu case soño con Luís Seoane–, e resulta que aprendín cousas moi importantes de Luís Seoane. Por se fose pouco, atópome con persoas que veñen aquí, a... a facer un Máster cun, cun amigo, un profesor de Perpiñán que vai facer unha tese de doutoramento sobre a correspondencia de Luís Seoane. Polo tanto, señor, miñas donas e meus señores, isto é unha festa.

Eu voules falar deste libro (*ensinándoo*). Este libro é un libro de 1966. É un libro clandestino, hoxe non é clandestino, pero en 1966, *regnante Franco*, digámolo en latín, eh?, que lle gustaría ó noso decano da facultade, era un libro clandestino. O exemplar que teño non é da edición orixinal, é dunha edición facsímile que se fixo, bueno, pouco despois do ano 2000 e que leva un prólogo meu. Polo demais, é un facsímile e moi ben feito e mesmo están ben reproducidos os cadros, os debuxos e as fotografías que figuran na edición do ano 66.

E... eu sempre son consciente de que... en simposios destas características predominan as persoas novas, algunhas moi novas, outras novísimas e mesmo algunhas, infinitamente novas. E como un foi novo, enfermidade que ten cura, hum..., tamén se decata que ás veces, por moi sabio que sexa o novo, por moi entusiasta que como investigador sexa esa persoa nova, hai cousas que se lle pasan. Hai aquí unha persoa que

fixo onte unha ponencia extraordinaria sobre Galeuzca, e logo eu tiven, e... a amabilidade –por parte dela–, de que falara comigo, e díxenlle que eu publicara unha reseña sobre aquela escolma que ela nos amosou na revista *Triunfo*. Pero ela é tan infinitamente nova..., que..., a revista *Triunfo* non lle dixo nada. Porque eu recordo que nun simposium, creo que foi en Barcelona hai dez anos, ante unha persoa algo menos nova ca ela, dixeran: «A revista *Triunfo*» e por pouco desmáíase. Porque a revista *Triunfo*, para aquela persoa de Barcelona que tiña dez ou quince anos máis ca ela –e isto aconteceu hai cinco ou seis, polo tanto hai vinte anos de diferenza–, para ela era a revista de [Eduardo] Haro Tecglen, unha das mellores plumas periodísticas que deu España no século XX. E no século XX escribiron nos periódicos señores que se chamaban don Miguel de Unamuno, don José Ortega y Gasset, don Manuel Azaña, don Julián Besteiro. Coidado con Haro Tecglen! Pero sobre todo escribía –de aí, case, case, o desmaio desta alumna de Barcelona– Manuel Vázquez Montalbán, case sempre co pseudónimo de *Sixto Cámara*. Non se entenden os dez últimos anos do franquismo –porque a revista é dese período do franquismo serodio– sin a revista *Triunfo*. I eu díxenlle: «Era unha revista antifranquista», pero claro como estaba falando cunha muller moi nova, dixeran: «Antifranquista, pero permitida, consentida, tolerada», que moitas veces prohibíase, moitas veces en galeradas suprimíanlle determinados artigos, sobre todo de política internacional de Haro Tecglen, eh? E algúns, firmados por *Sixto Cámara*, de Manolo Vázquez Montalbán. Pero era unha revista antifranquista. E non hai antifranquista que non bebera tódalas semanas.

Tódolos antifranquistas estabamos –eu na estación de Lugo ás cinco e cuarto en punto, esperando o expreso– pa coller o primeiro exemplar de *Triunfo* antes de que chegara ó quiosco... Os antifranquistas viviamos diso, máis ca da taciña de caldo que se tomaba á mañán, máis do anaco de pan e de xamón que tomabamos á merenda, aqueles que tiñamos un soldo máis ou menos razoable naqueles anos. A revista *Triunfo* era iso.

Polo tanto, libro clandestino. Claro! A xente nova que entende por *libro clandestino*? Este é un libro que publica a editorial Ruedo Ibérico. A editorial Ruedo Ibérico foi a editorial, a partir do ano 62, máis odiada e máis perseguida polo franquismo, especialmente, e... no período 62-69 en que é ministro de Información e Turismo un galego do que quizais teñan oído falar algunha vez: Manuel Fraga Iribarne. Manuel Fraga Iribarne tódolos días almorzaba... un almorzo acedo: as noticias que lle pasaban os seus asesores, decindo que a policía incautárase en Santiago ou en Madrid ou en Barcelona, de moitos exemplares de Ruedo Ibérico. A Fraga Iribarne preocupáballe máis esta: os libros desta editorial, que os libros da editorial Ebro do Partido Comunista, ou mesmo que o espallamento, evidentemente clandestino, do portavoz do Partido Comunista de España, que era *Mundo Obrero*. Facíalle máis dano Ruedo Ibérico, que dirixía un anarquista, Pepe Martínez chamábanlle –eu trateino–, moi amigo de Isaac Díaz Pardo.

E vou dar aquí unha noticia, que creo que xa a teño escrito algunha vez, e que se lle escapou onte a Charo Portela, que a sabe moi ben, e que sabe de Díaz Pardo moitas cousas que eu non sei, como ela

sabe que eu sei moitas cousas de Díaz Pardo que ela non sabe... eh?, si? (*risas*) E alégrame moito e non te felicitei por iso, a foto de Díaz Pardo que puxeches no inicio da túa conferencia. O guapo que estaba Díaz Pardo! Así de guapo era por dentro Díaz Pardo. Pois ben, Díaz Pardo non só colaborou en Ruedo Ibérico con pseudónimo, non só é un dos coe... co-organizadores deste volume, senón que el deu diñeiro do seu peto para que Ruedo Ibérico puidese publicar libros antifranquistas. Libros fundamentais do antifranquismo saíron alí. Dirixía esta editorial un anarquista, pero un anarquista que, como bo anarquista, estaba aberto a tódalas voces. Os bos anarquistas saben que incluso... un comunista pode ter un anaco de verdade i ese anaco non se debe desdeñar. Ou mesmo un socialista... do PSOE, pode ter un anaco de verdade. Eh?, do PSOE, non xa de Pablo Iglesias, Pablo Iglesias o outro, o anterior, eh!, que tamén pode ter un anaco de verdade. E alí, todo o mundo que era antifranquista. E a presenza do que vamos chamar o *galeguismo*, foi moi grande, moi grande.

E hai un momento en que Díaz Pardo e Seoane, que son dúas cabezas conspiradoras –porque son dous conspiradores–, dúas cabezas conspiradoras, decátanse de que non hai un libro que conte a historia de Galicia. A historia de Galicia estábaa contando Fraga Iribarne, a historia de Galicia contábaa nas súas homilías o bispo Eijo Garay, a historia de Galicia contábaa Carrero Blanco, contábaa Franco nos seus discursos, a historia de Galicia contábana os gobernadores civís, a historia de Galicia contábana os periódicos tódolos días. I hai algo que a Díaz Pardo e a Seoane lles doe moito. Seoane está no exilio exterior, e Díaz Pardo vive no

exilio interior. I é que... a idea que ten moita xente, mesmo antifranquista, é que Galicia foi desleal á República ou que Galicia foi mol coa República, ou que Galicia non levantou un dedo en favor da República. O que pasa é que a sublevación foi como foi. Certamente Galicia era un país conservador, inda o é hoxe, aí están as eleccións, eh? E... nun país conservador, o golpe do golpe de Estado, que logo terminou sendo unha guerra civil, foi un golpe demasiado duro para unha sociedade que tiña pouca clase obreira, que tiña dirixentes desa clase obreira, pero que quizais non estaban á altura do golpe nese momento..., e que tiña un sector republicano importante, pero non tan importante como parar ese golpe. I en Galicia, a consecuencia é que non houbo guerra civil, desgraciadamente. Só houbo represión. A represión contada e cantada, en favor das vítimas, en tres álbumes feitos en Madrid, en Valencia ou en Barcelona por Castelao: *Galicia mártir*, *Atila en Galicia* e *Milicianos*.

Ben, e... parece que Galicia non fixo nada. E Galicia defendeuse todo o que puido, Galicia seguiu traballando pola República no exterior, no exilio. Galicia emitiu xestos na clandestinidade, porque a guerrilla antifranquista galega foi moi importante, seguramente foi das de España, a segunda en importancia. E... persoas como Díaz Pardo e Seoane quedaban mui doídos cando nunha tertulia, eu que sei!, no café Tortoni de Buenos Aires, ou no café Lyon d'Or de aquí, de Madrid, atopábanse cun antifranquista que, e... consideraba con certo desdén a postura mol de Galicia ante o golpe de Estado. O golpe, o golpe foi moi duro e a represión foi moi dura alí. Esa é unha das razóns

que leva a Seoane e a Díaz Pardo a recolleren material, édito en moitos casos, inédito noutros, para facer un libro de resposta ó franquismo e para que todo o mundo teña información, dentro e fóra de Galicia, de cal foi a resposta de Galicia á sublevación. Esa é unha das razóns, ou a razón fundamental, pola que o libro está en castelán. Porque tódolos textos solicitados –un deles a min, sobre a lingua, está[n] en castelán–, porque queren que a Galicia antifranquista sexa coñecida en Pontevedra, na Arzúa ou en Ribadeo, pero en Cuenca, en Sevilla, en Barcelona ou en Cartagena. É certo que hai textos en galego, fundamentalmente textos poéticos, textos, e... que xa foran editados nalgunha revista, nalgún libro, ou textos que foron pedidos *ad hoc* para esta... para esta publicación.

O libro, pois, sae en Ruedo Ibérico –é a editorial–, pero imprímese na imprenta López de Buenos Aires, que é a imprenta na que traballaba desde o ano 40 Luís... Luís Seoane. De feito, si Fraga Iribarne ou a súa policía ou os seus espías, que os tiña –como ten todo ministro de Información, ou todo ministro de Defensa, ou todo ministro de Interior, en calquera réxime, pero sobre todo nunha ditadura, polo tanto non estou inventando nada novo, non estou fóra das leis da gravidade se digo que Fraga Iribarne tiña confidentes, policías e espías–. Non lle era moi difícil a Fraga Iribarne saber que os que estaban detrás deste libro eran Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo. É certo que eles... asinan a súa responsabilidade de editores con pseudónimos que xa todos coñecemos: *Santiago Fernández* é o de Díaz Pardo e *Maximino Brocos* é o de Luís Seoane. Fraga Iribarne, que non era parvo; Fraga

Iribarne, que non era inculto, sabía moi ben que eran eles. Pero habería que demostrar –estamos no 66, non estamos no 40–, ante un xuíz de Ribadeo ou de Viveiro, eh?... ou de Burela, de que *Santiago Fernández* era Díaz Pardo. Díaz Pardo negaría que era el. Díaz Pardo ten textos aquí, pero textos publicados *legalmente* en publicacións españolas, como aquí hai textos de Celso Emilio Ferreiro que aparecen co seu nome, Celso Emilio Ferreiro, pero que foron publicados en *Longa noite de pedra* no ano 62 na editorial Galaxia, ou mesmo na revista *Vieiros*, que estaba consentida –é o caso do poema «Carta a Fuco Buxán»–. Pero logo hai un poema que se titula «25 anos de paz» que este, o propio Celso Emilio Ferreiro, aconsellado tamén por Díaz Pardo, non se atreve a asinalo co seu nome e asinou co pseudónimo que aparece por única vez nesta ocasión, *Xan Casalderrei Petán*. Pero aí, aí xa chegaremos...

O libro, pois, é unha requisitoria contra o Réxime, e o libro... en todo momento trata de facer ver cal foi a actitude dos republicanos galegos, galeguistas ou non galeguistas, que esta é a visión ampla que teñen Seoane e Díaz Pardo: están defendendo a República, polo tanto, están defendendo tamén o que conlevaba a Segunda República a fins de xuño de 1936. O 28 de xuño votárase o plebiscito de Autonomía e nese plebiscito de Autonomía interviran a seu favor tódalas forzas do Frente Popular, polo tanto, os comunistas, os socialistas, Izquierda Republicana de Azaña e, obviamente, o Partido, o Partido Galeguista. Así pois, ser republicano en Galicia a fins de xuño, e... opoñerse á sublevación a partir do 20 de xullo do 1936, simplemente enarbora-la bandeira republicana, significaba enarborar tamén a

bandeira do Partido Galeguista ou a bandeira da Autonomía galega, esa Autonomía plebiscitada vinte días antes... vinte días antes da sublevación.

Así pois, está... hai páxinas dedicadas á actitude de Galicia ante a sublevación, hai páxinas dedicadas ó que foi facendo o antifranquismo desde o 39 ó 66, o que fai o antifranquismo na diáspora –trátase da Galicia emigrante, trátase da Galicia do exilio–. Pero como todo ten precedentes, tamén aquí hai capítulos dedicados a... o que foi o republicanismo e especialmente o galeguismo antes de 1936. Para iso, Seoane e Díaz Pardo solicitaron de historiadores, de periodistas, de profesores, determinado tipo de traballos, que aí aparecen todos eles en castelán.

O ano 66 –volvo a falar ás persoas novas, novísimas e infinitamente novas, sei que os máis veteranos non necesitan esta especie de glosa que vou facer–, o ano 66 é un ano que hai que telo moi en conta. O ano 66, o libro debe de estar definitivamente terminado e a punto de entrar na imprenta, eu creo que en abril, principios de maio, porque o libro sae da Imprenta López, Buenos Aires, Arxentina, a fins de xuño. Polo tanto, o libro está feito antes do 15 de maio do 66. Por que esta precisión cronolóxica miña? O 15 de maio do 66, dásele no hotel Roma de Ourense unha homenaxe a Celso Emilio Ferreiro, que oito ou dez días despois vai embarcar en Vigo a unha especie de estraño autoexilio a Caracas. E nesa homenaxe –eu fun: esa homenaxe foi organizada daquela polo Partido Comunista, representado por un tal Antonio e por min; e pola Upegá [UPG], representada por Luís Soto e por Méndez Ferrín–, foi organizada para o día 15, e alí faise a primeira diatriba contra o

réxime de Franco, dunha maneira bastante indirecta. Dunha maneira menos indirecta, contra o capitalismo do conde de Fenosa, a quen lle chamabamos xa naqueles discursos *Pedro Primeiro o inundador*, porque estaba a punto de asulagar as terras de Castrelo de Miño, na[s] que eu traballei con meu pai hasta os vinte e tantos anos, mesmo cando nas vacacións non estaba facendo a carreira, aquí en Madrid.

A primeira gran protesta de tipo agrario que houbo no franquismo foi a de Castrelo de Miño, ano 66. Pero a partir de maio xa estaba terminado este libro. Estamos nun momento de eferescencia en toda España, porque hai unha data de inflexión no antifranquismo, antes ou despois das folgas dos mineiros de Asturias de abril e maio do ano 62. Despois de abril e maio do ano 62, as cousas foron distintas. Tanto, que moita xente animámonos a entrar na loita política. Na loita política, pero non como un feito individual. Que faría eu en Lugo, catedrático de Literatura, fundando un partido no que eu estivese so? Eu andaba á procura dun partido máis ou menos de esquerdas. Se houberse Partido Socialista marxista, claro! Eu supoño, como dixo Manolo Vázquez Montalbán, inscribiríame nese partido. Pero o Partido Socialista durmía, durmiu corenta anos, durmiu corenta anos. Logo saíu con moita forza, e... O único partido que sabíamos que de verdade existía era o Partido Comunista. Polo tanto, aínda que un non foxe moi comunista ortodoxo, había que loitar contra Franco desde unha organización de esquerdas. Non había mais que o Partido Comunista. Montalbán dixo nunha ocasión «eu era un antifranquista de esquerdas que me meto no Partido Comunista porque

non hai outro». A min pasoume iso. Co tempo, eu funme dando conta que non sei si o Partido Comunista tiña razón: quen ten razón é o marxismo. Quen non ten razón é o capitalismo. Eu voules dicir unha anécdota autobiográfica: eu fun clandestino no ano 62 a Moscova e ós tres días –iba na compañía de José Agustín Goytisolo e de Ricardo Salvat, con pasaporte falso, eu chamábame *Alonso Quijano* nese pasaporte–, pois... eu ós tres días boteime a chorar porque... non me gustaba a organización soviética da sociedade. Pero ese día fíxenme anticapitalista para sempre. Porque o capitalismo é unha iniquidade, eh? O que pasa hoxe no mundo é unha consecuencia do capitalismo, nun momento en que non hai resposta ó capitalismo. A ver si podemos responder ó capitalismo dalgunha maneira! E... é importante saber que neste momento a oposición española, e polo tanto tamén a galega... a galega nese momento é xa o Partido Comunista, xa o era desde o ano 36, e a Upegá [UPG] que fora fundada no ano 64. E, bueno, ten que haber sempre unha forza ou varias forzas que dalgunha maneira orienten a loita política, unha loita que foi bastante importante, como poden saber polos libros que se teñen publicado e polo que din mesmo as hemerotecas que recollen periódicos daquela época.

Eu coñecía a Isaac desde había tres ou catro anos. E Isaac, con aquela cousa de misterio que tiña, con aquel aire de conspirador que tiña, un día pedíume un... traballo, quince ou vinte páxinas, sobre o idioma. O idioma, en que eu falase como filólogo, pero falase tamén como filólogo civil: como un idioma que viviu marxinado, como un idioma que viviu persegui-

do, como un idioma que viviu en circunstancias mui adversas... Por iso o meu artigo titúlase, en castelán: «El gallego: historia, razón, pasión, adversidad y esperanzas de una lengua».

É curioso, porque cando puxen este título, eu estaba pensando no meu ídolo filolóxico, que non é Dámaso Alonso, que é bastante, ... eh? É Amado Alonso. E recordaba un traballo del sobre o diminutivo, *el diminutivo* en español: «Noción, razón y emoción del diminutivo en español» (*sic*). Bueno, pois en certo modo é unha paráfrase, unha paráfrase daquel artigo.

Eu fun o único colaborador en prosa que asinou o seu traballo. A policía chamounos a varios dos colaboradores, pero moitos dos colaboradores dixeron que os traballos que aparecían no libro eran traballos que xa apareceran antes, e nas publicacións legais do franquismo, polo tanto non había ningún tipo de delito. Cando a min me chamaron para a comisaría dixen que en efecto, eu era autor dese artigo, pero o artigo dun profesor que se move no ámbito da filoloxía. Ben entendido que o comisario, o señor Silvosa, que me interrogaba, había frases, como unha que reproduzo eu que non lle gustaban: «Escribir en gallego para ciertos escritores hoy, año 66, es la forma más sincera, más humana de estar con los que padecen la historia». Escribir en galego era optar por un idioma que non che vai dar diñeiro, que non che vai dar moitas satisfaccións. Pero é escribir... para quen non sexa galeguista, para quen sexa marxista, é escribir no idioma que falan os pobres do mundo en Galicia. Digo *os pobres do mundo*, parafraseando tamén o primeiro verso da Internacional. O señor Silvosa dixo que aquela era

unha formulación máis ou menos marxista. Eu dixen: «Eu non sei se é marxista, se vostede o di, será, pero eu o que si digo é que en Galicia falan en galego a xente farrapenta, a xente descalza, a xente que come pouco, a xente que ten bocio aí no Caurel e nos Ancares, e tal. E a min gústame escribir no idioma desa xente, que no fondo é a miña xente, porque eu aprendín a falar o galego na miña casa... unha xente moi parecida a esa».

En canto ós colaboradores en verso, hai poemas de Cabanillas, de Neira Vilas, de Tomás Barros, de Antonio Tovar, de Luís Pimentel, do propio Seoane, de Celso Emilio a «Carta a Fuco[Buxán]», pero foron todos publicados *legalmente*, ou en todo caso en publicacións máis ou menos consentidas, cono a revista *Vieiros* de México onde se publicou a famosa «Carta a Fuco Buxán». Pero logo hai poemas escritos *ad hoc*, e o máis importante é «25 anos de paz».

Volvo agora a interpelar ós novos e ós novísimos. No ano 64 cumpríanse vinte e cinco do final da guerra civil, era ministro de Información e Turismo, Fraga Iribarne e Fraga Iribarne era un home moi executivo, moi dinámico. Era un home, por todas estas cualidades, perigosísimo. I é un eloxio que estou facendo, unha gabanza que estou facendo ó seu dinamismo, á súa actividade, á súa eficacia. E decidiu compracer a Franco, empapelando con toneladas de carteis toda España. Ía un por Ribadavia, pola aldea de Ventosela, a aldea de miña nai, e atopábase con dez, con vinte carteis. Dicían: *25 años de paz, 25 años de paz*. A idea de Fraga era que había paz. En efecto, non había loita armada desde o un de abril do ano 1939, en que entraron en Madrid as tropas de Franco. Non había loita armada, pero había

xente na cadea, xente torturada nas comisarías, xente no exilio, xente amedrentada e xente amedrentada, non polos vencedores, non só polos vencedores, sinón polos que administraban a vitoria. Non había paz!, Pero Fraga Iribarne chamáballe *Paz*. E Celso Emilio escribe «25 anos de paz» e firma *Xan Casalderrei Petán*. Eu reproduzo algúns versos. O talento satírico de Celso Emilio non é inferior ó de Quevedo. Celso Emilio é un poeta satírico de primeirísima fila:

Paz de cuartel, paz de preso,
 Paz de pobo asoballado,
 Paz de pau e tente teso.
 Paz do conde de Fenosa, (*o que asulagou o embalse de
 Castrelo, o encoro de Castrelo de Miño*)
 Gran cabaleiro de industria
 que asulaga a terra nosa.
 [...]
 Paz de bispo troglodita,
 solideo insolidario,
 don Oppas hermafrodita.
 España, sangue e area:
 trinta millóns de pantasma
 pasando en... van pasando en estadea.

Outro poema, que moita xente leu por primeira vez, é o poema «Cunetas» de Luís Pimentel. Está demostrado –bueno, desde que eu publiquei un libriño sobre Luís Pimentel, o ano en que se lle dedicou o Día das Letras Galegas–: o poema «Cunetas» foi escrito en castelán. Pimentel nunca escribiu en galego nin medio verso. Foi traducido por Fole e Piñeiro, e así nolo venderon,

eh? I en filoloxía, isto é grave. A filoloxía é o respecto ós textos, logo a partir de aí todo o que se queira, pero o texto é o texto. Se Rosalía escribe *augua é augua*, non é *auga*, como manda hoxe a normativa: é o que escribiu Rosalía. E se Rosalía escribe *En las orillas del sar* en castelán, hai que comentar o libro a partir do castelán. E, en todo caso, «Cunetas» é un poema en castelán e Luís Seoane, que tamén tiña unha visión da historia que ás veces, como os inimigos franquistas son tan feroces, tan implacables, ás veces hai que modificar un pouco a nosa historia para dar resposta á historia oficial. I el fixo un *rifacimento*, de varios versos, de varios poemas de «Cunetas», e o resultado é o que apareceu aí, no libro que estamos comentando. Pero para que se vexa a erudición que tiña, neste caso, máis que Díaz Pardo, Luís Seoane: acababa de publicarse, miñas donas e meus señores, nin máis nin menos que a edición monumental das cantigas de escarnio e maldizer que fixo Rodrigues Lapa. Rodrigues Lapa non publicou ese libro en Lisboa, nin en Coimbra. Publicouno en Galicia, como homenaxe a Galicia. Publicouno a editorial Galaxia, e aí descubrimos todos a inmensidade, non das cantigas de amigo, que un xa as coñecía, ou das cantigas de amor, sinón todo o que había de protesta social, de protesta social ás veces radical, no cancionero satírico, no cancionero de escarnio e no cancionero de maldizer. Por iso, eles atopáronse con este tesouro, e de aí escolleron tres poetas. E dos tres, escolleron poemas de tipo social, algúns deles denunciando a emigración. Tres poetas e catro poemas, porque Martín Moxa, que eu creo que é o poeta social, con Airas Nunes, máis importantes do século

XIII galaico portugués, escolleron, escolleron dous poemas (–*como vamos? –cinco minutos–, que tiranía!*).

Cómpre saber, porque claro, hai que ser antifranquista *ma non tropo*, eh?... Si existía a revista *Triunfo* é que algo había que tolerar... non é o mesmo... Eu sempre digo que o franquismo é un penedo. Pero é un penedo no que empezan aparecer regandixas, eh?, fendas no 45, no 50. Claro, á altura do 66 aquel penedo xa non é un penedo compacto, e xa hai fendas polas que... *intersticios*, dito dunha maneira moito máis culta, polas que un pode furar de vez en cando e emitir un signo máis ou menos crítico co penedo ou co que goberna...co que goberna... ese penedo. E... de feito hai varios manifestos ou proclamas, ou cartas abertas, que se publican nos periódicos de Galicia, na *Voz de Galicia*, no *Faro de Vigo*, *El Progreso* de Lugo, etc., en que de pronto douscentos labregos protestan pola súa mala situación, ou non sei cantas persoas protestan porque non hai misas en galego, etc., etc. En todos esos manifestos está o meu nome, menos o de misas en galego, porque case sempre me invitaban a que fósemos ver un bispo para que autorizase, a non sei que cura, a que dixese a misa en galego. Pero si o bispo sabe que eu son ateo –pola graza de dios, pero ateo!, si–, mellor é que non vaia porque é contraproducente. Polo tanto, neses manifestos, nunca aparece... nunca aparece o meu nome.

É importante a parte plástica, porque aquí reproducense bastantes cadros ou debuxos de autores contemporáneos, uns... xa coñecidos, e outros que foron feitos para esta ocasión; e logo hai, entre a iconografía fotográfica, a famosa fotografía de Manuel Ferrol.

Cando ó principio quixen dicir algo, e... non me acordei de dicir que isto é tan asombroso, que habería que facerlle unha estatua a Carmen Mejía, a Ricardo Pichel e a tantos outros. E Ricardo Pichel é quen, a partir dunhas notas manuscritas que eu lle mandei, fixo este programa e reproduce algúns dos textos plásticos que vostedes teñen. Concretamente, a plástica de Colmeiro que aparece aí era daquela rigorosamente inédita. Outra non era inédita, pero aquela si. Aí teñen unha carta de Víctor Casas. Algúns dos presentes saben que unha das miñas teimas nos últimos quince ou vinte anos é recoller –e dígoo aquí, porque tamén de aquí pode saír algo froitífero–, recoller cartas de condenados a morte, cartas de republicanos, neste caso galegos, condenados a morte. É tan dramático ser galego como ser segoviano, como ser conquense, pero bueno, eu móvome no ámbito galego –por estratexia, non por outro... por outro motivo–. E... pero a miña teima, si se me permite a miña obsesión por este tipo de cartas vén polo menos desde o ano 66. Aí aparece a carta de Víctor Casas. Víctor Casas, saben vostedes que era un dos dirixentes do Partido Galeguista, i era un dirixente bastante de esquerdas, nun partido que era fundamentalmente de dereitas –non esquezamos–, e donde había moita xente de ultradereita que se pasou á Dereita Galeguista, como Vicente Risco, e..., Beiras, Beiras García, o pai de Xosé Manuel Beiras, Banet Fontenla, Filgueira Valverde, etc., etc. Pero bueno, na ala digamos esquerdista está Víctor Casas. E Víctor Casas, un día ou dous antes de ser fusilado, escribe dúas cartas: unha á nai e á familia en castelán –as cartas que escriben os galeguistas, salvo as catro breves de Alexandre Bóveda, todas están escritas

en castelán—. Pero hai unha en galego que é esta, de Víctor Casas ó secretario do partido don Manuel Gómez Román, arquitecto en Vigo. E... é unha carta sumamente importante que me acababa de regalar a min Antón Beiras, tío de Xosé Manuel Beiras, e Antía Cal que aínda vive con noventa e un anos, con noventa e un anos. E esa carta, eu creo que é a primeira carta dun republicano galego condenado a morte que se publica, porque na biografía que fixo Álvarez Gallego, anos despois, de Bóveda, publícase algunha de Bóveda á súa muller e ós seus fillos, pero esa biografía é posterior. Esta é a primeira carta dun republicano galego, neste caso galeguista, condenado a morte, que se... que se publica.

A todo isto, como case todo está aí, eu vou facerlle caso a Carmen Mejía, como non podía ser doutro xeito, e vou, e... terminar dicindo que... e... equivoouse Díaz Pardo. Díaz Pardo de vez en cando equivocábase. O que fai a Díaz Pardo moito máis humano, eh? Porque se ven aí no apartado nove: «Opinión de Díaz Pardo sobre *Galicia hoy*», escíbelle no ano 66 unha carta a Neira Vilas e na carta dille:

O libro que se imprime (*é este*) acó pro que edita Ruedo Ibérico e distribúe, vai o alegato meirande que se teña feito, xa non soio contra o franquismo senón contra toda a reación. Se as cousas non milloran, uns cantos iremos á cadea. Xa veremos. En xulio debe de estar distribuíndose... Seoane tamén está volcado no libro.

Nesta carta revela que el é un dos artelladores do libro, que o outro é Luís Seoane. I en todo caso, el é consciente de que está nun terreo moi perigoso, moi

esvaradizo, e que as autoridades franquistas, cando se publique o libro, bueno, poden ter noticia evidente de que el anda por aí, e que irán á cadea. Eu creo que o franquismo no ano 66 soubo moi ben que eles foran os que editaran ese libro, pero que entendeu que converter a un home como Seoane na altura do 66 e como Díaz Pardo, en mártires, politicamente non era rendible para o franquismo nese momento. Pero Fraga Iribarne, sen dúbida sabía que Díaz Pardo estaba aí.

Pero estamos no ano 66, non estamos no 36, nin no 46, nin siquera, nin siquera no 56. Paga a pena ler *Galicia hoy* e agora, remitíndome a unhas palabras que lle escoitamos onte a Charo Portela: é difícilísimo encontrar un exemplar da edición orixinal, a do 66, pero esta edición, que é do ano 2008, aínda existen centos de exemplares. O que non sei, querida Charo, é como está o aparato de distribución dos que hoxe teñen o herdo físico e material dos libros de Edicións do Castro, pero paga a pena ter este libro. Este libro é unha diatriba, é unha requisitoria contra o franquismo extraordinaria. Nese momento non hai un libro en catalán, ou un libro en castelán ou un libro en vasco contra a Ditadura das características, da forza, do pluralismo... do pluralismo: porque aquí hai nacionalistas galegos e non nacionalistas galegos, aquí hai republicanos moderados e republicanos radicais. Aquí o que hai é anti-franquistas. A bandeira é a do antifranquismo e... de vez en cando, un certo acento esquerdistas.

Graciñas e... Saúde e República.

FILGUEIRA VALVERDE E A USC, ANTES E DESPOIS DE 1936¹⁵

Excelentísimo señor reitor da Universidade de Santiago de Compostela, autoridades, estimadas colegas, estimados colegas, alumnos –deben de estar en exames, parece que non hai moitos–, señoras alumnas, señores alumnos, e... estou verdadeiramente conmovido polo feito de volver, pasados algúns anos, a ocupar esta tribuna un día tan importante para a historia da Universidade e para a historia da cultura galega, que é o Día das Letras Galegas. Xa o profesor Cidrás fixo unha crónica, moi acaída, do significado que ten o Día das Letras Galegas, desde que en 1970 o profesor Carvalho Calero compuxo aquel humildísimo folleto de 10 páxinas, humildísimo no sentido material porque eran os tempos que eran, e desde aquela, aí inícia-

¹⁵ Conferencia. Salón Nobre de Fonseca (USC). Celebración do Día das Letras de 2015 dedicado a Xosé Filgueira Valverde. Previamente ten lugar a presentación do libro *Día Das Letras Galegas 2015: Xosé Filgueira Valverde*, coordinado por Anxo Tarrío e publicado pola Universidade de Santiago de Compostela.

se unha tradición que chega a hoxe. Chega a hoxe, en primeiro lugar, da man do profesor Anxo Tarrío Varela, que é quen coordinou e, no sentido anglosaxón, editou o volume que acaba de presentar.

É un volume que fai achegas importantes ó que é a biografía case centenaria de Filgueira Valverde e que fai incursións nalgúns dos aspectos da oceánica bibliografía do profesor Filgueira.

Eu estou aquí, en parte porque o departamento de Filoloxía Galega, que é, ata donde eu entendo de protocolo, é quen propón as máximas autoridades universitarias quen debe ocupar esta privilexiada tribuna, débollo ó departamento de Filoloxía Galega, que segue a ser o meu departamento, porque eu son catedrático emérito desta Universidade e desde logo, teño que mencionar con efusión o nome do profesor Cidrás, quen, por outra parte, acaba de ter unhas palabras moi gasalleiras para min, na presentación que fixo do Día das Letras Galegas. Ó señor reitor xa o saudei en primeiro lugar, como non pode ser doutro xeito; e tamén quería ter un saúdo especial para a profesora Carmen Silva, que eu tiven o privilexio de ser profesor dela hai algo máis de 20 anos. Supoño que foi así, e agora ela dirixe os destinos desta Universidade no campus de Lugo. O pandeiro está, cónstame, en moi boa man.

Como acaba de recordar o señor reitor, a miña conferencia titúlase «Xosé Filgueira Valverde e a Universidade de Santiago de Compostela antes e despois de 1936».

Algúns de vostedes pensarán que sobra... esa especie de estrambote «antes e despois de 1936». É que o 36 é un ano tan importante, tan decisivo, ó mesmo tempo tan trágico, que non podemos prescindir del en

ningún caso para saber que as vidas se moven, como no caso de biografías tan dilatadas como a de Filgueira Valverde, antes desa data e tamén despois desa data. As cousas cambiaron moito e a vida de Filgueira, como a vida de tantas outras persoas, profesores, intelectuais, zapateiros, torneiros ou xogadores de fútbol, claro que cambiou para moitos deles!

Sobre Filgueira Valverde, as últimas semanas tense falado moito; eu mesmo creo que teño pronunciado algo máis dunha ducia de conferencias. Hoxe ás dez e media estaba falando no colexio López Ferreiro –que por certo naceu o mesmo ano que Rosalía, en 1837– a alumnos de 10 e 11 anos. E veño verdadeiramente confortado. O que pasa é que aínda teño o rexistro que utilizaba para falar a aquelas persoas que son o futuro. Vostedes son o presente. E... non sei si atoparei con precisión o rexistro para dirixirme ó presente, porque durante unha hora estiven falando ó futuro, a nenos de 10 e de 11 anos que mañán van ser arquitectos ou catedráticos de universidade ou xogadores do Deportivo ou fontaneiros; e... en todo caso, cada un na parcela da súa existencia, vai ter non só a súa vida, senón que vai depender a vida dos demais un pouco do que eles fagan.

Eu podería escoller, porque acabo de publicar, como saben, un libro de 300 páxinas sobre Filgueira Valverde, e... unha conferencia en que abordase... a totalidade da vida e da obra de Filgueira Valverde, que me sería difícil en 50 ou en 55 minutos. Por outra parte, algunha das persoas que están aquí, algunhas son especialistas en Filgueira Valverde, outras teñen asistido a eventos destas características e polo tanto teñen recibido noticias de cal é o estado da cuestión en canto ó

tema «Vida e obra de Filgueira Valverde». De Filgueira Valverde vaise seguir falando durante esta semana, durante a semana que vén e, en definitiva, vaise seguir falando mentres haxa no mundo persoas que crean que un dos períodos poéticos máis importantes da historia da humanidade é a lírica galega dos séculos XIII e XIV. E Filgueira Valverde, que foi un polígrafo, hai momentos en que se especializa en lírica medieval, na nosa lírica do XIII e do XIV, consciente non só de que é un período mui importante da nosa vida cultural, senón que é un período importante da historia da poesía europea e, si me permiten, da historia da poesía mundial.

Hoxe estase falando seguramente neste mesmo momento en Chicago, en Tokio, nalgunha universidade de Tailandia, e non digamos en París ou en Roma, probablemente por profesores moi eminentes, de Mendiño, de Airas Nunes, de Martín Codax, ou de Alfonso X. E tódolos que están falando, moitos deles sen sabelo, están falando por boca de Filgueira Valverde. Porque aprenderon en Filgueira Valverde o que era a Cantiga CIII, naquel traballo seu que foi a tese de doutoramento, lida en Madrid no ano 1935 sobre a Cantiga CIII, e que constitúe unha monografía, daquela exemplar. Probablemente non hai en ningunha universidade de Europa e de América no ano 35 unha monografía de literatura comparada da densidade, das características e da ambición desa monografía que reescribiu ós 28 anos un mozo galego que se chamaba Xosé Filgueira Valverde. E si alguén non leu esta monografía que foi reeditada, sen dúbida leu a monografía pola que todos entramos no templo da lírica medieval galego-portuguesa, que foi a monografía

que el publica en Barcelona no ano mil novecentos..., no ano 1949, sobre a nosa lírica medieval. E... hai que empezar por aí para saber o que era a lírica galega no ano 49 e, aínda que pasaron moitos anos, a lírica galega no esencial está formulada pola pluma de Filgueira Valverde en 1949, como ten que estar formulada hoxe. De todo isto se podría falar...

Pero eu escollín algo que, como fixo tamén o profesor Tarrío nesa escolma de 34 textos, si a miña contabilidade está ben feita, son textos que falan ou de Santiago ou falan da Universidade de Santiago de Compostela. I eu creo que nesta tribuna, e... diante dun auditorio como o que hoxe me agasalla coa súa presenza había que falar da relación desde moi novo de Filgueira Valverde coa Universidade de Santiago de Compostela.

É ben sabido que no ano 1922, un rapaz moi novo, que aínda non cumpriu 17 anos e que fixo un bacharelato en Pontevedra moi brillante, chega á Universidade de Santiago e cursa o primeiro ano do chamado Preparatorio de Filosofía e Letras e de Dereito, porque Filgueira Valverde, como case tódalas persoas dunha certa ambición intelectual daquela, cursaban paralelamente Dereito e Letras.

Nas familias non estaban ben vistos os fillos que querían licenciárense en Filosofía e Letras, porque non se sabía moi ben para que servía iso. Había unhas cantas cátedras de universidade e moi poucas máis de instituto e, polo tanto, en certo modo era un título que nos condenaba a facer outras cousas.

Mellor era que un saíse avogado e fose para a súa vila natal e ó cabo de 10 ou 12 anos, ser un letrado cun

bufete importante i esto fixeron todos. Fíxoo Otero Pedrayo, fíxoo Filgueira Valverde e mesmo, moi modestamente, empecei a facelo eu, porque cando no ano 48-49, empezo Filosofía e Letras en Madrid, tamén intento facer o primeiro de Dereito, pero, eu creo que aquí xa se extingue aquela, aquela tradición. Daquela, as posibilidades de ser catedrático de Instituto ou de Escola de Maxisterio eran un pouco maiores que cando Filgueira Valverde oposita no ano 1935 á cátedra do Instituto, que sería a de Lugo do ano 35 ó 39.

Filgueira e... en primeiro lugar, intelectualmente moi precoz, ós 10 anos sabía de memoria case toda a poesía de Rosalía. E non só sabía a poesía de Rosalía, sinón que lía a única biografía que había, daquela, de Rosalía de Castro, por certo dun pontevedrés chamado Augusto González Besada, publicada no ano 1916, cando acababa de cumprir 10 anos Filgueira Valverde. Filgueira Valverde era un letraferido precoz, digo *letraferido* traducindo unha palabra do catalán balear, que é moi acaída para esta ocasión: *lletraferit*. Filgueira Valverde terminará con premio extraordinario a carreira de Dereito no ano 28, e no ano 27, un ano antes, termina por libre na Universidade de Zaragoza a carreira de Filosofía e Letras con máximas, con máximas calificacións.

E aquí empeza algo que ten que ver xa coa relación de Filgueira Valverde coa nosa Universidade, porque de Filgueira Valverde todos estamos de acordo en dúas cousas: unha, que foi un polígrafo, de feito o último polígrafo que tivo a cultura calega. Morto Otero Pedrayo no 76, do 76 ó 96, vinte anos despois, o último polígrafo era el. Un polígrafo que o mesmo escribe

un libro de epigrafía en colaboración co catedrático de Dereito Romano Álvaro D'Ors, que fai un traballo sobre arte, que escribe un documentado estudo sobre arqueoloxía, que fai incursións no campo do folclore literario e musical, no campo da antropoloxía cultural, no campo da arqueoloxía etc., etc. Pero sendo certo que foi un polígrafo, das humanidades, xa non das ciencias, é certo que a súa especialización é a literatura e, dentro da literatura, hai unha microespecialización que é a lírica medieval galaico, galaico-portuguesa.

Pois ben, un home que pasou á historia como filólogo, un home que pasou á historia como estudoso do feito literario, ás veces tamén, e con moito decoro, do feito lingüístico, non procede universitariamente da filoloxía. El, como filólogo é un autodidacta, porque aquí cursou polo oficial a carreira de Dereito e en Zaragoza examinábase por libre na carreira de Filosofía e Letras, pero na especialidade de Historia. A especialidade de Filoloxía Románica existía na Universidade de Barcelona, na de Madrid; non existía noutra. A razón e permítanme, de vez en cando, algunha referencia autobiográfica, e perdoen que fale algo de min, é que, como dixo Unamuno: «Soy el hombre que tengo más a mano». Pois ben, cando eu no 1948, despois de convencer, non sen dificultade a meus pais que me mandaran á Universidade de Madrid, eu fun á Universidade Central, porque quería facer Filoloxía Románica. E Filoloxía Románica non a había na Universidade de Santiago, no ano 48 cando eu empecei os meus estudos universitarios, e menos no ano 22 cando empeza Filgueira Valverde. Filgueira Valverde non estuda ningunha filoloxía, das tres que había na

universidade española: semítica, clásica e románica. Aquela que lle acaía, evidentemente mellor ás inque-danzas do profesor Filgueira, era a Filoloxía Románi-ca, que existiría na nosa Universidade a partir do curso 63-64. Esta é a primeira proeza como intelectual de Filgueira Valverde, que universitariamente non vén do eido da filoloxía románica, pero vai ser, como docente un filólogo, porque foi desde o ano 35 catedrático de Lingua e Literatura españolas, e logo unha boa parte, pero non tódalas súas investigacións, teñen que ver co feito literario ou co feito lingüístico.

Como se trata de facer a crónica pola miña parte, da relación entre Filgueira e a Universidade de San-tiago, deixemos a Filgueira estudando dereito civil, dereito penal, dereito romano, deixemos a Filgueira asistindo ás clases da Facultade de Filosofía e Letras para non ter que facer un estudo só autodidáctico e examinarse cos profesores da Universidade de Zarago-za. Deixemos ese Filgueira. Deixemos a un Filgueira que ten moita actividade fóra das aulas, extramuros da universidade. É o Filgueira que no ano 1923 fun-da cunha pléiade de esclarecidos universitarios, da-que-la, como Fermín Bouza Brey ou Lois Tobío, por citar quizais os máis destacados, crea o Seminario de Estudos Galegos. O Seminario de Estudos Galegos nace á sombra da Universidade. Nace coma unha creación protagonizada por alumnos universitarios. E deses alumnos universitarios acabo de citar dous, que logo serían moi importantes, Bouza Brei e Lois Tobío, pero, daquela, o máis novo deles ou quizais o máis entusiasta, o que verdadeiramente era un *primus inter pares*, era Filgueira Valverde. E tamén hai que

comprenderlo, porque, casi, casi era un mestre dos que eran maiores ca el, porque el viña de Pontevedra e sendo estudante de bacharelato tiña no instituto de profesor a Castelao, por exemplo, pero tiña a Antón Losada Diéguez, figura que é fundamental para entender o Filgueira posterior, o Filgueira politicamente máis ou menos conservador e o Filgueira fundamente católico, catolicismo que lle vén a Filgueira da súa familia, do seu entorno, pero catolicismo que lle vén, na dimensión intelectual erudita e na dimensión letrada, que lle vén sobre todo, do catedrático de Filosofía do Instituto de Pontevedra, Losada, Losada Diéguez, quen un día á semana reunía a veteranos da erudición e a rapaces que tiñan inquiredanzas eruditas, entre eles, o máis novo, Filgueira Valverde e tiñan alí unha especie de seminarios que Losada Diéguez chamaba *xuntanzas de estudos galegos*. De xeito tal, que o nome *Seminario de Estudos Galegos*, en certo modo, reproduce o nome que habitualmente lle daban a aqueles xuntoiros eruditos na casa de Losada Diéguez os que asistían a aquela especie de Seminario.

Tense contado mil veces, pero non está mal repetilo, que o 12 de outubro do ano 23, foron en *peregrinatio* cultural ata Ortoño, descubrinto monumentos romanos, tratando de ver pezas arqueolóxicas, falando coa xente de folclore, recollendo dos vellos vellas palabras do galego para logo, nunha especie de templo simbólico, na casa do castro de Ortoño, fundar, fundar sin acta fundacional, fundar simbolicamente, o Seminario de Estudos Galegos. Por que na casa de Ortoño? Porque un dos *seminaristas*, si se me permite a expresión, Lois Tobío, acababa de descubrir que

Rosalía pasara algún tempo de pequena alí, porque estaba mui vencellada a Rosalía aquela casa, aquela comarca, porque estaba vencellado seu pai, o sacerdote José Martínez Viojo. Non se sabía ata daquela.

Cos datos que Tobío lle ofrece a Fermín Bouza Brey, Bouza Brey, a partir de aquí, é quen vai levar esa liña de investigación biográfica cando se trata de falar de Rosalía, de Rosalía de Castro.

Pero a fundación formal faise días despois, o 23 de outubro, na casa de don Armando Cotarelo. Polo tanto, o Seminario ten un vencello grande coa Universidade. Don Armando Cotarelo era catedrático desde o ano 1904 e... de Literatura Española, i el foi quen asumiu a responsabilidade de presidir o Seminario de Estudos Galegos desde o principio. Isto tamén destaca de novo a personalidade de Filgueira Valverde, porque Filgueira Valverde era alumno predilecto de Cotarelo Valledor, que lle dirixiría algúns anos despois, como sabemos, a súa tese de doutoramento. A partir de aí empeza a traballar o Seminario de Estudos Galegos. Pero Filgueira, que é máis novo que Bouza Brey, que é máis novo que Lois Tobío, que é máis novo que Ramón Martínez López e outros fundadores do Seminario de Estudos Galegos, pero que é xa o *primus inter pares*, Filgueira Valverde non só vén dos seminarios de Losada Diéguez, sinón que ten xa unha concepción do galeguismo que os seus pares aínda non teñen. Filgueira Valverde ten confesado en máis dalgunha ocasión que el é galeguista, si se pode poñer unha data moi precisa, desde o 27 de maio de 1922. Estaba el finalizando no Instituto de Pontevedra o bacharelato. Aquel día daba unha conferencia don Ramón Otero Pedrayo en Pontevedra, no

marco dunha exposición de dibuxos e de pinturas de Castelao. Otero Pedrayo fai a súa conferencia no marco desta mostra artística, pero non fala de Castelao, fala dun tema que aparece con frecuencia na biografía de Otero Pedrayo: fala da aldea galega. E fala da aldea galega desde a concepción conservadora que da sociedade galega ten Otero Pedrayo, concepción á que é, con matices naturalmente, sempre fiel Filgueira Valverde.

E Filgueira Valverde, nunha das cartas, que é unha carta escrita *in modo* literario, por iso trata de ti a Otero Pedrayo, porque entre eles sempre se aseñoraron – en Lugo dicíamos *aseñorar* a tratar de vostede–, eles sempre se aseñoraron, pero como nas cartas de Cicerón podemos, ou nas cartas latinas, podemos tratar de ti e di: «Ti concedéchesme –di a Otero Pedrayo nunha carta 10, ou 15, ou 20 anos posterior– o don de tornar o meu ollar á Galiza». Pois ben, ese día, en certo modo, faise intelectual e afectivamente galeguista, e este rapaz que inda non terminara o bacharelato, cando chega no ano 22, curso 22-23 a Santiago, leva *in mente* xa a idea da creación do Seminario de Estudos Galegos.

Logo, como estamos falando da Universidade, o segundo presidente do seminario sería outro catedrático ilustre desta casa, Salvador Cabeza de León, de Dereito, e o terceiro sería un catedrático, daquela dicíase de Ciencias Naturais, non se falaba da Facultade de Bioloxía, que foi don Luís Iglesias. Con este terminan os catedráticos presidentes, porque logo vai ser presidente xa nas proximidades do balbordo da sublevación –xuño, xullo de 1936– Otero Pedrayo, que era catedrático de instituto, pero sendo presidente Otero Pedrayo, foi decapitado o Seminario de Estudos Galegos.

O profesor Tarrío, na escolma que fixo, inicia cun artigo que eu, se me permiten a pedantería, case sei de memoria, titúlase «Da miña universidade nos anos 20». Cantas cousas se poden aprender sobre o que era a Universidade dos anos 20!, non tanto, por exemplo, na Facultade de Farmacia ou na Facultade de Medicina, tampouco na Facultade de Dereito, pero si na Facultade de Filosofía e Letras, i en todo caso no universo literario de, de Compostela. Aparecen as primeiras conferencias en galego i a primeira conferencia en galego, señoras e señores, que se pronuncia en... na Universidade de Santiago de Compostela –palabras de Filgueira, non palabras miñas– é a conferencia que o propio Filgueira pronuncia o 3 de novembro de 1923.

Na Universidade, señoras e señores, desde que hai Universidade, hai máis de cincocentos anos, as cátedras eran impartidas en latín, e no XVIII, XIX, cada vez, e... con máis frecuencia, na lingua romance que funcionaba como lingua A, polo tanto, en castelán. Recorden o episodio de Domingo Fontán, coñecido pola *Carta Xeométrica*, pero el non era catedrático de Xeografía, el era catedrático de Matemáticas Sublimes, termo oposto a Matemáticas Elementais. Os alumnos puxéronse en folga decindo que tiña que explicar as clases en latín e que o facía no vulgar castelán. Non, don Domingo Fontán tiña o problema que tiveron o 95% dos profesores de matemáticas. I é que eran moi duros e daban moi malas notas, e non sabían por donde atacar. Daquela, a legalidade é que as clases inda había que impartilas en latín, pero xa poucos profesores tiñan a fluencia necesaria para impartir matemáticas ou literatura ou historia ou xeografía ou física ou o que fose, en latín.

Hai un artigo de Filgueira Valverde en que rectifica. «Non, a primeira conferencia na Universidade non foi a miña no 23. Foi unha que pronunciou no ano 1915 un profesor da Facultade de Dereito, Lois Porteiro Garea, co título de «A transformación do Dereito Civil na Gran Guerra», –a Gran Guerra que empezara un ano antes, no ano 1914–».

Para que se vexa como eran as cousas: Filgueira Valverde protagoniza a proeza de pronunciar unha conferencia cando non había tradición, porque quizais nin siquiera os seus maiores sabían que había o precedente daquela palestra de Porteiro, de Porteiro Garea. E logo fala de que empeza a facerse teatro en galego, de que hai pequenas xuntanzas en galego, e de que incluso hai señoritas universitarias que falan en galego. Pero estas señoritas que el chama *fidalgas e fidalguiñas*, só falan en galego cando van ó pazo da aldea, cos xornaleiros, pero na vila non falan en galego. Pero como se está creando un movemento pro-galego en materia lingüística, protagonizado fundamentalmente por Filgueira Valverde, estas fidalguiñas tamén falan ás veces en Santiago a lingua dos «probes» e dos «eruditos». Esta é unha sutileza sociolingüística de Filgueira Valverde, a lingua dos probes, hoxe dicimos *pobres*, pero daquela dicíase *probes* porque é a forma establecida por Rosalía de Castro. É a lingua dos probes e dos eruditos. Non é a lingua dos médicos, dos burgueses, etc., que non falaban en galego. Señoritas e señoras, no ano 1880 en Padrón, Murguía, Rosalía e os seus fillos falaban en castelán, aínda que Rosalía acababa de escribir algúns dos poemas do libro, do libro *Follas novas*.

En 1929 Otero Pedrayo escíbelle a Filgueira Valverde unha carta moi importante, en resposta a unha de Filgueira en que lle decía: «Querido don Ramón: estou preparando con moito alento as oposicións a Bibliotecas, Arquivos e Museos. E sobre todo, estou mergullado no estudo do latín». E dito isto, chégalle a carta a Otero Pedrayo e Otero Pedrayo reacciona ante aquel mozo de 23 anos recién cumpridos decindo: «Eu sempre pensei que vostede se dispuña por unha cadeira da Universidade, de feito xa virá».

Na crónica que eu fago, é a primeira vez que me atopo con alguén que pensa en Filgueira como home que está, polo seu saber, pola súa intelixencia, pola súa poligrafía, polas súas características, polo seu entusiasmo, polas súas facultades, condenado a ser catedrático de universidade. Catedrático de universidade, obviamente, na Facultade de Filosofía e Letras. Pero aquí eu fago unha pregunta que hei de contestar un pouco máis adiante: que cátedra?

Pero a relación, sin ser catedrático, pero xa é licenciado en Dereito e en Filosofía e Letras, continúa entre Filgueira e a nosa Universidade, e en 1933 Filgueira protagoniza outra proeza. Non sei si é a terceira das proezas que eu acabo de mencionar na miña crónica, pero son moitas as proezas que podemos atopar na biografía intelectual de quen ós 10 anos era un letraferido, de quen antes dos 17 anos colaboraba nas revistas, de quen fundaba antes, moito antes dos 20 anos, o Seminario de Estudos Galegos, de quen pronunciaba en certo modo a primeira conferencia universitaria en galego. Hai moitas proezas. Supoñamos que a terceira proeza é un curso que el, que non é catedrático, que

non é profesor da Universidade, pronuncia na Facultade de Filosofía e Letras. Un curso de 15 leccións, entre febreiro e marzo de 1933, de Literatura Galega. Está publicado o programa. O programa, habería que facer, señor Tarrío, señor Cidrás, habería que facer unha edición facsímile porque é aínda unha alfaia da bibliografía galego-didáctica de, de tódolos tempos.

Nunha reseña que aparece, e... na revista *Nós*, dise que ás clases de Filgueira Valverde acudía un público de tódalas clases sociais. Claro, nós tamén sabemos que algunhas veces vivimos a historia desde unha situación tan adversa os defensores do galego. Os cultivadores do galego... viviron en momentos de tanta adversidade e seguen a vivirse, nun marco bastante distinto, sobre todo politicamente, que ás veces aínda as persoas de espírito máis científico, a eles váiselles a man e son, no escribir e no dicir, un pouco hiperbólicos. Porque eu preguntome: no ano 33, os zapateiros de Santiago, os mozos de estación de Santiago, as criadas de servir de Santiago, as leiteiras de Santiago, incluídas as leiteiras de Calo, as irmáns de Enrique Líster, esa xente que pertencen ás clases subalternas, a toda... á clase subalterna de tódalas clases sociais, asistían ás conferencias de Filgueira Valverde? Eu máis ben creo que asistían algúns profesores, que asistían algúns médicos, que asistían algúns avogados, que asistían persoas de distinta condición profesional, que tiñan máis ou menos inqedanzas galeguistas. Pero non imaxino ás leiteiras de Calo, non imaxino ós mozos da estacións, non imaxino ós barbeiros, non imaxino ós zapateiros, ós barbeiros talvez si, porque os barbeiros son os intelectuais das silveiras de tódalas

vilas. Por iso, pensade no famoso conto de Castelao: aquel barbeiro que profundaba, profundaba tanto e non chegou a profundar máis porque non sabía latín. Porque el pensaba que o latín tiña a clave de todo, o latín que sabía o clero e xa non sabían os demais. I o clero manexaba un instrumento, non sabemos con que intención, para ternos ós demais na ignorancia. O pobre barbeiro aquel morreu sen saber latín e polo tanto, sin descifrar algunhas das claves da realidade, da realidade do seu tempo.

Esta é a terceira proeza, e no ano 1935 faise, en primeiro lugar, catedrático de instituto co número 2. Dirán vostedes: esto ten importancia? Eu sei a importancia que tiñan aínda os catedráticos de instituto en Lugo no ano 60, cando eu cheguei. Eu érao desde o ano 56 e aínda me decían, rapazas e rapaces que case tiñan o meu tempo: «Usted siga bien, don Jesús». Inda se levantaban cando un entraba na aula. Eran problemas que tiña eu, que daquela, xa tiña unhas ideas pre-comunistas i entendía que non había que levantarse ante ninguén: nin ante o bispo de Lugo, nin ante o catedrático de Literatura. Pero como os alumnos e as alumnas estaban afeitos a ese xesto, pois non había maneira de loitar contra el. Pero bueno, era a única maneira de facer un pouco de democracia na ditadura franquista no ano 60 en Lugo, i algo había que facer sin expoñerse moito.

É catedrático co número 2. O número 1 levouno [Guillermo] Díaz Plaja, o número 10 levouno [Juan] González del Valle, que morrería pouco despois no Campo de Mauthausen, ano 1941. Según José Carlos Mainero, un filólogo colega noso eminente, da

Universidade de Zaragoza, nun libro que titula *La Filología en el Purgatorio*, di que é a promoción de catedráticos de instituto máis importante que se ten dado na Historia de España. Aí está, co número 2, quen non vén da filoloxía, que é Xosé Filgueira Valverde.

En novembro do ano 35, le en Madrid a tese de doutoramento sobre a Cantiga CIII. Por que en Madrid e non en Santiago, onde se licenciara en Dereito, ou Zaragoza, onde se licenciara en Letras? Porque, desde o plan Pidal de 1845, o doutorado había que facelo en Madrid, o que se chamaba a Universidade Central —aínda se chamaba así cando eu estudei nela do 48 ao 53. Anos despois chamaríase Complutense—. Tería que vir, e recorda moi ben, no libro que coordinou Anxo Tarrío, o noso amigo e ex-reitor Darío Villanueva, recorda moi ben que hai que chegar a xullo do ano 1943 para que haxa unha disposición pola que xa se poden presentar teses de doutoramento en universidades que non sexan a Central ou a de Madrid. No tribunal está o seu vello profesor Don Armando Cotarelo Valledor, que daquela xa é profesor en Madrid. E... entre os vogais está unha figura extraordinariamente ilustre, Américo Castro, no tribunal que xulgou a tese do noso homenaxeado. E chegamos ó ano 1936. Non fai falta que eu sinale algunha das connotacións desta data. Non fai falta que eu lles diga que á parte do 36, hai os tres anos da guerra civil, e hai sobre todo, ou hai tamén, perdón, os primeiros anos da posguerra.

A Ditadura empeza en Galicia o 20 de xullo de 1936, cando as tropas saen á rúa, menos en Tui, que resistiu coa bandeira republicana ata o 25 de xullo de

1936: debeu de ser un milagre do apóstolo, porque Tui resistiu ata o día do apóstolo. A partir de aí, Galicia é territorio franquista. A República continúa en Madrid, continúa en Barcelona, continúa en Valencia ata o 1 de abril de mil novecentos..., de 1939. Que fai Filgueira? Tense dito, e vaise dicir moitas veces, e xa está escrito nalgúns libros, entre eles un, que acabo de publicar eu hai menos dun mes de que, bueno, Filgueira ten unha situación problemática no ano 36 e no 37, no 38, e no 40 e no 41, Filgueira viña do Partido Galeguista, causara baixa no Partido Galeguista por unha cuestión de conciencia moral, conciencia moral de raíz estritamente relixiosa. El di que se dá de baixa do Partido Galeguista porque o partido acaba de pactar coas forzas esquerdistas do Frente Popular: un partido laico como era Esquerda Republicana de Azaña, un partido de esquerdas, pero burgués; e dous partidos de esquerda proletaria que era o PSOE que daquela era fundamentalmente marxista e o Partido Comunista que era monoliticamente, monoliticamente marxista. Laicos e revolucionarios. Filgueira, que ten unha concepción católica do acontecer da sociedade galega, como Cuevillas, como Otero Pe-drayo, como Vicente Risco, como Álvaro Cunqueiro, como Francisca Herrera Garrido, como tantos outros... non pode estar de acordo. É unha cuestión de conciencia. Como é unha cuestión de conciencia, dáse de baixa, pero dáse de baixa, pero un ano despois o 28 de xuño de 1936, si len o monográfico que lle dedicou o *Pueblo Gallego* ó día do plebiscito do Estatuto de Autonomía, Filgueira Valverde di que vai votar SI ó Estatuto, que vota SI nesa data; e non só

vota SI, senón que invita á Dereita Galeguista a votar SI. Vota SI, igual que Castelao e que Alexandre Bóveda, pero vota SI desde fóra das coordenadas do Frente Popular, non desde dentro do Partido Galeguista que si está dentro, dentro desas coordenadas.

Esto é un asunto de conciencia e todo o mundo o sabe hoxe que, de feito, a sublevación franquista, por chamala dunha maneira un pouco simple, non foi contra a República, foi contra a República do Frente Popular. Polo tanto, Vicente Risco, por citar figuras moi relevantes e Filgueira Valverde no ano 36, cando os sublevados se apoderan do poder en Galicia, como di Piñeiro nunha famosa carta a Basilio Losada, atopan a Vicente Risco e a Filgueira Valverde nesta postura. Están nunha postura que non é proclive ó Frente Popular e polo tanto non arremeten contra eles e teñen que contar con eles para que o Estado teña continuidade, porque ten que continuar a pouca Sanidade que hai, ten que continuar a Educación, que xa non era tan pouca, sobre todo, despois da revolución dos tres primeiros anos educativos da Segunda República. Que fai Filgueira, en relación coa universidade? Aínda que pensan algúns que podería ter certa simpatía en determinadas institucións, próximas ó Ministerio de Educación, non lle regalan unha cátedra, non crean unha cátedra para el. El continúa a ser catedrático de instituto e sería moi difícil que deixase Pontevedra, porque era deixar o Instituto e sobre todo deixar o Museo de Pontevedra, a miniña dos seus ollos. En definitiva, daquela, señoras e señores, quizais o Museo Provincial máis importante que había en España, como museo, como museo provincial. A el dedicou

unha boa parte do seu entusiasmo de erudito, de arqueólogo, de entendido en literatura, de entendido en arte, etc., etc. Pero Filgueira non se desvencella da Universidade de Santiago, daquela a única Universidade que hai no mapa universitario galego. E... no ano 43, aínda estamos nos primeiros anos do franquismo, pronuncia nun curso de verán para estranxeiros un curso de 6 leccións de Literatura Galega, e un de Lírica Moderna Galega no ano 46; e no ano 48 volve a pronunciar un curso, parecido ó primeiro, sobre Literatura Medieval Galego-Portuguesa.

Se vostedes vén o mapa dos profesores de Literatura de instituto daquela, ninguén pode falar destas cuestións. Fala Filgueira Valverde e, de feito, profesores que logo, e... impartirían clases, catedráticos ou non, en Chicago, en Pensilvania, en Washington, en París, en Roma, viñan aquí a cursos de estranxeiros de español. Pero... como, un pouco como adorno das clases de lingua, a universidade, neste caso, a de Santiago, ofrecíalles un pequeno curso de arte por algún especialista; e cursos de Literatura, xa de Literatura española, xa de Literatura Galega, incluída a moderna, e non digamos dese período, tan fascinante, tan engaiolante, como foi a lírica medieval do XIII e do XIV. Eses cursos impartíaos sempre Filgueira Valverde. Filgueira Valverde no ano 47 impartiu aquí un curso sobre «o Quixote e o espírito da Idade Media», e no ano 48 imparte un curso sobre «as letras peninsulares i o problema das orixes das letras peninsulares», onde probablemente xa tomou posición sobre as *jar-chas* que acababan de ser descubertas por Stern. Non hai no mapa universitario e dos institutos un profesor

que poida abordar estes temas. Polo tanto, el, que non é profesor da Universidade, exerce de xeito non oficial como profesor universitario nos Cursos Universitarios para estranxeiros, nos cursos chamados Cursos, *Cursos de Verán*.

Este Filgueira no que todo o mundo pensa, este é o Filgueira que eu coñezo o 23 de abril de 1948 –non é alarde pola miña parte–, dirán: «A que se debe esa precisión cronolóxica?». É fácil: no ano 1948, en abril eu estaba terminando 7.º curso de bacharelato no Instituto Santa Irene de Vigo; dous meses despois eu faría o que se chamaba o *Examen de Estado*, a Reválida, aquí na Universidade, e tres meses despois marchei a Madrid a facer o 1.º ano na Universidade Central, na Facultade de Filosofía e Letras. O 23 de abril, a nosa profesora de Literatura, catedrática Consuelo Burel anúncianos ós de 7.º curso que vai vir falar un home moi sabio que é catedrático en Pontevedra e director do Instituto: don José Filgueira Valverde. Eu confeso que nunca oíra falar del. Estou agora perfectamente convencido de que na prensa da época aparecía, porque era conferenciante casi, casi, en tódolos lugares de Galicia, porque dos seus libros falábase en moitos periódicos. Bueno, porque tiña unha presenza pública como home de letras que daquela non tiña ninguén, nin sequera Otero Pedrayo. E Filgueira Valverde, según a nosa profesora, a profesora Burel, vai falar de «Cervantes y los niños». E o 23 de abril é a Festa do Libro, e a festa, e... polo tanto, de Cervantes. Saben que a Festa do Libro, está instituída ese día porque entendíase que ese día 23 de abril, 1616, morrera Cervantes. Bueno, era unha equivocación: Cervantes

morreu o 22 de abril, pero daquela non se sabía, sóubose despois, pero como xa está instituída a Festa do Libro o 23, o Ministerio en España, antes e despois de Franco, sigue celebrando a Festa do Libro e non pasa nada, o 23 de abril, que é o día que se enterrou a Cervantes e non o día que morreu Cervantes. Por iso recordo tan ben o título: «Cervantes y los niños», pero recordo máis as palabras da profesora Burel, que dixo: «Este hombre, que es catedrático de instituto y no entendemos muchos cómo no es catedrático de universidad». I eu, que tiña unha inocencia erudita, e sobre todo do organigrama da universidade, moi grandes, pregunteime: catedrático de que? É a segunda vez que eu fago esta pregunta, pero a resposta aínda terá que vir un pouco despois.

No ano 1946, un home que é fundamental para entender unha boa parte da vida, tamén da vida intelectual, de Filgueira Valverde, que é don Francisco Javier Sánchez Cantón –que, como saben, foi director do Museo do Prado e chegou a ser, como numerario, membro de tres Academias en Madrid: a Academia da Historia, a Academia de Belas Artes e a Academia Española–. Foi catedrático de Historia da Arte, profesor meu no 1.º curso, 1948-1949. Eu creo, decíallo o outro día a algúns membros da familia –ós que non saudei dun xeito explícito, pero non pasa nada, porque saben que están no meu corazón–. Pero falando con Fernando e con algunha das outras irmás, pois decíalles que eu creo que Sánchez Cantón viviu toda a vida... Sánchez Cantón non estaba casado, non tiña fillos, e eu creo que tivo unha fixación na figura de Filgueira Valverde. Admiraba a Filgueira Valverde. Vía

en Filgueira Valverde –sendo moi importante o señor Sánchez Cantón e mui sabio e mui erudito–, vía en Filgueira Valverde virtudes, virtudes de índole intelectual, pero tamén de índole moral, que el encontraba en mui pouca xente. E foi en Madrid o seu amigo, o seu confidente e o seu, e o seu valedor. Pois ben, Sánchez Cantón escíbelle decindo que chegou a hora –é o ano 1946– que el pense nunha cátedra. Nunha cátedra? Pero en que cátedra? E pola resposta de Filgueira Valverde xa sabemos de que cátedra se fala. Eu, aquel rapaz inocente do Instituto de Lugo que preguntaba: «Que cátedra?, unha cátedra de Historia, unha cátedra de Prehistoria, unha cátedra de Arqueoloxía, unha cátedra de Literatura Española?», porque eu non sabía que existía a Filoloxía Románica. Eu non sabía que dentro da Filoloxía Románica, na Universidade de Madrid e na de Barcelona, por exemplo, existía en 2.º de especialidade, durante 4 meses, a asignatura da chamada *Literatura Galaico-Portuguesa*. Esa é a cátedra que tiña don Armando Cotarelo Valledor, que agora está en Madrid cando eu era estudante. Xa non foi profesor meu porque morreu no ano 50 e eu curso esa materia no curso 51-52. Pois ben, Filgueira sabe moi ben a que cátedra se refire Sánchez Cantón. Pero esa cátedra, antes que preparala –el non tería que preparar moito: Filgueira Valverde non ía a ter rival nin dentro nin fóra, nin fóra de Galicia–, esa cátedra existe nas facultades de Letras onde hai Filoloxía Románica e en Santiago non había Filoloxía Románica. Habería que crear a especialidade e logo, xa dentro da especialidade, habería que sacar a concurso ou oposición a cátedra de Literatura Galaico-Portuguesa.

O señor Filgueira tería que desprazarse de Pontevedra, deixar o Instituto, sobre todo deixar o Museo, etc., etc. E isto era problemático para el. Pero eu tamén comprendo, porque algo vivín naquela época —teño falado co señor Filgueira moitas veces—, que o predicamento, o estatus que daba ser catedrático de universidade era moi importante, incluso para persoas que, entre os eruditos, estaba claro que non sendo catedrático de universidade, merecía moito máis que moitos que o eran.

A cátedra existía desde o ano 14, porque un pontevedrés chamado Víctor Said de Armesto opositou a ela e gañou a cátedra de Literatura Galaico-Portuguesa, que non chegou a exercer porque morreu meses despois de finalizada a oposición. Morreu moi novo, ós 43 anos, Said de Armesto. Vai ser quen,... Sánchez Cantón quen interinamente exerza esa cátedra, pero non tivo alumnos. E hai un periodista de Santiago, *de cuyo nombre no quiero acordarme*, que dixo: «Pero estos gallegos que viven en Madrid no les da vergüenza que tenga que clausurarse una cátedra porque no haya alumnos gallegos que asistían a ella?». É que a cátedra non era para os taxistas galegos, para os vendedores de auga fresca galegos, para os maiteiros galegos. A cátedra era para os alumnos da Sección de Literatura no Doutoramento e podía haber alumnos que non escolleran como optativa esa materia. Escollían Latín ou Grego, ou Paleografía, ou Numismática, ou o que fose. E nese momento, o Ministerio eu creo que clausurou para sempre esa cátedra ata que a pediu Cotarelo alá polo ano 30 e ocupouna ata a súa morte no ano 50 na Universidade, na Universidade de Madrid.

Eu fixen unha pequena incursión, digamos, na problemática política e cultural, por tanto, de Filgueira no 36 e despois. Pero eu cada vez estou máis convencido dunha cousa: que Alexandre Bóveda –e as palabras de Alexandre Bóveda teñen unha autoridade intelectual que eu non vou discutir, e unha autoridade moral hoxe verdadeiramente indiscutible–. Cando Filgueira Valverde no ano 35, abril, se dá de baixa do Partido Galeguista, así como Castelao tivo unha reacción eu diría un pouco dura contra Filgueira Valverde, Bóveda, que é máis ecuánime, que é máis humanista, creo eu, polo menos nesta ocasión, di: «Filgueira Valverde foi un home noso desde o Seminario de Estudos Galegos, Filgueira Valverde está entre os fundadores do Partido Galeguista no ano 31, Filgueira Valverde foi secretario técnico do partido durante máis de 2 anos, do 31 ó 33. Que temos que pensar agora de Filgueira Valverde, que polas razóns que expuxo dáse de baixa do noso partido? Pois temos que pensar, queridos irmáns –que significa na terminoloxía dos galeguistas da época *queridos camaradas*–, queridos irmáns: Filgueira Valverde, a partir de agora onde queira que esteña, será un obreiro da causa galega». E no meu libro, para aqueles que teñan a amabilidade de lelo, polo menos dalgúns capítulos é o leitmotiv dalgunhas páxinas que eu escribo. El foi, mesmo a partir do ano 42, en que o franquismo inda era moi duro, un obreiro da causa galega. É un obreiro da causa galega cando funda Bibliófilos Gallegos, unha editorial que, fundada por Filgueira Valverde-Sánchez Cantón –pero aí o *primus inter pares* volve a ser Filgueira Valverde– fai cousas que logo empezou a facer no ano 51 a Editorial Galaxia. A editorial Galaxia está

protagonizada por Piñeiro, Isla, del Riego, García-Sabell, que son fundamentalmente antifranquistas, antifranquistas prudentes. E Filgueira Valverde está facendo cultura galega xa antes ca eles cunha editorial, desde unha institución que está dentro do Réximen. Pero eu creo que coinciden, converxen os obxectivos. Piñeiro, por exemplo, está erosionando o Réximen desde fóra e Filgueira Valverde está erosionando o Réximen desde dentro. Tanto, que hai unha carta, unha carta que non ten desperdicio. O centro Ramón Piñeiro publicou, hai poucos anos, 15 cartas cruzadas entre Piñeiro e Filgueira Valverde. Algunhas son anteriores ó 46, e outras son posteriores ó 49. Non hai cartas entre o 46 e 49, que é cando está preso por razóns políticas Ramón Piñeiro. As cartas son mui afectuosas entre o sabio pontevedrés e este mozo novo que quere dedicarse á filosofía. Nas cartas, Filgueira promételle, pero promételle con palabras que hai que creer, promételle axuda, mesmo axuda profesional e económica a aquel rapaz que ten moi poucos recursos económicos. Sai da cárcel, da prisión Piñeiro, e Piñeiro só ten un obxectivo na vida: crear institucións toleradas polo Réximen, por exemplo unha editorial, xa que non se pode seguir traballando clandestinamente no Partido Galeguista, para facer cultura, unha cultura que dalgunha maneira cuestione algúns dos postulados do réximen franquista. E... por eso crean a editorial Galaxia, que ten moitos problemas: os primeiros libros publícanse no 51, pero xa no 51 o Ministerio prohíbelles aquela colección que se chamou *Grial*. Estes problemas non os ten Bibliófilos Gallegos, donde están Sánchez Cantón e Filgueira Valverde, que están traballando desde dentro do

Réximen, pero están traballando, e ó mesmo tempo, sobre todo, por parte de Filgueira, erosionándose.

Hai unha carta, que non teño tempo de ler completa, pero permítame señor Reitor uns minutiños máis. O 6 de marzo de 1951 escíbelle Piñeiro a Filgueira Valverde: «Hoxe mesmo entereime de que a Facultade de Filosofía de Santiago tomou onte –polo tanto, o 5 de abril, de marzo do ano 51– o acordo de solicitar da superioridade a creación da Sección de Filoloxía Románica, incluíndo unha cátedra de Lingua e Literatura Galaico-Portuguesa. Recordan a pregunta que me fixen dúas veces e que deliberadamente non respondín?: «Que cátedra?». Pois ben, a cátedra é a cátedra de Literatura Galaico-Portuguesa que existía en Madrid, que existía en Barcelona, alí donde había Filoloxía Románica, pero claro, na cátedra hai que pensar si non se poñen os bois, o carro diante dos bois. Antes hai que crear a especialidade de Filoloxía Románica. Eu creo –habería que demostralo documentalmente– que a man que anda aquí, no Ministerio de Educación, movendo os fíos que hai que mover para que en Santiago, onde hai unha lingua románica moi interesante, se cree a especialidade de Filoloxía Románica, é Sánchez Cantón. Por eso Sánchez Cantón no 46 xa lle fala dunha cátedra, porque Sánchez Cantón debe de estar movendo os fíos para que Madrid cree a cátedra en Santiago. Eso foi no 46, agora estamos no 51, e... señoras e señores colegas da Facultade de Filoloxía, hai que ver as actas da Facultade e ver si ese acordo foi formalizado nas actas da reunión correspondente do día 5 de marzo de 1951, en que elevan á superioridade a necesidade de crear unha especialidade deste tipo.

Sánchez Cantón non debeu de ter moita forza, porque a especialidade non se crea ata o que chamamos *tardofranquismo* ou *serodiofrquismo*, ata o curso 1963-1964. Pero o importante da cátedra é que Piñeiro, que é antifranquista explícito, diríxese a quen é un dos homes máis eruditos en materia literaria, pero diríxese cun rexistro e cun tono que, todo o mundo que lea esta carta sabe que non só lle escribe Piñeiro, o antifranquista galeguista ó erudito Filgueira Valverde. Escríbelle a un home moi erudito en moitos saberes literarios, que aínda non perdeu o lume que tiña desde o ano 1923 por ser participante do ideario galeguista. E dille: «Señor Filgueira, o día que saia esa cátedra, vostede non terá rival e ocupará esa cátedra e por primeira vez a nosa Facultade de Letras terá un estatus de decencia galega que neste momento non ten, porque estará vostede en Literatura Galaico-Portuguesa e estará Otero Pedrayo» —que acababa de gañar en oposición a cátedra de Xeografía en Madrid, oposición que eu coñezo moi ben, porque asistín o 18 de xaneiro de 1905, 1950, 1950 á lección maxistral de Otero Pedrayo, alí no Consello superior de Investigacións Científicas, sobre o tema dos «Alpes»—. Pois ben, dille todo isto, pero dille máis, dille: «E hoxe, o problema fundamental para nós...». —Quen somos nós? Nós somos os galeguistas, nós somos os que moralmente non admitimos a derrota do 36—. «É moi importante para nós que na súa cátedra e, coordinadas as tarefas por vostede, reúna a tódolos preocupados polo problema do idioma e diagnostiquen cal é a situación». Cal é a situación social do idioma e cales deben de ser as normas para escribir o idioma nos termos que esixe unha lingua, unha

lingua do século xx. Non lle está falando só ó erudito. Tampouco lle está falando, nin moito menos, a un antifranquista. Estalle falando a alguén que está dentro das institucións do franquismo, pero que pode desde dentro erosionar o edificio intelectual do franquismo. Cando o Partido Comunista decide no ano 48 abandonar a guerrilla, porque xa non tiña sentido politicamente, é cando dá a consigna de que os comunistas e os sindicalistas teñen que meterse nas institucións, no Sindicato Vertical e, desde dentro, erosionar o franquismo. E no sindicato Vertical, no ano 62, fundáronse as Comisións Obreiras. Están facendo os comunistas no ano 62 o que Piñeiro e Filgueira Valverde no ano 51 estaban ideando, no suposto de que se crease a cátedra de Literatura Galaico, Galaico-Portuguesa.

Ao final, non opositou a esta cátedra. Quen opositou foi Carvalho Calero que, desde o curso 62-63, como auxiliar, rexenta unha praza que se titula «Lingüística e Literatura Galegas», e cando el, no 72, xaneiro, oposita Carvalho Calero á cátedra, a cátedra chámase *Lingüística e Literatura Galega*, porque para o Ministerio de Educación —e faltan 3 anos para a morte de Franco, polo tanto estamos no franquismo máis serodio—... aínda non se ve con bos ollos que unha cátedra se chame de «Lingua e Literatura Galega». Literatura, si, pero Lingua, non: Lingüística, o estudo científico do idioma. Non o estudo do idioma para sabelo, para perfeccionalo, para estendelo, para cultivalo, para escribilo ben, etc., etc.

Non sabemos, creo que a familia tampouco ten datos sobre isto, pero o ano Filgueira é un ano longo, porque será este ano, o ano que vén e dentro de cen anos seguiremos falando de Filgueira Valverde. E...

quizais eu, cando publique dentro de 15 ou 20 anos a segunda edición do meu libro, pois... resolverei dúas cousas: unha, que nin Fernando Filgueira Iglesias me ten resolto. Por que estudou seu pai na Universidade de Zaragoza a carreira de Letras? E outra: por que seu pai non opositou?, porque podía opositar. Pero tamén é certo que nese momento o galeguismo ten unha operación intelectual e política de converter en catedrático a Carvalho Calero. Filgueira pensou que xa lle pasara o sol por diante da porta? Filgueira pensou que o home destinado a esa cátedra tería que ser Carvalho Calero e non el? Por outra parte, o perfil da cátedra é un perfil que non lle acae totalmente ós estudos e ás investigacións de Filgueira Valverde, porque si fose cátedra de Literatura Galaico-Portuguesa, non ten rival no mundo, non digamos en Galicia ou en España. Pero Literatura, polo tanto moderna, e Lingüística, outros aspectos, Carvalho publicara unha *Gramática* etc., aí son parcelas nas que quizais Filgueira Valverde non tiña a pericia que nalgún capítulo destas parcelas tiña Carvalho Calero, pero... cóubolle a honra a Filgueira Valverde de ser o presidente do tribunal. Un tribunal donde el era presidente, pero non era catedrático de universidade. E foi presidente dun tribunal donde había catro catedráticos, algúns moi eminentes, de universidade: o catedrático de Oviedo, Emilio Alarcos Llorach, de Gramática histórica; o catedrático de Madrid, Alonso Zamora Vicente, tamén de Literatura, que o fora de aquí no ano 42 ou 43; o catedrático de Literatura de aquí, Enrique Moreno Báez; i o catedrático de Latín, don Abelardo, don Abelardo Moralejo Laso. Nun dos artigos de Filgueira Valverde di: «Tiven

a honra de presidi-las súas brillantes oposicións» –as de Carvalho Calero á cátedra de Lingüística e Literatura galega de Compostela en 1972–.

Pero non finaliza aquí a relación. A relación finaliza, en certo modo, o 9 de maio de 1995, en que foi investido doutor *honoris causa* desta Universidade, á proposta do departamento de, do departamento de Arte, de Historia da Arte. Tería eu que dedicar aquí algo así como 15 días para falar dun fracaso meu, que tanto lle doeu a Filgueira Valverde, porque eu propuxen no noso departamento de Filoloxía Galega o seu nome para ser investido, desde a proposta da Filoloxía e bueno, por incidencias que ás veces pasan, non tivo na votación definitiva os suficientes sufraxios. E un bo día Filgueira Valverde érguese á mañá, supoño que cedo como tódolos traballadores ás 8, mentras quizais tomaba o café con leite cun *curasán* e lee o periódico, atópase coa noticia de que o seu nome fora rexeitado. Pero no departamento de Arte decatáronse que había que desagravialo e fixérono doutor *honoris causa*, nun momento moi aflitivo para él, porque morrera «quen fora o lume e a luz dos seus ollos», que era a súa esposa. Esta é unha dedicatória que aparece nun dos seus libros. Estaba verdadeiramente acabado aquel home, pero inda así, veu recoller este galardón, como días despois tamén o galardón de doutor *honoris causa* na Universidade de Vigo; e 2 días despois do falecemento da súa muller, o galardón de Galego Egrexio no hotel Samil, que foi concedido polos que daquela outorgaban o Premio, o Premio da Crítica, da Crítica en Galicia. (*E... medio minuto máis*).

Eu creo que era xusto e acaído que se falase da relación coa nosa Universidade, coa de Santiago de

Compostela, a relación de Filgueira con esta Universidade. Pero saiban vostedes que Filgueira Valverde, que casi, casi escribiu durante 90 anos, que investigou durante 90 anos, que traballou durante 90 anos, que divulgou durante 90 anos, que explicou durante casi 90 anos, constitúe na cultura galega dos séculos XIX e XX, un dos capítulos máis importantes da nosa cultura. E... un capítulo que está protagonizado por alguén que, si houbera que inscribilo nunha determinada formación política, eu creo que sería desaxeitado inscribilo nunha formación de esquerdas ou de extrema esquerda. Pero é que no mundo, señoras e señores, dentro e fóra de Galicia, hai moita xente que non é de esquerdas. En Galicia ... casi nunca gobernaron o que non foron as dereitas. E... o asombroso é que a xente pense que hai intelectuais que dalgunha maneira están nese universo. Nese universo, que é o do conservadorismo e o da... relixiosidade sentida cunha fonda autenticidade, militou sempre, desde antes dos 15 anos, Filgueira Valverde. E militou como cidadán, militou como profesional, militou como docente, militou como, como investigador. A sociedade é así. A Academia Galega tamén é así. Na Academia Galega non todo o mundo é de extrema esquerda, nin de extrema dereita, na Academia Galega hai os matices que hai na sociedade galega. A sociedade galega ten que recibir cunha gran aperta, cun gran aplauso a este home que tanto fixo pola cultura galega desde que tiña 10 anos. Graciñas.

A ORATORIA EN GALEGO ANTES E DESPOIS DE 1916. PROBLEMÁTICA¹⁶

Boas tardes, e... compañeiros e compañeiras da presidencia. Miñas donas e meus señores. Permítanme que faga unha declaración de principio, de intención. A miña *disertación*, vamos chamarlle así, vai ser unha disertación dirixida, non sei si exclusivamente, pero fundamentalmente ós heroicos e heroicas alumnos de «Galego sen fronteiras». Como hai unha serie de datos e de cuestións, e de peripecias, e de feitos que en calquera das nosas disertacións facemos referencia a elas e que, probablemente, eles non teñen familiaridade con ese mundo, eu quero facer unha

¹⁶ No *Centenario das Irmandades da Fala*. Mesa redonda: *Oratoria e prosa non ficcional no tempo das Irmandades*, organizada pola Real Academia Galega. Intervenían Arturo Casas, Xesús Alonso Montero e Teresa López, moderados por Henrique Monteagudo. Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego, 7 de xullo de 2016.

Foi publicado en Henrique Monteagudo Romero, María Dolores Sánchez Vales (eds. lit.) (2017): *No tempo das Irmandades: fala, escrita e prelos*, A Coruña: Real Academia Galega: 19-38.

intervención pensando moi concretamente nestes destinatarios. Os outros, que son os meus compañeiros de mesa e algunhas das personalidades filolóxicas que están aquí, non necesitan para nada da miña conferencia. De todos modos, voules facer unha confesión... ademais unha declaración de intención: é que esta mañá en Vigo –onde teño que regresar antes das 9:35–, esta mañá en Vigo, fixen un esquema do que eu entendía pola oratoria arredor de 1916. É un tema sobre o que teño pensado moito, e sobre o que, dun xeito máis ou menos fragmentario, xa teño publicado cousas. Pero hoxe convencinme de que debería facer un traballiño, un ensaio –vamos a chamarlle *ensaio*–, un ensaio. E como o señor Monteagudo anunciou que se vai recoller nun volumen as distintas intervencións das mesas redondas, pois eu farei *in extenso*, o que agora vou facer dun xeito, non digo abreviado, realmente esquemático. I é probable que na miña exposición escrita non faga referencia a dous ou tres datos que aquí son necesarios, pensando nos alumnos, ós que quero dirixirme fundamentalmente. De feito, as Irmandades da Fala a min só me, e..., implican en cuestións sociolingüísticas. E a sociolingüística, como saben, isto sábeno vostedes moi ben, veñan de Polonia, veñan de Francia, de Alemaña ou de Tailandia; a sociolingüística é unha disciplina que ten rango universitario desde hai moi pouco tempo. Os pioneiros foron moi probablemente, sobre todo nun tema que é central para nós que é o da diglosia, os pioneiros foron os Estados Unidos, algo despois de 1950, Ferguson e Fishman. Pero aquí vou facer unha terceira declaración que é verdadeiramente epatante. Moito antes de 1950, sendo

eu menos que adolescente, no ano 43 tería 14 anos e estudaba 2.º ou 3.º de bacharelato. E... no colexio, que era unha academia privada donde eu cursaba o bacharelato en Ribadavia, e que é a capital do Ribeiro, polo tanto do viño Ribeiro, do que vostedes tamén saben, e está ben que saiban, porque sabe ben, claro. E... Ribadavia, que é capital do Ribeiro, estudaba eu, e a eso das doce pola vella –porque daquela non se falaba da unha, nin das dúas–, eu saía de clase con outros compañeiros. I en Ribadavia, e..., é unha vila, unha vila que hoxe ten moi poucos habitantes, daquela tiña máis. Unha vila en que vivían, máis daquela que hoxe, dos mortos, porque a súa principal industria era ferretraria. E nesa vila, desde había dous ou tres anos, eu tiña moitos problemas porque eu, que falaba na aldea cos meus pais, cos meus amigos, cos meus veciños, sistematicamente, menos dentro da escola, eu falaba en galego. Na vila, polo feito de falar en galego ou de falar en castelán inzado de galeguismos, eu era obxecto, como tódolos meus conxéneres da miña aldea, ou dunha aldea próxima, era obxecto de burlas, era obxecto de rexouba, era obxecto de discriminación e tamén de acoso. E, pásmense!: moito antes de que de que se constituíse como tal e con rango universitario a sociolingüística, eu asistín a unha lección maxistral de sociolingüística. E pensarán vostedes que en Ribadavia estaría alguén raro que viña dos Estados Unidos, eu que sei, o pai de Chomsky ou o avó de Chomsky, por exemplo, e que alí decidiu falarnos de algo que tiña que ver con esta materia que hoxe denominamos así. Non, a lección maxistral emitiuna un neno, eh!, de 10, 11 anos, non máis, que estaba no balcón da súa casa.

Hoxe sei, daquela non o souben, que era fillo de médico e a súa muller, a muller do médico, nai deste neno, era farmacéutica. Polo tanto, estamos nunha casa de estatus culto, de estatus universitario e socioeconomicamente, de estatus mui elevado, incluso naqueles anos, dos primeiros da posguerra, en que xente que había anos era máis ou menos acomodada, pasaba ou casi pasaba fame. Non era o caso del. O neno estaba ben vestido e el ve, como vin eu e os meus compañeiros, pasar polo medio e medio da rúa de Ribadavia un grupo de xitanos. Os xitanos en Galicia, daquela e hoxe falan en castelán. Aqueles xitanos ían todos ou casi todos descalzos, co pantalón remendado, escalazados, fedían, cheiraban que alcatreaban, etc. Tiñan tódolos signos externos na súa vestimenta ou na súa non vestimenta, da pobreza, da miseria, da cativeza. E o neno, que tiña unha, unhas facultades para ser no seu día, e non sei se logo o foi, un gran sociolingüista, estaba no balcón,... hum, e acenando cara ó interior da súa casa onde súa nai, que tal vez estaba cociñando, dixo: «¡Mamá, mamá, son pobres y hablan en castellano!».

Pero non só constatou un feito, sinón que se alporizou. O rapaz non toleraba, o rapaz creía nas clases sociais, sabía que existían clases sociais e ademais estaba moi orgulloso da súa clase social: vestía ben, calzaba ben, comía ben, probablemente ía a un colexio de pago e seguramente tomaba con súa nai o té coas señoras e coas señoritas da vila ás 6 da tarde tódolos días. E non só constatou o feito de que eran pobres e falaban en castelán, sinón que lle molestou. Por iso se alporizou, porque non tiñan dereito a falar o castelán: «O

castelán teñen dereito a falalo os que comemos ben, os que vestimos ben, os que somos fillos de médicos, os que estamos nun estatus máis ou menos elevado e acomodado». E quen en Galicia queira facer sociolingüística, hummm, antes do 36, é dicir, e despois do 36, e non teña en conta esta lección maxistral, que debería de estar publicada en tódolos os idiomas do mundo, en sete mil neste momento, aínda que seguramente desapareceron dous ou tres, na Amazonia, desde que eu empecei a falar. Probablemente, á beira do Amazonas había onte á noite dous velliños, que o vello falaba nun daqueles idiomas aboríxenes e a velliña tamén. Ás vellas que son máis lonxevas, mórrelle o home e hoxe non sabemos si fala, porque si fala, fala soa.

Con esto quero dicir que o galego é un idioma que se leva como un estigma durante décadas e décadas e décadas. E de feito, as Irmandades da Fala nacen fundamentalmente, aínda que cunha ambición política mui importante, para atacar o problema de cheo, porque o problema non estaba atacado. Eu teño dito moitas veces, e síntoo polos meus compañeiros e... que, bueno, que mo van oír, unha, e dúas, e tres veces. E síntoo tan pouco porque o señor Monteagudo é un tirano en materia de tempo e non me vai dar 4 horas para falar destas cousas. Pero as Irmandades da Fala, o que se propoñen é que a fala se fale. *Fala* é sinónimo de idioma galego, non significa outra cousa. Eu recordo a sorpresa de moitos alumnos meus, cando eu era profesor de literatura e... na Facultade de Filoloxía, cando lles dicía que Rosalía de Castro e Murguía, en 1884, un ano antes de morrer Rosalía, falaban Murguía e Rosalía –Murguía, o pai da patria;

e Rosalía, a protagonista do feito fundacional da literatura galega—, cos seus fillos falaban en castelán.

O problema é que, como dixo mui ben a Pardo Bazán, que era unha muller mui sagaz —díxoo en 1880, pero vale para 1890, para 1900, e vale para 1906, que é un ano, hum, que eu quero que teñan mui en conta, e vounos convocar a que fagan comigo unha viaxe ó ano 1906—. Pero a Pardo Bazán dixo: «En Galicia —falando do idioma galego— los que lo hablan no lo escriben y los que lo escriben no lo hablan».

Don Manuel Murguía, que ás veces escribía en galego como don Florencio Vaamonde, ou Tettamancy Gastón ou don Eugenio Carré, etc., eles, ás veces escribían en galego pero nunca falaban en galego. Non tiñan o galego como lingua doméstica, de aí que é un erro dos protagonistas das Irmandades da Fala decir que temos que imitar a Cataluña. Iso é un erro, eso é non entender, xa non digo o fenómeno sociolingüístico, non entender a socioloxía e non saber un pouquiño da historia de Cataluña. En Cataluña, por tradición familiar, a burguesía fala en catalán. Na época de Franco, os franquistas, que eran farmacéuticos, médicos, arquitectos e millonarios, falaban, falaban en catalán, aínda sendo, aínda sendo franquistas. O que quería Vilar Ponte é que a clase media, que xa non falaba en galego, falase o galego. E que o falase naturalmente primeiro no fogar, e tan pronto como un se instala no fogar nese idioma, naturalmente un poderá facer uso público dese idioma e falalo desde a tribuna. Porque, pásmense vostedes! Si se debruzan sobre o capítulo inicial da Real Academia Galega, a Academia Galega fúndase no ano 5, empeza a funcionar no ano 5,

pero oficialmente inaugúrase o 30 de setembro do ano 1906. Á inauguración, si vostedes asistisen aquel acto, como eu en soños teño asistido moitas veces, porque eu no ano seis aínda non nacera, eh?, quedarían realmente desconcertados. Porque cando se ergue don Manuel Murguía para falar, o presidente da Real Academia Galega, don Manuel Murguía fai un discurso en castelán. Un discurso donde di que «o pobo que esquece o seu idioma é un pobo que non se pertence». Un discurso onde di que a Academia que el está inaugurando e presidindo ten que esforzarse precisamente en que o idioma teña o estatus que, que debería, eh!... que debería ter. Que pasa aquí? Que pasa aquí? O que pasa é que, claro, para don Manuel Murguía, como para moitos dos seus contemporáneos, falar en público en galego era unha empresa practicamente imposible. Porque falar en público significa, e discúlpenme a elementalidade da miña explicación, falar *para un público*. E que público tiña Murguía ese día? Tiña ás autoridades civís, ás autoridades políticas, ás autoridades militares. Tiña ás señoras con sombreiro, tiña ó presidente do Casino, tiña ós altos funcionarios, tiña ó gobernador militar e ó gobernador civil, e outras persoas da burguesía e das clases acomodadas. Esas clases, algunhas delas, sabían máis ou menos o galego, o galego que lle oían ás criadas, o galego que aprenderan na aldea, si tiñan bens na aldea, pero o galego non era o idioma deles. E non agardaban que un señor tan serio, tan importante, tan sabio como o patriarca don Manuel Murguía, se dirixira a eses destinatarios en galego. Así é como hai que entender o problema da oratoria. Tanto que, as Irmandades da Fala realmente é en

parte, só en parte, unha resposta a certas carencias da propia Real Academia Galega. Eu onte dicía, na inauguración desta exposición, que incorpóranse ás Irmandades da Fala no ano 16 só 7 académicos. Entre eles non está Murguía. Murguía, que por outra parte xa é unha persoa de moita idade nese momento, e non por iso, polas palabras que eu estou dicindo e aquelas que suxiro por outra parte, non por eso Murguía deixa de ser importante na historia da galeguidade, na historia da concepción de Galicia e non digamos na historia da historiografía, da historiografía galega. Pero Murguía, como tantos outros compañeiros de xeración é como di Villar Ponte, «Un sublime precursor». Pero é un sublime precursor que ten esta eiva que, en todo caso, non, e... non ten, hum, a valentía de, desafiar á sociedade daquel momento para, en todo caso, empezar a establecer o galego nos usos públicos.

Pero hai un traballo do ano 12 dun funcionario, que o sería despois de estatística –función que tivo Castelao, por certo, a partir de 1916–, que é don Manuel García Blanco, que di: «Permitiría o centralismo español que unha institución como a Real Academia Galega, funcionase desde o primeiro día en galego?». Bueno, eu creo que é unha observación que os estudosos deste fenómeno vamos ter que ter en conta. I eu nunca a vin en ninguén, salvo no traballo «Consideraciones sobre la decadencia y rehabilitación de la lengua gallega», que é un traballo do ano 12, donde don Manuel García Blanco queda asombrado de que os académicos, nas súas sesións de traballo na Academia, entre eles falen en castelán, redacten as actas en castelán, teñan as súas actividades en castelán, que o

Boletín se faga en castelán, o Boletín, que é o órgano oficial da Academia. Pero el fai o esforzo de pensar algo que en todo caso nos deixa para nós: si sería o sistema centralista político daquel momento —estamos falando de 1912—, o que en certo modo pexaba, digamos o pulo que podería ter Murguía e os premios académicos para que a Academia funcionase así.

En todo caso, o primeiro discurso en galego é do ano 1907. É un discurso de Manuel Lugo Freire, que ese si vai ser das Irmandades da Fala, no ano 16, i é un discurso, primeiro en Betanzos e logo en Cambre. Estamos en localidades moi próximas, moi próximas á Coruña. A min gustaríame que viran nun periódico chamado *A Nosa Terra*, pero que é o presidente de *A Nosa Terra* que se está citando aquí, é *A Nosa Terra* do ano 6 e do ano 7, que deixa de publicarse nese ano, e logo no ano 16, novembro do 16, Villar Ponte, que vai ser o primeiro director de *A Nosa Terra*, recupera aquel título daquel semanario que era bilingüe, para facer un semanario monolingüe que está ó servizo naturalmente do ideario, das, das Irmandades da Fala.

Lugo Freire chega a Betanzos. E, en Betanzos a quen fala? Fala a labradores. E... pero el fala nun mitin plural, nun mitin donde hai outros directivos, digamos, dun movemento sociopolítico que daquela se chamaba *Solidaridad Gallega*, en imitación de *Solidaridad Catalana*, tanto que por aquelas datas tamén veñen persoeiros moi importantes de *Solidaritat Catalana* para, en todo caso, hum, darlle achega, axudar a *Solidaridade*, a *Solidaridade Galega*. E van ser os cataláns os que lle indican a Lugo Freire que fale en galego. Non sabemos si *motu proprio* el falaría en galego. E Lugo Freire fai

un discurso que paga a pena examinar casi secuencia a secuencia. El di: eu son mariñán coma vós, falo galego coma vós, non vos sorprendades. Vouvos falar en galego, e ademais vouvos falar en galego das vosas cousas. Sodes vítimas do caciquismo, sodes vítimas do foro, sodes vítimas dos impostos abusivos –que en galego, daquela, popularmente chamábanse *trabucos*–, porque Solidaridade en Galicia é un movemento sociopolítico fundamentalmente ó servizo das inquedanzas, das inquedanzas agraria.

E... compréndese que Murguía non protagonice o desafío de, de, de dirixirse ás señoras burguesas con sombreiro e ó presidente do Casino e ó presidente das sociedades aristocráticas en galego, porque en todo caso, ese estamento pode saber máis ou menos o galego, pero non o fala. E en todo caso, tampouco é moi partidario del. Pero os labradores, partidarios ou non, en Betanzos, nas Mariñas, non falan máis que o galego. E aínda así, nese mitin plural, só Lugrís é o primeiro, é o único que fala en galego. Así que, na historia da oratoria galega non burguesa, o primeiro mitin é de 1907, practicamente de onte á noite, de antonte á noite.

E dirán vostedes: e que pasa noutros ámbitos, por exemplo, na universidade? Eu teño dito moitas veces, i eu creo que eso vai á misa –vai á misa, porque ademais, como verán, ten que ver co latín–, e... na Universidade de Compostela, que é a única que houbo, ata hai cousa de 20 anos, na Universidade pasouse do latín ó castelán. Cando os profesores de Matemáticas, de Historia, de Xeografía ou de Física deixan de impartir a súa docencia en latín, non a van impartir en galego: impártena en castelán. Hai un episodio que moitas

veces ten sido mal interpretado: un sabio galego, chamado don Domingo Fontán, que é o autor dese mapa, o mapa de Fontán, que non é un mapa dun xeógrafo, coidado! É o mapa dun matemático. O mapa chámase *Carta Geométrica de Galicia*, en castelán, *Carta Geométrica de Galicia*. Don Domingo Fontán era catedrático de Matemáticas Sublimes, expresión que tamén desconcerta un pouco á xente. As Matemáticas Sublimes opóñense ás Matemáticas Elementais. As Matemáticas Sublimes, señoras e señores, hai que explicalas nun idioma sublime.

E saben vostedes o problema que tivo este pobre profesor no ano 1818, co idioma no que impartía as súas clases? Que os alumnos e os pais fixeron unha protesta ante o reitor e ante outras autoridades para que se sancionase ó profesor Domingo Fontán. Por que? No fondo, porque era moi severo, como casi tódolos os profesores de Matemáticas. Pero non podían dicir que era severo, eh! Tiñan que dicir que non utilizaba o idioma axeitado, o idioma adecuado, que non utilizaba o latín. E alguén pode pensar: é que tiña que utilizar o galego? Non: utilizaba o castelán. Utilizaba o castelán, porque daquela, como el intentou demostrar, cantos alumnos seus serían capaces de entender o teorema de Pitágoras explicado en latín, eh?

Así que, aínda que no Goberno central español había aínda unha normativa pola que as clases tiñan que impartirse, 1818, en, en latín, o Goberno tamén era tolerante, desde había dous ou tres lustros, con aqueles profesores i en determinadas materias, que xa impartían as súas clases en castelán. Hai un «Informe Quintana», etc., etc., e... que é anterior.

A primeira conferencia, non digo clase, na Universidade, que se imparte en galego é no ano 15. Porteiro Garea, que tanto ten que ver coas Irmandades da Fala de, de Santiago, que no ano 15, e... pronuncia unha conferencia titulada «A transformación do Dereito Civil na Grande Guerra», na que estaban. É a guerra do 14, do 14 ó 18. E logo, pásmense!, a segunda conferencia que se vai pronunciar na Universidade de Santiago, non lección, non o profesor de Física ou o profesor de Xeografía que imparte a súa lección normal en galego, non. Unha conferencia, que é un acto especial, moitas veces nin siquiera para os alumnos, é para outro tipo de xente. A segunda é no ano 23, por Xosé Filgueira Valverde, que daquela ten 17 anos e que fala das Festas de San Pío V en Santiago de Compostela. Un tema, estritamente, estritamente literario.

Cando volvo agora a, a Lugo, que no ano 7 diríxese ós labradores, labradores e labregos, que son dúas cousas, en parte distintas, eh? Diríxese a xentes que só falan en galego, e diríxese dicindo: «Eu falo galego como vós. Eu falo galego, que é a lingua que aprendemos das nosas nais». Porque non empezou a falar en galego sin antes xustificar que vai falar en galego. Non se pode empezar a falar en galego. E... algúns de nós, que xa temos máis de 30 anos coma min, podíamos contar as nosas biografías. Eu recordo –non o vou contar– o que me pasou en Ferrol, no ano 67 o Día das Letras Galegas nunha conferencia que eu din sobre Curros Enríquez, a primeira vez que se falaba en galego en Ferrol desde o ano 36, o 17 de maio de 1967, eh... Podería contar algunhas cousas, e... unhas reseñas que se fixeron nos periódicos

locais: que significaba dirixirse en galego, pero bueno, deixemos as nosas biografías.

Pero non se podía, non se podía falar en galego sin antes explicar a nosa lingua: é a lingua de Afonso X o Sabio, é a lingua de Rosalía, é a lingua da nosa nai ou dos nosos avós; e ademais é a lingua na que vós namorástedes ás compañeiras da vosa vida, ás compañeiras da vosa vida, que ás veces tamén son as compañeiras dos vosos infortunios. Aquí equivocouse el, xa o verán cando eu publique o meu traballo, porque non se pode introducir unha connotación negativa cando un está tratando de defender unha cousa. O galego está ben que sexa a lingua na que vós namorástedes ás vosas compañeiras, pero non a lingua dos vosos infortunios. Tanto que el, que é... periodisticamente é moi astuto, di: a lingua tamén, o galego non é a lingua na que se fan os embargos dos vosos bens, non é a lingua na que se vos cobran as vosas contribucións e non é a lingua na que se vos comunica que tendes que mandar ós vosos fillos de 20 anos á guerra. Á guerra a Cuba, a Filipinas, ou a Marrocos, onde daquela tiña colonias o Estado, o Estado español. Claro que habería que ser máis crítico con el: e o día que se fale o galego, por todo, non haberá contribucións, non haberá consumos, non haberá servizo militar. Tal vez as contribucións non sexan abusivas, tal vez os tributos sexan xustos, e nese caso, bueno, aínda ditos no idioma que el está defendendo, non son impugnables, impugnables, por aí. Quero dicir que a problemática é verdadeiramente extraordinaria. E non falo xa do mitin de Cambre, en que tamén falan varias persoas e Luguís fala, e fala outro orador bilingüe e xustificano, que fale secuencias

en galego e en castelán. E logo hai outro orador que non se atreve a falar como LUGRÍS, porque logo LUGRÍS fala con citas, LUGRÍS fala elocuentemente, LUGRÍS fala, en certo modo, *en culto*, pero o outro fala *en familiar*, «con mucho gracejo», e nese rexistro é ben recibido e é ben aplaudido.

E, para terminar: pero é que simultaneamente a oratoria agraria, que é da que estou falando ou polo menos da que estou poñendo o acento; a oratoria agraria funcionaba en Galicia en castelán. Hai un orador excepcional, que se chama Basilio Álvarez, que funda... un sacerdote, casi, casi, un sacerdote *da liberación* hoxe, que casi..., non deixa os hábitos pero deixa a parroquia e pensa que en vez de predicar que está aí o inferno para os pecadores, i o ceo para os que non sexan pecadores, pero..., os seus fregueses pasan fame, teñen que emigrar, teñen trabucos, van morrer en Filipinas, ou en Cuba, dice: aquí pasa algo, pois ben, eu, en vez de dedicarme a anunciar o ceo e o inferno, eu teño que facer algo por esta xente que pasa fame, que é vítima dos foros, dos trabucos, dos caciques, etc., etc. E, sen deixar a sotana e por suposto, sen deixar as súas crenzas relixiosas, pois dedícase civilmente a constituír un agrupamento agrario que el chamou *Acción Gallega*, na que en principio estiveron os que logo serían importantísimos galeguistas como Castelao, por exemplo, ou como Ramón Cabanillas, que escribiu o himno, o himno de Acción Gallega. E el que, cos fregueses no adro falaba en galego; que el, que falaba en galego cos veciños; que el, que era dunha parroquia mui rural, Beiro, falaba en galego, subido a un púlpito, era incapaz de falar en galego. Pero el podería ser

incapaz de falar en galego. E os destinatarios, como acollen a súa prédica, falando dos seus foros, dos seus eidos, dos seus cantos? Pois fálalles en castelán, porque tamén temos noticias de que ás veces algún orador dirixiuse, dirixiuse a eles en galego e dixéronlle: «Mire, nós tamén lle sabemos falar o castelano, i entendémolo ben». E para Basilio Álvarez, o castelán era o latín daquela situación, quero decir, as *divinas palabras* –e estou recordando a Valle-Inclán–, e as *divinas palabras* utilizadas por un home do talento oratorio de Basilio Álvarez quizais teñen unha eficacia que doutros oradores non tiñan.

Por aquí vai ir a miña ponencia onde xa o señor Montegudo non terá tiranía sobre min, tanto ten que lle dedique 20 páxinas como 30, e vostedes terán ocasión de oíla.

Moitas gracias.

RAMÓN PIÑEIRO E KOLDO MITXELENA A PARTIR DAS CARTAS DO FILÓLOGO VASCO AO PENSADOR GALEGO¹⁷

En primeiro lugar, miñas donas e meus señores, mui agradecido porque... se contara co meu nome para intervir en estas xornadas sobre Koldo Mitxelena e Ramón Piñeiro. Xa o fixen... xa o fixemos algúns dos presentes en San Sebastián, hai cousas de tres meses. E... tamén debería agradecer as palabras do meu presentador, Gregorio Ferreiro Fente, pero non sei si

¹⁷ Xornadas *Ramón Piñeiro e Koldo Mitxelena no seu Centenario*, 10 e 11 de decembro de 2015. Santiago de Compostela. Consello da Cultura Galega e Centro Investigación Ramón Piñeiro (Secretaría Xeral de Política Lingüística). Celebráronse a continuación do curso de verán realizado en Donostia en setembro, organizado pola Universidade do País Vasco (UPV/EHU) ao abeiro da Viceconsellería de Política Lingüística de Euskadi. Intervenían nas xornadas Miren Azkarate, Pedro Etxenike e Ramon Villares. Xesús Alonso Montero é presentado por Gregorio Ferreiro Fente. Día 11, 10 h.

é xusto que as agradeza, porque aquelas persoas que non me coñezan ou tiñan pouca noticia de min, a partir deste momento teñen unhas expectativas extraordinarias: «Aquí vai falar un home extraordinario, un orador extraordinario, un intelectual extraordinario». E... certamente, esas persoas van quedar defraudadas. A min no me gusta defraudar a ninguén e sempre que teño unha intervención pública ou privada, eu trato de quedar ben. Trato de quedar, polo menos, á altura que eu creo que teño. Pero, bueno, nesta ocasión teño dous motivos fundamentais para quedar ben: unha, que quero quedar ben; e outra, que non quería deixar mal a Gregorio Ferreiro Fente. Pero, bueno, son tan amigo del, a miña estimación a el, á súa familia e a moita xente do seu entorno é tan grande, que teño que facer o esforzo de que el non quede mui mal. E dito isto, e como creo que vamos retrasados —eu podería seguir falando do meu presentador e da presentación e, bueno, e facer así exercicios aparentemente retóricos, que non o son—, e vou entrar en tema.

De feito, o tema que eu vou abordar a partir deste momento é o tema sobre o que me pronunciei nas Xornadas de San Sebastián hai poucos meses. O que acontece, e permítanme sobre todo os amigos vascos que están aquí, o que acontece é que naquela ocasión eu tiña de entrada unha certa dificultade. Porque, bueno, vivimos no mundo no que vivimos e aínda persoas tan ilustradas como as que constituían o auditorio daquela disertación, de entrada, repito, non tiñan moita información sobre Ramón Piñeiro. Supoño que tiñan bastante información sobre Koldo Mitxelena, pero non sobre Ramón Piñeiro. Polo tanto, eu vinme na

obriga, aínda que debería centrar a miña disertación na figura de Mitxelena, de facer unha especie de presentación de Ramón Piñeiro.

E foi naquela ocasión donde certamente utilicei unha expresión que parece que fixo fortuna entre as persoas que hoxe se dedican a falar ou a escribir sobre Ramón Piñeiro: «Que foi un *diamante moral*». E... supoño que na historia da humanidade ten habido algunhas ou bastantes persoas que merecen este sintagma, utilizando a expresión do propio presentador. Pero, bueno, como eu teño unha vida longa, pero unha vida dunha persoa sempre... é sempre breve, e..., na miña breve e longa vida eu teño coñecido a bastantes persoas. Non moitas merecen a caracterización de diamante moral. Coñezo algunhas: acaba de citar a Luís Ferreiro, un home que apenas tivo unha mala escola pública, pero que foi capaz de resistir polos seus ideais 72 horas de tortura e non só foi capaz de resistir, senón que venceu moral e fisicamente ó seu torturador, porque houbo un momento en que lle dixo: «Usted no tiene madre?». E dixo: «Pero estes comunistas son imbéciles, ¿como no voy a tener madre, ¡hijo de la Pasionaria!» —*Hijo de la Pasionaria* significa outra cousa, eh?—. «No, mire, porque si usted tiene madre, y en este momento su madre estuviera viendo que a un hombre atado usted le está dando patadas en los testículos, ¿que pensaría su madre de usted?». E nese momento derrumbouse o policía. O policía ten nome, tiña nomes e apelidos. Non sei se vive. E ese tamén é outro diamante moral.

Pero tamén é certo que na vida non atopamos moitos diamantes morais. En todo caso, algunhas

vidas, entre elas a miña, que teñen moi pouco peso e moi pouca valía, pero na medida en que hai algo así como a centésima parte de un miligrama de honradez, ou de densidade ou de moralidade, sen dúbida débemola a que tivemos a sorte de que tomamos café, de que falamos, de que conversamos e de que cambiamos impresións con seres humanos como Ramón Piñeiro.

Personalidades como a de Ramón Piñeiro, e noutro sentido, pero nun sentido bastante semellante, vidas como a de Koldo Mitxelena, hoxe xa non son frecuentes. De aí que sería bo que estas xornadas, a partir de agora se chamaran xornadas que cando foran recollidas nas actas, as actas se chamasen *Novelas Exemplares* tomo I, *Novelas Exemplares* tomo II, *Novelas Exemplares* tomo III... e, bueno, se cadra, non moitos máis tomos, porque os protagonistas das novelas exemplares cada vez son menos. Agora estamos en campaña electoral e bueno, tampouco se pode falar de determinadas cousas, senón parece que un vén pedir o voto, pois para algunha *marea* ou algo así.

Naquela ocasión, eu puxen o acento en cinco ou seis caracterizacións. Recordo que quizais a primeira persoa na historia de Galicia que entendeu a Ramón Piñeiro foi Ramón Otero Pedrayo, que no ano 34 quedou pasmado ante aquel mozo de 18, 19 anos en Lugo. E dixo nunha ocasión: «Hai un rapaz en Lugo que é un verdadeiro Erasmo». Isto díxoo Otero Pedrayo no ano 34. E alguén que non era Otero Pedrayo, moito máis novo, despois da guerra civil e que onte falou aquí, Xosé Luís Franco Grande, decía nunha carta a quen fose: «Iste é un home que a Providencia nos deixou». Pero como eu sei que aquí hai un futuro biógrafo de... de Ramón Piñeiro que se chama Henrique

Monteagudo –quizais hai máis, eh? E sería bo– esto, eu ofrézolle unha, unha liña de investigación. Porque Ramón Piñeiro, alí onde chegou, causaba tanta admiración, que esa admiración sempre a entendemos en termos un pouco puritanos, case protestantes: de admiración intelectual, de admiración cívica, de admiración política. Pero resulta que cando el pronuncia unhas conferencias nunha universidade dos Estados Unidos, no ano 66, ten de alumna a unha muller que xa non ten 18, nin 19, nin 20 anos; que é unha muller que xa está casi entrando na madurez da súa existencia; polo tanto ten unha formación intelectual no que non é fácil que sexa deslumbrada por quen sexa. E –están as cartas aí na Biblioteca Penzol–, e nunha das cartas, pois dille que: «Neste momento eu teño necesidade de ti». Pero non o di en galego, nin o di en inglés, nin o di en castelán, dío en francés, que como saben vostedes moi ben, é a lingua do amor. «J'ai besoin de toi maintenant (Eu teño necesidade de ti neste momento)». Eu supoño que o caso de Marthia Andersen, que é a destinataria dunha das cartas abertas, publicadas en *Grial* por Ramón Piñeiro, é un caso de muller que se namorou, que se namorou de Ramón Piñeiro. Como resolveu este diamante moral esa cuestión para crearlle os menos problemas a ela, para crearse a si mesmo os menos problemas? Que eu non sei ata onde pode chegar un diamante moral, cando de pronto tamén unha Marthia Andersen aparece na vida dunha persoa falando en francés... Eu, nese momento tampouco teño, teño a resposta. Pero non sucedeu nada, non sucedeu nada na vida convencional, nin na vida que todos esperabamos de Ramón Piñeiro, porque Ramón Piñeiro seguiu, á

beira de Isabel, en Gelmírez, 15-4.º, recibindo á xente e construíndo e reconstruíndo o país. Bueno, eso é dunha grandeza, eso é dunha entidade, eso é dunha magnitude que certamente hai que quitar o chapeu, cando un se encontra con persoas como Piñeiro.

Un anarquista de Vilagarcía que se chamaba Luís Costa, pero que o seu nome, seu nome de guerra, na militancia política do anarquismo, e logo tamén é o seu pseudónimo literario, «Juan García Durán», felicítalo semanas despois de que ingrese no ano 67 na Real Academia Galega Piñeiro, e dixo: «Bueno, moita xente pensará que ti acabas de chegar a donde tiñas que chegar. Persoas coma ti nunca chegades, porque persoas coma ti estades ó servizo do ben público, e non do ben privado, que é tan fácil de conseguir». Esto di García Durán. E Celestino Fernández de la Vega di no ano 75, con motivo daquela recolleita de artigos nun libro, *Olladas no futuro*, de Piñeiro, que: eu, Ramón, recordo os teus primeiros pasos a partir do ano 49, recen saído da prisión en Lugo, e logo en Santiago. E de pronto decatácheste que había unha tarefa fundamental que facer e que daquela ninguén estaba a iniciar. Iniciáchela ti, protagonizáchela ti. El dí, supoño, que con outras, con outras palabras: «E xogaches o teu destino persoal a eso».

Hai un profesor de filosofía, menos coñecido que as figuras que acabo de citar, que era moi amigo de Carlos Casares e coñeceu a Piñeiro a través de Casares, catedrático de filosofía nun instituto de Vigo, Manuel Rodríguez Álvarez, que dixo algo que é fundamental para entender a Piñeiro, porque Piñeiro... eu, que fun aspirante a marxista, lle dediquei un libro e el non era marxista. Non era marxista, pero entendía de marxismo

todo o que había que entender, porque non se pode ser intelectual do século XX se un está alleo ó marxismo. Non digo que un teña que ser só marxista, pero desde logo un non pode estar á altura da intelectualidade do século XX se ignora a metodoloxía do marxismo para entender a sociedade. Polo tanto, de marxismo sabía moito este nonmarxista que se chamou, que se chamou Ramón Piñeiro. I este non marxista era capaz de entender a case todos, por non dicir a todos. Entendía «casi tódolos idiomas do espírito», dixo o profesor de Filosofía Manuel Rodríguez. Eu puxen o acento, creo, na miña conferencia de San Sebastián, nesta caracterización –valéndome naturalmente de opinións alleas e nunca engalanándome con plumas, con plumas alleas– para que os compañeiros vascos entendesen ante que figura estaban e tratasen de ver as afinidades, as coincidencias, que non son pequenas nin poucas, entre Koldo Mitxelena e el.

Aínda que eu teño que falar fundamentalmente do epistolario de Koldo Mitxelena a Ramón Piñeiro –epistolario que onte, mentras vostedes estaban aquí disertando sobre estas dúas figuras, eu estaba consultando na Biblioteca Penzol en Vigo–. Non é a primeira vez que eu consulto ese epistolario, neste momento constituído por 68 cartas. Digo neste momento, porque eu creo que han de aparecer algunhas cartas máis. Pero en todo caso, é un corpus epistolar o suficientemente dilatado no tempo: desde 1949 a pouco antes do falecemento de Mitxelena, 1987, como para entender ben, quizais as dúas figuras. E eu, unha vez máis, aproveito que aínda están aquí os amigos e os compañeiros vascos, habería, queridos colegas facer

o esforzo de atopar as cartas de Piñeiro a Mitxelena. Eu creo que sería, o día que se publique ese corpus dobre, Mitxelena a Piñeiro, Piñeiro a Mitxelena; sería un corpus epistolar verdadeiramente histórico. Non só para coñecer dúas personalidades dunha magnitude extraordinaria, sinón para entender o proceso cultural dos países nos que eles inscribiron a súa actividade, e dos países ós que eles serviron desde a súa intelixencia, desde a súa vontade, cun compromiso cívico, cun compromiso político como poucas veces se teña dado na historia destes países. Polo tanto, a min sorpréndeme que esas cartas aínda non estean publicadas. Sorpréndeme máis que esas cartas non estean localizadas e sorpréndeme que, e... uff, o País Vasco que eu tanto admiro –entre outras cousas é un dos territorios donde apenas hai corrupción do, do mapa de España, eh!... da *Pell de brau*, como diría, como diría Salvador Espriu–. Un país que tanto admiro, como aínda non ten publicado estas cartas? Porque estas cartas farían máis ético o País Vasco, máis político o País Vasco, máis ecolóxico o País Vasco, máis forte o País Vasco. Polo tanto, espero, dentro de dous ou tres meses, asistir a un acto no que se publiquen estas cartas (*risos*).

Pero, antes das cartas, quero asomarme á vida de Koldo Mitxelena e de Ramón Piñeiro na cadea. Bueno, antes, eso xa o fixo, supoño que moi ben, porque non o pode facer mal nunca, e ademais fíxoo moi ben en San Sebastián hai meses, Ramón Villares. E... eles antes de ingresaren na Dirección Xeral de Seguridade no ano 46, viviron, non moito tempo xuntos, naquela pensión de Madrid onde a policía descubriu unha multicopista, donde descubriron un periódico

que aínda non temos atopado, señores investigadores, *Roteiro*, eh? Pero ese periódico, algúns exemplares dalgúns números de *Roteiro* están nalgunha parte. Se cadra en Alcalá, no Arquivo da Administración Xeral. Bueno, eso sería tamén unha festa da hemerografía galega e unha festa da hemerografía vasca, porque tamén había un periódico clandestino vasco que supoño que en boa parte redactaba Koldo Mitxelena.

E por fin ingresan na cadea. Aínda non se escriben cartas, as cartas das que eu teño que falar. E... é curioso, porque eu terminei o bacharelato, –eu fago moita autobiografía, e..., bueno, sempre teño o recurso de apelar a don Miguel de Unamuno, que dicía: «Perdonen que hable de mí, es que soy el hombre que tengo más a mano»– Pero non, é que, claro, a miña biografía case coincide coa biografía de Mitxelena e de Piñeiro. Resulta que no ano 49, os dous nos examinamos co mesmo profesor, Sánchez Cantón, de Historia da Arte, e os dous somos calificados con notable. Eu por méritos propios, Mitxelena por recomendación. Desto falaremos..., desto falaremos. Está nunha carta, está nunha carta, si.

Pero eu, que terminei o bacharelato no Instituto Santa Irene de Vigo no ano 48 –téño dito moitas veces–, eu nunca oíra falar de Castelao, que vivía en Buenos Aires, por certo. Eu nunca vira un libro galego, eh?, nunha librería. Eu era visitante de librerías, era un lector grande, porque tivera a sorte de ter un profesor de letras que se chamaba don Bernardino Graña Refojos, é o pai do noso colega, Bernardino Graña Villar. E... resulta que eu debín de coincidir fisicamente nun examen con Koldo Mitxelena, no examen de

Historia da Arte. Eu terminaba primeiro 48-49, el acababa de saír da prisión... E todo o mundo estaba disposto axudar a Mitxelena, porque sabían que Mitxelena ía ser un xenio da lingüística. Pero antes de ser un xenio da lingüística, tería que cursar as asignaturas do 1º ano e de 2º ano de estudos comúns na Facultade de Letras. Acababa de saír da prisión, tiña que examinarse de Filosofía, de Literatura, de Historia, da Cultura etc., etc., e tamén de Historia da Arte e Universal. E de súpeto, hai unha carta do ano 49, a primeira carta, donde di: «Sabrás, querido Ramón, que he obtenido notable, no por méritos propios sino por los intermediarios». Hoxe sabemos quen son os intermediarios, porque aquí xa empeza a funcionar a *masonería do galeguismo* —título que estou dicindo, eu non son masón, e gustaríame selo, eh?, polo tanto, non falo máis que con admiración—, a masonería do galeguismo—, é dicir, hai dez, doce, catorce persoas que tratan de reconstruír o país. E para reconstruír o país, hai que contar con moitos antifrancistas. Pero tamén hai que contar con persoas aparentemente franquistas, que están situados en determinados lugares i é fundamental para a causa do País Vasco que Mitxelena sexa lingüista. E para que sexa lingüista, ten que ter o título de licenciado en Filosofía e Letras. Por eso no ano 65 pode opositar a unha cátedra de Latín e comer. Porque ata ese momento, el e a súa muller, e os seus fillos comen pouco, entre outras cousas, porque el ten que dar clase en academias e menos de Química Orgánica, como di nunha ocasión, deu clase de todo: de Mineraloxía, de Botánica, de Zooloxía, de Latín, de Grego, de Física, de Historia, de Literatura, etc., etc. etc. Cando ten a

cátedra de Latín –bueno, eu xa sei o que é ser catedrático de ensino medio, nese momento–, e naturalmente o estatus económico é bastante distinto. Pero hai que aprobar, entre outras cousas, Historia da Arte, e aí está Piñeiro, que escribe unha carta a Filgueira Valverde. E Filgueira Valverde, que se dá conta que aquí hai unha estratexia antifranquista: «Hai que axudar a aquel home que sae da prisión». E fala con Sánchez Cantón, e meu dito, meu feito. O que lle diga Filgueira a Sánchez Cantón, feito está. E leva notable, cando el entendía que non merecía esa, esa calificación. Bueno, queda polo tanto exonerado de calquera cousa o noso amigo Koldo Mitxelena.

Nun momento en que eu non sei que existe Castela, que hai libros galegos, estanse dando clases de lingua e literatura galega, onde? Nas prisións franquistas. Piñeiro, Piñeiro, neste momento, está sobre todo convertido nun propagandista da poesía de Luís Pimentel. E tódolos presos que estiveron alí: o nacionalista vasco Koldo Mitxelena ou o comunista Ricardo Muñoz Suay, saben de memoria a Pimentel, porque esa é unha das teimas que ten Piñeiro, Piñeiro na cadea. Así que, eso que se decía que non se ensinaba o galego nin a literatura galega en ningunha parte, si: *gracias ó franquismo*, ensinábase nas prisións franquistas a lingua e a literatura galega. Polo tanto, tampouco hai que ser tan antifranquista (*risos*). Pero alí o que se fai é lingüística, sobre todo. E..., claro, coinciden dous espíritos como o do Piñeiro e como o do Koldo Mitxelena. Koldo Mitxelena quere ser lingüista, e quere ser lingüista porque sabe que esa vai ser a súa gran contribución civil á causa política do País Vasco. Polo tanto, hai moitos

mitos na lingüística vasca, hai moitas lagoas na lingüística vasca, hai moitas deficiencias na lingüística vasca i o día que se poida propoñer un vasco, un determinado tipo de vasco para levalo ás escolas, para levalo ós institutos, naturalmente eso ten que ser cun traballo previo científico importante. I eso alguén o ten que facer, i eso pode facelo un home dotado para a lingüística como Koldo Mitxelena. Koldo Mitxelena no ano 51 termina con premio extraordinario a carreira de Filosofía e Letras, na Facul... na especialidade de Filoloxía Clásica. Por que escolle filoloxía clásica? Escolle filoloxía clásica, porque é filoloxía que pode axudarlle máis como filólogo vasco e de feito, xusto porque escolleu Filoloxía Clásica conecta non só con don José Vallejo a quen lle debe moito, catedrático de Latín na Central, sinón que conecta con Antonio Tovar. E Antonio Tovar é decisivo na vida de Koldo Mitxelena. Tamén decisivo na historia do nacionalismo vasco dese momento, porque Koldo Mitxelena, no ano 65 é catedrático de Latín polas axudas, entre elas, a de Díaz e Díaz, que está de presidente do tribunal, eh? Pero Tovar, que xa é un disidente do franquismo –un disidente, non coa valentía de Dionisio Ridruejo, disidente como é Torrente Ballester, como é Pedro Laín Entralgo: disidentes *daquela maneira*– crea a cátedra de Lingüística Indoeuropea para que opoñe a esa cátedra quen sabe que vai obter esa cátedra. Esa cátedra vaina ter, a partir do ano 67, Mitxelena.

O que os disidentes do franquismo axudaron a Koldo Mitxelena foi moito, ou aqueles que parece que estaban instalados nas instancias franquistas, como Filgueira Valverde e Sánchez Cantón, que lle están axudando a aprobar determinadas asignaturas

na carreira para que este home se dedique a aquilo ó que se ten que dedicar, a facer lingüística vasca. Pero lingüística vasca significa tamén estudar o xeorxiano, estudar outras linguas caucásicas, interesarse polos idiomas celtas e preceltas, etc. E todo isto eu sei, sei bastante ben, porque no epistolario unilateral, eh!, Mitxelena-Ramón Piñeiro, hai información, a que queiran, sobre todas estas cuestións. Eu creo que ó final... da súa vida, Piñeiro debía de ser un dos homes que sabían máis de lingüística vasca en España. E isto pola súa relación, primeiro na cadea e logo epistolar co, co noso homenaxeado Koldo, Koldo Mitxelena.

Pero na cadea está un home que tivo unha mala escola primaria en Vilagarcía, que era un traballador portuario que se chamaba *Juan García Durán*, pero que o seu nome era Luis Costa García. Juan García Durán, xa estivera, como Koldo Mitxelena, preso, preso na prisión da Coruña. E na prisión da Coruña coincidira con Cesáreo Saco, que tamén vai estar preso na redada do ano 46 –el e o seu irmán–. Cesáreo Saco, en opinión de moita xente que eu tratei e na miña propia, porque eu falei bastante con Cesáreo Saco, era un home cun talento especial para a gramática. E na cadea, como non hai moito que facer, explicaban gramática. Cesáreo Saco explicaba gramática e grego. O meu amigo e camarada Comesaña, médico, estudou grego con Cesáreo Saco na prisión da Coruña, no ano 39, no ano 40, no ano 41. E aí, este traballador de Vilagarcía, anarquista, que non fora máis que a unha escola primaria, interesouse pola gramática. Todos sabemos que Juan García Durán, no ano sesenta e tantos, publica a

mellor bibliografía que hai sobre a guerra civil española. Pero é que no ano 62 publicou en México un libro que se titula *Gramática española. ¿Por qué la gramática es una ciencia?* De donde lle vén o verme da lingüística a este traballador portuario de Vilagarcía, militante da CNT? Veulle das clases na cadea, primeiro con Cesáreo Saco na Coruña e logo, á sombra de Koldo Mitxelena e de, e de Ramón, e de Ramón Piñeiro.

A historia é verdadeiramente engaiolante, a destes homes. I alí está Piñeiro predicando os seus poetas, e é o apóstolo da causa poética de Luís Pimentel. Todo o mundo ten dito, e creo que o señor Monteagudo non o negará —aínda non vin a fotobiografía— que o primeiro artigo que publica Piñeiro despois de saír da prisión —deixemos os poucos que publicou antes de 1936— é un artigo en *La Noche* sobre a poesía de Luís Pimentel. Pois ese artigo, ese artigo reproduce un artigo que el mandou a unha revista de Valencia que se chama *Sobre literario*. Este é o *Sobre literario (amosándoo)* o *Sobre literario* está dirixido por un curmán de Ricardo Muñoz Suay, o seu compañeiro na prisión, comunista. E o seu curmán ten unha revista chamada *Sobre literario* e a partir do número dous, pídenlle a Piñeiro que faga unha sección dedicada ás letras galegas. Creo que só saíu a do número dous, ano 1950, con tres poemas de Luís Pimentel, inéditos daquela, un deles dedicado a Piñeiro. Pero Piñeiro era como era e, polo tanto, quitou a dedicatoria. Pero si vemos o libro *Triscos*, que se publica na Benito Soto meses despois, no ano 50, aí aparece a dedicatoria a Ramón Piñeiro.

Cando eu me comprometín a pronunciar este tipo de disertación alá en San Sebastián, de Koldo

Mitxelena eu sabía moi pouco: nese momento hai moitas cousas que ignoro e hai moitas lagoas na miña formación. Pero, bueno, teño hoxe unha información que non tiña hai 6 ou 7 meses. Eu hai algún tempo que cheguei á conclusión que Koldo Mitxelena e Ramón Piñeiro son practicamente a mesma persoa. Un fala en galego e outro fala en euskera. Un está ó servicio da causa galega e outro está ó servicio da causa vasca. Pero as afinidades son verdadeiramente grandes e exemplares. Mitxelena dixo nunha ocasión: «Ramón Piñeiro, que es muy inteligente y muy duro, me dejó en una situación muy fácil». Hoxe aquí en Galicia, eso sabémolo ben desde que Carlos Casares publicou unha especie de memorias de Ramón Piñeiro. Piñeiro dixo que el asumía a responsabilidade política de todo o que acontecera naquela pousada madrileña, onde había unha multicopista, onde había un periódico vasco clandestino, un periódico clandestino galego, onde había outro tipo de documentación, algunha que tiña que ver co Goberno de Giral no exterior etc., etc. Asume a responsabilidade Piñeiro, porque Piñeiro é moi consciente de que Mitxelena, ou pode ser condenado a morte ou, en todo caso, pode saír lle a inmediata anterior, a de 30 anos porque Mitxelena fora *gudari*, fora soldado vasco, na guerra, na guerra civil. Eu creo que o Partido Nacionalista Vasco tiña moita influencia sobre os Estados Unidos. E que o Partido Nacionalista Vasco, e polo tanto os Estados Unidos, non só se moveron para que non os torturaran. Non ós vascos, sinón a todos aqueles que caeran naquela redada: un comunista, un anarquista, e... un galeguista. Non os torturaron, que xa é dicir. Piñeiro fala desto: que non os torturaron,

e tamén hai que darlle unha explicación. Non os torturaron porque o Departamento de Estado dos Estados Unidos púxose á fala coa embaixada en Madrid, a embaixada de Madrid... son os Estados Unidos, eh?. A embaixada de Madrid, ten, ten moita forza. Non os torturan, pero non son alleos á tortura, porque Piñeiro conta cunha cousa que é verdadeiramente arrepiante: que mentras a el o estaban interrogando sin torturalo, había unha porta aberta que comunicaba con outra cela onde dous policíaas estaban torturando a unha señora, di, de 60 anos. 60 anos son algo así como 87, os que teño eu hoxe, é decir, estaban torturando a unha vella, eh!, unha vella, ó parecer, ó parecer, socialista.

Pero eu creo que a influencia do... i a eficacia do Partido Nacionalista Vasco vai máis alá de algo tan importante como que non torturen a un. Si non de que... por que está menos de 4 anos na prisión quen era reincidente, *reiterante*, como di un corresponsal? Por que Mitxelena ten unha prisión tan breve i o propio Ramón Piñeiro...? Bueno, pero sobre todo os vascos, bueno porque eu creo que o Partido Nacionalista Vasco moveuse aí: non ten sentido que el, Koldo Mitxelena teña menos de 30 anos de prisión neste momento. Pero... eso é un asunto que haberá que estudar a partir de aquí.

Piñeiro, que era *mui intelixente e mui duro*: o de duro enténdano no sentido máis positivo, é dicir, é un home que non se move dun determinado argumentario, diga o que diga, ou faga o que faga a policía. Referiase a isto nese momento Mitxelena. Nunha ocasión Piñeiro dixo, e díxoo coa súa sobriedade de sempre, que el e Mitxelena: «Eramos coma, eramos coma irmáns». Tamén coincidían en moitas outras cousas,

por exemplo, eu a Piñeiro nunca lle oín falar, cando se refería a España, do *Estado español*. Parece que Mitxelena tampouco lle chamaba *Estado español*. «Non se estilaban estas cosas», di nunha ocasión Mitxelena, porque si chove en Sevilla, chove no sur de España, ou chove no sur do Estado español?

Eu non sei si tiñan claridade sobre as súas vidas, cando se encontran na prisión, e xa antes, cando se encontraron naquela pousada de Madrid. Pero as súas vidas foron vidas dedicadas fundamentalmente á lingüística. Desde unha perspectiva, no caso de Piñeiro e desde outra perspectiva no caso de, de Koldo Mitxelena. Piñeiro ten dito, en máis dunha ocasión, que el pensaba dedicarse á lingüística porque era a contribución que el quería facer á causa de Galicia como cidadán galego. Sabía que os lingüistas eran importantes: había que unificar o idioma, había que codificar o idioma, había que estudalo idioma, había que normalizar o idioma; polo tanto, os grandes operarios da causa galega, os grandes obreiros terían que ser, algúns deles polo menos, lingüistas. Pero vén a guerra, a situación da guerra, aquela depresión, aquel pozo no que quedou mergullado durante moito tempo, e que se salva por Rosón. A familia dos Rosón, aquí é moi importante entre outras cousas para entender a brevidade da prisión de Piñeiro. Un Rosón foi capitán, na batalla de Teruel, de, de Ramón Piñeiro. E... nese momento el di: «O meu destino ten que ser a filosofía. Eu quero facerlle preguntas á existencia, quero facerlle preguntas á filosofía, para entender o que está pasando nesta guerra». Non é esta guerra como guerra fraticida, non é esta guerra entre roxos e fascistas, non é esta

guerra entre os que defenden, eles decían a *España*, e os que defenden, decían estes a *anti-España*. Non. É unha guerra. É unha guerra, que é unha situación límite, que é unha situación anómala, na que os seres humanos, aínda os mellores, poden portarse mal. Entonces, un espírito tan sensible como o de Ramón Piñeiro debeu de ver na guerra –na guerra desde a perspectiva na que el estaba, que estaba loitando no bando franquista–, debeu de ver cousas de tanta crueldade, cousas de tan pouca humanidade, que di: «O meu destino non é a lingüística, é a filosofía. Eu teño que dedicarme a filosofía». E, de feito, cando el vai a Madrid facer clandestinidade, el... matrículase na Facultade de Filosofía e Letras, nalgunhas asignaturas de comúns que non aprobara aquí, en Santiago, e na especialidade de Filosofía. Pero nese momento a clandestinidade é tan absorbente, que el non pode continuar os estudos, e sobre todo é tan pouca atractiva a modalidade de Filosofía, na Facultade de Filosofía e Letras –eu que coñecín aqueles profesores, porque eu ingresei tres ou catro anos despois, aquilo realmente era un ermo, era un ermo, e eu comprendo que un espírito tan esixente como Piñeiro... nada tiña que facer con aquel tipo de profesores–. Logo, ó final fai algo de filosofía, pero volve á lingüística, porque non se entende a historia lingüística de Galicia sin a man directa ou indirecta de Ramón Piñeiro.

Era o que necesitaba con máis urxencia o país, na concepción que do país tiña Piñeiro i o seu grupo de amigos a partir do ano 1950.

Son sesenta e oito as cartas que hoxe están na Biblioteca Penzol, en Vigo, cartas de Koldo Mitxelena

a Ramón Piñeiro. Koldo Mitxelena, que pon sempre *Luis* Mitxelena, nese momento... Non hai ningunha carta en que apareza o nome, o nome Koldo. Aí podemos atopar noticias sobre a vida familiar. Esta cousa que tiña Piñeiro, que ó final escribía a un galeguista dos Estados Unidos, ou de Alemaña ou de Italia, e ó final terminaba recibindo cartas da súa esposa, dos seus fillos, dibuxos, etc. Hai... un... o día que fai a primeira comunión, unha das fillas de Mitxelena mándalle un debuxiño e dille: «Querido Ramón: te mando este recuerdo, etc... Este é Ramón. Ramón que engaiola á familia. Ramón que engaiola ós nenos. Ramón, bueno, que fala case tódolos idiomas do espírito, tamén o idioma infantil.

Así que noticias sobre a vida familiar hai moito, non digamos sobre a vida profesional. E... e logo hai cousas que os que estamos un pouco familiarizados coa erudición literaria galega, de súpeto, dille Koldo Mitxelena: «Perdona que no te haya mandado el libro de Trueba». Pero, «el libro de Trueba?»: pois é o libro de Trueba, é o libro de Antonio de Trueba, *El libro de los Cantares*... que Rosalía meteu a pata nun prólogo (–Eh, Marina?–), decindo que: «Yo sigo aquí lo del libro». Xa quixera Trueba facer un libro como o que fixo en *Cantares Gallegos*, pero quérase ou non, Rosalía estimaba aquel libro e entendía Piñeiro que Carvalho Calero, que estaba escribindo a *Historia da Literatura Galega*, tiña que ver e ler o libro de Trueba, e aquí non se atopaba o libro de Trueba e tuvo que mandarlle unha das moitas edicións que houbo do *Libro dos Cantares*. Este é o Piñeiro que igual recomenda a Sánchez Cantón, vía Filgueira Valverde, a Koldo

Mitxelena para que aprobe ou leve notable; ou é o home que lle pide a un vasco que está en Guipuzcoa, e que supoño que terá acceso a unha biblioteca onde haxa un exemplar do *Libro dos Cantares* de Trueba, para que, en todo caso, xa que fai esa mención tan gabanciosa Rosalía de Castro, un espírito tan crítico e tan rigoroso como o de Carvalho Calero teña en conta ese libro e ver si, en efecto, Rosalía acertaba ou non acertaba. Todo isto está aí, como está a vida política. De pronto eu, que tamén escribín algunhas cartas no franquismo e que recibín algunhas cartas no franquismo, todo o mundo sabía... E... recordo unha carta de Geluco [Ángel Guerreiro], que era líder do Partido Comunista na clandestinidade: «Cando veñas a Coruña, cantos libros vas traer?». *Libros* era con cantos camaradas ou simpatizantes eu ía ir a aquela reunión: sete, seis, tres porque deso depende se a cousa se facía aquí ou alí.

Hai un momento en que lle dice, en que lle di, porque habería tamén que estudar a relación de Piñeiro cos comunistas. Pero a relación que ten con Ricardo Muñoz Suay é extraordinaria. Ricardo Muñoz Suay é unha figura moi importante no cine franquista, eh? con Bardem e antes de Bardem. Parece ser que cando sae da cadea, ou non está moi activo no Partido, ou se deu de baixa do Partido, pero nunha das viaxes que fai a Madrid, Koldo Mitxelena fala con Muñoz Suay e escíbelle a Piñeiro nestes termos que reproduzo literalmente: «Estuve con Ricardo. Creo que ha vuelto al redil y está muy activo». Evidentemente, Piñeiro entende moi ben o que lle quere dicir; non vai poñer nunha carta, que ía interceptar a policía: «Ha vuelto al seno del Partido Comunista etc.» Esas cousas, evidentemente non se... non se decían.

Das noticias familiares, profesionais de toda índole que hai nas cartas, bueno, poderíamos dedicarlle moita atención, pero os que coñecemos a Piñeiro,... Piñeiro de pronto recibe noticias de Koldo Mitxelena, que acaba de descubrir o xeorxiano. O xeorxiano era a lingua de Stalin, non sei se o saben...he, he, he, é un dos idiomas caucásicos e bueno, daquela estaba un pouquiño de moda que entre os idiomas caucásicos, o xeorxiano era o que tiña unhas certas afinidades co vasco. Polo tanto, un lingüista de ampla perspectiva, como era ou pensaba ser Koldo Mitxelena, non pode estar alleo ó que digan os especialistas sobre o xeorxiano. Pero que iso lle interese a Mitxelena é unha cousa que nós entendemos moi ben. Pero que lle dedique unha carta de dous folios a máquina explicándolle cales son as características do xeorxiano, e alí donde pode haber unhas certas afinidades co vasco. E que llo diga a Piñeiro, que en todo caso sabe algo de lingüística románica, moito de lingüística galega, e a partir de aí, e realmente, non é mais que un lector agradecido a aqueles traballos que lle mandaba Mitxelena. Pero hai un momento en que, por exemplo, atópase Mitxelena con que Piñeiro acaba de preguntarlle –de aí que... son moi importantes as cartas que aínda non coñecemos de Piñeiro a Mitxelena–, Piñeiro está interesado polo tema do dativo ético, claro!, o dativo ético é moi importante entre as singularidades de gramática galega. E de súpeto, faille unha pregunta sobre o dativo ético e dedícalle dous folios ó dativo ético, ó dativo simpatético. Pero non se esquece de poñer un exemplo en galego moi interesante: Ben-cho-Sey, eh! Eso é que o oíra na cadea,

ou na pensión na que vivían antes de mil... antes de 1946. E... como Piñeiro tamén vive naquela polémica de «somos celtas, non somos celtas», o sabio lingüista que é Koldo Mitxelena di: «Estou interesado no celtismo. Si, eu creo que vós e os lusitanos e os astures, tendes bastante celtismo ou bastante pre-celtismo, pero sobre isto aínda haberá que facer máis indagacións». Entre eles, de aí, de aí que para min sexa moi doloroso non ter lido as cartas de Piñeiro a Mitxelena... Entre eles hai unha estratexia: Piñeiro, ata donde eu entendo, faille saber a Koldo Mitxelena que el ten que xogar un papel, non só de lingüista. Ten que xogar un papel de concienciador, de que ten que estar cos novos. Nunha palabra, de que ten que vivir nunha casa como a de Xelmírez, 15-4.º e ter unha mesa camilla. E alí ós rapaces, que se interesan pola literatura, pola poesía, pola lingüística, e que teñan algo que ver coas inquiredanzas do país, ten que ilos adoutrinando de tal maneira, que ese será o xermolo do novo País Vasco. E... Mitxelena contéstalle decindo que os seus éxitos non son tan grandes como os do propio Ramón Piñeiro. Aínda que nunha ocasión escríbelle con certo optimismo, e dixo: «Bueno, aquí hai un grupo de chicos que, en todo caso, no me consideran indeseable».

Creo que xa o dixen alí, no País Vasco, pero hai un tal Xamardo, galego, estraño, que apareceu, esto despois do 80, militando nunha lista electoral de Batasuna etc., etc., e do que non sabemos nada. Hai moitas outras cartas. Hai unha carta en que non se menciona a Constantino García, pero é unha carta donde hai un pouquiño de ironía. Habería que ver si, en efecto, o

aludido é Constantino García. Eu creo que si, que é Constantino García. Hai unha carta en que aparece mencionado Ramón Lorenzo. E... é dicir, el está, Mitxelena, naturalmente a través da información que lle subministra Piñeiro, está moitas veces nas coordenadas íntimas do que é a vida política, do que é a vida literaria, do que é a vida social, do que é a vida filolóxica, de como funciona o Instituto da Lingua Galega, do que se está facendo na Facultade, na Facultade de Filoloxía. E... bueno, cartas na miña ponencia, tanto na que penso mandar canto antes, queridos amigos, ó País Vasco, como na que recolla estas Xornadas, hei de reproducir algunhas destas cartas. Porque na carta donde lle fala do dativo ético, do dativo simpatético, Piñeiro, que o quere saber todo, pregúntalle: exactamente que é un *sustrato*? Entonces diserta sobre o *sustrato*, sobre *superestrato* e sobre o *adstrato* Koldo Mitxelena coa súa habitual pericia. Noutra carta, como sabe que Piñeiro sabe de todo e que todo lle interesa, resulta que noutra carta dice: «Sabrás que acaba de fallecer don Resurrección María de Azkue». O que quere dicir que el sabía o papel que xogara o aquel famoso dicionario na lingüística vasca, *Azkue*. I é aí donde lle fai unha gabanza do número 1 de *Grial*, e donde lle fai unha gabanza da capacidade filosófica do artigo central do número 1 de *Grial*, que é o famoso traballo «O significado metafísico da saudade» de, de Ramón Piñeiro.

E logo hai unha cousa extraordinaria: Fole. Non recordo agora si é sobre *Terra Brava* o *A Lus do candil*, tanto ten, é a cuestión de ver a cronoloxía. Na carta do 22 de agosto do ano 53, dille –traduzo do seu castelán–: «Estou verdadeiramente engaiolado lendo o libro

de Fole, que penso leer varias veces. Non sei como se pode conxugar con tanta sabiduría o antigo co moderno na prosa deste escritor do que sei por vós». Por vós, non só por el, senón quizais outras persoas galegas coas que tiña tido algunhas conversas. Pero nesa carta, como quen non quere a cousa: «Vexo que en Fole aparece a palabra *farra* e *farra* tamén a utilizamos en vasco, o que non quere decir que sexa unha palabra autóctona. Se cadra é unha palabra procedente do castelán ou procedente doutro idioma, doutro idioma románico, pero *farra* en vasco significa *risa* e polo tanto, hai aquí unha coincidencia semántica que haberá que ter en conta», di el con moita cautela. E aquí –logo regalarémollo ó amigo [Patxi] Baztarrika– ... aquí está o programa da primeira conferencia pública de, de Mitxelena. Porque tamén é certo que mandaba cartas, pero tamén lle enviaba reseñas que el facía en revistas ou o programa dun acto artístico-cultural na Academia da Lingua Vasca, en que: «Luis Michelena, académico de número, fará una breve exposición sobre planes futuros de la Academia». A carta é moi graciosa, porque di que o teatro estaba cheo e que sobre todo, no estrado máis importante «había unha chea de señoronas con sombreiros floridos que daba gusto velas». Pero que el alí falou, e bueno: «Tampoco yo estoy del todo insatisfecho, te acompaño programa de un acto en el que por primera vez he tenido la cara dura de hablar, por cierto sin preparación, ante un hermoso teatro abarrotado. Bueno, ya te figurarás que *ante* quiere decir *dentro*. Aparte de esto, que no tuvo ninguna importancia, el acto fue un éxito sorprendente para todos: el gallinero estaba lleno de señoras ensombreadas que no

encontraron otra localidade y asistieron el nuevo obispo y el alcalde, señor Zugazagoitia. Ahora hablan de un homenaje a Azkue a todo meter y también de una edición corregida y aumentada de su diccionario. Hice un proyecto por el que resulta que su preparación, no la impresión, costaría de 250.000 a 300.000 mil pts.».

Estas son moitas das noticias.

E hai un momento, no ano 62, en que lle ofrecen unha especie de praza nunha institución vasca para explicar lingüística vasca, cos emolumentos que tería un catedrático de universidade. Ano 62: el inda non é catedrático de Latín, que o foi no ano 65 no Instituto de Torrelavega, polo tanto a súa situación económica é mui precaria; a súa situación profesional é tan absorbente que apenas ten tempo para facer investigacións como lingüista vasco. Dice: «Pero como sei que ti pensas as cousas moi ben, non te quero facer responsable da decisión que tome eu, pero eu quero, antes de tomar eu esta decisión, que me deas un consello». Esta é a relación Koldo-Mitxelena, por iso as cartas de Piñeiro (*risas*)... —xa sei que me poño un pouco pesado, pero bueno, eu veño da... É que eu veño da política do Partido Comunista e eramos uns tipos un pouco pesados—. Mitxelena é tamén como Piñeiro, é un tipo tan serio... Está na Universidade de Salamanca. Debe de ir tres ou catro días porque as fis de semana pasaraas coa muller e cos fillos no País Vasco, pero decátanse que aquel é un home serio, riguroso, organizador, etc., e poñen nas súas mans a Secretaría das Publicacións e Intercambios Científicos da Universidade, e pola Universidade de Salamanca anda Pensado. As veces que cita a Pensado, cítao sempre con moita estima,

eh?, como lingüista, como profesor serio, etc. E nese momento Pensado está publicando os libros de temática lingüística do Padre Sarmiento. Entoncez entende Mitxelena que quizais Galaxia, xa non como editorial: como distribuidora, podería estar interesada nestas publicacións da Universidade de Salamanca para darlle a difusión, a difusión debida. É a primeira vez –dille– «que te escribo con papel oficial». I en efecto: Universidade de Salamanca. Secretariado de Publicaciones e Intercambio Científico.

Ten unha polémica con un Pablo Martí Zaro, a quen lle contestou sobre cuestións que teñen que ver mesmo co nome do País Vasco, co nome da lingua vasca, etc., etc. É unha polémica que habería que exhumar. Mándalle unha carta, dicindo: «Inda que ti non necesitas, porque entendes moi ben as cousas, vouche mandar un panfleto. Chámolle *panfleto*», «Porque has de saber, querido Ramón, que mi verdadeira vocación ha sido siempre la de panfletista, y además si se me permite, yo creo que tengo algunas cualidades de panfletista. Lo que pasa es que me coge ya un poco viejo» –era el ano 71– «como para facer este, este panfleto».

E dito isto, eu creo que (*Gregorio Ferreiro: estamos na hora*). Eh? Estamos na hora. Eu podería seguir ofrecéndolles noticias, que teño aquí das miñas notas, ou das cartas que teño fotocopiadas. Pero realmente este corpus epistolar, incluso de momento unilateral, este corpus epistolar é dunha riqueza que é verdadeiramente un tesouro. Un tesouro de noticias para entender a relación entre dúas grandes personalidades. E... é probable que Koldo Mitxelena non teña tido unha relación tan íntima, tan intensa, e... tan convencida con

outro ser humano, dentro ou fóra do País Vasco, como a que tuvo con Ramón Piñeiro. De aí que, que nestas Xornadas apareceran Ramón Piñeiro e apareceran Koldo Mitxelena, xuntos, é moi importante. Por certo, e para facer xustiza, tamén García Durán, o anarquista de Vilagarcía de Arousa, naceu no ano 15, igual que Piñeiro e igual que Koldo Mitxelena. Ese García Durán, que terminou sendo un dos grandes bibliógrafos da guerra civil española. Ese García Durán que por ser no 40, 41, 42 discípulo na prisión da Coruña, tanto de grego como de gramática castelá de Cesáreo Saco, terminou publicando no ano 62, en México, pois, unha gramática e donde trata de demostrar que a gramática é un saber verdadeiramente científico.

Dito isto, non teño máis que agradecer ós organizadores, tanto ós organizadores do País Vasco como ós organizadores do país galego, ó presentador, ós moitos amigos e amigas que aquí viñeron a esta disertación, e... a todo o mundo. E repito: creo que temos que, ó fin, facer por Piñeiro e por Koldo Mitxelena o que temos a obriga de facer.

Graciñas.

ANIVERSARIO
DA PRIMEIRA EDICIÓN
DE *MEMORIAS*
DUN NENO LABREGO
DE NEIRA VILAS¹⁸

Miñas donas e meus señores, eu quixera facer un saúdo especial a persoas que se senten moi identificadas con Neira Vilas, e neste caso nun xeito especial con Balbino, porque son daquela terra, daquela matria. E... Neira Vilas antes que escritor galego, ou escritor europeo, ou escritor do mundo, é un escritor d'alí, daquela terra, da terra de Vila de Cruces.

¹⁸ Real Academia Galega e Xunta de Galicia. Cidade da Cultura. Santiago de Compostela, 5 de xaneiro, 2016. 13:00 h. Participan: Ramón Villares, presidente Consello da Cultura; Martiño Noriega, alcalde de Santiago; Valentín García Gómez, Secretario de Política Lingüística; Víctor Freixanes, Luís Reimondez, presidente Fundación Neira Vila e Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura. Entre o público: Dolores Vilavedra, Henrique Monteagudo, Luís Ferreiro, Gregorio Ferreiro Fente, os alcaldes de Vila de Cruces e Boqueixón, Pepe Abades e os seus veciños de Gres.

Por eso me alegra ver que están representando aquela xente dúas persoas que tamén admiraron a Pepe Neira Vilas, que son Luís González López [Luís Ferreiro] e Xosé Abades. Tamén me agrada ver que algúns dos grandes especialistas na narrativa, i en xeral na obra de Neira Vilas, están aquí. É o caso entre outros, de Dolores Vilavedra. Tamén me agrada ver que está o editor Víctor Freixanes, o editor precisamente da edición coa que están agasallando a moitos dos, dos asistentes.

Eu creo que algún día haberá que facer unha especie de clube de lectores e lectoras, non sei si de toda a obra de Neira Vilas, pero si da obra que resultou revolucionaria, literaria e socioloxicamente, na Galicia dos anos 60, que foi *Memorias dun neno labrego*. Con *Memorias dun neno labrego*, moita xente en Galicia aprendeu a ler. Xente que tiña un certo reparo a ler en galego, xente que tiña certas dificultades a ler en galego, chegaron ó galego por dúas obras de intención decididamente progresista. Unha en verso do ano 62, *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro e outra en prosa, anterior en oito, nove ou dez meses, do ano 61, *Memorias dun neno labrego*. Eu coñezo aínda hoxe —algúns xa desapareceron— persoas que cando se lles ofrecía, e... como primeira lectura dun texto en galego determinados autores, incluso autores que hoxe están consagrados, que se estudan nos institutos, facían o esforzo de entrar neles, pero non sempre o esforzo era suficiente para chegaren ó final. Pero tamén sei —son experiencias que eu teño vivido, e moitas das persoas que están aquí—, que cando ofrecemos en prosa *Memorias dun neno labrego*, ou e... *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro, non só se comprometeron con

esas obras, non só se comprometeron con eses autores, sinón que a partir de aí van ser para sempre *lletraferits* en galego. *Lletraferit*, como saben vostedes, esa é unha palabra do catalán balear que significa, non exactamente *intelectual*, pero si unha cousa moi próxima e moito máis conmovedora: a persoa que está ferida pola letra, traducido ó noso romance: *letraferido*. Hai letraferidos a partir do 61, pero sobre todo a partir do 67, data da 2.^a edición, feita polo inmortal Díaz Castro, en Ediciós... e... Díaz Pardo, perdón, en Ediciós do Castro. Porque os *lletraferits* que coñeceron esa 2.^a edición xa van ser sempre leais ó escritor Neira Vilas e a moitos escritores que apareceron a partir de 1967.

Todo esto tense dito un millón de veces, eu mesmo teño colaborado e estoume sempre repetindo. Pero non hai ningunha razón para non repetir. E cando, dentro de dez, de quince, de vinte anos volvamos aquí a conmemorar ese glorioso 5 de xaneiro en que nunha imprenta porteña —non se pode dicir *bonaerense*—, dunha imprenta porteña saíu *Memorias dun neno labrego*, teremos que dicir as mesmas cousas. Pero eu, para non repetirme moito, quixera chamar atención de vostedes sobre dous aspectos da personalidade literaria, intelectual e cívica de Neira Vilas.

Neira Vilas foi un activista da causa da literatura e da cultura galega. Esa é a razón pola que fundou con Anisia Miranda, xa casado con ela, Follas Novas. Follas Novas era unha librería, na súa propia casa. Follas Novas era unha editorial, na súa propia casa, e Follas novas era unha distribuidora. Cando vostedes hoxe vaian a algunha cidade de Turquía, cando vaian a unha pequena universidade dos Estados Unidos, cando

vaian a unha universidade descoñecida de Bulgaria, cando vaian a unha universidade pouco coñecida de Sudáfrica e atopen na biblioteca algún libro galego de Rosalía, de Curros, de Otero Pedrayo, de Castelao, de Manuel Antonio... pensen que ese libro chegou porque desde Buenos Aires e desde 1961 están Anisia Miranda e Neira Vilas tratando de detectar algunha persoa, galega ou non, que teña un *minimum* de curiosidade polo feito cultural galego, e alá lles chegaba, probablemente sempre gratuitamente, o libro que eles con grandes esforzos económicos facían chegar a Sudáfrica, a Tailandia, a Bulgaria ou a donde fose.

Este é o activismo de Neira Vilas. Logo hai un activismo máis persoal: o activismo persoal. Aquí están representantes do Centro Ramón Piñeiro, que teñen editado unha colección verdadeiramente importante para as letras galegas, moitos epistolarios. Algúns deles, epistolarios nos que aparecen cartas de ou cartas a Neira Vilas. Aínda quedan moitos por publicar, por exemplo se cadra algún día o Centro Ramón Piñeiro solicita as 120 cartas que teño eu. Algunhas delas son as cartas moi confidenciais porque me chegaban por man por algún militante comunista que viña de Cuba, etc., porque el sabía que había cousas que non se podían dicir nunha carta que chegara por outros medios, porque a policía de Lugo estaba especializada na lectura das miñas cartas. Eran *lletraferits*, letraferidos, eran *lletraferits* epistolares. E... nesas cartas está Neira Vilas. Neira Vilas escribiu a todo o mundo: a rapaces como o que acaba de ler magnificamente as primeiras palabras do primeiro capítulo de *Memorias dun neno labrego*, a pequenos artistas que ilustraban os seus libros, a

eruditos, a non eruditos, a persoas do mundo filolóxico portugués ou brasileiro que por primeira vez se decataban, por Neira Vilas, que existía unha cousa que se chamaba Galicia i o galego, e que o portugués, diacronicamente, é un dialecto do galego. Aí estaba sempre, aí estaba sempre Neira Vilas.

Algún día, eu creo que teremos que crear esa Asociación de Lectores e de Lectoras de Neira Vilas. Eu quería, antes de terminar, felicitar á Consellería de Educación e Cultura por este acto. Este acto, escolleito nun día que non é discutible. Este acto no que figuran no auditorio que temos (*ehem*), ás nosas costas as primeiras palabras de Neira Vilas, esas palabras que acaba de ler tan ben este rapaz de Vedra e que son unhas palabras coas que eu quixera terminar as miñas, e sobre as que, bueno, quixera facer unha brevísima consideración: «Balbino –non leo tan ben como o pequeno, pero bueno–, un rapaz de aldea coma quen di, un ninguén, e ademais pobre».

E... quizais dentro de cincuenta, ou sesenta ou setenta; se as cousas non van ben, dentro de douscentos anos, farase unha nova edición, a millonésima edición de *Memorias dun neno labrego*. E a primeira nota... – haberá que poñer notas como hoxe cando se edita en grego ou nunha tradución a calquera outro idioma a *Iliada* e a *Odisea*–. Hoxe xa non se pode ler a *Iliada* sin notas desde o primeiro verso–. Tampouco se poderán ler determinadas liñas de *Memorias dun neno labrego* ó chegar a palabra *pobre* nese mundo dentro de 200 anos en que non haberá pobres. É que, si hai pobres, será un fracaso de todos nós e dos que veñan despois de nós. E haberá que explicarlles a nenos: *pobre*, palabra que se

utilizaba daquela coma contraposición a rico. *Pobre*: o que nacía nun medio humilde e non tiña oportunidade na existencia, nin de comer, nin de traballar, nin de ler nin de ocio nin de realizarse como persoa. Será unha nota de dúas, de tres, de catro páxinas, como hai notas hoxe para *Divina comedia*, para a *Iliada* de Homero, ou para a *Eneida*, para a *Eneida* de Virxilio.

O día que enterramos a Díaz Pardo, perdón! –tamen o día que enterramos a Díaz Pardo, vale o que vou decir: o día que enterramos a Neira Vilas, estou falando de dous grandes amigos, eu tiveron que dicir en Bonaval unhas palabras e terminei dicindo que a literatura galega non estaba de loito. Porque perdemos o autor dos libros, pero os libros están aí, os libros para o noso recreo, para o noso deleite e para a nosa instrución. Os libros para que outros escritores aprendan deses libros. E... polo tanto, de loito, a literatura galega non está, porque queda a obra do escritor. Quen están de loito son os Balbinos do mundo, os Balbinos que aínda acaban de nacer en Gres, os Balbinos que acaban de nacer en Cartagena, os Balbinos que acaban de nacer en Chicago, os Balbinos que acaban de nacer en Tailandia ou que acaban de nacer en calquera distrito de Sudáfrica. Eses son os que quedaron sin o seu cronista.

I eu decía daquela que a obra de Neira Vilas, sobre todo as súas grandes obras, especialmente as *Memorias*, son unhas memorias en que Neira Vilas está utilizando o galego, está reivindicando o galego, está ilustrando o galego, está fomentando o galego. Pero sobre todo, está proponendo un modelo de sociedade para Galicia e para o mundo: un modelo de sociedade onde a

sociedade se governe desde os criterios de Balbino. Por eso eu terminaba coas palabras que vou terminar agora:
«Os Balbinos unidos endexamais serán vencidos».

DISCURSOS
DIDÁCTICOS

O «PERGAMIÑO VINDEL»¹⁹

Bueno, feita esta especie de presentación sociolóxica de que os pobres, os pobres do mundo, pois tamén teñen dereito á vida, dereito á consideración, dereito a figuraren nos libros, e dereito a que os profesores non sexan moi aristócratas, e que saiban que persoas que viviron da esmola pública, pois deixáronnos como alimento para sempre, por exemplo, unha cantiga de amor como a de Mendiño, ou as sete cantigas de amor, como as de Martín Códax.

Eu penso, xa mo diredes no coloquio ou en calquera ocasión que teñades, que vós hoxe no Museo do Mar quedastedes decepcionados. Vamos ver o Vindel. O Vindel! Parece que un vai ver o Partenón en Atenas; parece que un vai ó deserto exipcio para ver a pirámide de Keops, parece que un vén por primeira vez, os que non son galegos, a Santiago, para ver a catedral, ou incluso algo menor ca catedral, o Pórtico da Gloria, ou que alguén vaia a unha parte de África para ver algo que ten que ver coa literatura, e coa interpretación das linguas, a Pedra de Rosetta. Resulta que o Vindel é

¹⁹ Fundación Penzol, Vigo 7 de novembro de 2017. Discurso ao alumnado do IES Fermín Bouza Brey de Vilagarcía de Arousa. Presenta a profesora Patricia Arias Chachero.

esto, como vós vístedes (*amosando unha reprodución facsímile*). Isto é unha mala fotografía, pero esta é a primeira fotografía que houbo no mundo, e que viron os eruditos, os profesores, os estudosos, a partir do ano 1915. Porque sabedes que o Vindel chámase *Vindel*, porque o seu descubridor foi un libreiro anticuario que tiña unha tenda de libros nunha rúa céntrica de Madrid, mui preto do Ateneo, mui preto da Academia da Historia, mui preto do Palace, para aqueles que algunha vez teñan estado no Palace, que creo que costa a habitación trescentos mil euros, esto... Aí só pode ir Bárcenas, Rodrigo Rato e outra xente que non le a Martín Códax, nin a Mendiño.

Pois ben, Pedro Vindel, que era un anticuario, no ano 14 ou quizais a fin do ano 13, estaba vendo un libro que quería vender. Era un libro de Cicerón, como sabedes, que se titulaba, polo tanto en latín, *De officiis*. E de pronto decatouse –porque el tiña o cheiro que teñen os que saben manexar libros antigos–, que na encadernación, no forro, había algo raro. E o que había é o pergamiño que servía máis ou menos de encadernación, e o pergamiño era este. O libro co que se encadernaba, que encadernaba o «Pergamiño Vindel», valía moito menos que a encadernación.

O libro *De Officiis*..., existían na Idade Media, en calquera país de Europa, moitos manuscritos desde o século I en que o escribira Cicerón, o seu autor. E de pronto, claro, despois de ripar a encadernación, atópase que alí hai algo que a el lle parece que ten que ver coa poesía medieval, coa música medieval. El non é exactamente un erudito, permitídemme un inciso: a historia de Pedro Vindel é unha historia case cinematográfica.

Pedro Vindel era un rapaz dunha aldea da provincia de Cuenca que naceu, como Mendiño e Martín Códax, no seo dunha familia moi humilde, moi pobre, e..., tanto que ós dez anos, para fuxir da fame da súa casa, fuxiu da casa. E foise cuns xitanos, e os xitanos facíanlle andar cunha cabra, facíanlle facer cousas que a el non lle gustaban. Fuxiu dos xitanos, viviu en Madrid con xente que estaba... rapaces, medio facendo traballos lícitos e medio á marxe da lei. El non sabía ler nin escribir. O descubridor do «Pergamiño Vindel», que se decatou que aí había un tesouro literario, que é este, non sabía con 12, 14, 15 anos ler nin escribir. Pero no ano 1881, que é en España e no mundo claro, o centenario de don Pedro Calderón de la Barca, Madrid está inundado de carteis que teñen o título de obras de Calderón de la Barca, como *La vida es sueño*, *El alcalde de Zalamea*. I el, que era moi agudo, moi listo, listo como un allo –dicíase na miña aldea, eh, cando eu era pequeno–, foi vendo aquel *Alcalde de Zalamea*, *La vida es sueño* e foi decatándose de que se repetían determinados signos i en poucos días aprendeu a ler. Se hai alguén que aprendeu a ler autodidacticamente na historia da humanidade é Pedro Vindel, e Pedro Vindel, pouco tempo despois de aprender a ler, e feito o servicio militar, ten a sorte de que lle toca a lotería. E co importe da lotería, abre unha tenda de libros e pouco a pouco vaise especializando en libro antigo. Por eso, máis que un libreiro é un anticuario. E..., e un bo día, no ano 13 ou a principios do ano 14, descubre o que nós chamamos o «Pergamiño Vindel», en homenaxe a el, en homenaxe a Pedro Vindel.

Pero, Pedro Vindel, que como tódalas persoas intelixentes sabe que un nunca sabe moito, –esto é un

principio fundamental—. Aínda, eu que son un sabio, según acaba de dicir Patricia Arias, eu non sabía que era un sabio, pero hoxe vou feliz, vou engordar 5 quilos, porque, acaban de dicir publicamente que son un sabio. Pois eu, que son un sabio, decátome que sei moi pouco. E eu creo que está ben que vos indique a maneira de conducirse pola vida intelectual de Pedro Vindel.

Vindel, que era moi sabio —el si que era sabio, he, he!—, dixo: «Aquí hai algo moi importante, pero eu teño que consultar con aqueles que saben máis camino». E quen en Madrid podía saber moito do que nós hoxe chamamos *poesía galego-portuguesa medieval*? Pois un home de Pontevedra que ía morrer meses despois, Víctor Said de Armesto, que acababa de facer a oposición á primeira cátedra que houbo en España e no mundo de Filoloxía Galego-Portuguesa, cátedra que el xa non chegou a impartir porque morreu dous ou tres meses antes de iniciarse o curso, o curso 15-16. El morreu, el morreu no 14. Este Víctor Said de Armesto atende a solicitude de Pedro Vindel i en efecto, confírmalle que alí hai un tesouro. O tesouro é extraordinario. *As Cantigas de Santa María*, como sabedes moi ben polas vosas profesoras, non sei se hai profesores de galego, non? Como sabedes polas vosas profesoras, incluso de cursos anteriores, as *Cantigas de Martín Códax* eran coñecidas, porque as cantigas de Martín Códax, as sete, as sete aparecen no que chamamos os *Cancioneiros apógrafos italianos*. Un cancionero é un conxunto de cancións, porque daquela non había poemas. Daquela o que había é cantigas, ou cancións, letra e música. Outra cousa é que a nós, casi sempre,

nos chegou a letra, e moi poucas veces nos chegou a música. Polo tanto, nós lemos as cancións como poemas, pero os contemporáneos recibiron aqueles textos como cancións. Cando eu, e... estudaba o bacharelato, para min unha canción de don Denis ou de Pero Meogo era un poema, porque nin se coñecía, nin se coñece aínda hoxe a música desas, desas cancións.

Nos... *apógrafo* quiere dicir que é un texto que se copia dun orixinal ou dun posible orixinal. Os apógrafos son o *Cancioneiro da Vaticana* i o *Cancioneiro de Colocci-Brancuti*. Eu recordo que, sin ser sabio, porque daquela era moi pequeno, he, he, recitaba, porque así viñan nos libros: *Cancioneiro da Ajuda*, da *Vaticana* e do *Colocci-Brancuti*. Logo resulta que cando fun á universidade dixéronme que o *Colocci-Brancuti* non había que chamalo así, que había que chamalo *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*, porque o Goberno portugués, xa no ano 24, antes de nacer eu, e... adquirira e... o que se chamaba *Cancioneiro Colocci-Brancuti* e agora chámase *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*. Alí están as sete cantigas, polo tanto, as cantigas eran coñecidas. Que aporta, que achega o *Vindel*? Porque as cantigas eran coñecidas. En primer lugar, pon na nosa man a música, porque nos apógrafos italianos só viña a letra das sete cantigas, a música non. E no *Vindel* vén a letra das sete cantigas menos unha, a sexta. Son esas deficiencias... se algún de vós se vai dedicar á filoloxía, pois quizais mañán vai ter a sorte de encontrar e..., nun mosteiro galego, nun mosteiro portugués, pois outro, outro pergamiño coas cantigas, que teña tamén a música da sexta. É dicir, non é probable que esto vaia a suceder pero pode suceder.

Neste momento descoñecemos a música da sexta cantiga, pero si das cinco anteriores e da última, da sétima, que é a máis, que é a máis breve.

Claro, eso é un aporte extraordinario. E diredes vós: «Pero non era coñecida a música medieval?». Era coñecida a música medieval relixiosa. Tanto, que as *Cantigas de Santa María*, as *Cantigas de Santa María* chegaron a nós en catro códices mui importantes, algún incompleto, coa letra, coa música, e tamén coas ilustracións, coas miniaturas. As *Cantigas de Santa María* son un triple monumento de arte: de arte literario, de arte musical e de arte plástica.

Pero a música profana, a música das cantigas de tema amoroso, de tema satírico, etc., esa era unha música descoñecida. E no ano 14, Vindel fai esta extraordinaria descuberta, máis que axudado, confirmada a descuberta polo noso paisano, o erudito Víctor Said de Armesto, que ía morrer pouco tempo despois. El publica o seu achado nunha revista de tipo musical en Madrid. Pero logo, consciente da... da valía, claro, da súa descuberta, publica este libriño. Deste libriño, creo que hai 10 exemplares no mundo. Un deles está aquí, na biblioteca Penzol. E o primeiro que eu hoxe fixen, ao chegar aquí, é solícialo, polo menos para que vírades cando aparece por primeira vez unha fotografía, un facsímile do que chamamos o «Pergamiño Vindel». Pero xa don Francisco Domínguez se me adiantara, porque xa o tiña nunha especie de mostra que ten alí, con textos relativos a Martín Códax. Volverá para a mostra dentro de, dentro duns minutos. O que pasa, o que pasa... que fixádevos, claro: o sistema de reprodución é tan imperfecto ou tan deficiente daquela, que

o texto é moi pouco nítido. Fixádevos: unha edición que fixo a Real Academia Galega hai dous anos neste libro, eh?... Vede que aquí –probablemente si tendes logo ocasión de velo e podeades velo o tempo que queirades–, é mais nítida esta a reprodución que o texto que vos vístedes a través dun vidro hai unha hora alí, no Museo do Mar. Ás veces resulta que a reprodución, a imaxe, é mellor ou é máis nítida que a realidade. Eso é como cando os futboleros din: «Eu non vou ó fútbol, gustándome moito, porque é mellor velo na televisión». Claro que se ve mellor na televisión que en Balaídos, cando xoga o Celta contra quen xogue! Polo tanto, aquí eu probablemente podo ler algúns versos –eu, que non son paleógrafo, claro–, podo ler algúns versos mellor que si tivese o verdadeiro pergamiño nas mans. Que vos non o tivéstedes, porque claro, hai que tomar... si cada un de vós... creo que xa o outro día preguntei, e había xa seis mil visitantes, e si seis mil visitantes teñen nas súas mans o «Pergamiño Vindel», o «Pergamiño Vindel» terminará esfarelado na mans do alumno numero seis mil ou no seis mil douscentos, seis mil douscentos trece.

Xa o feito de que teña música, bueno, é xa unha descuberta verdadeiramente extraordinaria. Pero para nós os galegos –sin que eu sexa chovinista, eh? Os galegos temos algunhas virtudes e temos bastantes deficiencias, coma o todo mundo, incluídos os cataláns (*ri*)–... Para nós, os galegos, o *Vindel* é máis fiel á maneira de escribir o noso idioma, o romance galego, é máis fiel que o texto que vén nos apógrafos. Porque o texto dos apógrafos está escrito con criterios que hoxe poderíamos chamar *lusistas*. Esas copias fanse na

Corte portuguesa e por tanto, os criterios gráficos á hora de escribir son os portugueses. O que nós en galego escribimos hoxe con ele-ele, elle [«ll»], escriben os portugueses, e escribíano daquela, con ele hache [«lh»]. O que nós os galegos hoxe escribimos con ene e un tirabuzón de riba, que é o eñe [«ñ »] –ese tirabuzón é o resultado dun ene [«n»] que se poñía despois do outro—. O que hoxe é eñe [«ñ»] era, nos textos medievais, ene ene [«nn»]. Pero en portugués era ene hache [«nh»].

Polo tanto, é fiel á lingua que escribía Martín Códax, porque escribía o galego-portugués na modalidade galega, non na modalidade, non na modalidade portuguesa. Pero hai outra cousa, ademais da música e ademais dos grafemas galegos, non portugueses, que aporta o *Vindel*, i é que si vedes con atención –e supoño que os profesores –as profesoras– vos fixeron reparar neso–, se consultades no *Colocci-Brancuti*, hoxe *Biblioteca Nacional de Lisboa*, e no *Cancioneiro da Vaticana*, as «Cantigas de Martín Códax», as «Cantigas de Martín Códax» están sempre na mesma orden. E vén o *Vindel*, e como presenta as «Cantigas de Martín Códax»? Na mesma orden. Eso confirma que Martín Códax escribiunas así. Son sete poemas, son sete cantigas, son sete cancións, pero en certo modo é un só poema. É, como diría Arcadio López Casanova, que estudou este aspecto, un macro-texto. É un macrotexto –*macro* significa grande, como sabedes, eh?; *micro* significa pequeno—. É un macrotexto constituído por sete micro-textos, por sete secuencias. É unha noveliña dramática de amor. Tan dramática que, por exemplo..., eu podería poñer un exemplo agora, ... reparando en calquera, porque sabedes que nas cantigas de amigo, e estas

son cantigas de amigo, aínda que están escritas por un home, por un poeta varón, a protagonista non é un home, é unha muller. O poeta varón aborda a problemática amorosa desde a perspectiva feminina. Por iso a protagonista é unha muller, unha muller sempre, que está agardando que chegue –hoxe diríase na aldea *o seu mozo*, na cidade diríase *o seu noivo*, que é máis fino. *Mozo* é xa un pouco rural–; bueno, a namorada agarda ó namorado. O namorado, por que non vén? Eu diría que non vén, porque casi tódolos namorados son un pouco tunantes, eh? Se cadra algunhas das posibles protagonistas de novas cantigas de amigo, desto xa saben algo.

Vós imaxinádevos, calquera de vós, estas que están por aquí, que... levades dous, tres, catro, cinco meses sen saber do voso namorado. E que facedes? Escribides, preguntades. Pero chega un momento en que ninguén vos dá resposta satisfactoria. E que facedes en Vilagarcía ou en Vilaxoán? Ir á beira do mar e, no voso desespero, preguntarlle ás ondas do mar de Vilagarcía si saben algo do voso namorado, do voso amigo. Por que ás ondas do mar? Porque o voso namorado, ou é mariñeiro, ou é pescador ou foi á guerra polo mar, como sucedía na época. A namorada, que na cantiga de Mendiño pregunta polo seu amigo que non vén, sabe que é alguén ou que foi a guerra no mar, ou que é mariñeiro i anda traballando, e quizais morreu no traballo. I hai un momento en que o desespero leva á namorada, que non tivo resposta satisfactoria de amigos, de veciños, de xente coñecida, de preguntar as ondas do mar. E diredes: «Isto é poesía». É poesía. É que é poesía!

Pero... as ondas do mar tamén falan! E non é porque o diga eu. É que o di quen ten máis autoridade ca min: Rosalía de Castro. Rosalía de Castro di nun poema de *En las orillas del Sar*, 1884, publicado un ano antes da súa morte, un poema inesquecible: «Dicen que no hablan las plantas, ni las fuentes, ni los pájaros, / ni la onda (*aquí hai pouca luz... si*) con sus rumores, ni con su brillo los astros, / lo dicen, pero no es cierto...». Este é un poema que eu recomendo ás profesoras de galego i ás profesoras de castelán, que insistan no feito de que Rosalía foi unha poeta bilingüe. E o libro *Follas novas* é moi importante, pero non é menos importante poeticamente o libro *En las orillas del Sar*. I este é un poema... decíame a min quen foi o meu profesor, don Rafael Lapesa, nunha carta, que cando el era catedrático de instituto en Madrid, lendo este poema a alumnas que eran madrileñas que, tan pronto como oían os primeiros versos, aquelas rapazas empezaban a levantar a cabeza i a mirar ó profesor, porque estaban verdadeiramente embebidas por..., a mensaxe daqueles versos: «Dicen que no hablan las plan...». Claro que as plantas e as augas e o mar falan, falan sobre todo na poesía medieval ás amigas ou namoradas desesperadas que, xa non tendo a quen preguntar, preguntan ás ondas do mar. É a primeira vez na poesía occidental europea en que alguén pregunta polo amado ás ondas do mar. Contemporaneamente hai un poema en provenzal, que empeza «*altas undas*», eh?, en que alguén tamén lle pregunta. E iso quizais é unha imitación dos poemas de Martín Códax, eh? «*conversan con el porque lle soa o teléfono desde hai un anaco; e desconéctao*».

Hum... A poesía galega deslumbrou desde que, desde 1870-80, se publicaron os, os Cancioneiros

apógrafos. E deslumbrou, sobre todo, a cantiga de amigo. Todos vós e todas vós sabedes ben que os tres xéneros fundamentais son: a cantiga de amor, que é un pouco artificiosa e que procede fundamentalmente da poesía provenzal; a cantiga de amigo, que ten as súas raíces, eu creo que na terra –non o creo eu, creno tódolos estudiosos nos que eu bebín–. E logo, a cantiga satírica, que unhas veces chámase *de escarnio* e outras veces *de maldizer*. Eses son os tres grandes xéneros. I o xénero que sorprendeu, tanto aquí en Galicia i en Portugal, como fóra de Galicia e Portugal, é a cantiga de amigo. Porque de feito, é un fenómeno sorprendente que a problemática do amor sexa contada por un poeta varón. Non hai poetas mulleres na lírica medieval galego-portuguesa. Na provenzal, si: hai aproximadamente vinte poetisas, como se decía daquela. –Agora hai que decir *vinte poetas*–, vinte *trobairitz*, dicíase no provenzal do século XIII ou do século XIV. Pero na poesía do XIII e do XIV en Galicia i en Portugal, non hai poetisas, só hai poetas homes, poetas varóns. I o poeta varón aborda, como xa dixen, a problemática do amor desde a perspectiva do corazón dunha rapaza nova namorada. Digo, e insisto, e poño o acento no de rapaza nova, porque a protagonista das cantigas de amigo é sempre unha moza, unha moza nova. Unha moza nova que quizais está sufrindo os primeiros embates dun amor, dun amor que empeza a ser dramático, porque en moitos casos o namorado non acaba de chegar. Nalgúns casos chega, chega sobre todo a unha ermida, como sucede, por exemplo, nas cancións de Xoán de Requeixo. Pero nas cantigas de amigo, non só a namorada interpela ás ondas do mar de Vigo, «si sabedes

novas do meu amigo. Ai Deus, e u é?»: Ai Deus, e donde está? «U». Os que sodes de francés, sabedes que ese u, que significa *onde*, é como o francés de hoxe. Supoño que case todos son de inglés. (*Infórmanlle de que os hai tamén de francés*) Hai algúns de francés...

Pero hai outras cantigas en que, por exemplo, Pedro Meogo fai que a namorada protagonista dalgunhas cantigas, a quen interpela é ós cervos. Ou hai cantigas de Don Denís en que as interpeladas son as flores do verde pino. *Pino*: nós diríamos *piñeiro*, pero tamén o poeta autor do himno galego, di *pino*, aínda que nós digamos *piñeiro*, eh? Todos estes recursos son os que engaiolaron ós primeiros lectores de cantigas de amigo e, naturalmente, eses lectores, fosen máis eruditos, menos eruditos, quedaban engaiolados polas sete cantigas de Martín Códax. Pero a partir do ano 15, en que Vindel publica este libriño, o *engaiolamento*, se me permite o substantivo, a fascinación, foi superior, foi superior porque xa puideron cantar, que é como primitivamente se concibiu este, este texto. Vós probablemente levades na vosa memoria, no voso corazón, determinadas cancións, e non sempre pola fermosura dos versos, sinón pola beleza da música. Ás veces acontece que hai unha canción que non esqueceremos nunca, porque é grande a fermosura do texto, do texto literario, dos versos; i é grande a beleza da música. Pero hai cancións que se salvan pola música e non, e non pola letra. E isto é o que pon nas mans dos gustadores da poesía e da canción, a partir do ano 15, a descuberta de don Pedro Vindel. Aquelas sete cantigas, que xa empezaban a engaiolar ós eruditos resulta que tiñan música; e a música, desde o ano 28, en que fixo a

primeira interpretación a Polifónica de Pontevedra, foi coñecida polo mundo.

Martín Códax. Hai un episodio que ten que ver con García Lorca. García Lorca veu por segunda vez a Galicia no ano 1932, maio. Viñera por primeira vez no ano 1916. Tiña el 18 anos e estudaba 2.º de carreira na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Granada. Viñera, como vos viñéstedes hoxe, nunha viaxe escolar. Pero cando veu por segunda vez, no ano 32, García Lorca xa é un home consagrado como poeta e como dramaturgo. E alí, e dis... alí foi acompañado de quen foi ata hai pouco director desta casa, Don Francisco Fernández del Riego, que daquela era estudante da Facultade de Dereito. Pouco despois terminaría a carreira. Alí o acompañan algúns estudantes, algúns profesores, algúns escritores. El está hospedado no Hotel Compostela, que inda existe e chámase así, á beira da Praza de Galicia. Había un piano e Lorca colleu o piano e interpretou ó piano, cantando coa súa propia voz, dúas cantigas de Martín Códax. O propio Lorca quedou engaiolado por esas dúas cancións. Puido facelo porque xa existía o *Vindel* desde había casi 20 anos, e porque el fora residente como estudante na chamada *Residencia de Estudiantes* de Madrid e alí coincidiu con un galego de Lugo, Jesús Bal y Gay, que era especialista, como musicólogo, tamén en lírica medieval. Alí oíu conferencias de Bal y Gay sobre Martín Códax. Alí aprendeu a cantar a Martín Códax e Lorca impresionou ó noso vello amigo Fernández del Riego, e a outros que eu aínda coñecía, como Carlos Martínez Barbeito, como Luís Seoane, como Carlos Maside, etc. Impresionounos a todos. Non porque Lorca cantase

moi ben. Pero Lorca non necesitaba cantar ben. Lorca, que é casi xenial na súa poesía e no seu teatro, cando se expresaba como ser humano era xenial –din tódolos que o coñeceron e que, inevitablemente, o tiveron que admirar–. Entonces, sin ter unha gran voz e sin ser un gran intérprete como pianista, deslumbrounos porque puxo ó servizo de dúas cantigas de Martín Códax a xenialidade da súa persoa.

Así que, antes que vós... admirárades o *Vindel*; antes que vós cantárades, se alguén de vos cantou, as cantigas de Martín Códax, tendes aí un ilustre precursor. Nin máis nin menos que un dos grandes poetas de Europa do século xx, que se chamaba Federico García Lorca.

Arredor de 1933, na poesía galega prodúcese un fenómeno curioso, un fenómeno que non se produce en ningunha poesía peninsular. Nin na portuguesa, nin na castelá, nin na catalana, nin na vasca e tampouco na poesía románica de Francia, de Italia, etc. Prodúcese un movemento poético que todos chaman –e así o teredes estudado nos vosos libros– o *Neotrobadorismo*: facer trobas coma os vellos trovadores medievais. E os inauguradores desa corrente, desa escola, son Álvaro Cunqueiro e Fermín Bouza Brey. Quizais Fermín Bouza Brey e Álvaro Cunqueiro. E a partir de aí, Álvaro Cunqueiro, Bouza Brey, [Xosé María] Álvarez Blázquez, moitos fixeron neotrobadorismo. E incluso hoxe hai neotrobadores.

Si me permitides, un deles son eu. E así vou terminar.

Pero vamos ver: E... o neotrobadorismo, desde Cunqueiro e Fermín Bouza Brey, que son as dúas grandes voces, o que intenta imitar, en pleno século

xx, non é calquera tipo de cantiga medieval galego-portuguesa; é a cantiga de amigo. Non imita a cantiga de escarnio ou maldizer, non imita a cantiga de amor. Imita a cantiga de amigo, que sempre impresionou ós lectores nativos ou foráneos. Por iso, no que eu teño insistido, e insisto unha vez máis, é a problemática do amor en... mozos novos, vista esta problemática por un poeta varón, que quizais é mui adulto e que aborda esa problemática desde a perspectiva do corazón dunha mocíña nova que está desesperada porque o namorado non chega. Ás veces a desesperación é real, porque o namorado hai tempo que non dá sinais. Outras veces non é tan real, e se cadra deso vos sabedes máis ca min, ás veces vós levades catro horas sen ver o voso namorado e xa parece que pasaron cinco séculos, eh? Bueno, pero esto é unha cuestión subxectiva. Ben, eu tamén imito as cantigas de amigo, pero como imito as cantigas de amigo cando eu xa non teño nin dezaioito, nin vinte, nin vintedous anos, eu xa non estou nesa problemática. Eu estou nunha problemática máis importante para vós, na problemática social, na problemática civil, para ver se os poetas podemos facer un mundo un pouquiño mellor, donde vós poidades vivir mellor e polo tanto, estudar mellor, cantar mellor, xogar mellor e amar mellor. Eu, nos meus versos —e aquí teño un libro que é neotrobadoresco e que foi premiado, que xa é dicir: *Versos satíricos para hoxe ó xeito medieval*—, entonces, aquí tendes unha cantiga de amigo en que non hai amor. É unha cantiga de amigo en que eu, máis ou menos, sigo o esquema da cantiga de amigo. Desde logo, sigo o postulado esencial: fala unha moza nova. Pero non fala unha moza nova porque non acaba

de chegar o amigo: fala unha moza nova porque está farta da corrupción. A corrupción non é un invento de hoxe, xa a había no século XIII, eh? Hai un poeta social, un poeta civil no século XIII, Airas Nunes, que conta nun poema que alguén se pasou toda a vida camiñando buscando a verdade. E como non a atopa, vén a Compostela, Compostela, onde está o Apóstolo, e por tanto aí debería estar a verdade. Tampouco, eh? É o poema social máis importante, probablemente, da nosa lírica. É dicir: «A verdade non existe». E cando chega por exemplo ós mosteiros, o señor abade dos mosteiros dille: «Ah, vostede está tolo, como anda buscando a verdade aquí? Non a busque aquí, búsquea noutra parte si é que existe...«aillura busca»... buscádea noutra parte». Hai poesía social moi importante como este poema de Airas Nunes. Pois ben, eu sitúo a protagonista do poema, eu son un poeta varón, pero poño a problemática na boca dunha muller que, neste caso, non está desesperada porque non chega o seu namorado. Está desesperada pola corrupción que hai. E escribino antes de que apareceran na televisión Bárcenas e Rodrigo Rato. Escribín isto hai máis de 25 anos.

Os poetas son algunhas veces profetas, eh? Poeta en latín dicíase *poeta*, que é unha palabra grega que significa *creador*. Pero en latín dicíase tamén *vates*, o que vaticina: o poeta é un vaticinador. Aquí tamén o poeta, se dá a circunstancia que son eu, son un vaticinador. I eu sitúo a esta namorada, digo, a esta namorada da anticorrupción, claro, eh?, sitúoa na Casa de Rosalía de Castro –Museo e Casa que teredes visitado–, e di así (*teño que protestar á dirección desta institución... ao Concello, polo da luz*):

Estando eu na Casa Santa de Padrón
os feros corvos anuncian gran trebón.

Eu a chamar polo amigo. (*Agora vese ben, gracias*).

Estando eu no sagro lar de Rosalía
os voitres pregoan que o sol nublaría.

Eu a chamar polo amigo.

O amigo, evidentemente, é o seu namorado. *Amigo* significa *amado* e *amiga* significa *amada*. Hoxe *amiga* en galego non significa necesariamente *amada*. Na poesía medieval e nas cantigas de amigo, *amigo* é *amado* e *amiga* é *amada*. Esta amiga, que loita contra a corrupción, ten o seu namorado e desexa que veña tamén para que lle bote unha man, porque loitar contra a corrupción unha soa muller é moito.

Os feros corvos anuncian gran trebón
metáfora certa desta corrupción.

Eu a chamar polo amigo.

Os voitres pregoan ó sol, que o sol nublaría,
Imaxe certa de tal tolería.

Eu a chamar polo amigo.

Metáfora certa desta corrupción,
fede que alcatrea ata en San Simón.

Eu a chamar polo amigo.

Imaxe certa de tal tolería,
fede en Dinamarca, fede en toda a ría.

Eu a chamar polo amigo.

Graciñas!!

«CASTELLANOS DE CASTILLA», DE ROSALÍA DE CASTRO²⁰

Creo que foi mellor que empezaran eles e... quero facer unha manifestación aquí. Eu teño moitos anos, non os podo ocultar porque un dos biógrafos dixo que nacera o 28 de novembro de 1928, polo tanto neste momento teño casi, casi 86 anos e medio... Continúo coa manifestación que quero facer: tendes que supoñer que cando un ten tantos anos, e por outra parte leva no mundo das letras... pois o normal é que unha persoa coma min teña falado en moitos sitios, en colexios, en universidades, en España, fóra de España, en América. Aquí díxose tamén que no ano 1962 eu fun a un Congreso da Paz á capital daquela de Rusia e

²⁰ Colexio Público de Vilaxoán, 10 de abril de 2015, 12:30 h. É tradición no colexio Vilaxoán celebrar o día de Rosalía tódolos anos na data do seu nacemento e os alumnos de 5.º presentáronlle a Xesús Alonso Montero a actividade realizada. Dous alumnos de sexto curso len unha biografía que, coa axuda dos profesores, fixeron sobre o presidente da Real Academia. O profesor Javier Vázquez dálle, a continuación, a palabra ao orador.

da Unión Soviética, que se chama en galego *Moscova*, daquela dicíamos *Moscú*. E, polo tanto, teño estado en moitos centros de ensino, en moitos centros de cultura, pero o que vos vou dicir non é por quedar ben convosco, por quedar ben coa dirección deste centro, por quedar ben cos vellos amigos que teño aquí, Javier e Loli, senón porque quero quedar ben coa verdade. O que vou dicir é rigorosa verdade: poucas veces na miña vida asistín a unha, a un recital en torno á vida de Rosalía e utilizando versos moi acaídos de Rosalía de Castro coma este.

Eu supoño que o mérito, en primeiro lugar, é voso, que o tomástedes con entusiasmo, porque non fallástedes na pronunciación de ningún verso. Cando recitabades a coro, pois ninguén se ía por un lado e outros por outro, o que quere dicir que hai unha disciplina no ensaio e que tomástedes o traballo en serio. Pero tamén é certo, porque eu fun alumno e fun profesor: antes de gaiteiro fun tamborileiro, polo tanto, eu fun profesor moitos anos de ensino Primario, no instituto e logo na universidade, pero antes fora alumno. Por iso digo unha metáfora: «Antes de gaiteiro fun tamborileiro». E... os profesores tamén sabemos, porque fomos alumnos, o que son os alumnos, os alumnos aínda os mellores necesitan, aínda os máis intelixentes, aínda os máis aplicados, necesitan a orientación dun profesor ou de varios profesores. Eu acabo de preguntarlle a Javier que outro profesor colaborara con el, e é a profesora Cristina. E polo tanto, hai que felicitar, por igual, ás señoras alumnas e ós señores alumnos, eh! Eu chámolles *señores* e *señoras* porque fixeron un traballo de persoas maduras, eh!, con rigor, con criterio,

e naturalmente teño que felicitar ó señor profesor e á señora profesora, porque esto non é traballo de un día para outro. Eu sabía que en vésperas do 24 de febreiro, que é o aniversario do nacemento de Rosalía, aquí se lle dedicou bastante atención á figura de Rosalía e a ensaiar este recital. E eu debería vir o 25 ou 26, pero, meteuse unha gripe no medio que me tivo na casa, algo así como 20 días aproximadamente, e non viñen. Para min xa paga a pena vir a escoitarvos a vós, a vervos a vós e aplaudirvos a vós, pero agora a min gustaríame que na miña pequena disertación estivese, non á vosa altura, que iso é imposible, pero que, en todo caso, fixera as cousas a décima parte de ben que vós o fixéstedes. Eu vou tratar de acercarme a vós, pero sei que non o vou facer tan ben coma vós. En todo caso, eu disfrutei máis convosco que vós vades disfrutar comigo. Porque eu vouvos dar unha, unha lección de profesor, o que pasa é que eu non vou vir aquí mañá a preguntar e a poñer nota, e aquel que non saiba nada poñémoslle un cero. Non, non vou vir. Iso vai ser Cristina e vai ser Javier, e eu xa lles preguntarei que tal, que tal responderon ás preguntas, eh? Supoño que todos vades levar un dez.

E... eu comuniquéi a este centro, por medio de Javier, hum... que non me atrevía, ante un alumnado tan noviño, a falar de toda Rosalía, a falar de toda a obra de Rosalía, a falar dun libro de Rosalía, porque iso é moito. Eu querí... quixen escoller un poema, e escollín un poema, un poema dun libro que mencionástedes ó final do voso recital, o libro *Cantares Gallegos* que, como sabedes, é o primeiro libro en lingua galega de Rosalía de Castro. I en certo modo é o libro fundacional

da literatura galega, 1863. Probablemente se publicou o 17 de maio, se imprimiu. E... digo probablemente, porque con seguridá non o sabe ninguén, nin o presidente da Real Academia Galega. Porque, hum, como sen dúbida vos explicaron os vosos profesores, cando Rosalía de Castro asina a dedicatoria do libro a unha escritora, e... que vivía en Sevilla, «Fernán Caballero» –tiña pseudónimo de home, pero ela era muller, era Cecilia Böhl de Faber–, pois, pon unha data: 17 de maio de 1863. Saíu da imprenta ese día o libro? Probablemente non. Saíu nunha data próxima, quizais o 20 ou 25. Por que o Día das Letras Galegas se celebra, como sabedes, tódolos anos o 17 de maio? Porque esa é a data que aparece no libro *Cantares Gallegos* ó final da dedicatoria que lle fai a Fernán Caballero a nosa escritora. Ese día cumpría 30 anos o seu home, a quen coñeceu en Madrid, como vós dixéstedes, e co que casou en Madrid, no ano 1858. Polo tanto é, en certo modo, o regalo de cumpreanos que lle fai a esposa ó esposo, e pon a data... Se cadra, eso non o escribiu nin o mesmo 17, escribiuno o 16, ou 18, pero, puxo o 17 para que o seu home, don Manuel Murguía, interprete ese xesto coma unha homenaxe que a esposa lle fai ó esposo. *Cantares Gallegos*, pois, é o primeiro libro en lingua galega de Rosalía, como dixen tamén, o libro evidentemente fundacional da nosa literatura galega, da literatura galega moderna. E dentro dos poemas de *Cantares Gallegos* está o poema de que eu vos quero falar, que tamén sei, porque mo contou un paxariño. Porque, alí, a Vigo chegan tódolos días paxariños de Vilaxoán a Vigo que me contan o que aquí, o que aquí se fai e, naturalmente, se algún alumno se porta mal, o

paxariño tamén mo conta. Pero, de momento, o paxariño non me ten levado ningunha mala noticia. É que os paxariños de Vigo son moi listos, non sei se máis listos cós de Vilaxoán. E... pero bueno, van e veñen e traen noticias, dun lado a outro. E... eu sei, por ese paxariño, que nestes días algúns dos vosos profesores, non todos, claro, bueno!, trataron de darvos noticias sobre o poema que eu vou comentar. Probablemente léstedes o poema na, na clase, e eu vou centrar a miña charla, a miña conferencia, a miña disertación, nun poema que eu creo que o debería leer primeiro. É o poema que chamamos «Castellanos de Castilla».

Supoño que moitos de vós tendes o libro *Cantares Gallegos*, supoño que hai exemplares dalgunha edición na Biblioteca e... e supoño que, en todo caso, aínda aqueles que non o teñan, na clase ou con Javier cou con Cristina ou con outros profesores, tendes algunha vez consultado o libro *Cantares Gallegos*. E teredes reparado nunha cousa: que ó principio de cada poema, hai catro versos, ás veces tres, pero case sempre catro, que están nun tipo de letra distinto, letra que chamamos *cursiva*; e logo a partir do terceiro verso, ou a partir do cuarto, o poema, que se cadra ten 40 versos, 60, 70, 80 –depende–, está noutro tipo de letra, letra *normal*, vamos chamar, letra que non é cursiva. Sempre foi así, desde que se publicou en 1863, e ese libro tense publicado 30, 40, 50 veces e tense traducido moitas veces a idiomas como o xaponés, a idiomas como ó ruso, non digamos ó italiano, etc., etc. Por que esta diferenciación no tipo de letra? Porque, fixédevos ben: o libro, Rosalía titulouno *Cantares Gallegos*. Eu sei que si vós a Cristina ou a Javier, nun exame poñedes: «Eu sei

unha canción gallega», suspéndenvos, porque tendes que dicir: «Eu sei unha canción galega».

Hoxe hai que dicir «galego» e «galega» pero na época de Rosalía, entre moita xente do pobo, quizais non en toda, a xente dicía «gallego» e Rosalía utilizaba o galego que oía en Santiago, que oíu en Ortoño, que oíu cando vivía con súa nai en Padrón, de nena. Entón, coma daquela non había gramática, vocabularios, tampouco había escola en galego. Pensade que agora eu estou falando en galego, e vós acabades de facer un recital en galego, pero cando eu tiña o voso tempo –11 anos, 12, inda non fixera o servizo militar...!, non, inda non– e cando eu tiña os vosos anos e ía a unha escola, porque aquí citouse a aldea donde naceu miña nai, Ventosela, que está a 4 quilómetros de Ribadavia, no Ribeiro. Do viño do Ribeiro, tendes oído falar ou non? E téndelo probado? Bueno, esto, non vos atrevedes a decilo, eh? Bueno, da zona do Ribeiro, Ventosela, donde naceu miña nai, e donde eu aprendín o galego, a partir dos 9 anos, porque eu nacera en Vigo, e daquela en Vigo, bueno, donde eu..., o entorno donde eu residía, non se falaba o galego. Quero dicir que na escola aquela, si eu un día me dirixía ó mestre cun: «Don Máximo, pode facerme o favor de deixarme saír, para ir facer unha necesidade?» Si eu lle falase así, xa me castigaba, porque estaba totalmente prohibido dentro da escola, non estudar en galego, que non había libros en galego, non se recitaban poemas en galego: estaba totalmente prohibido falar o galego. Fixádevos como, nese sentido e noutros tamén, teñen cambiado as cousas. O que pasa é que eu falo do ano 39, 40, 41, cando máis ou menos tiña o voso tempo, e así foi durante

moito tempo. Claro, eu ás veces, cando examino o que foi a miña vida, que é unha vida que vai case para nove décadas, decátome do que cambiaron as cousas. E... por falar como estou falando, don Máximo, que era un bo mestre –chamábase don Máximo Montero, pero non era da miña familia–, houbérame castigado sin recreo, por exemplo, non podría xogar á pelota, de once e media a doce, que era a hora do recreo polas mañás. Castigaríame, por exemplo, pois... polas tardes tampouco a que fose ó recreo e quizais me castigaría a ir á misa, non os domingos, que era obrigatorio ir á misa, eh!, sinón tamén á misa do sábado. Castigábase con ir á misa: *o que non quere caldo, sete tazas* –que di un refrán galego–. Así cambiaron as cousas.

Cando eu era neno, o galego que eu aprendín de miña nai, de meu pai, do meu irmán maior, dos meus tíos, dos rapaces cos que eu xogaba ó fútbol, etc..., todos decíamos «Eu son galego. E..., eu fun a Castilla. Os castellanos, pois son xente destas características». Decíamos «Castilla, castellanos e galego», como dice Rosalía no ano 1863, porque «Castellanos de Castilla, / tratade ben ós gallegos; / cando van, van como rosas; / cando vén, vén como negros/». Aí tendes: «Castilla», que Cristina e Javier poñeríanvos un cero si non decides *Castela*, e tendes que dicir *casteláns*, non *castellanos*; e tendes que dicir *galegos*, non *gallegos*. Tamén suspenderían a Rosalía de Castro, Cristina e Javier que son terribles, eh?, neste, suspenderían a Rosalía de Castro. Non suspenderían a Rosalía de Castro porque eles saben moi ben que Rosalía de Castro daquela non fora á escola en galego, nin á universidade. Ela non estudiou na universidade. Daquela, as mulleres

como Rosalía non estudaban no instituto, xa non digo na universidade e na escola, a escola á que ela foi, os libros estaban en castelán, e o profesor ou profesora falaban sistematicamente en castelán e cando ela escribe *Cantares Gallegos*, non hai unha gramática galega, apenas hai dicionarios. Polo tanto, ela, como se di nas aldeas: «Eu son músico de orella». É dicir, ela escribe o galego que oe, que oe en Padrón ou que oe na Maía, ou que oe en Santiago. E como oe *gallego* e *castellanos*, así o escribe. Incluso di unha cousa que hoxe parécenos un pouquiño sorprendente: *consuelo* en vez de *consolo*. Vos léstedes «consolo dos males» na lingua galega. Pero aquí, no poema que eu vou comentar, hai un momento en que di «consuelo» –eu direivos, direivos por que–. Quero dicir que, no poema de Rosalía que hoxe vamos comentar, ou noutro calquera, hai o que chamamos *castelanismos*, é dicir palabras ou formas lingüísticas que son do castelán e que se introduciron no galego. Cando eu aprendín a falar o galego na escola, digo, na aldea a partir do 1 de xaneiro do ano 38, que é cando eu chego á aldea e... desde aquela eu falo galego, cos meus pais, cos meus irmáns, cos meus tíos e cos rapaces cos que xogo. Falo mal o galego, porque non o sei ben. Quizais ó cabo de dous meses xa o falo bastante ben, pola conta que me tiña, porque si non o falaba ben, ríanse de min. Ríanse de min, eh! Pero o galego que eu falaba, pero o que falaban os rapaces da aldea, que sabían o galego mellor ca min, porque o falaban desde os 2 anos, desde os 3, dicían «jueves» e «viernes». «O jueves fun a festa. O viernes vai vir meu tío á casa». Hoxe a Cristina e a Javier non lle digades «jueves» e «viernes»,

que vos suspenden, inda que eu vos recomende, inda que lles mandedes un lacón á casa. Tendes que poñer «xoves» e «venres», eh? Que quere dicir? Que o galego de hoxe, debido a que o galego está nas aulas, a que o galego, hai libros e que hai gramáticas en galego, a que Academia tamén está atenta a todas estas cousas, bueno, o galego está máis depurado, o galego está menos castelanizado que o galego que eu aprendín en xaneiro do ano 38, na miña aldea, ou o galego que oía falar Rosalía de Castro.

Rosalía de Castro, que por certo, queridas amigas e queridos amigos, non falaba na casa en galego. Co seu home, cos seus fillos, non falaba en galego. Falaba en castelán, porque daquela estaba establecido así: que o galego era un idioma un pouquiño subalterno, un pouquiño inferior e a xente dunha certa distinción, dunha certa cultura, dun certo acomodo económico, daquela non falaba. Hoxe non é así, porque dentro ou fóra da clase vós atopades en Vilaxoán ou en Vilagarcía ou en Santiago ou donde sexa, señores que son arquitectos ou catedráticos ou bispos, etc., que falan en galego, non todos, pero... na época de Rosalía non era así. Ela e o seu home, don Manuel Murguía, que era un sabio sobre todo como historiador, falaban en castelán.

E vamos xa ó poema e... vouvos dicir por que escollín o poema: polos xihadistas. Oídes na televisión o dos xihadistas e o estado islámico? Sabedes que eles matan en nome de Alá, o deus deles, o equivalente, máis ou menos, ó deus dos cristiáns. En primeiro lugar: nunca se debe matar, e menos matar en nome de deus, porque convertes a deus, no que cres, se é que cres, en

criminal. Pero para eles, todo o que non é musulmán, e musulmán dunha determinada maneira, no que a muller non ten dereitos de ningunha clase, é un infiel. E ó infiel hai que exterminalo, prendelo, represalialo, castigalo e incluso matalo. Eso parte dunha idea de que eles son superiores e, polo tanto, hai que eliminar ós inferiores. Tamén os alemáns na época do nazismo pensaban, con Hitler á cabeza, que eles eran unha raza superior e que había que eliminar a tódalas outras razas, máis ou menos. Sobre todo, a raza xudía. Á raza xudía pertencía unha das cabezas máis luminosas que deu a historia da humanidade, a de Carlos Marx, por exemplo ou a de Einstein, eh! Pero eles tiñan esa creencia. Veredes por que, en certo modo motivado por esta situación terrible que se está vivindo co xihadismo, eu quero explicaros, como penso que é debido, ó poema de Rosalía. Quedamos, pois: eu vouvolo ler primeiro, inda que sei que casi o sabedes de memoria, e algunha das estrofas apareceu no recital.

Xa sabedes: os catro primeiros versos están en cursiva. Eu recordo, cando era catedrático do Instituto de Lugo, eu, unha vez dirixinme sobre todo ós máis aplicados, ós de matrícula de honor. Dixen:

Castellanos de Castilla, / tratade ben ós gallegos;

Estes versos de quen son? De Rosalía de Castro ou de Curros Enríquez? E todos... (*Dirixíndose de súpeto aos rapaces*): De quen son?

(*Rapaces*: —Rosalía de Castro. *Outras voces*: Curros Enríquez).

Non son de Curros Enríquez, picastes! Non son de Curros Enríquez, pero tampouco son de Rosalía de Castro. (*unha nena, Sofía*: —E de quen son?).

De quen son? Está moi ben a pregunta. Son do pobo. E cando eu cheguei a Ventosela ós nove anos oín cantar unha canción:

Si vas ó Ribeiro, Ribeiro da Avia,
si vas ó Ribeiro, vai por Ribadavia.
E de Ribadavia, vai por Ventosela,
que teño unha moza que dá xenio vela.

Sóavos esta canción a algún de vos? Si, (*canta*) «Ribadavia, vai por Ventosela, / que teño unha moza que dá xenio vela...».

Quen fixo esa canción? Esa canción, eu oína cando tiña 9 anos –(*Don Xesús a unha nena: logo, logo preguntóche a ti*)–, pero miña nai, cando tiña 9 anos xa a cantaba, e a súa nai xa a cantaba. Esa era unha canción do pobo. Non sabemos quen a fixo. Eu que sei, eu aprendín a cantar na aldea ós 9, ós 10 ou ós 11 anos, por exemplo: «Non te cases cun ferreiro / que é moi malo de lavare / cástate cun mariñeiro / que lavado vén do mare». É certo ou non? Quen fixo esa canción? Non sabemos. Se cadra hai douscentos, trescentos anos, alguén a fixo, con moito talento; aprendérona na súa familia, aprendérona na súa aldea, cantouse e estendeuse por toda Galicia. Polo tanto, hai cancións populares, que se chaman en galego *cántigas* ou *cantigas*. Das dúas maneiras se pode decir. Media Galicia di *cántiga* e media Galicia di *cantiga*. É unha *cántiga*. Na miña aldea diciamos *cántiga*. Ben, pois, no momento en que Rosalía escribe, cántase: «Castellanos de Castilla, tratade ben ós gallegos / cando van, van como rosas / cando vén, vén como negros».

Que fai Rosalía? Coa súa pluma, que daquela non había bolígrafo, coa súa pluma... transcribe os catro versos que ela oíu cantar. E con iso encabeza un poema, o poema (*peta na mesa para chamar atención a unha rapaza para que non fale*). Que logo vamos cantar, eh! Pero falar, non. —Queríame facer unha pregunta antes?²¹. Claro, creo que logo respondín: esa canción non sabemos quen a fixo, esa e moitas outras. Faina sempre un individuo, casi sempre unha muller. As mulleres teñen moita capacidade creativa, como xa dixo no século XVIII o Padre, o Padre Sarmiento. E si a canción creada por un home ou por unha muller gusta ós membros da familia, ós veciños, apréndena e cántana nunha festa e cántana nunha romería e cántana o día que van invitados a outra parroquia, o que sexa, e chega un momento en que pode estenderse por toda Galicia. Isto pasa con «Castellanos de Castilla». Polo tanto, «Castellanos de Castilla» quizais existe, cando Rosalía a transcribe no 1863, desde hai cen anos ou máis que se cantaba. Ben, pero isto non é de Rosalía, isto é do pobo. Ou dito dunha maneira un pouco máis técnica: *da musa popular*. Son cancións populares, cancións populares.

O pobo, que opinión ten de Castilla?, falando como Rosalía. Falando como mandan Javier e Cristina: que opinión ten de Castela e dos casteláns? Ten unha opinión positiva ou unha opinión negativa?

(*Os rapaces*: —Negativa.)

Negativa. Pensa que son mala xente. Xente que maltrata ós galegos. Ben, chegados aquí, eu quero explicarvos dúas pequenas cousas:

²¹ Unha alumna preguntáralle quen fixo a canción que lera antes.

Unha, se cadra na casa, vós... a vosos pais non, porque son moi novos; pero quizais ós vosos avós —e algúns teredes bisavós e tendes falado con eles—, téndeslle oído falar de ir á sega a Castela. Galicia foi durante séculos á sega a Castela. Desde mil..., desde fins do século XVIII, ...1770, 1780, a hai treinta ou corenta anos, de moitas aldeas de toda Galicia, galegos, homes, non mulleres, homes adultos, homes andados e rapaces, algúns do voso tempo, foron á sega a Castela, a segar trigo. Vós sabedes que en Castela, tanto no que hoxe se chama, o que se chamaba *Castela a Vella* e *Castela a Nova*, e que agora fálase de *Castilla La Mancha*, e de *Castilla e León*, pois, antes era *Castilla la Nueva*, *Castilla La Vieja*. En Segovia, en Ávila, en Ciudad Real, en Guadalajara hai grandes fincas de trigo e sabedes que hai un momento en que o trigo está maduro. E o trigo, como pasa aquí co millo, como pasa co viño... hai un momento en que a Xunta de Galicia decreta que hai que vendimar no Ribeiro, ou que hai que vendimar no Salnés, ou que hai que vendimar en Valdeorras. Porque está o viño maduro, e os que predín o tempo din que dentro de dous días pode chover i eso estragaría a colleita. Polo tanto convén, en dou días, vendimar; porque si tarda tres, catro días a vendima, pois, como vai chover e chover moito, vaise estragar unha parte da colleita. Que pasa no trigo alá polo mes de xullo e polo mes de agosto? Que hai que segalo canto antes, non sexa o demo que veña unha tempestade, etc. E hai que alugar, hai que chamar xornaleiros. Claro, en Ávila, en Guadalajara, en Ciudad Real, os donos deses latifundios, deses grandes campos de trigo poden chamar á xente pobre que traballa ó xornal na localidade. Pero é insuficiente

porque hai moito trigo que segar. E como é insuficiente, tamén ían daquí, das catro provincias galegas, a segar a esas terras. Como hoxe sabedes pola televisión que hai alá, a principios de setembro que moita xente, especialmente de Andalucía, vai á vendima ó sur de Francia. Tamén no sur de Francia hai vendimotes, xente que vendima, pero é insuficiente. Por iso teñen que ir dalgunha parte de España sobre todo de Andalucía.

Para entender unha parte da historia de Galicia, hai que saber o que significou, incluso economicamente, ir á sega a Castela. Pero como se ía á sega a Castela en 1790, en 1800, en 1820? En coche? (*Contestan: —Non!*) —En tren? (*Contestan: —Non!*) Non: a pé. Non había coche, non había tren —o tren chega a Galicia en 1880—. Polo tanto, antecesores nosos, vosos tamén, foron gañar un xornal, foron gañar un pouco de pan, foron conseguir uns aforriños... xente que probablemente foi da nosa familia, indo a pé coa fouce ó lombo. E chegaban a Ávila, á provincia de Ávila, á provincia de Segovia, á provincia de Guadalajara. E alí ofrecíanse, ofrecíanse como escravos e chegaban os empregadores e: «Este rapaz non ten forza de 14 anos, parece que está tuberculoso e delgado, este xa non o contrato. Este rapaz que está un pouco máis goso, que parece máis san, a este contrátoo. Contrátoo polo que quero». Porque si el é moi esixente, o empregador di: «Volve para a túa casa». E non volvía. Podería volver para a súa casa un rapaz que quere traballar e que vive nesa localidade de Ávila. Porque bueno, na súa casa dorme, e ten un anaquiño de pan, e un pouco de lume. Pero o rapaz de 14 anos que foi con seu pai, con seu tío, coa fouce ó lombo, durante quince, vinte días

a pé, ese rapaz vai ser contratado polo que pensa que lle ten que pagar o empregador. O que manda, o que dá o emprego, o que dá o traballo é o que impón o salario. Se cadra, o rapaz ou o pai do rapaz quere seis reás, seis reás —un real eran 25 céntimos. 4 reás era unha peseta—, quere peseta e media. E... o dono da finca dille: «Non! Vouche dar 2 reais, 50 céntimos, se queres ben, se non, vaite para a túa casa». Ninguén volvía coa fouce ó lombo e coa vergonza de dicir: «Non traballei». Aqueles cartos i aqueles aforriños que eu traía... Porque se cadra como pasa no poema de Rosalía. Porque, que pasa no poema de Rosalía? (*petando na mesa*). O poema de Rosalía está posto na boca de Rosalía de Castro ou na boca dunha moza campesiña?

(*Rapaces*: —Dunha moza campesiña.)

Unha moza campesiña. Quen é o que vai a sega a Castela? O seu mozo, o seu namorado, como din os portugueses. Se cadra xa foi máis veces, foi tres, catro, cinco anos. Como eu fun rapaz de aldea tamén, e nunha época en que se ía á sega —eu non—, pero daquela xa ían en tren, a pé xa non se ía daquela. Falo do ano 1940, 45, 50. Pero eu sei de que había mozas que eran cortexadas por un mozo desde hai catro ou cinco anos, e por que non casaban? Non casaban porque non tiñan diñeiro para ter unha casa. Non casaban porque non tiñan diñeiro para ter dous eidos máis, unha viña máis, unha veiga de millo máis. Pero si o mozo, durante tres ou catro anos antes de casaren vai a sega a Castela, este ano trae uns aforros; o ano que vén trae aforros. Se cadra o mozo ese, que morreu ese ano, era o último ano que pensaba ir. Porque pensaba traer os últimos aforros para... ter unha casíña humilde, algo un pouco mellor

que un alpendre. (*Sabedes o que é un alpendre? Si non, xa volo explicaremos*).

E... o que querían, si tiñan un eido –un eido pode ser un campo de verduras, pode ser unha veiga de millo, pode ser unha pequena viña–, claro con dous eidos non se vive, con catro ou cinco, si. Si o meu... si o mozo desa namorada vai cinco, seis anos a Castela, trae aforros suficientes para poder ter unha veiga de millo máis, un predio de patacas máis, un eido de verdura máis, e terminar de facer unha casaña, casan e xa van ter, digamos, unha especie de benestar. Eu, sempre que penso no mozo que morre na sega, e que tanto chora a que nos di os versos do poema de Rosalía –porque decimos *poema de Rosalía*. Rosalía é a que escribe, pero quen fala non é ela, quen fala, é unha moza dunha aldea, dunha aldea se cadra de aquí de Vilaxoán–,... esa moza, se cadra foi cortexada por ese mozo durante 5 anos, e está desexando que regrese alá no mes de setembro e... a ver cantos aforros trae, que unidos ós que tiña dos outros anos, terminan de facer a casa e compran unha veiga de millo e deciden casar. Aí está toda a felicidade. Eu non sei se vedes que a morte do mozo, non é a morte do namorado só, é que é moito máis. E que hoxe..., eu que sei! Isabel Preysler volve a casarse por enésima vez con un mozo rico, e se lle morre, supoñemos que lle quere, bueno o problema é que lle morre o seu namorado. Pero no caso da nosa moza, mórrelle aquel que tiña os aforriños para casar con ela, ter unha pequena casa e poder traballar no seu. É que morren moitas cousas cando as cousas suceden no universo dos pobres. Porque esta é unha historia de amor no ámbito da xente pobre, non no ámbito da

xente rica. Os ricos tamén se namoran: Isabel Preysler que, como sabedes, acaba de quedar viúva, non sei se por terceira ou cuarta vez, pode casar cun rico e pode quererlle a ese rico. Si morre antes do casamento, o problema é un problema moral, un problema sentimental, pero non é un problema económico.

Fixádevos canta ilusión, canta emoción pon esta rapaza, a que nos conta os versos... na peripecia que protagoniza o seu mozo. O seu mozo vai alá. Non só lle quere. É que ademais el é o sustento, é a economía, dos aforros del depende de que coman ou non coman o ano que vén, depende de que casen ou non casen. Isabel Preysler non ten problema para casar, porque ten coches, ten iates, ten cabalos... O problema é para os pobres e os pobres somos a maior parte da poboación –uns máis e outros menos–. É importante o que vós xa sabíades, que o poema escribiuno Rosalía de Castro. Pero Rosalía de Castro non fala como pensa ela. Ela non deixa de ser en certo modo unha señorita, casada cun eminente historiador, chamado Manuel Murguía, que procede dunha boa familia, dunha boa familia que non tiña diñeiro pero que era unha familia máis ou menos aristocrática. Non, nós en quen temos que reparar é nunha moza de aldea, probablemente analfabeta. Probablemente non foi á escola, porque daquela, 1860, á escola, mulleres non sei se ían un 5% á escola pública. Que apenas había escola pública: había colexios relixiosos, para os ricos. Os ricos inda hoxe teñen moita preeminencias, pero daquela tiñan moitas máis.

I eu non sei se vos fixéstedes unha pregunta vós pola vosa conta ou dialogando cos vosos profesores: «Quen crea as condicións para que o mozo que foi á

sega morra?». Non é que os casteláns o maten dun tiro, non! Non é que os casteláns lle dean unha malleira e quede morto, non. Enténdese que morre porque traballa de sol a sol en Castela... (*—Aquí hai 3 rapazas que quizais cantan ben pero falan mellor—, di, e incorpora esta chamada de atención ao seu discurso*). A partir de agora simplemente pido un pouquiño de respecto porque eu estou traballando. O traballo é sagrado, eh? Eu estou traballando. Non sei se sabedes, estou traballando gratuitamente, eu vin aquí con 86 anos e medio. Eu non vou cobrar nada, aínda que o colexio tivese diñeiro e me quixera pagar, coidado, eh! Estas cousas tamén convén que as saibades. Estou falando de ricos e pobres, e probablemente ningún de vós ten millóns de euros na casa. E vades ter a vida moi difícil, porque a sociedade na que vivides cada vez é máis complicada, e polo tanto tamén hai que ser respectuoso coa xente que traballa. Eu agora estou traballando, estoume esforzando... Porque eu era profesor de universidade e falar a universitarios de 20 anos é fácil, falar a rapaces de 10, 11, 12 anos e máis difícil. Por eso, repito as cousas,... eh?

Vamos ver, por que morre o protagonista do noso poema? Non o matan os casteláns, no sentido de que eles cometan un homicidio, non. El traballa durante un mes ou mes e medio, ou dous quizais, de sol a sol. Eu non sei se vós coñecedes o que é o sol implacable de Castela, en Ávila, en Guadalajara, donde sexa no mes de xullo e agosto. Traballar de sol a sol, traballar de sol a sol cun sombreiro, como máximo. E logo, comer quizais non a comida axeitada; beber, non os refrescos, que non os había: auga. Logo durmir nun palleiro quizais poucas horas, porque traballan horas

de máis; non só oito horas, nin nove. Polo tanto, traballan cada día un número excesivo de horas. Non reciben a alimentación axeitada. Traballan de sol a sol. Hai que ser unha persoa mui forte e o protagonista do noso poema, non sabemos, pero poder ser unha persoa que non sexa moi forte. E sucumbe. Non é o primeiro, non é o primeiro que morre por traballar nunha mina, aínda que non haxa unha explosión; non é o primeiro que morre traballando nunha operación agrícola como esta. Ben, polo tanto, morre como consecuencia da pouca hixiene, do moito traballo, do pouco descanso, da mala alimentación, do traballo esforzado. É un traballo, ademais, mal remunerado. Pero cando un pasa fame na súa aldea, catro cadelas, catro pesetas, dous euros que me paguen en Ávila, son ben recibidos, son ben recibidos. Pero en todo caso é unha remuneración que non é xusta... E morre. E chégalle a noticia cando ela está esperando ó seu mozo para quizais o día seguinte iren a unha festa e preguntarlle que tal lle foi alá, e que el lle comunique que xa non pensa volver á sega, porque xa teñen os aforros suficientes para poderen casar, etc., etc. Fixádevos canta alegría! Pero canta alegría procede da economía, procede da situación de pobreza, na que eles viven, que se alegran con calquera cousa. Esa dita, esa felicidade xa non a ten, porque el xa non chega vivo, traerano morto, os seus compañeiros, ou quen sexa, un mes despois ou dous meses despois.

A pregunta que vós vos tiñades que facer é: «Quen matou ó noso paisano?» Porque é un paisano noso. «Quen matou a este ser humano, sexa paisano noso ou non?», porque os nosos paisanos non teñen que

ter máis dereitos cós que non son paisanos nosos, eh! Eu que teño fillos e netos, eu quérolle moito ós meus fillos, pero nunca dixen que os meus fillos teñen que ter máis dereitos cos fillos dun señor de Tailandia, que non coñezo –nunca fun a Tailandia–. Teñen que ter os mesmos dereitos os fillos dese señor que non coñezo cós meus. O que pasa é que eu quero máis ós meus que a eses rapaces de Tailandia que nunca vin e nunca verei. Non hai que ser chouvinistas, porque senón caemos no xihadismo. A miña relixión, o meu deus é mellor co voso. E polo tanto, vós sodes inferiores, e polo tanto eu teño dereito a escravizarvos, a matarvos, a crearvos problemas. Non, ninguén ten dereito. Os meus fillos nin son máis guapos, nin máis altos, nin teñen os ollos máis azules que uns rapaces de Chicago que non coñezo e que viven nun barrio obreiro.

Porque vós sabedes que hai dous versos polo menos no poema en que di: «Castellanos de Castilla (...) / tendes corazón de ferro.» Nun. E un pouco máis adiante di: «Castellanos de Castilla, / tendes corazón de aceiro.»

Quen di isto? Non Rosalía: a moza. Pero vós poñédevos agora no lugar da moza. É unha moza que en 1863 ten 20 anos. O seu mozo ten 28, 29, 30 e foi á sega, e danlle a noticia de que morreu... e morreu en Castela, e morreu entre casteláns. I a ela educárona dunha maneira que non foi a axeitada, educárona... na filosofía que hai nos catro versos que aparecen en cursiva: que os castellanos de Castilla tratan mal ós galegos. E eu pregunto: Será certo iso? Tódolos casteláns teñen corazón de aceiro? Tódolos casteláns teñen corazón de ferro?

(*Rapaces*: —Noon.)

Non. Porque, eu que teño máis anos ca vós, e que estudei na Universidade de Madrid, eu coñecín a moitos casteláns, eh! Un deles, coñecino polo seu libro: Antonio Machado, que tiña corazón de mel, corazón de manteiga, corazón de ouro. Como sei que os vossos profesores vos din que Antonio Machado naceu en Sevilla, pero o que pasa é que viviu en Castela sempre, en Soria, primeiro, logo en Segovia, logo en Madrid, etc. Ben, e... San Juan de la Cruz, que era de Fontiveros, Ávila, tiña corazón de ferro este home que é santo? Teresa de Ávila, a Santa Teresa de Xesús, que está de centenario este ano como sabedes, era malvada? Era canalla? Era unha criminal? Era ruín? Tiña corazón de ferro? Pois era dunha provincia de Castela, de Ávila. Non. Hai que acabar con eso. Non tódolos casteláns son ruíns e non tódolos galegos son bos. Mariano Rajoy, cando recorta as pensións, faino ben ou faino mal?

(—Mal, *contesta unha rapaza*).

Obxectivamente faino mal. El cree que iso favorece logo á economía, eh! Non o fai por maldade, pero non acerta, non acerta, eh!, coidado! Non é que el sexa malvado, non acerta. Faino mal. Si eu agora sen querer tiro este vaso e lle dá na cabeza a unha de vós, máncoa, pero eu non quería mancala, o que pasa que ó estar así, predicando, dinlle ó vaso e deu na cabeza dunha, coidado! Polo tanto manqueina e iso obxectivamente é negativo, pero eu non quería mancala. Rajoy, cando toma determinadas medidas, son medidas que incluso economistas moito máis listos ca el, saben que son negativas para a maior parte da xente. Pero, el non o fai por maldade —quede ben claro!—.

Despréndese deste poema que Galicia é fermosa, e que Galicia é virtuosa; e tamén se desprende que Castela, pola súa paisaxe, non é fermosa: é ruda, é áspera, é sobria, é un pouco brutal. E, si, podemos estar de acordo que as paisaxes galegas son máis fermosas cás paisaxes casteláns. Pero bueno, tamén hai xente –pensade en tódolos escritores da xeración do 98 como Unamuno, como Machado, como Azorín–, que cantaron a paisaxe de Castela, e na paisaxe de Castela tamén hai unha grandeza, é decir, tamén hai aspectos que podemos consideralos positivos. Pero aquí vamos ó moral, porque despréndese deste poema, tal como nolo conta a namorada, que acaba de perder o seu namorado, despréndese que os casteláns son negativos, son ruíns, son perversos e matan ós galegos. Ós galegos, que somos bos, que somos positivos e que somos virtuosos. Quen é o responsable da morte deste mozo? Bueno, son uns casteláns, non todos... Os casteláns ricos –volvemos ó de ricos e pobres–, os latifundistas, tendes oído esta palabra?

(—*Non, responden os rapaces*).

Latifundio é un predio agrícola mui grande do que é dono un home ou unha muller, un matrimonio, unha familia. E como neses latifundios hai hectáreas e hectáreas de trigo, alugan a xornaleiros para que traballen eses meses, tanto da localidade e... –como son insuficientes–, como xornaleiros que veñen de fóra como os que van de aquí de Vilaxoán, ou de Ribadavia, ou da aldea de miña nai, de Ventosela. Así pois, o problema non é Galicia virtuosa contra Castela ruín. O problema non é problema de razas, o problema non é problema de territorios, o problema non é problema

de etnias. A etnia galega, virtuosa e bondadosa; e a etnia castelá, non virtuosa e ruín. Non. O problema é como sempre, de ricos e pobres. Porque, que galegos van á sega? A condesa de Fenosa ía á sega? Non. A condesa de Fenosa estaba no seu pazo e os que ían á sega eran os fillos das súas criadas, os pobres. A condesa de Fenosa, si ía a Ávila, ía en tren, na época do tren e aloxábase alí, no mellor hotel, para ver a catedral de Ávila. Ou sexa, que era unha galega que ía Ávila, pero non ía a segar, porque non era pobre. Ían á sega os fillos das súas criadas. E quen mata ó protagonista do noso poema? Pois, indirectamente os latifundistas, que lle dan un salario mínimo, inxusto, que someten ós traballadores a condicións alimenticias e laborais ínfimas. Que seguramente non lles dan o descanso debido, porque teñen que traballar moitas horas e dormen logo nun alpendre, nun palleiro ou donde sexa, dormen mui poucas horas. Así pois, os responsables da morte do namorado desta nosa amiga, son os latifundistas casteláns. E pode darse o caso que un destes latifundistas en Ávila, en Cuenca ou Guadalajara, non sexa nin castelán, sexa de Murcia ou sexa de Sevilla, que polo que sexa, casou alí e herdou ese latifundio. E mesmo pode ser un galego. Imaxinemos que un galego casa coa filla dun latifundista, morre o sogro i el queda de dono do latifundio, e no momento da colleita do trigo, aluga como xornaleiros ós galegos, el, que é galego.

Hai unha cántiga da que eu vos quero falar... Pola mesma época en que empezaron ir á sega a Castela os galegos, chegaron aquí os cataláns como *fomentadores*, que aínda se di hoxe. E foron eles os que iniciaron a industria conserveira. E inventouse unha cantiga que

di: «Catalán de Cataluña, barbas de coello manso / por que non dás ó galego unha hora de descanso».

Que hai aquí? Hai a protesta contra un catalán, dono dunha fábrica que ten como traballadores a galegos, e parece que os fai traballar 16, 17, 18 horas, porque, eso das 8 horas é unha conquista desde hai moi pouco tempo. Algunhas veces os traballadores galegos rebeláronse contra os cataláns donos das fábricas conserveiras, outras veces non, porque para rebelarse, bueno, fai falla moita conciencia cívica, fai falla unhas condicións que non sempre se dan. Pero o que si se pode facer na taberna ou nun fiadeiro é inventar unha cántiga contra os cataláns: «Catalán de Cataluña / barba de coello manso». Sabedes porque lle chaman barbas de coello manso? A barba de coello manso é unha barba así brancuxa, medio rubia como a barba de Xudas, eh?, o que traicionou a Xesús. Polo tanto, é un epíteto moi negativo para ese catalán que é dono dunha fábrica donde traballan galegos. Pero, digo eu, tódolos cataláns son así? Non. O catalán que explota ós galegos é o dono desa fábrica. Nesa fábrica, donde quizais poida haber algún traballador catalán, explotado por outro catalán. Imaxinádevos que vén agora un fillo de Jordi Pujol cos millóns que roubou e monta aquí unha fábrica e vós, cando teñades 6, 7, 8, 9 anos máis, traballades nesa fábrica. E el dávos un soldo mínimo, pero como non hai donde gañar noutro sitio, un traballa por un soldo precario. E chamádeslle: «Catalán de Cataluña por que non dás ó galego unha hora de descanso?» É un fillo de Jordi Pujol, é catalán, pero en Cataluña hai xente nobre, eh!, non todo o mundo é Pujol, nin o pai, nin o fillo, nin o espírito santo.

Di o poema... (Ata que hora temos? —Xavier: —Ata as dúas e media).

Cando foi, iba sorrindo / cando veu, viña morrendo / a luciña dos meus ollos, / o amantiño do meu peito. /

Estaba moi namorada, eso si.

Aquel que (sic) máis que a neve branco, / aquel de dozuras cheio, / aquel por quen eu vivía / sin quen vivir non quero. /

Foi a Castilla por pan, / e saramagos lle deron; / déronlle fel por bebida, / peniñas por alimento. /

Déronlle, en fin, canto amargo / ten a vida no seu seo... / ¡Castellanos, castellanos, / tendes corazón de ferro! /

Os que teñen corazón de ferro son os casteláns ricos, donos dos latifundios agrícolas, eh?

¡Ai!, no meu corazónciño / xa non pode haber contento, / que está de dolor ferido, / que está de loito cuberto. /

Morreu aquel que eu quería / e para min n'hai consuelo: / sólo hai para min, Castilla, / a mala lei que che teño. /

Vós recitáchedes un poema en que dicíades «consolo dos males». Pero aquí Rosalía di «consuelo» para que poida rimar coa palabra «teño». Non é que ela non saiba que non debe dicirse «consuelo», pero non encontrou unha palabra mellor para rimar.

Premita Dios, castellanos, / castellanos que aborrezco,

Nunca digades eso, se cadra, algunha de vós casa cun castelán, non porque o aborrezca, sinón porque o ama, eh?

Castellanos que aborrezco, / que antes os gallegos morran / que ir a pedirvos sustento. /

Eu casei cunha castelá, por exemplo, os meus tres fillos son fillos dunha castelá, eh? Nacida en Madrid, os

seus pais eran da provincia de Toledo. E... i era, ademais, moito mellor persoa ca min. Era porque xa non...

Pois tan mal corazón tendes, / secos fillos do deserto /

—É que eu estudei na Universidade de Madrid e casei cunha colega, e... o máis normal era que eu cortexara a unha moza alí en Madrid.

que si amargo pan vos ganan, / dádesllo envolto en veneno.

Aló van, malpocadiños, / todos de esperanzas cheios, / e volven, ¡ai!, sin ventura, / con un caudal de desprecios.

Van probes e tornan probes, / van sans e tornan enfermos, / que aunque eles son como rosas, / tratádelos como negros.

Bueno!, entre os galegos que ían á sega, algúns serían mui boas persoas. Pero, outros... Nós sabemos estadisticamente que non todos somos bos, eh? Eu teño noticia de moitos galegos que non son bos. Por exemplo, un dos criminais máis grandes que ten dado a historia da humanidade... era galego de Ferrol. Sabedes quen era?

(Un rapaz, en voz alta e con seguridade: —Franco).

Sabedes como se chamaba hai anos Ferrol? Ferrol del... *(Os rapaces non saben)* Ferrol del Caudillo, nunca oístedes iso?

(Rapaces: —Non).

O caudillo era Franco. Un dos homes máis sanguinarios, máis malvados, máis criminais, máis canallas, máis ruíns... Era galego. O xeneral Franco, que foi o tirano de España durante corenta anos.

Van probes e tornan probes, / vans sans e tornan enfermos, / que aunque eles son como rosas, / tratádelos como negros.

¡Castellanos de Castilla, / tendes corazón de aceiro, / alma como as penas dura, / e sin entrañas o peito!

En trós de palla sentados, / sin fundamentos, soberbios, / pensás que os nosos filliños / para servirvos naceron.

E nunca tan torpe idea, / tan criminal pensamento / coupo en mái fatuas cabezas / ni en máis fatuos sentimentos.

Que Castilla e castellanos, / todos nun montón a eito, / non valen o que unha herbiña / destes nosos campos frescos.

Esto hai que entendela desde o corazón doído, ferido, atormentado e desesperado dunha moza de vinte, vintecinco anos, que perdeu en Castela o seu mozo, o seu amor, o seu sostén. A persoa que lle ía dar a pouca felicidade á que tiña dereito un pobre, na Galicia daquela época. E... claro! Como ela fora mal educada, porque ela oíra cantar «Castellanos de Castilla», ela oíra que os casteláns son duros. Non lles explicaran as cousas como eu volas estou explicando. Os que son duros son os latifundistas, os capitalistas agrarios e non son duros de corazón por casteláns, sinón por ca-pi-ta-lis-tas.

Que o mar deixóute olvidada / e lonxe de ti correron / as brandas auguas que traen / de prantas cen semilleiros.

Nin arbres que che den sombra, / nin sombra que preste alento... / Llanura e sempre llanura, / deserto e sempre deserto...

Hoxe Javier non diría llanura, dirá chaira, eh!

Eso che tocou, coitada, / por herencia no universo; / ¡miserable fanfarrona...!, / triste herencia foi por certo.

En verdad non hai, Castilla, / nada como ti tan feo, / que índa mellor que Castilla / valera decir inferno.

¿Por qué alá foches, meu ben? / ¡ Nunca tal houberas feito! / ¡ Trocar campiños floridos / por tristes campos sin rego!

*¡Trocar tan craras fontiñas, / ríos tan murmuradeiros
/ por seco polvo que nunca / mollan as bágoas do ceo!*

*Mais, ¡ai!, de onda min te foches / sin dor do meu
sentimento, / i alí a vida che quitaron, / aló a mortíña
che deron.*

*Morreches, meu queridiño, / e pra min non hai con-
suelo / que onde antes te vía, agora / xa sólo unha tumba
vexo.*

*Triste como a mesma noite, / farto de dolor o peito, /
pídolle a Dios que me mate, / porque xa vivir non quero.*

*Mais en tanto non me mata, / castellanos que aborre-
zo, / hei, para vergonza vosa, / heivos de cantar xemendo:
¡Castellanos de Castilla, / tratade ben ós gallegos;
/ cando van, van como rosas; / cando vén, vén como
negros!*

E agora para terminar, porque eu non quero, creo que o que intentaba explicar foi ben entendido.

Eu vouvos ler uns versos meus, iba dicir un poema, pero bueno, non! Versos. E xa terminamos, 3 minutos.

Eu fixen un poema onde, en verso naturalmente, fago a interpretación do de «Castellanos de Castilla» que vos acabo de ofrecer. Ten unha entrada en prosa que dice: «Lectura sociolóxica, non etnolóxica, dun vello cantar popular galego, o que glosou Rosalía nun famoso poema». Nesta lectura, abrollan, aquí e alí, algúns versos deste poema. Entón eu, no meu poema, voume opoñer a iso de: *Castellanos de Castilla, tratade ben os gallegos / cando van, van como rosas; / cando vén, vén como negros*. Aquí tamén aparece en letra cursiva, e logo, o que aparece en letra non cursiva, eses son os meus versos.

Lati... agora xa sabedes o que é un latifundio. É unha extensión agraria, neste caso de trigo, podía ser de laranxos, podía ser de centeo, podía ser de millo:

Latifundistas da Mancha,
tratade ben ós obreiros;
ós de León e Zamora,
ós bercianos i ós galegos.

Latifundistas da Mancha
ou das Asturias de Oviedo,
tratai ben ós que traballan
nos vosos inmensos predios
sexan eles de Galicia,
da provincia de Segovia
ou das planicies de México.

Latifundistas de fóra,
latifundistas de dentro,
por serdes latifundistas
exercedes duro imperio
cos que mendigan traballo
pra sega-los vosos eidos,
onde donos e señores
e con dura lei de ferro,
explotades ós de abaixo
veñan de lonxe ou de preto,
falen castelán de Burgos,
falen o idioma galego.

Foi a Castilla por algo
e nin compango lle deron,
e só recibiu a broa
necesaria pra o sustento.

Castellanos de Castilla,

latifundistas do demo,
 empresarios da labranza,
tendes corazón de aceiro.
 Latifundistas de Ávila,
 de California ou Toledo,
 tendes as mesmas entrañas
 que os señoritos galegos,
 que abandonan os seus pazos
 e deixan os campos ermos.
Foi a Castilla por pan
e saramagos lle deron;
 chegou fuxindo de África
 que ten tesouros a centos
 e onde algúns viven moi ben
 da miseria dos seus servos.

E para terminar..., aquilo de «Catalán de Cataluña, / barbas de coello manso, / por que non dás ó galego / unha hora de descanso? Catalán de Cataluña, / barbas de coello manso»:

Catalán de Cataluña,
 dono dunha forte empresa,
 onte explotabas alá,
 hoxe falo nesta terra;
 non o fas por catalán,
 xente, de seu, moi correcta,
 falo porque ti pertences
 (do capital no esquema)
 ó mapa da plusvalía,
 lei de ouro para as empresas,
 que é de ferro pra esa xente

que vén da nación labrega
e mendiga un traballiño
nas fábricas que ti rexentas.
Catalán de Cataluña,
fabricante de colleitas
por que non compartes xa
lucros, soños e tarefas
cos obreiros que traballan,
nas empresas que ti herdadas,
falen eles catalán,
falen a fala galega?

Moitas gracias. E gracias a vós, que vos portástedes
ben, ó final.

REFLEXIÓNS CÍVICAS A PARTIR DA REVOLUCIÓN BOLXEVIQUE DE OUTUBRO DE 1917²²

Buenas noches a todos, hum... en primer lugar a la señora vicerrectora que preside esta sesión; al director, al parecer ya por poco tiempo, de esta institución, del Colegio Mayor San Agustín, donde yo hablé hace bastantes años, e... cuando uno de mis hijos, el mayor, cursaba Primero de Medicina en esta Universidad.

Yo voy hablar en gallego, lo que pasa que, por una elemental cortesía, acabo de ser informado por el director de que aquí hay un número relativamente elevado

²² Colexio Maior San Agustín, da Compañía de Xesús. Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2017. Intervenien: María Dolores Álvarez Pérez, vicerreitora de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social da USC. Presenta o director do Colexio Maior, José Luis Pastoriza, que fala de que o principal obxectivo do ser humano é a liberación persoal de toda servidume e de que ningún fin xustifica os medios. O orador comeza dirixíndose en castelán aos colexiais, porque llo piden ao ser a meirande parte de fóra de Galicia.

de colegiales que no son gallegos, que llevan poco tiempo aquí y, por lo tanto, su contacto con personas de lengua gallega o con lecturas de libros gallegos es, en todo caso, escaso. Y... bueno, para que sepan que en Galicia, en Galicia se hablan dos idiomas, hay que respetar los dos idiomas, hay que amar los dos idiomas y hay que comprometerse con los dos idiomas, teniendo en cuenta los problemas de cada uno de ellos. Y para eso estamos las personas, en todo caso, para en cada momento tratar de encontrar la definición adecuada.

Como los alumnos menos veteranos y menos sabios, al menos están ya en Primero de alguna de las facultades de nuestra Universidad, han estudiado, por lo tanto ya el bachillerato, todos ellos saben que el gallego es una lengua románica, por lo tanto, procedente del latín igual que el castellano, que el catalán, que el francés, que el rumano, que el sardo, que el provenzal etc., etc. Y se da la circunstancia de que el gallego y el castellano, sobre todo en este momento, quizás en el siglo xv no era tanto, las diferencias entre el castellano y el gallego no son tan grandes. Y una persona, aunque no sea de Lugo, de Pontevedra, o de Vigo, o de Ribadavia... una persona por el mero hecho de haber nacido y de haber estudiado el bachillerato, yo que sé, en Cartagena, en Sevilla, en Segovia o en Huelva, por el mero hecho de haber cursado el bachillerato y de tener cierta cultura y ciertas lecturas, no tendrá especial dificultad para seguir una conferencia, al menos la mía, que creo que hablo un gallego más o menos asequible, o por lo menos, eso es lo que, de vez en cuando, me dicen algunas de las personas que me escuchan.

Por lo tanto, si luego hay media docena o docena y media; *ducia e media*, de palabras, como luego creo que nos van a obsequiar con un pincho que se llama igual en gallego que en castellano, pues me preguntan esa docena y media de palabras, que yo vengo aquí como conferenciante, pero... yo, como la vicerrectora, soy del Claustro de esta Universidad, porque fui catedrático de Filología Gallega durante 11 años, los últimos de mi vida universitaria –tengo, por si fuera poco, la insignia de la Universidad, por lo tanto, señora vicerrectora, estoy a sus órdenes–.

E dito esto, meu dito, meu feito, agora vou falar nese outro idioma que se fala en Galicia desde antes de que se falase o castelán, e... que é o idioma galego, que é o idioma de Rosalía de Castro que todos vós estudiástedes, aínda que fose en Burgos ou en Segovia, no voso bacharelato. Digo Burgos, porque en Burgos é donde naceu, no norte da provincia de Burgos, o castelán alá polo século VIII ou IX. E... polo tanto, os de Burgos saben moi ben quen era Rosalía, probablemente teñen algunha noticia doutros escritores galegos e probablemente teñen tamén unha certa información da lírica medieval galego-portuguesa. Non digamos os de Vigo, porque supoño que aquí hai alumnos de Vigo, porque desde hai dez ou doce días está exposto en Vigo, no Museo do Mar, unha das alfaias, *alfaia*: joya, eh?, unha das alfaias da bibliografía europea de tódolos tempos que é o chamado Códice Vindel, que é un manuscrito do século... fins do XIII, comezos do XIV, en que están as sete cantigas do noso poeta nacional vigués, Martín Códax, autor de sete cantigas que constitúen un dos poemarios amorosos máis importantes que teña escrito

calquera poeta amoroso en Europa durante a Idade Media. E por se fose pouco, o señor Vindel descubriu seis cantigas coa música –a sexta aínda non ten música– e, polo tanto, sexan de Vigo, sexan de Burgos, estou falando na lingua de Martín Códax, pero non na lingua de Martín Códax tal como el a falaba en Vigo no século XIII, sinón tal como eu a falaba con dous amigos, esta mañá en Vigo, no século XXI.

Dito isto, eu podría seguir con máis preámbulo, porque me gustan moito os preámbulos i en todo caso, un conferenciante dalgunha maneira ten que darse a coñecer. E por se fose pouco, un conferenciante, para ser atendido, antes ten que conquistar o dereito a ser entendido, e... non sexa o demo que de súpeto un empece un pouco prosaicamente, e... tanto... señores veteranos que me honran coa súa presenza aquí, como a xente moza, pois, e... empece a pensar noutras cousas. Gustaríame que me seguiran durante cuarenta, cuarenta e dous minutos nunha disertación miña que ten un título que aparece tanto no programa desta casa, como creo que nalgún periódico esta mañán, que é «Reflexións cívicas a partir da Revolución de Outubro de 1917».

É o centenario da Revolución de Outubro e non hai ningunha razón, tanto en centros que se especializan no estudo da Historia, como en centros que non teñen por que especializarse no estudo da Historia, non hai ningunha razón para que unha efeméride destas características non se teña en conta. Polo tanto, sería bo que tanto neste colexio como en calquera outro, fosen invitados persoas moito máis expertas ca min para falar da Revolución de Outubro de 1917.

Chámase *Revolución de Outubro*, permítanme a primeira precisión de tipo erudito, pero nós podíamos chamar *Revolución de Novembro*, porque a Revolución foi o 25 de outubro en Petrogrado... en San Petersburgo –logo chamouse *Petrogrado*, e desde o ano 17 chamouse *Leningrado*. Agora volve a chamarse *San Petersburgo*-. Foi o 25 de outubro, pero iso é no calendario que tiñan daquela os zares, que era o calendario Xuliano porque, no noso calendario, que dende había moito tempo funcionaba en Europa Central e Occidental, era o calendario Gregoriano, que eran 14 días máis. Polo tanto, a Revolución cumpre o seu centenario o día 7 de novembro.

De feito Lenin, Lenin toma as primeiras decisións nun tranvía ás 11 da noite do día anterior. Pero entre 11 e 12, nunha hora, non se fai unha revolución. A Revolución empezou verdadeiramente o día 7, que é cando dispara tres canonazos o cruceiro *Aurora*, que aínda está alí como un monumento, e no que eu estiven alí no ano 1962.

Eu non sei, señor director, si debería dicir, pero eu creo que para a metodoloxía da miña intervención é bo que o diga. En primeiro lugar... vin nalgún periódico local que quedaron un pouco estrañados co feito de que un Colexio Maior destas características, que ademais é un colexio de xesuítas e polo tanto, parece que o presidente é San Ignacio de Loyola, e... que de pronto aquí se conmemore, como decía un periódico esta mañá, a Revolución Bolxevique. Bueno, e por que falamos hoxe aquí? Porque hai días o señor director falou comigo e díxome que querían facer a inauguración do curso cunha conferencia de alguén

que, bueno, ten un certo currículum como son eu. E eu díxenlle que encantado con ir ó Colexio Maior San Agustín, primeiro porque aquí estudara un curso, bueno, aloxárase un fillo meu. E segundo, como lle contei naquela ocasión ó director, eu como falante de galego, que ás veces se estou moi inspirado e... parece que non o fago excesivamente mal, e... pois esa pequena gloria de que nalgunha intervención miña non o fago moi defectuosamente, a miña oratoria non é moi negativa, e... débolla a un xesuíta, o padre Brandariz. Eu non sei si os presentes coñeceron ó padre Brandariz. O padre Brandariz estivo aquí e, ademais eu, do padre Brandariz aprendín unha cousa moi importante, e escribín un artigo; e agora o director tuvo amabilidade de mandarme un libro que hai sobre o padre Brandariz, onde tiveron a xentileza, para min, de reproducir aquel artigo.

Eu falei co padre Brandariz. E... e o padre Brandariz foi un pioneiro en... no principio da década dos 60, daqueles sacerdotes que decían misas en galego. E hai un momento que é moi difícil para quen está afeitado en público a falar en castelán, aínda que saiba ben o galego. I ese momento, como o resolveu o padre Brandariz? Pero permítanme que faga un inciso. Eu mesmo, eu son falante de galego, eu na aldea de Ventosela, a 5 quilómetros de Ribadavia, e falaba con meus pais, e con meus irmaos, e cos meus veciños, e cunha moza que tiven de adolescente na aldea, sempre en galego, eh! Eu cantei en galego, aturuxei en galego, xoguei ó fútbol en galego, roubeille os figos ó cura en galego, e dixen as primeiras palabras de amor, ou algo parecido, a unha mocíña daquela aldea, en galego. Polo tanto, é

a miña lingua de instalación, a miña lingua vivencial.

Decíase que na época de Franco estaba prohibido o galego. Eu, que non son franquista, non sei se vostedes o saben, e nunca o fun, pero niso creo que hai moito antifranquismo. Na miña casa nunca veu Franco á hora de xantar a prohibirlle a meu pai, a miña nai, que nos falasen en galego. Polo tanto, eu dou fe de que Franco non prohibiu o galego na miña casa, non sei noutras casas. Pero supoño que Franco non tiña tempo de estar en tódalas casas de Galicia, nin había tantos policía, eh?, que agora están en Cataluña²³. Pero, bueno, nin había tantos policía como para que houbera un policía en cada casa e nos prohibira falar galego. Era, era a miña lingua. Era a miña lingua, pero eu recordo que cando no ano 67 pronuncie a primeira conferencia en galego en Ferrol –era o Día das Letras Galegas dedicado a Curros Enríquez–, tiven que facer un esforzo especial, porque non era o mesmo falar con meu pai, con miña nai, cos veciños, cos rapaces cos que eu xogaba ó fútbol, ou cos que andaba ós niños polos montes aqueles días. I outra cousa era estar nun estrado, estar nun púlpito, estar nunha situación alta e nun acto solemne coma este; e nun marco, como dirían os sociolingüistas daquel momento, *A*. É dicir, porque eu cos meus veciños, ou con meus pais, estaba nunha situación *B*. Pero cando un está aquí, e se dirixe a persoas eminentes, ou que van ser moi eminentes en breve, naturalmente o contexto cambia. E utilizar un código *B* nun contexto *A*, é mui difícil. E ademais, os

²³ Referencia á represión da convocatoria do Referéndum de Independencia de Cataluña o día 1 de outubro de 2017.

destinatarios da mensaxe, que están afeitos a que todo o mundo se dirixa a eles en castelán desde un púlpito, e iso sabíao moi ben o padre Brandariz, desde o principio ten que falar un galego moi serio, un galego moi selecto, un galego mui coidado, porque se non pode provocar a gargallada, la *carcajada*, a gargallada nos asistentes. I el díxome, deume a fórmula, díxome: eu o primeiro que fago é: métome na sancristía, collo un conto de Castelao, unha páxina de Castelao –Castelao era un home que elaboraba o galego cunha perfección extraordinaria–, e con esa música, con ese sentido, con ese criterio de seriedade do idioma, empezo a miña homilía e ninguén ri, ninguén se sorrí, todos me toman en serio –porque algunhas das persoas que asistían a esa misa era probablemente a primeira vez que oían falar desde un púlpito en galego–. Isto é o que eu glosei nun artigo publicado na *Voz de Galicia*, e que aparece reproducido...

Bueno, todo o que estou dicindo ten pouco que ver coa Unión Soviética.

O señor director díxome si eu estaba disposto a dar unha conferencia. Eu... teño dado conferencias en palleiros, teño dado conferencias en sitios lonxanos, como non vou dar unha conferencia nun colexio desta categoría? Polo tanto, síntome mui honrado. E cando eu lle iba preguntar que tema, dentro daqueles que el estimase que eu podía tratar, díxome: «Gustaríanos indicarlle un tema». «Pois indiquen, que eu tamén sei decir que non» –dixen para min–. Dixo: «Xa que estamos de centenario, fale da Revolución de Outubro». Eu non sei, o señor director é moi novo, que idea ten de min, pero quizais ten oído que eu son comunista. E

dixo, bueno, que mellor que un comunista para falar dunha revolución que foi a Revolución Comunista.

Pois ben, o segundo é certo, estou falando, vou falar dunha Revolución Comunista, pero eu non son comunista, señor director. Gustaríame selo. E... quero dicir que, eu son afiliado ó Partido Comunista desde o 1 de maio de 1962, donde ingresei nese partido clandestinamente, e donde, polo feito de estar no Partido eu podería ser suspendido de emprego e soldo como catedrático de instituto —éao de Literatura española naquel momento,— podería ter moitas dificultades na vida, podería ser torturado como foron tantos anti-franquistas, etc., etc., etc. Eu decidín ingresar nese partido... Que eu sexa militante comunista, non quere dicir que sexa comunista. Que unha persoa vaia á misa os domingos e mesmo confese e cumpra o percheuto como dicíamos na aldea, non significa necesariamente que sexa católico ou bo católico, eh? Si por comunismo se entende estar comprometido coa comunidade, si por comunismo se entende estar comprometido co ben común, si por comunismo se entende estar comprometido cos de abaixo, que é a xente do común, ese é o compromiso teórico que eu teño. Pero na práctica eu estou moi lonxe, porque de min sei bastante —son a máxima autoridade mundial na materia, eh?—, de min sei bastante. Sei que aínda quedan, porque fun educado dunha determinada maneira, codicias, egoísmos e cousas. Pero como son novo, quizais dentro de cincuenta ou sesenta anos me acerque ó ideal comunista.

O ideal comunista, que se resolve no meu caso dunha maneira que... eu creo que é inatacable. E... creo que ninguén entre os presentes, e entre os ausentes,

é capaz de afirmar que non é demócrata. Hai alguén hoxe que teña a coraxe de dicir que non é demócrata? Todos somos demócratas, polo menos, todos proclamamos que somos demócratas, eh? Pois ben, eu loitaría pola democracia e loitei pola democracia: no último ano do franquismo fun desterrado a 1000 quilómetros da miña casa, máis que por loitar polo comunismo, por loitar pola democracia, porque eu sabía que o Partido Comunista, que era moi pequeno, non iba a traer nada parecido ó comunismo. O importante era acabar cunha ditadura, coa ditadura sanguinaria e coa ditadura que moitas veces... eh?, vestiu a bandeira dos principios católicos, eh?, para matar moitas veces en nome de deus, eh?, o que é intolerable, e iso fíxose sobre todo no principio... no principio do franquismo.

E... quero dicir, que... eu estuven nesa loita, pero pola democracia. E... eu estou plenamente convencido –i esto é xa un postulado hoxe por hoxe indiscutible entre aquelas persoas que máis ou menos se reclaman do ideario marxista–, que a democracia é democracia si é socialista. Polo tanto, non hai democracia sin socialismo, nin hai socialismo sin democracia. Porque, pode ser un país demócrata si hai moitas desigualdades? É dicir, si non hai como mínimo un principio de socialismo? Polo tanto, a democracia require o socialismo, i o socialismo require a democracia. Porque, si non, resultaría que nese... nese territorio socialista podería gobernar un partido abafando a voz dos outros partidos. Podería gobernar, o que é peor, o de hoxe na Unión Soviética, o líder dun partido abafando a voz, non doutros sectores da sociedade, sinón dos propios militantes

importantes do partido. E... ese é o comunismo polo que eu loitei, ese é o comunismo polo que eu me sacrifiquei, i ese é o comunismo para o que eu pido un *máximum* de respecto. Eu supoño que, aquí, das setenta ou oitenta persoas que nos acompañan e... cada un pensa como pensa, pero as miñas ideas non son para quitarlle nada a ninguén. As miñas ideas son precisamente para que non sexa o demo que, para que algúns teñan privilexios, os outros non teñan dereitos. E eu contra eso vou estar. Polo tanto, eu non estou contra os privilexios de ninguén, pero estou a favor de dereitos de todos. Eu xa non o vou a ver, inda que son novo, como dixer, e dentro de 50 ou 60 anos probablemente estoume achegando a ese ideal de perfección que é o comunismo, é probable que non vexa nada parecido a esto. Que lle vamos a facer! Pero bueno, a historia está aí. E... non sei se o verán outros porque, señoras e señores, o actual capitalismo, si as cousas seguen como seguen, quizais dentro de dez anos, o capitalismo sexa pla-ne-ti-ci-da, eh? Corre o perigo o planeta de ser destruído, naturalmente, polo capitalismo. O capitalismo é quen hoxe é hexemónico. Non hai comunismo, por outra parte, no mundo. Estase celebrando neste momento non sei cantos congresos do Partido Comunista Chino. Aí hai un capitalismo atroz, en que o Partido Comunista é un xendarme ó servizo do capitalismo chino, eh?, é dicir, unha cousa noxenta, especialmente, especialmente para min. Nin é comunismo Corea do Norte, nin é comunismo o que boamente van facendo nun país que quedou arrasado e que se chama... e que se chama Vietnam. O mundo está hoxe gobernado polo capitalismo, polos

capitalistas e as guerras que hai son as do capitalismo, para conseguir o petróleo, para conseguir situacións estratéxicas, etc., etc.

Polo tanto, non só vamos celebrar unha efeméride, o centenario da Revolución rusa ou da Revolución soviética de Outubro de 1917, sinón que eu quixera facer unha pequena reflexión acerca dun ideal que está aí. Pero un ideal en que... e... os homes viñeron ó mundo para que non haxa privilexios e polo tanto, todos poidan ter dereitos é... no plano da teoría evidentemente, un ideal dificilmente impugnable.

A Revolución soviética necesitaría, non unha conferencia de corenta e cinco minutos por quen, por outra parte, non é especialista nese tema, nin en moitos outros temas. Necesitaría todo un curso aquí de historiadores porque é un fenómeno dunha gran complexidade. É un fenómeno mui novo na historia da humanidade. E é un fenómeno que tivo un curioso final, un curioso final que tamén habería que interpretar, como todo, correctamente.

Eu agradezo moito que precisamente aquí nesta tribuna poida falar, poida falar desto.

Cando se fala da Revolución de 1917, en Rusia, cando aínda non é a Unión Soviética, fundamentalmente o escenario está en San Petersburgo, máis que en Moscú. En galego normativo dícese *Moscova*, pero permítanme que diga, que diga *Moscú*, porque durante moitos anos dixen Moscú e vou seguir dicindo, dicindo Moscú. E moitas cousas que se decidían en San Petersburgo e logo en Moscú, naturalmente chegaban a outras partes do inmenso territorio ruso cando aínda non era... aínda non era a Unión Soviética. De feito,

no ano 17, en San Petersburgo hai dúas revolucións: a de febreiro e a que empeza en abril, esta vez xa liderada por Lenin, e conclúe, por citar unha data, en outubro de 1917. Pero os que entenden disto, e ultimamente teño leído bastantes libros, sobre todo este de Francisco Fernández Buey, que xa morreu e que foi alumno meu de Literatura española no instituto de Palencia. Os que entenden desto din que tampouco se pode entender a Revolución do 17, nin a de febreiro, nin a de outubro, si non temos en conta a Revolución do ano 1905. Porque tamén en San Petersburgo houbo, de feito, un movemento e... revolucionario e... que tiña que ver máis ou menos cos ideais que logo se plasmarían nos teóricos da Revolución do ano 1917.

E reparen nunha cousa na que eu, sen ser especialista na materia, creo que deberíamos poñer o acento: a Revolución do ano 5, en Rusia, como logo a triunfante do ano 17, porque a do 5 fracasou, son revolucións que se producen no contexto dunha guerra na que está Rusia. Rusia, que é un país inmenso, con millóns e millóns e millóns de analfabetos, con millóns e millóns de seres humanos que foran escravos legalmente hasta 1861 e que logo, abolida a escravitude, aínda seguen a ser, polo menos servos dos latifundistas ou dos campesiños ricos, os chamados Kulaks, a partir de 1861. É un país, no ano 5, onde o proletariado fabril, que é sempre o suxeito da Historia para os marxistas puros, o proletariado fabril é pequeno porque hai poucas fábricas; e as poucas que hai son fábricas dirixidas por estranxeiros, sobre todo... sobre todo franceses. Pero no 17, xa hai 2 millóns e medio de obreiros e, de feito, a Revolución vai estar protagonizada nun país en

que o 80% son campesiños, fundamentalmente polos obreiros, que cuantitativamente son mui poucos..., polos obreiros e polos soldados.

No ano 5, Rusia acaba de perder a súa guerra con Xapón. Bueno, para un país sempre é un drama perder unha guerra, eh? E... quen perde a guerra nun país? Os ricos perden as guerras, sobre todo daquela, pero en todo caso, as mortes están aí, os feridos están aí, os desaparecidos están aí. E... a xente, aínda que non ten unha conciencia cívica elevada, porque aquilo é unha teocracia, a teocracia dos Zares, eh?, i o dominio da igrexa ortodoxa, ríanse vostedes da Inquisición hispánica do século XVI. Pero aínda así, cando nunha familia morren dous ou tres soldados, alá nas trincheiras, pois aínda non tendo un sentimento antizarista, aínda non tendo un sentimento anti-aristocrático, aínda non tendo leído, xa non digo a Marx, ós liberais rusos da época, hai un sentimento de que en todo caso non estamos ben gobernados.

E a Revolución prodúcese nun momento en que hai pouco pan, en que hai pouco traballo, en que hai unha enorme carestía de vida. Pero noutros momentos houbo eses datos, pero neste momento están moito mais motivados: acaban de perder a guerra, e sobre todo, acaban de perder ós seus seres queridos moitas das familias que en San Petersburgo se manifestaron violentamente e puxeron verdadeiramente nunha situación delicada ó goberno teocrático dos zares.

Pero bueno, a represión foi moi dura, o propio Lenin, que estuvo nalgún momento na revolta esta, ten que irse para o exilio, porque o destino de Lenin foi casi sempre estar fóra, eh? Pero Lenin, e... que eu creo

que é a clave para entender o éxito da Revolución no ano 17. E permítanme aquí un inciso: parece que, cando se fala de marxistas ou cando se fala de revolución socialista, ou cando se fala de idearios que teñen que ver co comunismo, que son próximos ó comunismo, parece que se di que un individuo ten moi pouca importancia. Eu, que intento ser marxista e algunhas lecturas teño, e teño tratado de entender determinados fenómenos da historia e da vida social desde a óptica do marxismo, eu non sei si isto é ortodoxo, ou heterodoxo, dentro dos marxistas, eu creo que o individuo é moi importante. Porque poden darse unhas circunstancias obxectivas determinadas de fame, de paro, de represión, de torturas, de despotismo. Pero eso téñense dado e estanse dando neste momento: en cantos países de África non se están dando estas circunstancias? E os dez, vinte, trinta, cuarenta millóns de seres humanos que sofren esa fame, ese paro, ese despotismo, non se levantan contra os seus opresores. E moitas veces, mesmo isto, idolatran ós seus opresores. Claro, fai falta ter unha teoría, fai falta ter unha ciencia política, e sobre todo fai falta ter uns líderes, un líder. E si non houberse un home como das características de Lenin, a Revolución Rusa non triunfaría. Porque Lenin, en primeiro lugar, Lenin é fillo de Marx, desde o punto de vista doutrinal, pero Marx nunca pertenceu a ningún partido. Marx pertenceu á Internacional Socialista, é unha liga de comunistas, pero a un partido non. Lenin é o primeiro que está nun partido e que desde o exterior, no exilio, dirixe o periódico *Iskra*. *Iskra* é *chispa* en castelán, *faísca* en galego. E unha faísca, e sabémolo moi ben polos lumes, pode producir un gran lume, e

era o que dicían os revolucionarios: empezamos con esta faísca, con esta chispa, e facemos un gran lume revolucionario. Lenin, que coñecía moi ben todo o que sucedía en Rusia e donde había moito marxismo: a primeira tradución do *Capital* de Marx é ó ruso, antes que ó francés, antes que ó inglés, antes que ó español, foi ó ruso. En Rusia hai moitos, moitos marxismos. O que facía falta era unificalos, e unificaos coa literatura, e sobre todo co periódico *Iskra*, Lenin. E Lenin está mandando en todo momento indicacións para organizar o partido que se chamaba *Socialdemócrata* e que non hai que confundilo cos partidos socialdemócratas de hoxe. E o partido ten que ser un partido disciplinado, un partido mui organizado, un partido mui férreo, un partido donde haxa unha peneira no momento en que alguén queira ingresar. Porque pode ingresar un arribista, pode ingresar un delincuente, pode ingresar un medrador,... El creía que o partido tiña que ser unha cousa de minorías verdadeiramente comprometidas, un pouco sabios, bastantes técnicos, etc. E de non darse estas circunstancias, a Revolución do 17 non houbera triunfado.

Vostedes saben que Lenin, ademais deso, tiña unha audacia especial? E non só unha audacia especial, si-nón unha certa sorte. Porque saben que a guerra do 14 termina o 18, e os zares rusos: o Zar, que está descansando e escíbelle á zarina en inglés, á zarina que está medio engaiolada por aquel famoso Rasputín. Xa escribir en inglés, eh, en Rusia! Pois, o Zar non se decata do que pasa, de que están morrendo 2 millóns de soldados rusos. Pero bueno, é xente do pobo, é xente da plebe, é xente de abaixo, porque os zares, claro...

son titulares dunha especie de teocracia. E... vostedes saben que hai unha loita entre Mencheviques e Bolcheviques. Bolcheviques en principio son os maioritarios, Mencheviques os minoritarios. Nalgún tipo de debate ou de eleccións, os minoritarios eran maioritarios. Lenin, casi sempre, estivo en minoría. Pero cando Lenin chega a San Petersburgo, á estación de Finlandia, que estaba en San Petersburgo, non no país que se chama Finlandia, el leva un eslogan que é unha triloxía: «Paz, Pan e Traballo». E «Terra». Mentres os Mencheviques pensaban que había que seguir facendo política parlamentaria, como facían tódolos partidos socialistas da Segunda Internacional, partidos socialistas que cometeron un erro, que eu creo que é imperdoable: cando no ano 14 teñen que votar no parlamento de Alemania e no parlamento de Francia, votan a favor da guerra. Un socialista nunca pode votar a favor da guerra. Polo tanto, Lenin vai aproveitar a guerra, dice: «Está sufrindo o pobo ruso, i este pobo ruso é ó que lle temos que dar, ademais de paz e de pan, terra. Pero sobre todo, a paz». Lenin sabía que estaban desertando miles e miles de soldados. E miles e miles de soldados que eran, nun noventa por cento campesiños, e campesiños que ían ás súas aldeas, onde sabían que, desde que os bolcheviques andaban coas súas prédicas xa lle arrebataran algunhas terras ós Kulaks, ós ricos. Polo tanto, o soldado deserta porque así foxe da morte. Aquela non é a súa guerra: «Será a do Zar, pero non é a miña guerra, e agora vou á miña aldea e igual que fixeron os campesiños que non viñeron á aldea, vou ver si, ademais das pequenas terras que tiñan meus pais, consigo algunhas terras máis, porque chego a hora da terra para os campesiños».

Estas son as circunstancias que aproveita... que aproveita Lenin con un partido pequeno, pero con un partido moi disciplinado e con un partido moi organizado. E por eso triunfa o 7 de novembro de 1917 a Revolución. Hai que disparar 3 chupinazos desde o *Aurora*. Non houbo máis que dous mortos. Houbo máis mortos na Revolución de febreiro e houbo máis mortos na Revolución do ano... do ano 1905. Foi nese momento unha revolución incruenta. Non o vai ser a partir de aquí, porque vostedes saben que hai unha guerra civil de 3 anos. E na guerra civil morreu moita xente, cometéronse moitas crueldades por ambos bandos e vostedes saben que logo, no que foi a Unión Soviética desde a morte de Lenin en xaneiro de 1924, o que aconteceu algunhas veces é verdadeiramente horripilante. Pero déixenme, antes de matar a Lenin, que morre en xaneiro do ano 24: Lenin goberna pouco tempo, goberna desde o 17, teoricamente hasta o 24, pero el no 24, ten xa unha especie de doenza mental e... que afecta á memoria, que desde hai meses non pode escribir; polo tanto, unha boa parte do ano 23, Lenin xa non gobernou. Lenin xa non gobernou i ese é o momento que aproveitan os dirixentes que estaban próximos a Lenin, e bueno, ten sido examinada por historiadores comunistas e anti-comunistas, a xogada e a pirueta que fixo Stalin para facerse co poder.

Non era Stalin a persoa máis indicada. Quizais a cabeza máis brillante que había alí era a de Troski, eh?, e... despois, despois da de Lenin, pero, polo que fose, Stalin. Bueno e a partir de aí, xa gañada a guerra civil, hai que gobernar un País como a Unión Soviética, un país

de máis de 50% de analfabetos, un país atrasado, un país que alá na parte moi próxima a Vladivostok un campesiño di: «Eu non sei o que son os comunistas, pero bueno, eu traballaba con moita dificultade estas terras, as de meus pais, e vostedes acaban de mandarme tractores. Pois eu vou estar cos comunistas». Eh?, claro, esta é a reflexión dun home que está sendo neste momento, pois, produto dunha determinada, dunha determinada experiencia.

O ideal, e..., de Lenin era o ideal de Marx, e o ideal de Engels, e o ideal do socialismo: era o ideal dunha sociedade sin clases, era o ideal dunha sociedade igualitaria, era o ideal dunha sociedade na que houbera xustiza, e era un ideal que evidentemente eles calificaban de comunista, en que o comunal era o máis importante. Pero, señoras e señores, chegar, chegar a unha realización minimamente discreta dese ideal, vindo de donde viñan, era mui difícil. Por outra parte, vostedes saben que entre os marxólogos, hai unha vella polémica que eu creo que non se vai extinguir nunca: os marxistas máis puros parece que decían que o comunismo nunca triunfaría nun só país, fose Rusia, ou fose Alemaña. I ó final triunfou, polo menos triunfou nun principio, nun país chamado Rusia. Pero os máis puros marxistas decían que a Revolución produciríase nos países adiantados industrialmente. Non só pola industria, sinón por algo que vai anexo á industria, porque a industria é consecuencia do proletariado fabril. E a clase, a clase vangardista no mundo é o obreiro.

E en Rusia había moi poucos obreiros. Donde os había: en Alemaña, no Reino Unido, e en Francia.

Aínda hoxe discuten os marxistas que o fracaso de URSS, da Unión Soviética, débese a que o comunismo triunfou en principio nun país atrasado, nun país semifeudal, nun país que acaba de saír dunha teocracia, dunha autocracia e dun mundo terratenente, e... gobernado... gobernado polos aristócratas; mentres que os marxistas puros din que o proceso é: da escravitude ó feudalismo, do feudalismo ó capitalismo e do capitalismo ó socialismo. Rusia non pasara pola etapa capitalista. En todo caso, en Moscú ou en Petrogrado habería un certo inicio... un certo inicio de capitalismo.

Lenin sabía esto. Lenin lera moi ben os clásicos, lera moi ben a Marx e lera moi ben a Engels. Pero Lenin decatábase que había que aproveitar a ocasión: que, contra o que dixeran os primeiros marxistas, podía pasar dunha sociedade semifeudal ó socialismo. Que non se iba pasar directamente, había que pasar transicionalmente, como sucede en calquera proceso, aínda que non sexa revolucionario. Tanto, que a famosa expresión *ditadura do proletariado* é unha expresión que está aí para que a ditadura do proletariado protagonice a fase da transición: a transición do capitalismo, ou no caso de Rusia, do semifeudalismo ó socialismo. Porque, evidentemente, vai haber clases, vai haber estamentos, vai haber persoas que non queren perder os seus privilexios. E a ditadura do proletariado, bueno, terá que, nese momento e... bueno, protagonizar as accións que haxa que protagonizar. E... aínda que os marxistas falan de que o Estado sería, ó final dos finais, case abolido, daquela hai un Estado. É o Estado coercitivo —o Estado é quen pode mandar a policía e a

guardia civil a Barcelona, eh?— O Estado é coercitivo e o Estado é o único, cando se fala en teoría política, que ten dereito a ser coercitivo. Se alguén quebranta determinadas normas, o Estado, que non quere ser violento, ten que utilizar a violencia. Eso é o que din os entendidos, os entendidos desta cousa. Polo tanto, a ditadura do proletariado estaba aí para loitar contra, aínda, a forza que podían ter a pequena burguesía que había nas grandes cidades, a aristocracia, os zares, os Kulaks, que son os campesiños ricos, etc., etc. Pero a ditadura do proletariado non era *per vitam aeternam*, era para esa etapa transicional.

Que pasou despois? Señoras e señores, eu como moitos de vostedes, aínda que todos son menos veteranos ca min, sobre todo os colexiais, e... fun educado dunha determinada maneira. Cando lle dixen eu a miña nai —que era unha muller moi lista—, que eu era do Partido Comunista, dixo: «Comunista!, pero, pero comunismo, que son?: ladróns, bárbaros, violentos, asaltadores, violadores. Pero como te fas desa cousa? Eu pensaba que tiña un fillo que non era mui mala persoa» —díxome ela—. Dixen: «Non» —como eu son filólogo igual ca outro gran marxista, Gramsci, dixen: «Mira... nunha palabra, collémola, a palabra ten un ventre, eh? a palabra é como unha cesta. Si na cesta botamos mazás que cheiren ben, peras fragantes, laranxas, etc., esa cesta é unha marabilla, pero si nunha palabra, que é unha cesta, botamos violencia, botamos sadismo, botamos maldade, claro, durante 40 anos a palabra *comunismo*, quen a definiu era Franco, a televisión franquista. Porque o poder... Franco non só tiña o exército, a policía, as prisións, as comisarías

donde se torturaba por sistema, eh!, por sistema! E... Franco tamén era dono das palabras, porque na televisión española, catrocentas veces a palabra comunis... comunismo saía con connotacións negativas. Eu fun o número 1 da candidatura do Partido Comunista en Lugo no ano 77 –cóntolles para que vexan, agora estou falando máis ben como filólogo: eu fun profesor de Lingua e de Literatura– e... eu xa vivía en Vigo e fun votar a Lugo en xuño do 77, ía coa miña muller e vexo vir dúas mulleres de ganchete, como se di en galego, de ganchete é así (*fai o xesto e ri*), para que o saiban os de Burgos. E a unha daquelas señoras eu coñecíaa, a outra non, coñecíaa e ademais eu tiña gran simpatía por ela, e eu sabía que ela a tiña por min, porque dous fillos dela foran alumnos meus. E eses dous fillos, que debían de ser moi boas persoas e por eso vos explico o que vou contar, falábanlle ben de min de que era un profesor que atendía ós alumnos, que non explicaba moi mal o complemento directo e esas cousas, e tal... E entonces, *desenganchétase* da señora, e vén cara a min chorando e dáme un abrazo. Que me viña decir? Eu antes de que falara xa sabía o que me viña decir: «Ai don Jesusiño, tenme que perdoar: non o votei a vostede, porque como iba con eses». A min votaría-me porque, aínda sendo comunista, como os fillos dixeran que explicaba ben a gramática, que os atendía, que lles regalara un día o *Lazarillo de Tormes*, ou algo así, bueno, eu, inda sendo comunista, parece que podía gobernar non mui malvadamente. Pero como «ía con eses»... Vostedes saben o difícil que é chamarse en público comunista? Por eso eu sempre empezo dicindo se comunismo é estaren comprometido

co ben común, coa xente do común... entónces claro, xa temos outro tipo de semántica, xa temos outro tipo de semántica.

Agora ben, o comunismo soviético tamén mereceu algunhas destas aldraxes, eh? E..., porque cando se fala das purgas de Stalin, 37-38, por citar as máis notorias, eso é rigurosamente certo. Pero que nesas purgas, señoras e señores, e... Stalin non mataba por matar a calquera, Stalin viu inimigos, Stalin ou o stalinismo. É como cando agora decimos, «Franco». Non, Franco é o franquismo. (*Alporizándose*) O bispo Garay, os directores dos bancos, eso era o franquismo! Cando se torturaba nunha comisaría, que eso é unha cousa que non se ten dereito nunca, era responsable Franco, pero eran responsables os bispos, os arzobispos, os directores dos bancos, e os reitores, e os vicerreitores da universidade, daquela tamén... Eso era o franquismo, eso era o franquismo.

Bueno... e... (*Recuperando a calma*). Volvendo a Stalin, ás purgas do ano 37-38. Por certo no 38, en maio, vai 26 días á Unión Soviética Castelao, que era un home moi perspicaz, e non viu nada. Non falou para nada das purgas porque non as viu. Como moita xente viviu na Alemania nazi e non sabía que existía Ravensbrück, Auschwitz etc., etc., etc. Porque eso tamén había que facelo dunha determinada maneira. As purgas estalinistas foron nun 99% contra revolucionarios. Tan revolucionarios como Troski, Lenin e Stalin. Pero revolucionarios que eran críticos, que eran heterodoxos; revolucionarios que tiñan un punto de vista sobre as cousas un pouco distinto. Entónces, os mellores revolucionarios pereceron algúns xa na década

dos xx; i os outros no 36, 37. Pero hai que dicir unha cousa: o Partido Comunista da Unión Soviética no ano 56 celebrou o seu 20 congreso. E ese 20 congreso, aínda non o celebrou, por exemplo, a Igrexa católica. A Igrexa católica aínda non se fixo o haraquiri, é dicir: que ten dito a igrexa católica de Darwin?, que ten dito a igrexa católica de Galileo?, que ten dito a igrexa católica da Inquisición? Fixo algún concilio para manifestar que se cometeran erros, *errores* en castelán, e horrores? O famoso documento que le Khrushchev, o secretario xeral do Partido nese momento, en 1956, 20 congreso, denuncia os *errores* da Unión Soviética, pero sobre todo denuncia os horrores. Eu teño falado con vellos comunistas... que me contaron que algúns vellos comunistas, na prisión de Burgos suicidáronse, porque creían en papá Stalin, e de súpeto a dirección do Partido comunícalles desde fóra que... acabouse o stalinismo, que acabouse a idolatría a Stalin. Que Stalin é o peor enemigo do comunismo. E algúns educados así, é como se alguén católico está educado na adoración á Virxen de Fátima e de pronto lle din que a Virxen de Fátima cometeu non sei que monstruosidades. Polo tanto, xa ven que tipo de militante comunista son eu, que en primeiro lugar fáltolle ó respecto a Stalin, porque se non lle faltara ó respecto a Stalin, é que non me tiña respecto a min mesmo.

De todo aquilo, o que quedou e..., foi o que quedou. A Unión Soviética xogou un papel. Bismark falaba do *socialismo do medo*. Bismark moitas veces facía concesións de tipo social ós pensionistas, ós orfos a quen fose, polo medo ó comunismo. Algún, algunhas das pequenas cousas de tipo social que

houbo aquí no franquismo, debíanse ó comunismo. O comunismo ás veces era máis favorable nos países non comunistas e donde era perseguido que nos propios países comunistas.

O comunismo cae, o bloque soviético, arredor do ano 90, e... porque non podía ser doutra maneira: non aguantaba economicamente. E... eu estiven –e sinto non poder contar esta experiencia– no ano 62, que fun clandestino alí a un congreso da Paz. Escoitei a Kruschev, dinlle a man, e... a Gagarin, por exemplo, o vinte e tantos de xullo de mil novecentos, de 1962. E voules dicir: eu, que tiña daquela moi pouca cultura política –pero, bueno, tiña unha certa intuición, creo–, eu cheguei á Unión Soviética sabendo que alí aquilo non era un paraíso, pero que en todo caso se estaba construíndo unha especie de home novo, un home con mui poucas codicias, con moi poucos egoísmos, eh? O tipo de home que a min me interesaba, porque eu..., afilieime ó Partido Comunista, non para gañar máis, máis ben para gañar menos, eh! É dicir, eu pensaba que todo o mundo tiña dereito á vida, tiña dereito ó traballo, tiña dereito á lectura,... Esa é a razón pola que eu estaba, e polo que sigo estando nese ideario. Ese lume non desapareceu, e o día que desapareza ese lume, pois nese momento podemos botar a persiana, porque termina a Historia.

Quizais non se chamen nun futuro próximo partidos comunistas, ou partidos socialistas, pero aparecerán, e algunhas existen xa, aparecerán agrupacións políticas que en todo caso pensen que hai que ir a algo que substitúa o capitalismo.

E con esto si, con esto termino.

Eu ós 3, 4 días de estar na Unión Soviética en xullo do ano 62, que había que ir con pasaporte falso, porque estaba... a eles estáballes prohibido vir aquí, e a nós, estábanos prohibido ir alá. A min fixéronme o pasaporte falso, o Partido Comunista francés en París. E cando me pediron o nome, din o nome de *Alonso Quijano*. Ese é o meu comunismo, despois de Don Quijote, eh?. E con ese, con ese pasaporte entrei e saín da URRS, e ó chegar a París, devolvín a un camarada do partido o meu pasaporte e collín o oficial de Franco que decía «Pasaporte del Estado español válido para todos los países del mundo excepto Albania, Cuba, etc., etc., etc.». Este era o pasaporte que había, que había naquela época. Eu ós tres, ós catro días iba paseando por diante do Kremlin na Praza Roxa con Ricart Salvat, un director de teatro que morreu hai cinco anos, con José Agustín Goytisolo, non o confundan con Juan, que acaba de morrer en Marraquech, nin con Luís que inda vive, é o poeta, e... con outra persoa máis. E mentras ían falando, a min... eu tiven gañas de chorar. Eu non sabía exactamente como funcionaban os Koljós porque non fora a ver ningún. Aínda non fora a ver ningunha fábrica, levamos 3 ou 4 días alí. Non vira o funcionamento das universidades. É dicir vira o que se ve exteriormente, o que viu Castelao no ano 38, en vinte e seis días. Pero eu percibín, porque son campesiño e porque algunha intuición teño, que aquilo non me gustaba. E como non me gustaba, polo menos chorei por dentro, esbagoei por dentro. Pero fíxense, eu cheguei á miña casa a Lugo onde estaba a miña muller e os meus tres fillos, e non me din de baixa do Partido

Comunista. Porque o Partido Comunista era a miña Igrexa, a Igrexa non sempre está á altura do deus, á altura da relixión, á altura do ideario. Pero é a que hai e hai que loitar desde a Igrexa, hai que loitar desde a Igrexa. Facíao Ellacuría²⁴, a quen eu admiro, pero desde dentro da Igrexa, inda que non sempre os que están alá arriba da Igrexa sentisen moita admiración por Ellacuría. E quen di Ellacuría pode decir outros teólogos da liberación, porque eu antes de entrar no Partido Comunista, e non digamos hoxe, e permítanme que fale desta maneira. O capitalismo moralmente é inicuo e eu non podoo defender un réxime político, económico, social e cultural que sexa inicuo, que provoque a desigualdade, que provoque as fames, que provoque desastres e que poña en perigo a vida neste momento do planeta.

Como o Partido Comunista sigue tendo o ideal anticapitalista, e como eu no futuro loitarei por un comunismo en que democracia, socialismo, socialismo e democracia vaian da man, esa é a razón pola que o señor director, supoño me escolleu a min para que eu lles fixera estas pequenas cavilacións a todos vostedes.

Moitas grazas! (*aplausos*).

²⁴ Ignacio Ellacuría Beascochea, nado en Portugaleta. Filósofo, escritor e teólogo, asasinado por militares salvadoreños o 16 de novembro de 1989.

LA TRIBUNA, PRIMEIRA NOVELA PROLETARIA FEMININA²⁵

Non sei si a directora-conservadora do Museo anunciou co título ó que eu quixen atermel: «*La Tribuna* de Emilia Pardo Bazán 1872, amor, relixión e espírito de revolta no proletariado feminino coruñés da segunda metade do século XIX».

Bueno, xa quixera eu dar unha resposta minimamente interesante a un título que non deixa de ter o seu aquel. O título non está mal, pero bueno, é moi fácil facer preguntas, o que non é doado é facer repostas. Eu teño que... confesarlles en primeiro lugar, que eu non son especialista en dona Emilia Pardo Bazán. Aquí hai, supoño que algunhas persoas que eu non coñezo que saben da Pardo Bazán moito máis ca min, pero estou vendo polo menos dúas, eh?: a profesora Cristina Patiño Eirín e o profesor José Manuel González Herrán,

²⁵ Salón de Actos da Real Academia Galega, A Coruña, 7/04/2016. 18:00 h. «Os Xoves da Rúa Tabernas», Ciclo da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán. Presenta Xulia Santiso, conservadora da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

que poderían estar aquí con moitos máis merecementsos ca min. O que pasa é que, como tamén eles saben, eu teño unha especial querencia por un dos títulos da Pardo Bazán, que é esta novela *La Tribuna*. Eh... bueno, i en todo caso hai algo que eu son superior a eles: eu son máis contemporáneo da Pardo Bazán ca eles. Polo tanto, teño unha percepción da Pardo Bazán que, aínda que eu non teña moita intelixencia, chego a Pardo Bazán mellor ca eles, porque, non sendo contemporáneo da Pardo Bazán –morreu no ano 21, eu nacería 7 anos e medio despois– pero, en todo caso, inda que quedaban os ecos das súas palabras cando eu estaba emitindo os meus primeiros gritos no berce dunha taberna de Vigo donde nacín o 28 de novembro do ano 28, nunha taberna que tiñan meus pais que, inda que eran do Ribeiro, pois daquela estaban na cidade, e non marchamos para aldea mesmo ata que eu cumprín 9 anos, o 1 de xaneiro de 1938, que é cando empecei a falar o galego, porque meus pais daquela educábanos para señoritos. Entre meu pai e miña nai falaban, entre eles, en galego, porque eles cortexábanse en galego, fixeran o amor en galego, aturuxaban en galego, cantaban en galego, bailaban en galego, rifaban en galego, pasaban fame en galego, etc., etc. Pero a nós queríannos educar para señoritos porque entendían que, sabendo castelán, esa é unha chave que pode abrir portas i o galego, seguramente, nin abre portas e pecha bastantes. Esa era, digamos a filosofía lingüística de meus pais no que non estaban..., porque facían eso porque eran bos pais. O que pasa que logo o fillo saíulle medio sociolingüista e medio marxista, tamén, e díxolles que a sociedade podía ir por outros lados. E... bueno, o caso é que... eu

son bastante máis contemporáneo que a señora Patiño e que o señor González Herrán. Polo tanto, si nalgún momento son capaz de decir algo que eles non teñan dito, débese a algo que non é mérito: é unha cuestión de calendario, na que eu estou e eles non están.

Por si fose pouco, a novela que hoxe nos convoca aquí, *La Tribuna*, é unha novela que ten sido moi estudada polos dous profesores que acabo de citar, por outros profesores que colaboran no n.º 5 da revista, precisamente titulada *La Tribuna*. E... a min alégrame especialmente que haxa desde hai 8, 9, 10 anos, interese por parte de profesores e de críticos por esta novela. Eu creo que non é unha novela moi lograda por parte da Pardo Bazán. A Pardo Bazán estaba empezando, é a súa terceira novela. A Pardo Bazán, eu creo que fai como un esbozo de novela. Esta é unha... xa sei o que me van decir eles en privado, porque son educados e bos amigos. E... a Pardo Bazán non intentou explotar tódalas posibilidades que había aí, porque moitos dos presentes recordan o breve prólogo que ela escribe, e di que é un estudio de costumbres. Claro que daquela estaba de moda, si se me permite a expresión, en toda España facer relato costumista, novela costumista, e en efecto, son costumes, os costumes que teñen as traballadoras da Fábrica de Tabaco entre 1867 e 1873, que esta é a cronoloxía da novela. Todo o que protagoniza a protagonista da novela, Amparo, unha traballadora, unha cigarreira, na Fábrica de Tabacos, vai desde marzo do 67 a 11 de febreiro de 1873, cando se proclama a Primeira República española.

Novela de costumes é. Que novela non é, ...que sexa realista, non é de costumes? Pero é que aí hai máis

cousas. Agora vou utilizar unha especie de valoración da novela, coa que quizais os especialistas do presente e do futuro, nos matices non estean de acordo, pero fíxense que importante é esta novela:

Primeiro, non hai na literatura española anterior ao ano 82, non había na narrativa española anterior a 1882, nin houbo durante moito tempo, unha novela en que o protagonista sexa un conxunto de mulleres traballadoras. Polo tanto, é en primeiro lugar unha novela proletaria, en segundo lugar é unha novela do proletariado feminino, non do proletariado masculino. Porque novelas protagonizadas por traballadores, dentro e fóra de España, antes desa data sen dúbida as había. Pero é que a novela é proletaria e feminina desde a primeira páxina á última páxina. E isto, que non fixera ninguén, nin home nin muller, faino a Pardo Bazán. A Pardo Bazán, cando aínda é moi nova, e isto lévanos, porque é inevitable, a ter en conta a sagacidade que tiña aquela muller. A sagacidade e a cultura. E... ademais, unhas condicións que ela sabía que había que perfeccionar, porque a novela é unha novela que en certo modo é documental, aínda que hai a ficción que toda novela comporta; pero antes de escribir a novela, dona Emilia pasou dous meses seguidos cunha libretiña, tomando nota do que facían, do que cantaban, do que decían, do que pensaban, a que hora entraban, as idades que tiñan as aproximadamente catro mil traballadoras, que é unha cifra mui importante, nunha cidade que non tiña nin moito menos o número de habitantes que ten hoxe. Polo tanto, a presenza de catro mil traballadoras, de catro mil proletarias, si é un capítulo fundamental da demografía da cidade da Coruña, pois, no ano 1867, 68, 69.

A Pardo Bazán, que non estudou nin o bacharelato, pero que desde mui nena lía coa voracidade, coa intelixencia dos grandes lectores, a Pardo Bazán ten a percepción suficiente para decatarse que aí hai unha novela. Ela creo que nalgunha parte di que o que hai é catro mil novelas: é certo, que persona non é unha novela? E aínda aquela persoa que teña protagonizado episodios menos espectaculares ou menos cinematográficos, se a examinamos por dentro, claro que hai unha novela. E alí había catro mil novelas. Pero ela decide escribir a novela das catro mil, pero dándolle unha significación especial a unha, a un individuo que se chama *Amparo*. É a primeira vez, probablemente, na historia da narrativa europea, en que unha muller traballadora asume a responsabilidade de ser a protagonista dun relato de máis de 200 páxinas. Isto, aínda que a novela non sexa moi lograda, porque eu creo que é un pouco un esbozo, porque a Pardo Bazán é moi nova, a Pardo Bazán aínda non sabe con quen se ten que xogar o diñeiro: con Pérez Galdós, con Varela, que son homes, e ser muller daquela, é decir, é unha situación moi complicada e polo tanto, se cadra non se atreve a facer a novela de 600 páxinas que habería que facer. Porque están moi en esbozo os caracteres dalgún dos personaxes, e ademais hai tamén páxinas moi elípticas. Eu, claro, en certo modo, vou falar como si vos-tes tivesen lido a novela onte á noite. Seguramente aquí hai algunhas persoas que non leron a novela, pero si a miña charla vale para que a lean, eso é bo. Ademais eu espero que da miña charla, do que vai facer Xulia, do que van facer os, os colegas que traballan desde hai moito tempo na Pardo Bazán é que teríamos que facer

–hai que falar co alcalde da Coruña, ou con quen sexa, pero bueno cunha autoridade da Coruña, claro–, habería que facer unha edición escolar, é dicir, co texto da Pardo Bazán, pero coas notas oportunas e unha especie de guía didáctica. Eu creo que ningún escolar da Coruña debería ignorar unha novela coma esta. Estas son, son os relatos, son as novelas, son as obras literarias, que en todo caso levan a unha cidade un certo orgullo. É dicir: nós tivemos aquí unha Fábrica de Tabacos, tuvemos a gran narradora desa Fábrica de Tabacos nun momento moi importante da biografía, da biografía... E logo, cando ninguén, nin siquiera escritores homes, de pensamento máis avanzado cá Pardo Bazán se interesaban por este sector do proletariado español, que son estas catro mil traballadoras, e traballadoras coruñesas. En todo caso, os escolares que mañán nun instituto, ou mañán nun centro doutras características teñan a novela coa guía didáctica, terminarán lendo a novela e cando pasen por diante da Fábrica de Tabacos, ese será un lugar, será un lugar da memoria, será un lugar da cultura, será un lugar da literatura. E... asombra que unha cidade tan importante como A Coruña, con tantos alcaldes como tivo, un deles, que o estou vendo aquí, don Manuel Casás, que foi presidente desta Academia durante bastante tempo, non teñan convertido esto nun lugar da memoria. Ademais hoxe por si hai problemas para algúns, hai persoas, acabo de citar algunhas, que poden facer esta edición, que poden facer esta guía didáctica, e... bueno, como, como se fan este tipo de cousas.

É certo que é unha novela de costumes, pero é moito máis, é moito máis, porque aí está, si se me permite unha expresión que parece un pouco pedante, está a

problemática do proletariado. Pero a problemática do proletariado tal como a ve a muller, as mulleres, pero claro cando dicimos a muller, a muller da Coruña, a muller da Coruña, había mulleres ricas e había mulleres pobres; había mulleres que vivían no centro e mulleres que vivía na periferia; había mulleres que tiñan algúns estudos e tiñan piano, e sabían música; e había as súas criadas, etc. etc. Polo tanto, bueno, a muller coruñesa é unha abstracción. Nós estamos falando de catro mil seres humanos, que eran mulleres que van, que van traballar alí, e que van traballar alí, e... a Pardo Bazán ofrécenos moitos datos delas, pero algúns non nos os ofrece, e eu hei de facer algunha pequena referencia, a esta, a esta lagoa. No propio prólogo, donde dice que é un estudo de costumes, di que esta novela súa, *La Tribuna*, é unha novela que ten un propósito docente. É unha novela, pois, que se propón ensinar algo: é un vello debate que hai entre os escritores e os críticos literarios, si unha novela ou un poema, ou unha obra de teatro debe ser docente ou non. Unha novela, en todo caso, ten que mergullarse na vida e contala, pero logo querer aproveitar a realidade da novela para decir que temos que ir por este camiño, polo catolicismo ou polo islamismo, polo capitalismo ou polo comunismo, polo socialismo ou por outra, por outro vieiro; iso dito así realmente non é moi literario. Pero ela reconece que é unha novela docente, porque di ela, di ela —pero non o creo— que... despréndese da súa novela, que é un absurdo para esas clases proletarias entusiasmarse cun réxime político que vai vir e que polo tanto non coñecen. Pero, señoras e señores, desde que nacemos como individuos ou en todo caso

como compoñentes dun colectivo familiar ou supra-familiar, nós sempre estamos especulando co futuro, e estamos arriscando. Estamos arriscando moitas veces por camiños novos. Polo tanto, que Amparo, que era partidaria do Republicanismo Federal que quizais era como partido organizado o máis avanzado, utilizando a terminoloxía da época, o máis socialista, porque daquela o socialismo aínda era algo moi xerminal. Bueno, que unhas persoas que pasaron fame, que pasaron calamidades, non digo pensen: soñen que pode haber unha configuración da sociedade donde a xente non pasa fame, donde o amo non malle no criado, porque se cadra a relación amo-criado desaparece ou é distinta da habitual, eu creo que aquí a Pardo Bazán equivócase. Eu non sei por que escribiu ese prólogo, que por outra parte é un prólogo un pouco problemático, porque algún de vós publicou un texto que logo non se reproduce completamente. Ese é un asunto que a min me gustaría que os meus amigos me ilustrasen, ilustrasen sobre eso. E permítanme un inciso: eu ben sei que o que estou facendo diante de vostedes neste momento é un exercicio un pouco curioso. Estou falando dunha novela escrita en castelán, con frecuencia vou citar textos brevemente en castelán, porque é así o idioma no que escribe Pardo Bazán. Pero eu o meu relato estouno emitindo en galego. Pasoume o outro día, que falei do Quixote e tiña que emitir textos en castelán do século XVII, de Cervantes, e logo trataba de explicalos en galego máis ou menos do século XXI. Pero bueno, que lle vamos a facer, é así, e eu creo que vostedes vanme seguir perfectamente, porque un idioma románico como o galego, tan próximo como o portugués ou o catalán,

ou o italiano, non digamos o castelán, pois enténdeno incluso persoas que me consta que non son galegas, ou que levan pouco tempo, pouco tempo aquí.

Xa non lles vou falar, porque é un problema de tempo, porque... un personaxe central da nosa novela, que é Baltasar Sobrado, Baltasar Sobrado é o señorito, eh? O señorito, digo *señorito*, eu sei que *señorito* é unha palabra que caracteriza, pero tamén é unha palabra despectiva, polo menos na miña terminoloxía. O señorito é un señorito ocioso, un señorito faltón, un señorito que cree, bueno, que se pode abusar, abusar non dunha muller, abusar dunha muller indefensa, unha muller traballadora que non ten ningún don Quixote que poña o escudo por ela, eh? Non se trata só de abusar dunha muller, senón dunha muller que é mui vulnerable, por ser muller traballadora nunha época en que termos como *convenio social*, *estatuto do traballador*, eso era falar en checo. Polo tanto Baltasar, no fondo, terminou seducindo a Amparo. Baltasar chegou a ter un fillo de Amparo. Non casou con Amparo, pese a que prometeu: «Juro ante la cara de Dios». Pero os señoritos teñen esta moral: poden facer este xuramento, pero logo el non asume ningunha das responsabilidades. Pero un bo día nace o fillo, o fillo vai ser un sindicalista, socialista, tipógrafo, precisamente dese gremio, dese oficio dos tipógrafos donde naceu o socialismo. O socialismo español naceu nunha imprenta: Pablo Iglesias, Pablo Iglesias Pose, eh! (*risas*) O outro (*máis risas*), o de Ferrol.

É que hai dúas obras, unha que se titula *Doña Milagros*, de 1894, e outra, *Memoria dun solterón*, 1896, en que aparece o fillo Ramón Sobrado e Ramón

Sobrado, bueno, é un sindicalista tipógrafo reivindicativo, que, e... bueno, que un bo día cántalle as cuarenta ó seu pai, bueno. Pero tamén é certo que nunha destas obras cando está en condicións de poder vestir ben, etc., etc., os vellos marxistas dicían que esto era unha cousa de alienación, e que incluso xente que durante moito tempo loitou polo proletariado e que de pronto está en condición de ir a un bo restaurante de vestir ben, e de ter un jaguar etc., etc., pois, é capaz de abdicar de todo aquel ideario, e de todo aquel comportamento, esto dáse aquí. Pero bueno, vese que a Pardo Bazán estaba interesada neste tema, porque a figura de Ramón Sobrado, que eu saiba, eles seguramente saben moito máis, aparece en dúas obras máis. E... é fillo de Baltasar.

Amparo! Eu estou namorado de Amparo. Si, porque Amparo... pese a que a Pardo Bazán non sempre se esmerou en describila. Pero bueno, características de Amparo: Amparo, é unha nena que foi á escola pouco tempo, pero nunha época en que moi poucas nenas –nenos algo máis–, ían á escola. Unha nena que non é parva, que é lista e que, polo tanto, aprendeu a ler ben, tan ben, que facía algo na fábrica que seguramente moitos de vostedes van ser tan sorprendidos como quedei eu sorprendido –Pásmate, Jose Manuel, que me fixen catedrático moito antes ca ti, tamén son máis vello–. Pois un pouco antes de facer as miñas oposicións, estudando un día o tema de Ramiro de Maeztu na Xeración do 98 –Ramiro de Maeztu, bueno que foi asasinado por un comando arbitrario republicano no 36, non pola República, eh!: por un comando arbitrario–, Ramiro de Maeztu, como tódolos homes do 98,

Unamuno, etc., empezou cunha etapa moi reivindicativa, realmente era case un ácrata, un anarquista, o pai era cubano, e el vai estar entre o 91 e o 94 en Cuba. E que fai en Cuba? En Cuba chegou a facer oficios moi distintos, oficios, bueno, non moi ben remunerados. Pero un oficio foi lector en Fábrica de Tabacos, e ese oficio inda existe hoxe en Cuba. Na Cuba chamada da Revolución, eu fun no ano 2001, non sei que pasa desde o ano 2001..., e... eu que estiven vendo como facían os puros, ou distinto... distinto tipo de cigarros, e enténdese que o traballo é monótono, que se pode facer xa sen pensar, os que teñan unha certa pericia, e claro, como non había cascos nin música, nin tal, hai un lector. A fábrica ponlle un lector, un lector que leía *Granma*, o periódico oficial do Partido Comunista, eh! Bueno, pero coidado! Na época de Maeztu, Maeztu di que as noites previas a que ó día seguinte el tivese que ir ler catro horas ós traballadores do tabaco, el dedicábase a traducir a Ibsen, ó anarquista Prokotin, a Carlos Marx, etc., etc. Chegaron a ter problemas estes lectores porque cando, naturalmente, estas fábricas eran de empresarios de mentalidades máis ou menos capitalistas, permitían que leran novelas de entretemento, que leran o *Quixote*, que leran por exemplo poesía de tipo amoroso ou sentimental, cousa que por outra parte fíxose. Pero que leran textos que en todo caso estaban cuestionando a propiedade privada, preconizando a Revolución, preconizando o poder do proletariado, e en definitiva a defenestración do poder burgués e dos capitalistas que lles estaban pagando, así que en ocasións Maeztu e outros lectores, tiveron problemas non como lectores, senón polo tipo de lecturas que facían

chegar. No caso de *Granma* non pasaba esto, porque é o periódico oficial do Partido Comunista de Cuba, e, polo tanto non había que cuestionalo.

Amparo... aquí pasou, está por estudar con... eu creo que coa extensión que merece –eu sempre digo esto con moito coidado, porque están aquí os sabios nesta materia– a lectura. Cristina creo que tamén ten un traballo sobre a lectura pero había que perseguir si tamén noutros oficios, fóra do mundo, fóra do mundo do tabaco, e... as lecturas estas. E claro, Amparo, cando podía lía periódicos do republicanismo federal, eh!, como *La Soberanía Nacional*. Amparo non só lía na fábrica, líalle ó barbeiro do seu barrio. E non tomen a broma o do barbeiro: o barbeiro, na sociocultura de España en xeral, pero de Galicia en especial, é unha figura en certo modo intelectual, é un intelectual *das silveiras*, Pensen naquel, naquel conto de Castelao, do libro *Cousas*: un barbeiro, un barbeiro que está profundando e fai preguntas físicas, metafísicas, do máis acá, do máis alá, e sempre encontra máis ou menos resposta. Pero logo debeuse de facer preguntas tan difíciles que xa non encontraba respostas, dixo: «Non podo profundar máis porque non sei latín» –dicía el–, porque entendía que o latín era só unha cousa esotérica de curas que ten aí un idioma misterioso, que xa non se entende, entónces «O día que saiba latín, eu encontrarei a clave». Pero bueno, eu que fun neno de aldea no ano, no ano, 38, 39, no 40, o barbeiro, é decir, na barbería, a donde chegaba o periódico. Non neste caso, porque Amparo líalle ó barbeiro, polo tanto o barbeiro non lía o periódico, non tiña periódico. Pero é moi importante: todo o que se congrega na barbería,

arredor do barbeiro é xente que pregunta, é xente que quere ter noticias, como está a situación en Cuba, etc. –Cuba, daquela, claro, inda era española antes de 1898–. Entonces, esta é Amparo e hai un momento, e cítoa textualmente: non lía, Amparo «declamaba». Que marabilla!, porque aínda que a Pardo Bazán non quere facer un canto extraordinario á figura de Amparo, ás veces réndese ante algunhas das súas virtudes. Por exemplo, ante o seu atractivo físico, pero tamén ante algo que non ten nada que ver co atractivo físico, que ten que ver coa condición intelectual da persoa nunha muller que non foi máis dous ou tres anos a unha escola pública daquela. E *declamaba*, o que quere dicir que sabe o que son as palabras, sabe o peso literario que teñen as palabras e sabe que unhas palabras lidas dese xeito, van ser eficaces para as traballadoras. Se é un periódico do republicanismo federal, bueno, pois é un periódico en que se cuestiona a propiedade privada, ou é un periódico donde se cuestiona a monarquía, ou é un periódico donde se di que os traballadores tamén son seres humanos. Isto que parece hoxe unha obviedade, daquela, era revolucionario.

Amparo ten un atractivo especial. Un bo día chegan os cántabros –que son da patria de José Manuel González Herrán–, que era un grupo moi importante do republicanismo federal, teñen un contacto cos republicanos de aquí, hai un banquete ó que non vai Amparo. Pero logo van facer coma unha manifestación de homenaxe ós que viñeron de fóra. I entre os que viñeron de fóra hai alguén que a Pardo Bazán chámalle *o patriarca*, que tiña unhas longas barbas brancas. Pero este patriarca ten algo así de melodramático,

o que me recorda algunhas descrições que facía Valle Inclán con algún personaxe de *Tirano Banderas*, cando quería converter a figura en esperpéntica e a Pardo Bazán está a punto de faltarlle ó respecto a este patriarca, pero non acaba de faltarlle ó respecto porque o patriarca é alí algo: o deus do progresismo da época, e no banquete alguén se levanta e parece que está moi contundente coa propiedade privada, co capitalismo, etc., e que preconiza métodos violentos. E... o patriarca, que está de acordo, está de acordo que a sociedade ten que cambiar, pero non por métodos violentos ou coercitivos. E cando chega un grupo de persoas a homenaxear ós que viñeron desde Santander, Cantabria, dice na novela: resulta que entre ese grupo está Amparo, i Amparo xa é coñecida i o patriarca díxolle: «Esta es la tribuna del pueblo».

E por aquí debín de empezar eu, porque eu creo que o primeiro, queridos colegas, que hai que discutir é o título, *La Tribuna*. *La tribuna* non é unha tribuna, ... *la tribuna*. Existía o masculino, un tribuno. Castelar era un tribuno, eh, tribuno da plebe, ou do que sexa, un tribuno: alguén que desde unha tribuna arengaba a un sector da sociedade. Era un gran tribuno, por citar a Castelar, que é contemporáneo. Pero claro, así como había ministros, ou había altos executivos homes, non había mulleres. Pero claro, nas esferas de abaixo estaba sucedendo algo, existían *Amparos*, e Amparo arengaba moitas veces ás súas colegas, porque hai un momento en que as reivindicacións son moi primarias, moi elementais. A reivindicación é que hai un momento en que levan dous, ou tres, ou catro meses, a precisión non o teño pero non é relevante, non a teño... que

non, non cobraban. Entonces, hai que facer algo, hai que facer unha manifestación, hai que facer unha protesta, hai que facer unha folga, chamaríamos hoxe así. E... quen di a primeira palabra, quen aglutina a xente, quen fai o discurso? Porque para ir a unha manifestación que ten risco, que te poden despedir, porque podes quedar sin ese pequeno soldo, co cal vai tirando a familia, porque o home traballaría de canteiro ou de zapateiro, pero era insuficiente para manter a tres ou catro fillos, de aí que o complemento da muller, casada ou non, é moi importante. Claro, hoxe ir a unha manifestación contra Rajoy, ou contra quen sexa, bueno, normalmente non trae consecuencias, non pasa nada. Si é na ditadura de Franco, si e daquela podían perder o soldo, emprego e soldo. A xente vai a unha manifestación si ten discurso, i o discurso hai que construílo e teno que construír un intelectual. Amparo é unha intelectual, eh? Amparo é unha intelectual: constrúe o discurso, é dicir, ten no seu discurso, na súa arenga, na súa oratoria, as palabras claves para que aquelas mulleres asuman aquilo. Amparo sabe de socioloxía moi-to... polo menos así nolo deixa ver a Pardo Bazán, que di que entre as traballadoras, catro mil, as aldeanas son moi reaccionarias. Xa o sabíamos, xa o sabíamos! A aldea, a aldea é reaccionaria —eu son da aldea, bueno, a partir dos 9 anos; meus pais eran de aldea—, a aldea é reaccionaria. As traballadoras da Coruña que xa lían o periódico, que estaban en contacto cos barbeiros, que eran os intelectuais das silveiras, teñen outra actitude, nelas prende mellor o discurso de Amparo, nas outras non. As aldeanas dificilmente se mobilizan, nin siquera para actos de solidariedade, porque hai algún

momento en que a propia Amparo, que ten uns aneis e unha cousa así que mercara para lucirse, porque a ela tamén lle gusta lucirse, ela é consciente do que vale, eh! Mesmo como moza, como boa moza, eh! E..., o primeiro que emite Amparo, non é a súa oratoria si non fala, non é a súa intelixencia: o boa moza que é. Por eso Baltasar dice «Que rapaza!». Bueno, pois Amparo, que hai un momento en que hai que dar algo de diñeiro, ou, sinón, obxectos valiosos, ela despréndese daquelas humildes xoias que ten, bueno, pois, para favorecer a persoas que están en ínfimas condicións, dentro, dentro da fábrica.

En esquema e moi en esbozo, está sucedendo nunha fábrica de mulleres, nun país que non ten tradición de loita, que non ten tradición sindical, que non ten tradición de combate, que non ten mestres,... pero bueno, Amparo, unha das primeiras manifestacións que fai é que ela séntese moi orgullosa de estar na fábrica. Estar na fábrica é estar nun colectivo, estar nun colectivo e polo tanto, debémonos ó colectivo e ela é consciente de que ten que xogar un papel que non poden xogar outras persoas. As aldeanas solo se mobilizan cando hai protestas contra as quintas. Esta é outra! Porque daquela había moitas... De pronto levaban ós nosos fillos de 20 anos, ou de 25 anos á guerra, a África ou a Cuba, ou a Puerto Rico, ou a calquera outro sitio, e as protestas contra as quintas, os que lean periódicos da época..., aí claro, as aldeanas quizais non entenden moito de salarios, entenden que o que lle dá alí o Estado, ou o dono da fábrica, que non saben moi ben quen é, que parece que... que sae da bondá e entón haberá que portarse ben e decirlle:

«Usted siga ben, e moitas gracias», e tal. Amparo non, dice: «Non, eu traballo para conseguir, para conseguir esto».

Pero claro, o das quintas é moi duro. De pronto, esas mulleres que protestan, aínda sendo aldeanas, bueno, son mulleres que saben que a tía Carmela ou a tía Chinta, ou a tía Serafina, que viven no seu barrio, están de loito porque morreu en Cuba un dos seus fillos de 25 anos, polo tanto, hai que protestar contra as quintas. Toda esta complexidade está na novela, toda esta complexidade está na novela.

Amparo é unha gran lectora, e Amparo... sen dúbida –i esto é moi importante–, é unha muller moi atractiva, ou como dicían, bueno, cando eu andaba moceando, de certas mulleres que «Non, pois non é moi guapa, pero andan tódolos mozos detrás dela, é resultona», decíase daquela, non? Eu creo que no caso de Amparo, é atractiva, pero eu desafío agora, aquí a Cristina Patiño que é muller e está máis obrigada, que faga esta experiencia, non só coa *Tribuna*, senón con tódalas novelas da Pardo Bazán. Eu sinto non ter moita erudición na inmensa obra da Pardo Bazán. Xa dixen que eu non son un especialista, pero gustaríame saber como son as descrições das mulleres máis ou menos atractivas. E unha muller atractiva, bueno, sabe que ten esa arma. Pero ata donde ten esa arma esa muller atractiva?, por que é tan atractiva? No caso de Amparo, a Pardo Bazán é bastante minuciosa describíndoa desde o colo para arriba; entre o colo e o embigo, a descripción ou é nula ou é totalmente elíptica ou insuficiente.

Non sabemos, por exemplo, aínda a partir da roupa, si os seus peitos eran atractivos. Isto é fundamental.

Pois ben, hai un *carnaval*, que se titula así un dos capítulos e ela como outras compañeiras disfrazase de home, de grumete. E aproveita que está disfrazada de grumete e di unha cousa marabillosa, porque a Pardo Bazán era moi sagaz, era moi sagaz, e a Pardo Bazán, coma tódalas persoas intelixentes, ten unha ideoloxía. A Pardo Bazán era máis ben conservadora, era monárquica, e sociopoliticamente era máis ou menos conservadora, xa non digamos na primeirísima época, que era verdadeiramente carlista. Pero os conservadores ou conservadoras que teñen intelixencia, a intelixencia vai máis alá da ideoloxía. Eu podo... a Pardo Bazán pode votar a un partido político que diga que o catolicismo é fundamental, que diga que é monárquico. Bueno, mui ben, aí está funcionando ideoloxicamente, e ademais está sendo fiel á súa tradición familiar, á súa clase social, porque todo isto está condicionando o comportamento dos seres humanos. Pero claro, ela está escribindo unha novela, e ten aí unha rapaza que se chama Amparo, entre 13 e 19 anos; Amparo aparece con 13 anos e desaparece, bueno, no 73, cando termina a novela, cando ten 19. Polo tanto é mui noviña, é unha mocíña realmente nun principio, case unha nena, un principio de adolescencia, era o que tiña naquel momento.

Amparo é consciente de que fala ben, é consciente de que é lista, é consciente de que é pouco convencional. Porque saben que Amparo é filla dun barquilleiro, que no forno fai os barquillos e vende os barquillos; un barquilleiro que case non fala, isto é moi importante, casi non fala, casi non fala. Aquela vida, para unha muller tan lista como Amparo, era un horror. A súa

nai levaba tres anos tolleita, paralítica, *tolleita* dícese en galego, *tolleita!* E ademais con mal humor, da súa situación de quebrantada, de quebrantada saúde, entónces nos poucos momentos en que non ten que facer barquillos, ou axudar á nai, ou axudar ó pai, ela anda pola rúa. «La calle es la patria». É bonito esto. Ela non pode vivir sen a súa patria. É o ir, e o vir, é o falar coa xente, é o coñecer, é o saír do silencio, do silencio do pai, porque a linguaxe caracteriza ante tódolos demais animais ó ser humano. O ser humano que non fala é un animal, polo tanto ela foxe dunha casa onde o pai non fala e donde a nai, que fala moito, fala en exceso, e fala desde o seu resentimento que ten ante a natureza, ante a natureza. Ah!, si tivese certas lecturas tamén protestaría ante a historia, porque se cadra, se fora filla de rico, mandábana a Chicago, onde a operaban daquela lumbalxia, e non estaría tolleita na cama, é decir, non é só un problema da natureza, pero ela non o ve así. Entónces, ela o que quere é ir e vir, vai por exemplo á misa dos señoritos, está moi ben esa misa, sábese donde se sentan... donde están os señoritos, donde están os homes, donde están as mulleres, e ela pasa e vai vendo. Ela vai vendo que hai unha estratigrafía na sociedade, que hai unha estamentación, que hai xente que viste ben, que come ben, que non ten problemas para o futuro e precisamente nesa misa acábao, acábao de ver. I o día que se disfraz de grumete...: «Amparo bailaba...», está bailando hasta probablemente un baile rexional, á *solta*, como dicía miña nai cando era nova; «Amparo bailaba con la ingenuidad, con el desinterés, con la casta desenvoltura que distingue a las mujeres cuando saben que no hay un varón, que no

las ve varón alguno, ni hay quien pueda interpretar malignamente sus pasos y movimientos».

Amparo está bailando con outras que bailan, e no Antroido, no Carnaval, van disfrazadas de homes, de grumetes, de rapaces e tal. Pero ela, fíxense ben, non está bailando cun home, porque aí pode haber un principio de relación amorosa: non, está bailando soa. Pero ela está atenta só ó ritmo, bueno, porque, a danza é unha bela arte. Ela tamén ten o ritmo da palabra, por eso le ben. Quen non teña ritmo, non le ben, non converte a lectura en declamación, como di a Pardo Bazán dela. I ela, que ten un gran sentido do ritmo, está entregada ó ritmo, entregada totalmente, de tal xeito que, se cadra, emite xestos que para unha mente varonil un pouco viscosa, se cadra son xestos lascivos. E non: é unha consecuencia do ritmo do que ela está disfrutando. Polo tanto, cuidado con Amparo, Amparo é unha muller de moita categoría, pero unha muller que ten a desgracia de namorarse do señorito. Aquí habería moito que falar: namorouse do señorito ou namorouse da clase social? Porque claro, ela di nun momento dado: Eu non me vou casar! Eu non me vou casar cun tipo dun oficio, aquí do barrio, un carpinteiro, por exemplo, para ter moitos fillos, para estar sempre na casa, para estar cun home que non teña educación. Non quere vivir ese inferno, é dicir, non quere casar co home a quen está condenada a casarse por ser dunha determinada clase social. E claro, un bo día encóntraa Baltasar, que é bo mozo; vai co traxe de alférez, o traxe parece que, bueno, daquela ás mulleres impresionaba moito –teño oído eso. Eu tamén fun sarxento do exército de Franco, pero, bueno, o uniforme aquel non era moi bo (*risas*)–.

De que se namora? Eu creo que se namora, bueno, de que ese non é un carpinteiro, de que ese ten educación, eh?, aínda que é un canalla, que non ten responsabilidade moral, porque lle fai un fillo e, *si te he visto, no me acuerdo*. Pero bueno, ten esa educación, os bos modais que teñen as clases chamadas, chamadas *superiores*. Non era un mal mozo, era un tipo que sabía dirixirse a ela, e que foi mui cauteloso no principio da sedución. Lean unha páxina, páxina e media, porque lle dedica pouca atención, cando se tocan a man por primeira vez, eso que hoxe está ó alcance de calquera fortuna manual (*risas*). Si... e de pronto, ela retíraa, ela retíraa á brava, pero cada vez retira a man menos á brava. Porque a ela gústalle que lle toque a man, eh!, que lle toque a man. Están nun sitio apartado da Coruña —a topografía está ben estudiada, polos, polos sabios—. É de noite, hai unha lúa especial, e de súpeto, supoñemos que sucedeu o que sucedeu. Sucedeu o que sucedeu, e nove meses despois, ten un fillo.

Amparo é dunha complexidade extraordinaria, porque cando Amparo empeza a traballar na Fábrica de Tabacos, que non traballa por oposición ou por concurso de méritos, como hoxe aparentemente hai que facer. Era dixital! E hai un capitán que se chama Borrén, que coñece (*tos*) a algún dirixente da fábrica e recoménda (*tos*), entón, aínda que ela tiña uns certos dereitos, porque era filla dunha traballadora que traballara 30 anos alí ou máis (*tos*). Debe ser Amparo, que protesta! (*risas*).

Amparo empeza a traballar naquela fábrica por recomendación deste capitán, que era moi amigo de Baltasar Sobrado, o alférez. E... bueno, na fábrica a partir

de aí, inda que entrou, inda que entrou desta maneira, bueno, ela vai ter un comportamento que non está ligado á clase social que en un momento dado, bueno, foi quen a, quen a favoreceu (*En silencio, busca entre os seus papeis. Xulia Santiso comenta: –Pardo Bazán tamén escribía en cuartillas, coma vós–. Alonso Montero explica: –Eu tiña aí unha idea, que seguramente era a única interesante de toda a conferencia, que se me escapou–. E segue a buscar*). Si, vamos a ver. Cando empeza a traballar na fábrica, claro, prodúcese un problema na casa. A nai sigue tolleita na cama, permanentemente, e o home casi sempre está fóra, porque anda vendendo barquillos, pero a partir dunha determinada hora, o home chega e ten que ter un axudante que era Amparo, para que lle axude a facer os barquillos. Entonces *contratan*, se é que se me permite este verbo que daquela era inusual, a un rapaz que se chama Chinto. É un mozote, vamos a chamarlle *un mozote*, creo que non se di a idade; debe de ser máis ou menos do tempo de Amparo. E acordádevos vós: é fillo dunha lavandeira «de las cercanías», pero logo insístese que el vén da aldea, e que durante moito tempo o rapaz ten saudade da aldea. Eu compréndoo, o rapaz chega a un sitio descoñecido. Búrlanse del, búrlanse del, porque primeiro, é da aldea; segundo, fala o galego, e aquí é a donde eu quería establecer un inicio de principio de conato de polémica cos meus colegas: o problema do idioma que falan os personaxes, popular, non só en *La Tribuna*, sinón en moitas outras obras narrativas donde haxa diálogos, claro, entre xente populares.

A Pardo Bazán dice no prólogo que ela utiliza mui ben a maneira de falar das clases populares «de mi región». Eu nunca o vin así, nunca o vin así. Porque

vamos a ver! Aínda ninguén se fixo esta pregunta? Non sei se vós a fixéstedes, Cristina e José Manuel. En que falaba Chinto, este rapaz que é fillo dunha lavandeira, pero esta lavandeira se cadra era dunha aldea, acababa de chegar, eh? Parece que non ten home, polo tanto é unha familia un pouco desprotexida e está desexando empregar o rapaz. Donde o pode empregar?, bueno, nun oficio que non é difícil de desempeñar, como é axudarlle ó pai de, ó pai de Amparo. Foi de mala gana, porque el segue pensando na aldea. El na aldea non era moita cousa, pero ninguén se burlaba del polo seu falar, polos seus zocos e polos seus remendos. Aquí, si. Claro! Aínda non houbo un sociolingüista en Galicia que se fixera esta pregunta: en que falan as catro mil traballadoras en 1867 na Coruña? Algunhas, probablemente, son fillas dun oficinista; polo tanto, é un estamento social donde, se cadra, xa se empeza a falar o castelán, e os fillos falan en castelán. Pero eu diría que un noventa por cento como mínimo desas catro mil son falantes habituais de galego, na súa casa, na súa casa e no entorno donde desenvolven o seu ocio. Eso está claro! Hoxe xa non é así na Coruña, pero estamos falando de case século e medio despois.

Así que Amparo, que sabía ler; Amparo, que tiña pretensións; Amparo, que sabía ser cortexada por un alférez culto; bueno, se cadra Amparo, ademais de saber o castelán, porque lía periódicos e libros, e vía teatro, hai tamén... hai un capítulo dedicado a eso, Amparo é probable que con algunhas amigas tivese —é probable pero non é seguro— pero eu diría que máis do noventa por cento teñen como fala habitual o galego. A Pardo Bazán nunca entra nesta, nesta esfera da realidade.

Pero, que di de Chinto? Eu vou facer agora un artigo sobre Chinto, porque estou intrigado co tal Chinto. Chinto vén da aldea, Chinto anda desmaiadamente, Chinto ten pouco xeito, Chinto ten pouca gracia. Todo isto é moi importante, porque a Amparo, Chinto non lle vai enche-lo ollo. E Amparo vai moi despectiva. Non me gusta esta Amparo e, e non porque aquí teña unha actitude a Pardo Bazán, que queira presentárnola negativa, non, non. É que é así, é que é así. É que ela, que é moi reivindicativa, que está cos de abaixo, que está co proletariado, etc., etc., de pronto, pensar que vai, vai ser cor... porque ela sabe que o rapaz está namorado, namorado perdidamente. I o rapaz é un bo rapaz, tan bo rapaz que cando nace o neno, que nace o 11 de febreiro, coa República, nace o 11 de febreiro de 1803, e ela –verémola logo na última páxina–, ten unha actitude de non entrega ó neno, Amparo, porque sabe que aquel neno vén como vén. Pero está unha amiga, un personaxe moi importante, Ana, que nun momento dado, cóllelle o neno, ponllo no peito, e entonces, aí aparece a nai, e a nai sinte a fruición, a fruición de que está amparando a unha criatura. E por si fose pouco, nese momento as cigarreiras que saen da Fábrica de Tabacos van dicindo: «¡Viva la República Federal!» É un momento extraordinario. Acaba de nacer a nena (*sic*), acaba ela de identificarse con algo co que non se quería identificar, porque estaba rexeitando ese neno, e de pronto chega a situación sociopolítica que tanto fixera soñar a Amparo e ás súas compañeiras. Pero... Chinto, horas antes, foi ver ó alférez para decirlle que ía nacer o neno, para que el asumira algunha responsabilidade. Pero Chinto dille: «Yo creo que no se va a casar nunca

contigo, pero si quieres un padre para tu hijo, aquí estoy yo. Haz lo que quieras». E ela contéstalle, «Cómo voy a condenarme yo a un infierno así?».

A que dixera ó principio da novela que non casaría cun carpinteiro, para vivir cun mal educado, para encherse de fillos, para vivir nunha casa mísera etc., etc., ela está aí. Eu creo que elevado ó cubo, no caso de Chinto, porque Chinto ten unhas características físicas, certamente pouco, pouco atractivas. Este é Chinto. E que falaba Chinto? A Pardo Bazán, a quen eu examinei con lupa, di o seguinte: «Por su puro dialecto —é evidente: o dialecto é o galego neste caso— por su puro dialecto de las rías saladas». Que, que caracterización xeográfica... pouco orientativa! Eu penso si este neno, fillo desta lavandeira, é d'alá da Costa da Morte ou así, ou de por aí, donde certamente unha zona, era, e é, pero, sobre todo era, de fala mui galega. E na periferia da Coruña, nos sitios próximos á capital da Coruña, evidentemente non se fala un galego *tan cerrado*, como aínda se dice hoxe, ou xa non se fala o galego, ou hai xente que non quere falar o galego. Evidentemente en Muxía, na Costa da Morte, si. De aí debe, debe de vir el: «Por su puro dialecto de las rías saladas, que provocaba la hilaridad de aquella reunión urbana». Pero quenes se rían dela? Eran o maxistrado, o rexistrador, o alcalde que estaban no casino? Non! A reunión urbana é Amparo, unha amiga dela que se chama Carmela, a súa nai tolleita, o señor Rosendo que é o seu pai, o barquilleiro e xente así. Ríanse, claro, porque hai clases, sempre hai clases. É decir, eu son dun estamento un pouquiño superior, de min pode rirse Baltasar, e a nai de Baltasar, pero non se ri este que acaba de chegar

da aldea e que fala de tal maneira que case, case non o entendemos. Pero alí hai unha persoa que ten o corazón no seu sitio e esa persoa chámase Carmela, e dice: «Carmela, fue la única que le habló humanamente y le dijo el nombre de dos o tres cosas, que el preguntaba sin lograr más respuestas que bromas». O pobriño viña dun lugar donde só se falaba en galego, en galego digamos moi pechado, en galego moi enxebre. E quizais no entorno donde el ten que estar, o barquilleiro etc., hai unha serie de cousas e de obxectos que ignora o nome, e Carmela axúdalle. Dille: «Esto chámase así, esto chámase así, esto chámase así». Pero Chinto fala o galego. E, bueno, un dos estigmas de Chinto para Amparo, é que fala o galego.

Amparo non sería nacionalista, eh? Non estaría no Bloque, eh? Sería socialista, pero pouco sensible á problemática esta, chamada *identitaria*. É que é así, porque está educada como está educada. Para ela, hai que, non sei si ela pensaba que había que abolir as clases, porque non lera a Marx, nin nada desto, non. Lera un pouco ós socialistas utópicos. E... pero bueno, si non hai que abolir as clases, en todo caso o que hai que facer é ser dunha clase donde se coma ben, donde se vista ben, donde se durma ben, donde se traballe pouco, etc., etc. Eso é o que pensaba ela. E claro, Chinto representaba a clase da que ela quería fuxir. Porque, claro, tampouco pensemos que ten unha conciencia revolucionaria, bueno, como se fora unha dirixente bolchevique no ano 1917, eso, eso está claro. Ela tamén ten as súas contradicións. Amparo é mui relixiosa ou é bastante relixiosa, entre as cigarreiras son todas relixiosas, as da aldea e as que non son da aldea. E vese

que teñen altarciños especiais alí, e... que lles molesta moito que haxa protestantes, e chegou haber unha polémica grande cun grupo protestante. Porque, claro, «son dunha relixión falsa», como me decían a min cando eu era pequeno: «A verdadeira é a católica». E «Carmela, la única que le habló humanamente». E... si, eu creo que cando dialogan os personaxes populares, tanto nesta novela como en moitas outras da Pardo Bazán, eu creo que a Pardo Bazán non encontrou a clave, a clave lingüística e estilística para facer falar esa xente. E non sei a que responde, porque a súa intelixencia vai moito máis alá, moito máis alá de todo isto. E Chinto, Chinto —é que eu cada vez son máis do partido político de Chinto, porque teño que solidarizarme con el. Porque o Chinto non fai máis que sufrir. Primeiro está namorado de Amparo e Amparo cada vez é mais cruel, porque nas dúas últimas páxinas da novela —sabemos cal foi a reacción— o pobre ofrécese como pai con tódalas consecuencias. «Y haces lo que quieras», dille. I ela contéstalle dunha maneira verdadeiramente cruel. Bueno, pois Chinto, cando empeza a traballar na casa dos pais de, de Amparo, todo o mundo asoballa nel. Todo o mundo é excesivo con el.

Eu recordo un libro que leín hai moito tempo, o marxismo que había alá nos anos 60 de Frantz Fanon, o algo así, que dicía: «O oprimido oprime, o oprimido oprime». Claro, porque os marxistas falamos de clases sociais: o burgués oprime o proletariado etc., etc. Pero tamén dentro desa burguesía hai estamentos; e dentro do proletariado, dentro das clases subalternas, como diría o outro marxista máis lúcido que se chamaba Gramsci, tamén hai estamentos. E de pronto resulta,

que, bueno, o burgués é o meu opresor, o capitalista é o meu opresor, por iso vivimos nunha sociedade que non me dá oportunidades. Todo eso está moi ben teoricamente, e de súpeto a vida sitúame de tal maneira que eu sigo sendo oprimido pola clase dominante, pero teño alguén debaixo de min. E tamén o oprimo. E quen sofre tódalas opresións, tódolos asoballamentos é o pobre Chinto. Dío moi ben a Pardo Bazán: «La explotación del hombre por el hombre», que por outra parte é unha expresión collida ós anarquistas, ou ós socialistas daquela. Non está inventada pola burguesía. «La explotación del hombre por el hombre –palabras da Pardo Bazán–, tomaba carácter despiadado y feroz, según suele acontecer, cuando se ejerce de pobre a pobre». I en efecto, máis pobres que aquela tolleita, a nai de Amparo; i o pobre barquilleiro, que anda todo o día para gañar unhas cadelas. E... pero bueno, inda pode haber alguén máis pobre e ó mesmo tempo máis vulnerable, que é o pobre Chinto. É o que provoca esta extraordinaria reflexión de... da Pardo Bazán.

Eu, o que quería decir, e agora termino... Porque, hai tantas cousas, hai tantas cousas en tan poucas páxinas, hai tantas cousas en que..., unha pequena anécdota, un pequeno episodio, podería ser un novo capítulo máis. É lástima que, un pouco máis madura ela, eu que sei!, ós corenta anos ou así, non escribira unha novela de seiscentas páxinas sobre ese proxecto, ou sobre ese, sobre ese esbozo. Porque, desde o tema da relixión; o tema da relixión é moi importante. E... relixión e política, a relixión na muller, que evidentemente ten unha presenza maior que no home, o home vive nunhas circunstancias en que pode ter

unha actitude, polo menos, ante a Igrexa, un pouco máis lonxana, un pouco máis, un pouco máis disipada. E... eu teño aquí, nestas fichas que fixen —claro, a Pardo Bazán, non lle gustaría— Como titulo? Así como unha ficha titúloa «Chinto», outra titúloa «Amparo». Esta titúloa «O ligue» (*risas*) ¿Como ligaron? Baltasar fixouse na rapaza cando tiña 13 anos e Borrén, capitán que tiña unha certa autoridade sobre el, que é un pouco celestino, eh!, dille: «—Vexo que vai enchendo o ollo esta rapaza. —Non!, a min estas proletarias non me gustan», e tal e cual. Pero sempre que hai ocasión e a ve, el ten unha actitude i o capitán decátase de que... e o capitán, bueno, é unha persoa importante para que se estableza a relación. E... antes xa esbocei un pouco a primeira gran escena amorosa, moi elíptica, cando por primeira vez se collen a man, i ela moi bravamente, tamén o dixer, sóltalle a man, e vólvelle a soltar, e repróchalle, etc. Pero pouquiño a pouco... I el, que é un pillo, é un señorito pillo. Claro, el é un señorito pillo, el é un señorito, bueno, que non sei si estaba, hai anos nos «Papeles de Panamá», ou así (*risas*) pero non me gusta nada este señorito, eh! (*máis risas*), o señorito dille: «Hoy se casan los pajaritos» e cóllelle a man, e ela decátase: «Si, porque es el día de la Candelaria». Pero é bonito que de pronto o ligue empece o día da Candelaria, cando según a lenda, a tradición, casan os paxariños. Entonces, como lle entras a unha muller tan brava, defensora do proletariado, oradora, socialista, etc.?, bueno, pois a ver se a natureza colabora un pouco comigo, e os paxariños a cantar na Candelaria». E, bueno, continúa pero sempre mui esquematicamente, mui elípticamente. I é cando ela, que no fondo

ten a filosofía da súa nai, e dos pais, e dos avós, dice: «Mira, os señoritos cando che andan cunha menestra-la, andan para divertirse». Eso tamén o oía eu na miña casa, eh!, porque unha vez tamén meus pais dixéronlle á miña irmán: «Oh! Ese é un oficinista, estudiou o bacharelato, vaite a saber o que quere de ti». Así, así que, coidado cos señoritos! Por eso eu sei tanto da Pardo Bazán. Vós non vivístedes esta experiencia (*risas*).

Entón claro, o señorito este é un sedutor. Ten armas, ten armas literarias, é dicir, intelectualmente non é incompetente este militar alférez, que logo é tenente ou capitán, porque vai a unha acción contra os carlistas nas Vascongadas –daquela dicíase as Provincias, simplemente, ou as Provincias, as Provincias Vascongadas–. Pero, claro, ela que está educada polo discurso que eu lle oín a meu pai e a miña nai diante da miña irmá Sara, di: «¿Pero tú piensas casarte conmigo?» «Lo juro!» Dice. «¿Lo juras ante la cara de Dios?» O tipo tremeu, porque, bueno, inda que non era así, un tipo de Acción Católica, nin moi beatífico, bueno, estaba na tradición eclesiástica desa clase social na Coruña nese momento, e bueno, tampouco... Ó final xurou, xurou porque el está ante a tentación, el quería conseguir o froito desa relación aquela noite mesmo, e así foi, xurouno. I ela, ela cree nas palabras, ela que coas palabras mobilizaba socialmente as súas compañeiras de traballo, creu na palabra daquel home. As palabras, as palabras están sempre articulando o relato no caso este, como no caso de calquera outra novela da Pardo Bazán, ou de, ou de quen fose.

Desde que ela, como se diría hoxe, «empeza a saír» con Baltasar Sobrado, co alférez, aínda así vai á fábrica

a traballar, e a súa oratoria sigue sendo unha oratoria acesa, eh! A Pasionaria coruñesa do século XIX, non? Pero dí a Pardo Bazán que a súa oratoria non era inferior á de antes, pero tiña un certo deixe de amargura, porque é cando xa Baltasar a abandonara, porque empeza a dicir: «Bueno, xa nos casaremos, pero que non nos vexan moito». Desculpas de mal pagador! El xa conseguira, porque tamén era un éxito, sobre todo para un militar, para un militar, conseguir unha boa moza, e tal e cual, e logo... é o trofeo que un exhibe por aí, cando vai destinado logo a Cuba ou a África ou a donde sexa.

E para terminar...(*remexe nos papeis*): «En vez de obedecer, acercose Chinto a la cama» —ela acaba de ter o parto, non?— «donde jadeaba Amparo, partida, hecha pedazos por el horrible esfuerzo de su cólera —mujer, oye, mujer... —pronunció con voz que quería suavizar y que sólo lograba ensordecer— no te aflijas, no te mates... Allí... yo, yo me pondré por padre (Allí: *no Rexistro, donde sexa, non?*) —y nos casaremos, si quieres y si no, no. Lo que digas.». Eu creo que como declaración de amor, nin Shakespeare. Isto non está nin en *Romeo y Julieta*, eh! Pasa que citamos a *Romeo y Julieta*, pero claro nesta clase social, e desde a biografía deste rapaz, deste rapaz tan desdeñado, tan... é dicir, tan asoballado, que diga esto, isto é unha declaración de amor infinita. «Como generosa yegua de pura sangre a la cual pretendiesen enganchar haciendo tronco con un individuo de la raza asnina, la Tribuna se irguió, y saltándosele los ojos de las órbitas, los carrillos inflamados por la fiebre gritó (*Que cruel é neste momento, ben entendido, que está nunha situación límite, ela , eh!, cuidado!*)

—sal, sal de ahí bruto ¡quieres condenarme!». Para ella é unha condena, incluso aceptar que é o pai desa criatura... , bueno, á que se acaba de ofrecer voluntario.

«Un principio de fiebre y delirio se traslucía en la incoherencia de sus palabras. Su cabeza (*está refiriéndose a Amparo. Termino*) se trastornaba y aguda jaqueca le atarazaba las sienas. Dejose caer aletargada sobre las fundas, respirando trabajosamente casi convulsa. Ana se sintió iluminada por una idea feliz (*Ana é unha rapaza, unha moza nova, mui amiga de Amparo, que asistiu ó parto*), tomó el muñeco vivo (*o neno*) sin decir una palabra, lo acostó con su madre, arrimándolo al seno, que el, que el angelito buscó a tientas, a holicadas con su boca de seda desdentada, húmeda y suave. Dos lágrimas refrigerantes asomaron a los párpados de la Tribuna, rezumaron al través de las pestañas espesas, humedecieron la escaldada mejilla, y en pos vinieron otras que se apresuraban, desahogando el corazón y aliviando la calentura que empezaba. Al exterior, las ráfagas de la triste brisa de febrero silbaban en los deshojados árboles del camino y se estrellaban en las paredes de la casita. Oíase el paso de las cigarreras que regresaban de la Fábrica; no pisadas iguales, elásticas y cadenciosas como las que solían dar al retirarse a sus hogares diariamente, sino un andar caprichoso, apresurado, turbulento. Del grupo más compacto, del pelotón más resuelto y numeroso, que tal vez se componía de veinte o treinta mujeres juntas, salieron algunas voces gritando:

—¡Viva la República federal!».

Esto é *genial (sic)*, eh! (*aplausos*)

Bueno, agora preguntas!

—
**DISCURSOS
DIVULGATIVOS**
FOROS PÚBLICOS
—

HOMENAXE A GAYOSO E SEOANE²⁶

Camaradas, simpatizantes, en todo caso, militantes ou non do Partido Comunista, que sodes conscientes de que esta homenaxe é unha homenaxe de toda persoa decente: basta con militar moralmente no Partido da decencia para vir tributar unha homenaxe a persoas que teñen valores como os que acaba de recordar o noso camarada Abuín.

Sempre que falamos de Gayoso e Seoane, porque utilizamos só estes apelidos, falamos de José Gómez Gayoso que, como todos sabedes, era o secretario xeral do Partido Comunista de España en Galicia, non o secretario xeral do Partido Comunista de Galicia. Falamos tamén de Antonio Seoane, que era o ex-xefe do exército guerrilleiro de Galicia. Eran dúas personalidades

²⁶ No 68 aniversario dos fusilamentos de José Gómez Gayoso e Antonio Seoane. Cemiterio Civil, Santo Amaro. A Coruña, 15 de novembro 2015. Interven, xunto ao orador, Eva Solla, secretaria xeral do PCG; Alberto Vilariño, secretario xeral do PCG en Coruña; Xesús Redondo Abuín, poeta represaliado e Paula Vázquez, responsable local da Xuventude Comunista. Unha pequena parte dispoñible en vídeo en: <https://www.youtube.com/watch?v=NrmzUxyYG6I>

extraordinarias no mapa do comunismo europeo nos anos 40. Esa grandeza, esa estatura, esa magnitude teñen e algún día figurarán, non nos libros que se fan aquí en Galicia, como si fosen figuras extremadamente locais, sinón nos libros que teñan que ver coa causa internacionalista, coa causa obreira, coa causa socialista e coa causa comunista do mundo enteiro. Ese día non sei cando será, pero en todo caso manter viva a memoria de Seoane e de Gayoso, de Gayoso e Seoane, é unha maneira de contribuír a que mañá os novos periodistas, os novos profesores, os novos escritores, teñan en conta dúas figuras coma estas. Pero tamén é certo que somos ás veces, por omisión, un pouco inxustos cos nove camaradas que morreron con eles ou que foron procesados no mesmo Sumario. E convén recordalos: ademais de Gayoso, mestre nacional; e de Antón Seoane, obreiro, nese proceso que levou á morte ós dous primeiros o día 6 de novembro de 1948, estaban Juan Romero Ramos, obreiro; José Bartrina, médico, que faría un extraordinario retrato de Seoane na prisión de Burgos; José Ramos Díaz Xastre; José Rodríguez Campos, obreiro; Juan Martínez, campesiño; María Blázquez, a primeira muller da lista obreira; outra muller, Clementina Gallego; unha terceira muller, Carmen Orozco, que era mestra nacional como Gayoso; e unha cuarta muller que tódolos presentes supoño, tivemos ocasión en edicións anteriores de respetala, de admirala e de abrazala e que se chamaba Josefina González Cudeiro.

Si me permitides, camaradas e amigos, eu non vou ter máis palabras, nin para Gayoso nin para Seoane, nin para os nove que foron procesados e... pola mesma loita. Pero convén saber que, homenaxeando

a Gayoso i a Seoane, estamos homenaxeando a moitos que caeron no ano 48, a moitos que caeran desde xullo do ano 36, empezando por alguén que era de Izquierda Republicana; e nós, antes que outra cousa, somos republicanos e antifranquistas e un dos primeiros mártires que houbo aquí na Coruña foi un rapaz, que era case un rapaz de 25 anos, Letrado de Estado naquel momento, avogado e Licenciado en Filosofía e Letras, que era o gobernador civil da Coruña. O gobernador civil da Coruña casado había pouco, estaba embarazada a súa muller Juana Capdevielle, bibliotecaria que no momento en que o fusilaban a el aquí na Coruña, a barbarie fascista, Juana Capdevielle era... na chaira, na Terra Chá de Lugo, violada, torturada e logo asasinada. Convén recordar que houbo xente que foi vítima da barbarie franquista a partir de xullo do ano 1936: a data é a do 25. É o milagro de Santiago apóstolo, eh?, un dos moitos milagros do Santiago apóstolo.

Pero eu quero recordar a un camarada que loitou pola democracia, que loitou pola República, que loitou pola decencia e que loitou desde a perspectiva comunista desde que tiña menos de 20 anos: Santiago Álvarez. Non falo de Santiago Álvarez porque fose o noso primeiro secretario xeral, como secretario xeral do Partido Comunista de Galicia. Falo do Santiago Álvarez que vén desde Cuba a España para integrarse na loita na que xa estaban Gayoso e Seoane. E chega a Madrid e ós poucos días, vítima como tantas veces dunha delación, cae Santiago Álvarez. E cae nas poutas do coronel Eimar. E cae nas poutas dos sádicos funcionarios da policía franquista na Dirección Xeral

de Seguridade. E non digo nada novo ós presentes, porque o día que se faga como é debido a historia da tortura que padeceron comunistas ou non comunistas, pero sobre todo comunistas porque estivemos na loita 40 anos, cando algún dos outros estaban nos cuarteis de inverno, eh! Cando se faga esa historia, creo que o que sufriu días e días, horas e horas Santiago Álvarez na Dirección Xeral de Seguridade, é unha cousa que debería de estar presente nas escolas, para que saiban o que era aquilo os nosos nenos dos institutos e dos centros e dos centros primarios. Eu ás veces penso, cando paso pola Porta do Sol, onde estaba a Dirección Xeral de Seguridade, aínda escoito os ecos da voz, non só de Santiago Álvarez, de tanta xente que alí penou desde 1939 en adiante. Aínda están os ecos aí, pero aínda os cronistas, os historiadores, os biógrafos non estiveron á altura das persoas que tanto padeceron, que tanto padeceron por teren un proxecto para Galicia, para España, para Europa e para o mundo, un proxecto humildemente de dignidade.

Santiago Álvarez foi mui amigo nos tres anos da guerra civil de moita xente, porque os que coñécetedes a Santiago Álvarez, podedes pensar que quizais non foi un gran teórico do feito político, podedes pensar que quizais non foi un gran historiador, podedes pensar que non foi un home intelectualmente coas capacidades que teñen personalidades que houbo no mundo do comunismo, desde Rosa Luxemburgo a Antonio Gramsci. Pero non pasa nada, Santiago Álvarez non tivo máis que unha humilísima e precaria historia primaria nunha aldea das terras de Valdeorras. Pero xusto porque destacaba, xusto

porque ós 11 anos, cando alguén da familia lle quixo regalar un balón, díxolle: «Non, eu o que quero é o Quixote». Este era Santiago Álvarez. É o Santiago Álvarez que xa na prisión, na prisión de Logroño, para agradecer unha empanada que lle mandou a muller dun preso –que por certo, era galega e moi católica–, copiou para ela coa súa boa letra «A Virxe do Cristal» de Curros Enríquez. Santiago Álvarez naceu para intelectual, naceu para universitario, pero naceu nun mundo en que os que tiñan talento, moi poucos deles podían teren unha carreira universitaria. Ós 21 anos xa está nunha escola do Partido e porque está nunha escola do Partido en Madrid é polo que a guerra civil o colle en Madrid.

Con 22, 23 anos é un comisario político. O comisario político é o que fala cos soldados. O comisario político é o que lles fai ver a moitos soldados galegos ou andaluces, ou extremeños –moitos deles analfabetos, analfabetos naturalmente porque a dereita quería que houbera analfabetos– que aquela é a súa guerra, aquela é a guerra para que as súas irmás non sexan violadas polos fillos dos señoritos caciques, para que non haxa crucifixo na escola, etc., etc. Este é Santiago Álvarez.

Entre as grandes amizades en Guadalaxara, en Brunete, no Ebro, en Barcelona, está unha figura importantísima na historia do Movemento Obreiro europeo: o Comandante Carlos. O Comandante Carlos é Vitorio Vidali, pero chamábanlle o *Comandante Carlos*, ou o *Comandante Carlos Contreras*. Termina a guerra no ano 39 i el vaise, como se fose un español máis, a México. E en México está aínda no ano 45 e alí lle chegan as

primeiras noticias de que Santiago Álvarez está sendo torturado na Dirección Xeral de Seguridade. E [ós] poucos días chégalle a el a noticia, chégalle tamén ó Partido Comunista e chégalle ós republicanos que están en México, que acaba de ser condenado a morte e que quizais dentro de corenta e oito horas, ou de tres días, ou de catro, vai ser fusilado. E nese momento el, que nunca escribira un poema... I eu veño aquí simplemente para ler o poema, e xa adianto: non sei se chegarei ó final... si chegarei ó final do poema... Pero o poema, por si non chego ó final, témolo fotocopiado e aquí está a man sempre eficazísima de Pepe Abades, que repartirá o poema antes de que termine... este acto.

Escribe o Comandante Carlos un poema, pero para entendelo ben e para que sexa máis dramático, máis conmovedor, escribe pensando que Santiago Álvarez vai ser fusilado mañán ou dentro de 48 horas. Ou que quizais cando está estampando o primeiro verso, xa foi fusilado. E escribe nestes termos:

A Santiago Álvarez

Yo sé que te van a fusilar.

Y daría mil vidas por poder salvarte. (*Pausa*)

Me parece verte en el pelotón, tranquilo como en un día feliz.

Porque tú eres así.

Te conocí en cien batallas y fuiste siempre igual.

Una música animaba tu rostro.

La música de la victoria.

Cuántas veces, yo dije a Líster: para animarse es preciso venir aquí, en el frente. Y ver el rostro de Santiago. Es España: Sencilla y valiente. Los ojos de Santiago son

claros y transparentes como los grandes ríos de España y su boca siempre sonriente como las mañanas de sol en el Guadarrama.

¡Cuántos de nosotros quisieran estar contigo en tu marcha hacia el paredón!

Y cantar la «Internacional» con la misma pasión que cantábamos en los días amargos de Madrid.

¿Te acuerdas?

Sabíamos entonces que la consigna era morir.

Y nadie dudaba que lo íbamos a hacer como hombres.

Ahora, Santiago, te vas y lo siento con toda mi alma, tan terriblemente que me parece que algo de mí se va también y para siempre.

Lo siento más que nadie.

Porque yo estuve contigo desde el día que saliste para el frente con el aquel inolvidable Batallón Gallego, hasta que subiste a capitán político del más heroico ejército de España.

Yo hubiera querido, por lo menos, estar contigo la noche antes de la última jornada y recordar aquellos días, nuestros días, los días del Quinto (*Regimiento*), cuando la Muerte nos buscaba por todos lados y se llevaba a los mejores.

¡Adiós, Santiago!

Yo sé que marchas a la última hazaña con tu corazón firme y tranquilo y que recibirás la última descarga con la misma serenidad como cuando te vi en Lérida, regresando de la retaguardia enemiga.

Te quisimos mucho, mucho.

Para nosotros, jefes y soldados del Quinto, fuiste, has sido siempre, lo mejor que el Quinto pudo crear.

El Quinto, que regando a España con su sangre generosa, supo conquistar la inmortalidad.

Te fuiste como viviste.

Modesto, tranquilo, sonriente, emprendiste el largo viaje sin retorno, saludando con tu gesto ingenuo y cordial a los que toman tu lugar, animados por los mismos ideales, que nunca abandonarán, pase lo que pase.

¡Adiós, Santiago!

Nos parece que con tu despedida la misma Muerte es más acogedora y humana.

Aquí, ante mí, tengo tu historial luminoso, tus cartas buenas, tus fotografías.

Y me parece, en esta noche silenciosa, oír desde lejos tu voz juvenil y confiada, llena de España, saturada de tu acento de Galicia,

Pidiendo como última voluntad sacrificio, heroísmo y optimismo.

Me parece verte todavía lleno de sueño y barro, visitando las primeras líneas de Madrid, del Tajo, de Teruel, del Ebro, de Cataluña, hablando con los soldados.

Porque a pesar de tu juventud, nos mirábamos siempre en ti como en un espejo pulido y fuiste nuestro Comisario y en ti vimos siempre la España invencible, serena y valiente.

¡Adiós, Santiago!

No hay nadie en el Quinto que pueda olvidarte y nadie te olvidará.

El falangismo quiso con tu muerte herirnos en el corazón y lo logró hasta hacernos gritar desesperadamente de dolor.

Y a opacar la aurora que se levanta y alumbra ya a tu Galicia, llena de rocío, a tu Madrid, a Levante, a Aragón, a Cataluña, que escucharon tu voz.

Mañana, cuando España sea libre, los niños sonreirán oyendo tu nombre y todos querrán llamarse Santiago.

Cuántas veces, con el rostro pálido y la voz ahogada por la emoción saludaste a nuestros muertos.

A Heredia, a Pando, a Polanco, a Valverde, a Cruz, a Alberto Sánchez, a Yagüe, a Antonia Portero.

Ahora ha llegado tu momento.

Todos nos reunimos a tu alrededor para darte el último abrazo.

¡Adiós, compañero Santiago!

¡Oh! ¡Mañana, cuando Falange caiga, nadie se olvidará de este inmenso dolor!

Porque para nosotros fuiste más que un amigo y un compañero.

Fuiste entrañablemente nuestro. Alguien que nadie puede sustituirte.

Te acompaña en el último viaje Sebastián, nuestro Sebastián (*Sebastián Zapirain*), austero, severo y grande, como la tragedia y el porvenir de España.

Y no hay precio de sangre que puedan pagar por tu muerte, por vuestra muerte, los que te asesinaron, que os asesinaron.

Y pagarán. ¡No dudarlos, Santiago, lo pagarán!

México DF, 16 septiembre de 1945

(Aplausos)

Pero, si se me permite, solicito tres ou catro minutos máis, porque estamos no tempo no que estamos. E tamén convén que eses homes, que son historia, hai que telos en conta como lección do presente e como

lección do futuro. Nunha das cartas á súa muller, de Gómez Gayoso, fállalle da terrible tortura que experimentou durante días e días. Dille, por exemplo, que entrou na cela da tortura con setenta e tres quilos e un mes e medio despois pesaba Gayoso vintecinco quilos menos. Esta era a tortura franquista. Na mesma carta cóntalle á súa muller, e logo noutras a outros destinatarios, que están na prisión da Coruña e que os domingos e festas de gardar obrigan a tódolos presos, políticos ou non, a iren a misa. Antonio Seoane e el negáronse, pero o xefe da prisión acudiu á estratexema de poñelos cerca de donde se fai o oficio relixioso, en principio de pé. Eles néganse a axeonllarse, a *arrodillarse*, e... non sabemos máis. Nesta liorta están o xefe da prisión e eles dous. E isto non está moi lonxe do que aconteceu hai dous días en París. Porque é a relixión. Non pretendo atacar aquí determinadas crenzas relixiosas. O que quero atacar, contundentemente, é a todos aqueles, que se digan católicos ou que se digan musulmáns, que utilizan o nome de deus para matar, para privar ó ser humano do dereito máis primario, do elemental. Porque, se perdemos a vida, non temos dereito á cultura, dereito ó traballo, dereito ó amor, dereito á felicidade, dereito a nada, se é o que perdemos, se é que perdemos a vida. Pero o que fixeron en París os musulmáns, os musulmáns que fixeron eso en París, non é cualitativamente distinto do que fixo Franco desde o 18 de xullo do 36. Porque eu, que son o máis vello de todos vós, no ano 40, no 38, no ano 39, tiña que ir á forza á misa, tiña que confesar e comulgar á forza, cumprir o precepto pascual. Un paso máis... e podían matarme, non a min, sinón a

meus pais, se dalgunha maneira colaboraban comigo, para que non fose á misa. Polo tanto, é unha plaga, é un lepra, é unha lacra, a relixión así entendida, sexa a musulmana, sexa a católica. Pero os asasinos de París de hai 48 horas, tamén aprenderon de Franco, tamén aprenderon do bispo paisano noso, Eijo Garay, tamén aprenderon de Fraga Iribarne. Porque era xente de misa e o crucifixo neles era sempre un crucifixo do nove largo.

Así que, cuidado cos pactos que se fan por aí, porque como decía un político «de cuyo nombre no quiero acordarme» en este momento, pero tiña razón, dice: «España vende armas a Arabia Saudí». De donde proceden as armas que utilizaron contra o restaurante, contra esa sala de festas, etc., etc.? Non as fabrica o tal Estado Islámico deste momento, proceden dalgún país da Europa farta, da Europa dos dereitos humanos, da Europa da democracia. E poden proceder, concretamente, de España. Polo tanto, señor Rajoy, é moi fácil facer un pacto con don Pedro Sánchez, un pacto: «Que hai que estar contra o terrorismo». Dito así, todos estamos contra o terrorismo. Ninguén quere morrer, porque ese día na sala de festas e nos restaurantes non mataron a ningún xefe de policía, non mataron a ningún dirixente político. A persoas pacíficas, inocentes, probablemente apolíticas –si é que existe esa especie no mundo, de apolíticos–, que estaban alí tomando uns vasos ou tomando unhas sardiñas fritas. Esto convén decilo, convén decilo. Pero eses islamitas teñen bos mestres en España, en Franco, en Eijo Garay e, se me apurades, nalguén que aínda vive nun piso moi espacioso, que se chama Rouco Varela.

Son desa caste, pero señoras e señores, é que non sabemos a historia? É que os libros que eu aprendín e que aprenderon os meus fillos, e quizais aínda van ter que aprender os meus netos, definiron a guerra de España como unha *cruzada*. Nunha cruzada están os islamistas, pero nós vamos por diante: temos precedentes. Pero hai máis, a partir do ano 46 houbo moedas que eu tiven de pequeno cando os sábados meus pais me obsequiaban con 5 céntimos, unha cadela, ou 10 céntimos, un can que decía «Caudillo de España por la gracia de dios». Os pequenos, daquela, pensabamos que todo o que fixese o caudillo, que no fondo estaba tocado pola man divina, era xusto... era xusto. Algún dos que, ou todos, os que mataron en París hai dous días, se cadra creron que estaban facendo un acto xusto.

Hai que acabar coa relixión así entendida!

Viva Gayoso e viva Seoane!

NO CENTENARIO DO DIRECTOR DE *LA NOCHE*: BOROBÓ, CRONISTA DO SEU TEMPO²⁷

Como creo que fixeron algúns dos meus predecesores, imponse... (*si as persoas que están do medio para alá non oen, avisen, que... trataremos de solucionar*).

Bueno, imponse en primeiro lugar, felicitar ó Ateneo, porque inicia o seu curso dunha maneira maxistral. E... non polos que estamos aquí –porque hai un que non merece o adxectivo de *maxistral*; os outros tres, si–, pero si polo feito de iniciar o curso cun tema que é *Raimundo García Domínguez, Borobó, no seu centenario*. E poucas persoas supoño que hai en Galicia e fóra de Galicia que merezan no centenario, ou en

²⁷ Ciclo *Los Lunes del Ateneo*. Mesa redonda na que acompañan ao orador Perfecto Conde Murais, Raimundo García e Xohán Guitián. Ateneo de Santiago, Santiago de Compostela, 20:00 h do 3 de outubro, 2016. Dispoñible en: <https://www.youtube.com/watch?v=F-YxIwQ-7iA>

calquera outra circunstancia, unha homenaxe e unha homenaxe grande. Eu acabo de saber por Raimundo que xa se teñen feito sete encontros ou algo así. Hai un privado, que fixemos na casa dun amigo, Luís Ferreiro, en Portonovo, no que Ana Acuña –como non podía ser doutro xeito–, evocou a figura de Borobó. Aquelo, inda que era privado, había sesenta e cinco persoas, que tamén pertencen á inmensa minoría de que falaría Juan Ramón Jiménez.

Seguiremos falando de Borobó, non só este ano, senón sempre que se presente a ocasión. O que acontece é que habería que forzar un pouquiño as cousas i eu, nunha especie de *chuleta* que fun facendo, mentres falaban os meus compañeiros tiña, para un segundo ou terceiro momento, un tema, pero vou empezar por el. Aquí falouse de Borobó como un gran escritor, sobre todo falouse dun gran escritor nos periódicos, dun gran xornalista. De feito, era un escritor que destacaba como escritor nos periódicos. Borobó, desde mui novo, fixo incursións en moitos outros xéneros literarios, no teatro, no relato, na novela, na biografía, en... xéneros peiodísticos que non eran mui frecuentes e que, en certo modo, el inventaba ou que el matizaba. E... algún día haberá quen faga unha ou dúas, ou dez teses de doutoramento, sobre a polifacencia de Borobó. Pero eu creo que, aínda que non teño neste momento a chave do futuro, de que esas teses de doutoramento terminarán concluíndo que, de Borobó, o verdadeiramente importante, sendo importante[s] outras cousas que fixo, é o artigo do periódico. E dentro dos artigos de periódico, os *Anacos*. E eu diría máis, dentro dos *Anacos*, os *Anacos* publicados na ditadura franquista.

É curioso porque... naturalmente, sempre que falamos de literatura, literatura nos periódicos ou fóra dos periódicos, e pensamos que a literatura vai inevitablemente vencellada ó feito da liberdade de expresión, e nunha situación ditatorial que foi o Franquismo, non digamos nos anos 40, nos anos 50 e nos principios do 60, a liberdade de expresión era moi limitada. Pois aínda así, é decir, nese corsé, nese espazo tan limitado e tan restrinxido, Borobó soubo como escritor manobrar de tal maneira que fixo –aquí xa se dixo por persoas que ademais conviviron con el–, Borobó fixo páxinas que son antolóxicas, eu diría que na historia do periodismo español, evidentemente tamén na historia do, do periodismo galego.

Eu, que tratei moito a Borobó desde o curso 56-57, que foi o meu primeiro curso aquí, como profesor na escola de Maxisterio; e logo no curso 57-58. Eu, que tratei moito a Borobó, podería, podería casi, casi, facer unha película da xente que entraba no café Español, cando existía o café Español, que hoxe é unha librería, e... despois das 10, cando eu terminaba a miña primeira clase e a xente ía un pouco fumenta casi ó lugar donde estaban os xornais, collían *La Noche*, e o primeiro que lle preguntaban ó amigo co que tomaban café naquela mesa é: «Liches o anaco de Borobó?». Aquí xa se dixo por alguén, creo que foi Perfecto, que moitos abrían o periódico polo *Anaco* de Borobó. Logo pasaban ás esquelas, ou ós deportes, ou ó que fose. Pero o primeiro era o anaco de Borobó. Eu recordo esta pregunta no café Español, que así se chamaba, e en moitos outros ámbitos: «Liches o artigo de Borobó?».

Pero claro, non nos esquezamos, o artigo de Borobó, como os artigos de calquera outro, son artigos que se escriben en Ditadura, e o que é peor, publícanse en Ditadura, porque un en Ditadura pode facer unha diatriba contra Franco e gardala no caixón ben gardada. Pero un tamén pode facer un *Anaco* sutil, un *Anaco* no que conxugue con moita pericia esa cousa que se chama *a elipse*, ou esa cousa que se chama *denominación simbólica* ou *metafórica* e na que, para lectores máis ou menos iniciados, está tratando de levalos a unha posición crítica cara a certos aspectos da sociedade daquela, que estaban de cheo implicados nas consignas, nas consignas do Réxime. Pero que ningún pense cando dicimos que os anacos eran devecidos pola xente, eran cobizados pola xente, que a xente ía encontrar alegatos en favor do comunismo, da República, do socialismo, ou alegatos contra a figura de Franco. Iso sería suicida, eso non se deu en ninguén, nin naqueles periodistas que, como Borobó, de feito, pertencían ó bando dos vencidos nunha sociedade como a española daqueles anos que estaba, *perfectamente* para eles, gobernada, administrada para os vencedores. Pero, en todo caso Borobó, o republicano Borobó, o antifranquista Borobó, o demócrata Borobó, o socialista Borobó é un escritor que utiliza todos eses recursos da sutileza para que, polo menos lectores que teñen unha certa familiaridade co seu estilo, sexan confortados, porque alí atoparon algunhas das cousas que buscaban nel. Tamén hai centos, sexan dez mil ou non, probablemente máis, si... ou menos... É dicir, tamén hai centos, eu diría, mesmo miles de artigos en que a crítica ó Réxime é mínima, ou en todo caso, moi escasa e ás veces

probablemente nula. Pero o que hai –tamén se dixo aquí, pero cómpre repetilo–, o que hai é unha gran man literaria que goberna a pluma Parker que manuscibe, que manuscibe eses, eses artigos. E... eu moitas veces atopeime con artigos que... en principio medio me decepcionaban porque non vía antifranquismo. Pero, como lector de páxinas literarias, confortábanme porque estaba... acababa de ler a páxina dun gran periodista que publicaba nos periódicos.

Así pois, os *Anacos* son dunha importancia extraordinaria. E repito: eu, que tiña nesta *chuleta* improvisada falar dos *Anacos* en terceiro ou en cuarto lugar, empezo por aquí, porque quero poñer o acento precisamente nesa sección que inaugurou en *La Noche* e que logo continuou noutras publicacións da prensa española. Pero sigo crendo que os grandes *Anacos* son os da época de *La Noche* de Santiago, en plena ditadura franquista.

E asombra, eu non sei si hai aquí algunha autoridade municipal, provincial, da Comunidade galega ou estatal, e... deberían de facer un esforzo economicamente mínimo, case irrelevante, para facer unha boa antoloxía dos *Anacos* de Borobó. Non digo publicar tódolos *Anacos* de Borobó, que sería elemental tamén si estivésemos nun país medianamente normalizado. Que razón hai para que unha institución, un banco, quen sexa, incluso deixando as institucións públicas, non poñan nas mans da Facultade de Ciencias da Comunicación, publicar a *Opera omnia* periodística de, de Borobó?

Mentres non aparezan, nesta anómala sociedade, entidades ou personalidades con esta sensibilidade, con este pequeno poder económico, eu creo que está ó alcance de calquera institución, por pequena que sexa

a institución, publicar unha antoloxía. Quizais non de máis de 2 ou 3 tomos, 600, 700, 800 *Anacos*. Aínda se... aínda serían hoxe *Anacos* que se lerían con auténtica fruición. E aqueles *Anacos* que tivesen alusións políticas que os novos xa non entendesen ou non entendesen moi ben, xa se encargaría o prologuista de, dese volume, de poñer a correspondente nota para entender o alcance da sutileza, da elipse, do símbolo, da metáfora, do... do propio Borobó.

Eu podría contar anécdotas referidas, mesmo, a títulos de *Anacos*. Recordo que unha vez pasou un episodio mui curioso o 21... o día que empezaba a primavera do ano 1957, no Paraninfo de Santiago, en que un profesor estraño dixo unhas palabras que non gustaron. E o que fixeron as autoridades, empezando polo reitor, polo decano de Filosofía don Abelardo Moralejo Laso, e tal... é mandar emisarios ós periódicos –nese caso o *Correo Gallego* e *La Noche*–, para que non dixeran nada do que acontecera alí. Todo o mundo, porque alí houbo trescentas persoas ou así, ó día seguinte foron famentos a buscaren o periódico. Que di Borobó? Borobó non dixo nada, pero titulou o seu anaco, como era en primavera: «La primavera ha llegado, nadie sabe como ha sido». Este era... este era Borobó.

Borobó era un trasno, Borobó divertíase moito. É dicir, Borobó mesmo publicou aí, nunha revista, como ingresei eu no Partido Comunista. En parte por unha manobra que fixo el con un comunista clandestino, ha... que, bueno... que daquela andaba por Galicia e que tamén o coñecía el. Porque hai que dicir que é asombroso, que se dixo aquí de que querían –non sei quen me contou hoxe, non sei si

foi Pasín, ou algo así-, que alguén ... que dirixira el o Partido Comunista. «É que eu non son do Partido Comunista!». O que pasa é que el tiña moi boa relación cos comunistas, e a ese comunista clandestino dixo: «Non, non, comigo non ten nada que facer, eu non lle son comunista. Hai un profesor en Lugo que quizais, bueno, está interesado nestas cousas. Vaia usted da miña parte a velo».

E... era tamén un pouco trasno. Divertíase. Porque bueno, a dimensión da diversión tamén ten que ver coas dimensións humanas e Borobó era un home cunha... personalidade, e... que non me gusta calificar de *humana* pero, bueno, a personalidade donde había tantas facetas e aquí destacou unha, que eu creo que é a primeira: Borobó era un home esencialmente bo. E por iso Borobó rima con bo, si. Eu diría que era machadianamente bo, recordando o famoso poema de don Antonio Machado. E a lembranza a Antonio Machado non é neste caso gratuíta, porque non sei si sabedes que mui ó final da súa vida, el dedicou algunhas horas a traducir poemas de don Antonio Machado. Era un dos grandes machadófilos que había polo menos en Galicia naquela... naquela época.

Eu, e... ante os que estamos na mesa, incluído o seu fillo, incluído Perfecto Conde Muruais, que traballou anos moi intensos en *Chan* con el; e incluído Juan, que se chama, que se autotitula *sobriño de Borobó* (*Non, non, eso é un título que me concedeu el*)²⁸, ah, é o título del, bueno, que é titulado polo propio Borobó.

²⁸ Responde Xan Guitián.

Eh? Eu son profesor de gramática e teño a obriga de falar ben. Si, bueno, o caso é que si alguén dos catro que estamos na mesa pode falar de determinadas facetas ou de determinados aspectos, xa non da biografía, da personalidade de Borobó, quizais sexa eu. Porque tratei moito a Borobó e quixen moito a Borobó, pero o meu querer a Borobó, como tamén dixo Perfecto Muruais, non me cega tanto que non vexo, que non vexa, de vez en cando algún aspecto que quizais non é mitolóxico. Pero é moi difícil atopar nunha personalidade como a de Borobó algunha eiva, é decir, algún flanco escuro. É moi difícil. Eu, que teño coñecido a bastantes persoas, e por... para sorte miña, aínda que non me teño beneficiado moito destas relacións, persoas moi bondadosas, moi poucas foron tan bondadosas, evidentemente, como foi... como foi Borobó.

Falouse aquí, falaba tamén Perfecto, da memoria de Borobó. Tiña unha extraordinaria memoria e... a súa memoria tiña éxitos verdadeiramente clamorosos cando falaba de política internacional. Borobó quizais non foi un orador. Quizais non foi un gran conferenciante. Supoño que as conferencias que pronunciaba, líaaas. E... probablemente nas tertulias, que daquela eran moi frecuentes, sobre todo no Español con García Sabell, con Piñeiro, con López Nogueira, cos estudantes daquela, etc., nas tertulias non era o que brillaba máis, ou non era o que falaba máis, porque non era un home de pulo protagónico. O que pasa que... cando se falaba de cuestións que esixían erudición, que esixían información, realmente era asombroso o que el sabía de política internacional. E logo había unha teima que tiña, na que eu non teño atopado paz para

Borobó. Cando se falaba dalgunha familia ilustre, como a de Montero Ríos; ou non ilustre como calquera outra familia, pero que por algunha razón foi poderosa economicamente ou socialmente nunha vila, nunha comarca, ou donde fose, empezaba el polo método da ramalleta das cereixas a turrar dunha cereixa que traía outras cereixas, e saía media Galicia aí. E unha media Galicia que era a Galicia dun historiador, non dun ficcionalista. Realmente el sabía... sabía todo.

Nese sentido era tamén o periodista perfecto. Aquí tamén se dixo... aquí tamén se dixo que era capaz de improvisar en cinco minutos un gran, un gran *Anaco*. Era así. É dicir, hai persoas que pasaron á historia porque foron capaces de faceren grandes obras en moito tempo, pero tamén é certo que hai persoas capaces en pouco tempo de faceren páxinas moi brillantes. El era, como é o caso de Cunqueiro... Seguramente dentro de cinco minutos, hai que pechar a edición do periódico e neses cinco minutos mesmo hai que encher un determinado espazo, xa non porque haxa que facer un editorial ou un artigo, e alí está o director: Cunqueiro no *Faro de Vigo*; no *Correo Gallego* ou en *La Noche*, Borobó, que eran capaces en cinco minutos de escribir unha páxina que ó día seguinte era celebrada, aplaudida polos lectores no café Español ou donde fose.

Insisto en que é un fracaso de todos nós, porque aquí todos dun xeito ou doutro somos amigos e admiradores de Borobó, e algunhas persoas podemos ter algún tipo de relación con algún tipo de poder que poйда... é dicir, desprenderse minimamente dun diñeiro que tampouco vai afectar moito ás arcas públicas. Pero é un fracaso de todos nós si en pouco tempo, e sería

bo que antes de que finalizase este ano, no hai unha antoloxía dos *Anacos*. Entre outras cousas, para que os actuais estudantes da Facultade de Ciencias da Comunicación saiban que escribir ben é a primeira obriga, ademais dun dereito, de quen escribe para o público, sexa nun periódico, sexa noutro... noutro soporte.

Eu tratei a Borobó intensamente neses dous anos. Logo, máis ben esporadicamente. Pero bueno, a nosa relación –eu diría, e sábeo moi ben Raimundo, e sábeo moi ben Juan– que é unha relación que cada vez foi, aínda na distancia, aínda véndonos moi pouco, eh? cada vez máis intensa. El, que tiña algún defecto, era capaz de sentir por min algunha admiración. Eu, que tamén... no que non teño de defectos, admiraba moito a el. Durante anos e anos e anos quixémonos e... tivémonos en conta o un ó outro. E... eu podería, e algún día creo que o vou facer, tratar de presentar o retrato de Borobó desde a perspectiva de quen ten os anos que ten, e de quen o coñeceu, e... bueno, durante un tempo que seguramente non foi vivido como experiencia por ningún... por ningún dos presentes.

Incluso eu cheguei a facer por Borobó andar polas tabernas bebendo vasos de viño. Eu, inda que son fillo dun labrego do Ribeiro de Miño e nacín nunha taberna, donde meus pais vendían viño e mercé a eso, pois, mandáronme a estudar á Universidade de Madrid, eu non son bebedor de vasos. A min ninguén me pode chamar *chimpavasos*, que é unha expresión estupenda que hai no galego coloquial. Tanto que, cando ás once ou ás doce teño que beber medio vaso de viño, si non hai unha tapa de queixo ou de xamón, son incapaz de facelo. Pero con Aquilino Iglesia Alvariño e con

Antonio Rodríguez Cadarso, o fillo máis novo do mítico reitor de Santiago, don Alejandro Rodríguez Cadarso, pois fun moitas veces, sobre todo no primeiro ano en que estiven aquí, que estaba solteiro e un ten máis capacidade de manobra para todo tipo de actividades, incluídas as básicas como neste caso, eh? Eu son unha das poucas persoas que sei por que Borobó lle chamaba a don Aquilino Iglesia Alvariño, o gran poeta i o gran lexicógrafo que deixou inédito de momento, un gran diccionario. —era catedrático de Latín no Instituto Rosalía—. Eu son unha das poucas persoas que pode testificar ante calquera tribunal filolóxico que o de o *señor das palabras* non é unha denominación que inventou para caracterizar a don Aquilino Iglesia Alvariño Borobó, non. Iamos a unha taberna, que non sei como se chama, pero algún día recuperarei o nome, mui próxima á Praza de Cervantes. E, eu sei que tan pronto como chegabamos, o dono da taberna dirixíase a súa muller, que facía de cociñeira, etc., e decía: «Prepara aí unha boa tapa mentras eu vou servindo o viño, que acaba de chegar o señor das palabras». Pero o *señor das palabras* é unha denominación que lle puxo a cociñeira, porque... Aquilino, que ás veces collía o coche de liña para ir a Arzúa ou para ir a Ortigueira ou para ir a Pedroso, a donde fose, e alí preguntar palabras —porque daquela facíase a lexicografía así—, e tamén polas tabernas de Santiago: «Vostede de donde é?». E si era dunha comarca, para el máis ou menos allea, e si vía que falaba ben o galego enxebre daquela comarca, preguntáballe. E aquela señora quedou espantada de que un señor tan sabio, catedrático de Latín con tanto predicamento, que escribía nos periódicos, se interesase

polas palabras galegas. E polas palabras galegas que ela sabía! E que el lle decía, don Aquilino, que aquelas palabras non as había noutras partes, e que eran palabras moi bonitas e que resolvían non sei que problemas filolóxicos. Non sei si a palabra *filolóxica* a utilizaría ante a cociñeira, porque Aquilino era tamén moi práctico, pero en todo caso a cociñeira desde aquel momento sentiuse cun estatus extraordinario. Ela era a proveedora lexicográfica daquel home... daquel home tan sabio. E chamáballe *O señor das palabras*. E o día que morreu Aquilino, mellor dito, ó día seguinte –recordarán moitos– o editorial en *La Noche*, 1961, sobre Aquilino titúlase «O señor das palabras».

Volvendo ós *Anacos*... Claro, o *Anaco*... Facer política, inda que sexa política mínima, observacións críticas verdadeiramente exiguas. E... e no ano 55, 56, 58, 60 –vaise de *La Noche* no ano 65– é sumamente difícil. Pero, por outra parte, non esquezamos, porque Borobó, el como chega primeiro á redacción dun periódico, e como a empresa confía nun home que loitou co bando republicano? Non loitou coa banda franquista –bando, banda– e... un home que é dos vencidos, nun momento, anos 40, anos 50, anos 60, en que estaba claro que os vencedores administraban a vitoria. Polo tanto, hai moita xente que quere ser director dun periódico. Foino porque a empresa, aí está a empresa, viu nel a un gran periodista, viu nel un home honrado, viu nel esas características, unira a moita xente para colaborar etc., etc. Pero, ademais do que pense a empresa, hai que tamén ter en conta o que pensan as instancias que están por encima da empresa, as instancias políticas, neste caso o Ministerio de Información e Turismo.

Así que, todo o que facía Borobó, estou seguro que os funcionarios de Fraga Iribarne, do que terán oído falar algunha vez (*risas*), os funcionarios de Fraga Iribarne verían con lupa todos aqueles tempos. I el saíu máis ou menos airoso, ata que hai un momento, no ano 65, en que el ten que deixar a obra dos seus amores, *La Noche*. Alégrame oír as palabras do meu admirado Ben-Choshay, a quen eu coñecín ós 15 días de chegar a estudar a Madrid, en outubro do ano 1948. E... alégranme esas palabras, donde en certo modo lle dá o pésame pola falcatruada que acaban de facerlle... que acaban de facerlle na... na empresa.

Tense dito moitas veces, e está xa nos manuais de Historia da literatura, da Historia da cultura galega, da Historia do periodismo, etc., etc., tense dito que Borobó, o Borobó director de *La Noche*, o Borobó que inventaba aquelas páxinas, *Arte e Letras*, etc., que estivo ofrecendo ó galeguismo, e especialmente ós galeguistas novos, á xente que daquela estudaba na Universidade, como Bernardino Graña, como López Nogueira, como Méndez Ferrín, como Ramón Lorenzo, etc., etc., esas páxinas que ningún outro periódico ofrecía. E... pénsase moitas veces que Borobó era fundamentalmente un galeguista. Non: Borobó era fundamentalmente un antifranquista, e como antifranquista, na medida en que podía facer antifranquismo desde *La Noche*, puxo *La Noche* ó servizo de todos aqueles que eran antifranquistas e que escribisen, naturalmente coa cautela coa que había que escribir. Que haxa máis presenza deso que imos chamar o *galeguismo*, bueno, porque... escribir un poema en galego, un ensaio en galego, facer un comentario de Rosalía ou de Curros

Enríquez ou de Martín Códax ou de calquer outro aspecto da Lírica medieval, bueno, eso en principio parece que non é problemático. Hai máis literatura de tipo galeguista que literatura antifranquista que non é encadrable na literatura de tipo galeguista. Pero é que o galeguismo ten aí unha facilidade que non teñen os outros. Se alguén quere facer algo pola causa da República ou pola causa do comunismo, é realmente... está realmente vendido. Pero polo feito de escribir uns versos, ou polo feito de comentar un poema de Rosalía ou polo feito de falar dunha peza de teatro que acaba de estrearse nun colexio maior aquí da cidade, bueno, as autoridades dirán: «Aquí están los separatistas, aquí están los de siempre». Pero aquilo, en si mesmo, non entraba en conflito frontal co Réxime, mentras que calquera alusión de tipo republicano, de tipo socialista, de tipo anarquista, etc., sería entrar en conflito central. Así pois, Borobó, que tanto fixo polo galeguismo, pero Borobó estao facendo desde a perspectiva ampla de quen está favorecendo a causa antifranquista.

Aquí tamén se dixo que Borobó –díxoo moi ben na súa primeira exposición Juan Guitián– que Borobó estaba en Santander como alumno becario da Universidade Internacional de Santander, que daquela non se chamaba a *Universidad Menéndez Pelayo*. E... acababa de terminar a carreira de Filosofía e Letras e cóntame –porque mo ten contado a min e sábeno algunhas outras persoas sen dúbida mellor ca min–, que estaba na mesma habitación que Enrique Otero Aenlle. E agora falo para os novos: Enrique Otero Aenlle foi alcal... catedrático da Facultade de Farmacia, alcalde de Santiago, e... Gobernador Civil de Lugo. Logo,

Gobernador Civil de Salamanca. Fixo unha carreira política extraordinaria. Estaban na mesma habitación, e cando o 22, 23, 24 de xullo, a data é agora irrelevante, a precisión, quero decir: xa está claro que hai unha confrontación en España, que houbo un golpe de estado que non triunfou. Que triunfou nalgúns lugares, pero noutros non triunfou. Entonces, como se dixo aquí, cada un vai para o lugar da súa procedencia. Pero el non vén para Cesures, non vén para Santiago, non vén para Galicia, donde xa as cousas estaban calmadas, polo menos... calmadas para os franquistas, eh? Vaise para Madrid, vai defender a República. Ese é un xesto extraordinario. O día que se publique a biografía que merece un ser humano como Borobó e un ser profesional como Borobó, haberá que dedicarlle un capítulo de ouro ó home que escolle. Pero eu recordo a conversación... a conversa entre Otero Aenlle e... en castellano como se levaba daquela: «Enrique, y tú que vas hacer? Yo me voy a ir con los míos a Ribadeo» —dice—, «Bueno, pues yo voy a defender la República». E tan pronto como chega a Madrid é inquilino da Residencia de Estudiantes, que acaba de ser rehabilitada, bueno, para estes menesteres. E logo, claro, inscríbese nalgunha das compañías ou dos batallóns que tiñan sobre todo os... os, os sindicatos, e a min tenme contado a vez que por primeira vez viu a Carvalho Calero, que nunca o vira aquí. Sabía del que era un home moi serio, moi severo e moi rigoroso, no sentido máis positivo. E un día que el tamén está de garda pola noite, el no Fronte de Madrid alí, por cerca do Guadarrama, é de noite, e parece que non hai moita guerra como diría Gila. Entonces un está fumando, outro está

bebendo, outro está lendo, outro está conversando con un amigo. E alí, o único soldado republicano serio co seu fusil, atento, era Carvalho Calero. E el viu un home tan serio, tan serio, tan serio, e dixo: «Este é Carvalho Calero!». Era Carvalho Calero! (*risas*).

Entón, é marabilloso... (*vou perder o tren*). Termino, porque aquí faláronse de dúas, hai a pluma Parker e cal era a outra? (*dinlle: «Conklin»*). Un poeta amigo de moitos dos que estamos aquí, Vicente Araguas, dedicou un poema a esa pluma. Eles van a Madrid cando xa Madrid é despois do 1 de abril territorio franquista, despois do abril do 39. E bueno, porque alí, en Madrid hai moito barullo, entre vencidos e vencedores, etc., etc. E el leva a súa pluma. E pasa un capitán, ou algo así, un capitán fascista –vamos a chamarlle *fascista*, polo menos *ladrón* (*risas*)– si, e viu a pluma e colleulla... Pero, bueno, está inmortalizada a pluma nun poema de Vicente Araguas.

Me... parece que este capitán era o pai de Bárcenas ou de Rodrigo Rato, non recordo (*risas*).

Nada máis (*aplausos*).

NO CUARTO CABODANO DE ISAAC DÍAZ PARDO²⁹

Eu creo que aquí está unha das singularidades do tipo de homenaxe que nós tributamos tódolos anos a Isaac Díaz Pardo. Non temos noticias, polo menos, na Academia Real —a Academia Real é unha academia da realidade, a Real Academia ten máis que ver coa Monarquía, polo tanto é pouca realidade—. E... non temos noticias na Academia Real, donde hai xente mui erudita e mui sabia, profesores que teñen publicados libros extraordinarios, non temos noticia de que en ningunha parte do mundo se lle tribute unha homenaxe a un escritor, a un erudito, a un científico, a un artista... con esta característica, que é levar mazás á súa tumba, e tamén soltar diante da súa tumba unhas cantas pombas. E... na Academia Real, creo que un día en que, despois de beber un ribeiro deses extraordinarios, alguén tivo a idea de que había que ter en conta o poema de Lorenzo Varela. O poema de Lorenzo Varela

²⁹ Cemiterio de Boisaca. Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2016, 12:30 h. Conduce o acto Olivia Rodríguez González. Pecha o acto Xesús Alonso Montero, presidente da «Academia Real Isaac Díaz Pardo».

é, en primeiro lugar, un poema dun home que loitou pola República, é un poema dun poeta que foi un gran poeta. E... neste caso, dun poeta republicano que foi gran amigo de Isaac Díaz Pardo. Entonces pensamos, ese día –e vámolos facer mentras nos quede vida– que a mellor homenaxe que se lle podía tributar a Díaz Pardo é ser leais ós últimos versos do poema que acaba de recitar Manuel [Ucha]. E entregar aquí, onde está o corpo de Isaac Díaz Pardo, estas mazás que... hai que dicilo todo, porque o comunismo que levaba dentro Isaac Díaz Pardo non permitiría quedarse el só coas mazás. Porque por aquí anda a tumba de Valle-Inclán, a de don Antonio Fraguas, a de Aurelio Aguirre; e tódolos anos, *comunisticamente*, Isaac Díaz Pardo reparte as mazás cos seus colegas próximos. Non temos mazás suficientes para levar ás tumbas de tódolos represaliados do 36. Esas mazás están no noso corazón, pero non hai mazás no mundo, fisicamente, que poidan adornar, exornar, ou ilustrar as tumbas dos que caeron o 36, e como consecuencia do 36. Pero simbolicamente estas mazás son tamén para todos eles.

Eu quería empezar decindo que nunca vira un alcalde neste aniversario. Para min, hoxe é un día grande, señor alcalde. É un día histórico. Por fin hai un alcalde, un alcalde digno de tal nome, honrando a Isaac Díaz Pardo. E Isaac Díaz Pardo, honrándonos a todos nós, polo tanto, tamén ó alcalde.

O ano que vén é o centenario, o primeiro centenario do nacemento de Lorenzo Varela. Creo que... cada aquí que se fale de Lorenzo Varela. Un grupo de amigos estamos xa, desde hai algún tempo, convocados para organizar actividades que, a ser posible, non

sexan mui convencionais para homenaxear a quen en definitiva perdeu a guerra, non perdeu a dignidade... Foi vencido, foi derrotado en Madrid i en Teruel, nas distintas batallas do Ebro, pero ninguén atentou contra a súa inocencia. Como Lorenzo Varela non vai ter moitos seguidores, como Lorenzo Varela non vai ter moitos botafumeiros, si... o mapa político non cambia... ese grupo de amigos estamos dispostos a facel-o esforzo que estea nas nosas mans para honrar a figura de Lorenzo Varela. O ano que vén, dentro do mapa das letras galegas, hai varios centenarios: aquí xa se mencionou o das Irmandades da Fala, que eu creo que vai... absorber unha boa parte das enerxías culturais do país —e o feito ben o merece—. Pero tamén conviría que as Irmandades da Fala non eclipsaran figuras como a de Lorenzo Varela, ou figuras como a de Manuel Lueiro Rey, ou figuras como a do gran periodista i escritor, pero sobre todo periodista, Raimundo García Domínguez *Borobó*. Temos aí en Galicia catro grandes centenarios.

Pero no mundo hai outros centenarios, vai ser o centenario da morte do Inca Garcilaso de la Vega, que foi grande, non por ser fillo dunha princesa inca, que tamén o era, e dun cordobés. Foi grande porque escribiu como un grande. E... Galicia é grande, e na medida en que ten que ser grande, é porque tamén ten que estar aberta a outras voces. I hai outras voces que van estar de centenario, que están xa de centenario: en abril, Cervantes; en maio, o 2 de maio, Shakespeare. E sempre, como un grande non menos grande que Shakespeare e que Cervantes, o gran don Ramón María del Valle-Inclán. E... necesitamos as forzas de todo o mundo, as axudas de todo o mundo,

para atender a estas figuras. E sempre Isaac Díaz Pardo, e xa daremos noticias de cando faremos a primeira edición real do roteiro que preparou... que preparou con toda minucia e con toda intelixencia, como xa se dixo aquí, Esperanza, Esperanza Mariño.

Falouse por parte dos que tiveron unha intervención ó principio, do Fondo Isaac Díaz Pardo. É probable que dentro de oito, nove, dez meses, haxa eleccións autonómicas aquí, en Galicia. Eu creo que o partido político que se presente a esas eleccións e non leve no seu programa, como unha das cuestións prioritarias, que hai que salvar o Fondo Isaac Díaz Pardo—salvalo quere dicir conservalo, preservalo, catalogalo e poñelo ó dispor dos investigadores—... É un fondo tan extraordinario, tan rico, tan polifacético, hai tanta vibración espiritual neses libros, neses obxectos, neses cadros, neses dibuxos que foi atesourando durante décadas Isaac Díaz Pardo, que ese fondo, de estar hoxe nun país, que por certo en moitos aspectos non admiro nada, como é os Estados Unidos; hoxe tería unha biblioteca ó servizo dese fondo. Polo tanto, si aquí vai alguén, hai alguén que se vai presentar ás eleccións, no programa ten que figurar o fondo Isaac Díaz Pardo, para conservar, para preservar, para catalogar, para estudar e sobre todo, para poñer ó servizo dos investigadores.

Díaz Pardo, cando aínda non cumprira dezaseis, militaba nas Xuventudes Socialistas Unificadas. Tiña unha concepción marxista do mundo. Esa cousa de que non hai dereitas nin esquerdas, aínda que as diga Pablo Iglesias —non o outro!, o outro non o decía!—, non é certo: hai esquerdas e dereitas. As esquerdas,

que ás veces equivócanse, están ó servicio dos que padecen a historia, e as dereitas non están inicialmente nin secundariamente, nin accesoriamente ó servicio dos que padecen a historia. Hai esquerdas e dereitas. Isaac sabía moi ben en que lugar da trincheira tiña que estar. Porque Isaac, o vello Isaac, cando xa iba a cumprir noventa anos, aínda non perdera aquel lume das Xuventudes Socialistas Unificadas. Aquelo que é a causa da xustiza, aquilo que levaba a Isaac a dicir, sempre que quería gabar alguén: «Fulano de tal, que está ó servicio das causas xustas». Eso é a esquerda. Ó servicio das causas xustas, tratarémolo de estar na medida do posible, querido Isaac, mestre Isaac, camarada Isaac, compañeiro Isaac, no que nos quede de vida. Graciñas a todos.

—
**DISCURSO
DIVULGATIVO**
FORO PRIVADO
—

SAÚDE E REPÚBLICA: ANIVERSARIO NAS CHABOLAS³⁰

Aquí hai oito ou nove persoas, ehem.., que non teñen vido ás edicións anteriores e que non sei si... están en condicións, tanto as que viñeron hai tempo como as que viñeron hoxe por primeira vez, de seguir celebrando esta festa, porque... a min inda me quedan noventa ou cen anos de vida, así que... bueno, hai que ter paciencia comigo.

Empezo así en broma, porque... vouvos decir a todos que esta noite, polo menos dediqueille dúas horas a meditar sobre o que tiña que dicir. E... o que tiña que dicir é que sempre me sinto un poucoiño incómodo, porque de feito, hai moitos seres humanos

³⁰ Xantar polo 88 aniversario de Xesús Alonso Montero. Restaurante de A Chabola, Ventosela, Ourense, 27 de novembro, 2016. Déronse cita 44 persoas, entre as cales estaban Víctor Campio, María do Ceo, Manuel Bragado, etc. Antón Pulido agasallou ao presidente da RAG cun cadro titulado *Apertas*. Manuel Bragado fixolle entrega dunha edición especial de *Versos dun fistor republicano, marxista, ateo e un pouco epicúreo (antoloxía: 1963-2016)* con motivo deste seu aniversario.

—quizais non moitos, pero bastantes— que merecían que estivésemos con eles, arroupándoos, alentándoos, acompañándoos —acompañar significa darlles do noso pan e ser os seus compañeiros—.

E... bueno. Eu son, quen son eu? Pois inda que nacín circunstancialmente en Vigo, eu son *o Suso da Groba*, unha aldea que está aí, onde meu pai fixo unha casa no ano 41; ou *o Suso de Ventosela*, donde naceu miña nai. E... o que eu teño feito na vida é ben pouco. Quizais outros teñen feito menos, pero hai bastante xente que fixo máis. En todo caso, o único que eu debería facer nestes casos é agradecer esta compañía que me dades e que non vén mal, porque, bueno, tamén un vive momentos de infortunio, e saber que hai tantos compañeiros que nos dan unhas farangullas de pan —*farangullas* dicimos aquí no Ribeiro, ás migas de pan—. E bueno, eu o que quería era agradecer esto, e quería dicir que, aquí mesmo, e sin coñecer eu intimamente a biografía de todos, aquí hai persoas verdadeiramente extraordinarias, que non as vou mencionar, pero autenticamente extraordinarias. Elas si que merecen a compañía de todo o mundo, a admiración de todo o mundo.

Pero dáse a circunstancia que eu son un pouco señorito, son un letrado e teño así un certo recoñecemento social e académico. E bueno, este é outro vicio, é un vicio da sociedade burguesa, que é unha consecuencia da sociedade capitalista e polo tanto parece que eu son máis importante cós demais, porque son *o señorito da comarca*, eh? E bueno, e como señorito da comarca, en todo caso, aínda que son señorito, son un señorito agradecido.

E... aquí, como se acaba de ver, cada un paga o seu xantar. Eu non! Outro privilexio! E teño o carné do Partido Comunista desde o ano 62, pero vou de privilexio en privilexio: os demais pagan e eu non pago. Pero bueno!, eu tamén me esforzo en facer algo para non quedar como *caloteiro*, que é como se di *pufero* en galego, eh! non quero quedar como caloteiro. Entonces eu vou pagar cuns versos. Se cadra, era mellor que non pagara, porque si os versos son ruíns, en todo caso, era mellor que eu quedara calado, así quedaría debendo o xantar, pero ademais do xantar vou quedar debendo cinco ou seis minutos en que con paciencia tivéstedes que escoitar algúns dos peores versos que se teñen escrito en Galicia. E téñense escrito bastantes ruíns versos, eh!

Pero antes dos versos, que están aquí, e logo levaredes un folletíño, eso si; pois eu quería dicir que acaban de incorporarse a esta festa do meu cumpreanos, algunhas persoas. E como non todo o mundo coñece á outra parte, pois vou empezar (*erguéndose da cadeira*) se non lle parece mal a ninguén, pola esquerda, e dáse a circunstancia que pola esquerda aquí todos somos iguais, pero uns son máis iguais ca outros:

María do Ceo. María do Ceo é a canción, é a palabra. Eu aquí non teño nada que facer nin que decir, aínda que algo cantarín son, pero, bueno... María do Ceo é a canción galega i a canción portuguesa. I eu, ademais, que supoño que non pasarei á historia por nada, aínda que os meus libros os edita Manolo Bragado en Xerais... penso pasar á historia por un proloquiño que escribín ó seu último disco. Non polo meu prólogo, senón polo disco. E con María do Ceo, que se chama así porque tiña que chamarse así, eh!, está Pepe,

que é o instrumentista máximo que ten ela cando ela canta. E cando ela canta e Pepe toca, faise o día, aínda que sexa de noite.

Aquí está unha amiga, esta de chaqueta vermella, de chambra vermella, chambra: é unha chambra, eh! Está ben andar de vermello, porque as chambras vermellas teñen o seu aquel. E... Maika é a primeira vez que vén, si non me esquezo. Maika está a esquerda, sempre á esquerda de Luisa. Luisa é a emperatriz de Redondela e de Buenos Aires, e aínda que nós non somos moi dinásticos, bueno ante unha emperatriz, unha emperatriz é unha emperatriz. E bastaba que fose amiga dela para ser amiga miña, e polo tanto amiga de todos, pero eu tamén hai tempo que coñezo a Maika e alégrame infinito que estea aquí.

E... vamos seguir camiñando, camiñando, camiñando, e... despois de don Modesto Hermida García, natural de Cea, e á súa esquerda, está Sabela, que é a primeira vez que vén. Onte á noite estaba representando unha peza de teatro en Santa Comba, Santa Comba de Xallas, non en Santa Comba de Bande. Sabela, por si hai algunha persoa moi despistada, é unha das grandes actrices non de Galicia, de España. E por si fose pouco, eu desto sei algo, pois é quen acaba de descubrir e definir e enaltecer a dimensión galaica dunha das grandes actrices que deu Galicia, que é María Casares, filla de Casares Quiroga e que, como sabemos, foi a compañeira dun Premio Nobel que se chamou Albert Camus. Ese foi o tema da súa tese de doutoramento, porque esta muller tan nova é licenciada en Filosofía, licenciada en Estudos Teatrais, actriz, recitadora. Éo casi todo no mundo

das artes escénicas. Bueno, que esté connosco para min, bueno, levo a toda a súa familia no corazón, pois é tamén un motivo máis de gratitude.

E sempre á esquerda, está Socorro, está Juanjo e está a filla de Juanjo e de Socorro, que se chama Marta, eh? E que son... viven en Pontevedra, son camaradas nosos –porque, unha cousa: estades entre comunistas!– (*risas*). Non hai policía e polo tanto esto pódese decir, pero aquí se houbera elección, a maioría absoluta rajoniana teríaa o Partido Comunista. Entre militantes e simpatizantes, que algún que outro hai, eu creo que teríamos a maioría. E ademais, hasta gobernaríamos ben. Si, estou seguro...

E á esquerda, sempre á esquerda está Montse. Montse é, hai que decilo, porque ela non se define como *muller de* pero, para que entendamos, é tamén a muller de Manuel Bragado. E Manuel Bragado, á parte de vello amigo meu, de persoa que quero entrañablemente, é o meu mellor editor. I eu teño publicado moitos libros en bastantes editoriais. Pero bueno, aí hai aproximadamente unha ducia de libros. Que vai saír un proximamente, señor editor: entereime que vai ser en febreiro, eu crin que iba ser antes, bueno, febreiro está ben! Febreiro. Febreiro está ben e podémolo presentar o 22 de febreiro, e conmemoramos a morte, non por morte, senón porque unha efeméride que ten que ver con Machado, o día que morría en Colliure, e polo tanto dedicámoslle esa presentación a don Antonio Machado. Aquí está pois, Montse, que é profesora, e Manolo Bragado, que é editor. Editor tamén da persoa que é, non só a responsable, senón a culpable de todo esto, que é Carmen Blanco Ramos.

Carmen Blanco Ramos é de Santa Comba. Carmen Blanco, o ano pasado non era autora dun libro sobre o volfram. Pero claro, do ano pasado a este, pasou un ano, e no medio publicou un libro que é un éxito extraordinario, e que é un libro, que inda que se titula *Volfram en Santa Comba*, pois é un libro político, é un libro sociolóxico, é un libro local, é un libro entrañable que só ten un defecto: o meu prólogo. Pero bueno, pese a ese defecto, o libro funciona ben, circula ben, e aquí está o editor que non me deixará, que non me deixará mentir. E... non fai falta que eu diga se non houbera centos de chamadas de teléfono e unha chea de actividades organizativas, tal e cual que fai Carmen Blanco, noutras ocasións axudada por Ana Acuña, por Olivia e tal e cual, estas cousas non son tan fáciles de arranxar.

Como íbamos pola esquerda, agora non me gus... hai que ir pola dereita. Porque á dereita de Alfonso Vázquez Monxardín, que non vin *o dente famoso*, donde está? Ah! É o que comemos de entrante? Ah! Claro! (*ha, ha, ha*).

Bueno, Alfonso Vázquez Monxardín ten á súa dereita a José Abades Otero. Eu vouvos decir, non o sabe el, pero vaino saber agora dentro de cinco segundos. O libro que me vai editar Manolo Bragado, titúlase *Versos dun fistor...* –fistor é un poeta popular, en galego–, *Versos dun fistor republicano marxista, ateo e un pouco epicúreo*. Está dedicado a Carlos Núñez, a Luís Ferreiro e a Pepe Abades, que felizmente viven e dentro de corenta anos estarán aquí, si non se cansan. E tamén a alguén que xa nos deixou, a Andrés Páramo, un republicano de Sarria que vivía en Lugo –algúns

dos presentes coñeceron a Andrés Páramo, bueno, e que nos deixou sendo el, sendo el moi novo—. O libro vai ter moito éxito porque precisamente vai dedicado a algunhas das mellores persoas que ten dado Galicia desde Prisciliano a hoxe. I eso é rigorosamente certo.

Eu de seres... eu de literatura non sei moito, de lingüística non sei moito, de métrica non sei moito, pero de seres humanos sei moito. E... eu sei de seres humanos: estes dous que acabo de citar, que naceron bos, naceron... chegaron á conclusión de que, non sei si naceron bos ou non, pero de que había que ser bos. Pero de pronto encontráronse nun mundo que era malo, pero que nese mundo hai algunha que outra persoa que ten un ideario e unha militancia que é o comunismo, e dixo: «Ah! Os bos temos que estar aquí» E decidiron inscribirse, pois, nesa cruzada aparentemente sin éxito. Pero bueno, xa falaremos dentro de 20, ou de 30 anos.

A esa estirpe pertence Nicanor. Nicanor, aquel home do pelo blanco, que está á esquerda, como é debido e como dios manda. E digo como dios manda porque Nicanor foi sacerdote. E decatouse que os sacerdotes católicos estaban sempre a favor dos pobres. E dixo: «Non, eu vou pasar a outro sacerdocio, os dos comunistas» Os comunistas detestamos ós pobres, detestámolos, odiámolos, por eso queremos suprimir a pobreza, non queremos que haxa pobres. Odiámolos tanto que non queremos que haxa pobres, por eso estamos contra a pobreza. Os católicos están cos pobres, os comunistas están contra a pobreza, Nicanor. (*Aplausos*) Chámalle Manolo Rivas, nun acto que se celebrou hai dous anos, que lle deron o recoñecemento

de «Home honorario da República», chámalle Manolo Rivas, *o home do megáfono*, porque non hai manifestación no mundo, manifestación en que haxa que protestar a favor dos preferentes... a favor de algo nobre e de algo xusto, que non estea el co seu megáfono, eh? Eu non sei si existe o ceo no que el cría cando estudaba no seminario, pero si existe e vai, irá co megáfono para que San Pedro, para que dios bendito se poñan ás súas ordenes, facer un sindicato, crear un partido político e poñer un pouco de xustiza no ceo tamén.

Á dereita de Nicanor *do megáfono*, está Eladio. Eladio é unha amizade que se incorporou á miña vida hai cousa dun ano, aproximadamente, que antes citeino como o propietario e o director dunha bodega en Beade. Beade é unha aldea mui coñecida en todo o mundo, porque tódolos anos, o 20 de novembro hai un alcalde, que non quero calificar, que lle celebra unha misa a Franco. Pero bueno, que lle vamos a facer! Alí en Beade ten a súa adega, —eu digo *bodega*— e alí el fabrica un viño branco i un viño tinto, pero o tinto que se chama «Tarabelo», eu creo que é un dos mellores viños do mundo, desde que os celtas habitaron aquela zona de Pena Corneira. Eu non sei si os presentes coñecen o penedo de Pena Corneira, pero o penedo de Pena Corneira, na orografía galega da provincia de Ourense, é, si se me permite a expresión latina, unha especie de falo. E sobre ese falo, el escribiu e publicou unha novela, que eu prologuei, que se titula *O falo megalítico de Pena Corneira*. Íbase titular doutra maneira, pero entre Pulido e o editor Bieito Ledo, decidiron poñer *falo* e non un sinónimo no que todos vós, que sodes mui maliciosos, estades pensando. Este é Eladio,

a quen eu non lle debo mais que atencións. Eladio, que ademais de vez en cando xunta na súa bodega a voz de María do Ceo, a voz de Javier Casares, a voz de Fonseca, a voz, a miña voz tamén, de vez en cando. E... calquera día, pois, vamos organizar alí, organizar alí, organizar alí un orfeón. (*Busca entre os papeis*).

Que obxectivo ten esta xuntanza? Pois eu son o pretexto, algún pretexto tiña que haber, son o máis vello, mais vello aínda que este Fidel Castro³¹ que teño aquí. Fidel Castro non morreu. En primeiro lugar, as ideas nunca morren, as ideas nobres, eh? están algún tempo esmorecidas, sepultadas, escondidas. Pero as ideas grandes e nobres non morren. Incluso cando esas ideas non foron moi ben utilizadas, e non se trata deste caso. Pero casi, casi é un trasunto da efixie e... bueno, do camarada que nos acaba de deixar, Antonio Alonso Fontán, co que estou moi ofendido casi, porque el sempre trae un poema para estas ocasións e hoxe non o trouxo. El é un dos grandes poetas de Galicia. É tamén un fistor, coma min, é decir é un poeta de raíz popular. E sobre todo é un poeta anticlerical, hai de ir para o ceo. Porque claro, estar contra o clero é unha das garantías que, si existe o ceo, de ingresar no ceo. Así que témolo o ceo asegurado, Antonio, alí nos veremos. Alí nos veremos... dentro de 40 ou 50 anos pero bueno, antes seguiremos véndonos aquí. O próximo ano tes que traer un poema, para non deixarme quedar mal e para que vexan os amigos, primeiro, que es un gran poeta, e segundo, que eres un poeta anticlerical como dios manda.

³¹ Refírese a Antonio Alonso que deixara a barba como a de Fidel Castro. O revolucionario cubano morrera dous días antes, o 25 de novembro de 2016.

E nesas dúas horas en que onte estiven pensando neste, nesta situación tamén un pouco incómoda para min. Dáse a circunstancia que outros anos non sucedera nada nas 48 horas anteriores. Pero para moitos dos que estamos aquí, para min dunha maneira moi especial, nas 48 horas precedentes á festa que hoxe nos convoca aquí, sucederon dúas cousas: unha, a morte dun poeta chamado Marcos Ana.

Marcos Ana chamábase..., tiña un nome pouco poético, Fernando Macarro Castillo, e cando empezou a escribir, pero xa moi tarde, versos na prisión donde estivo vinte, trinta, vintetrés anos: entrou no ano 1939, saíu a finais de 1961, os versos publicounos co nome de Marcos, o nome do pai, e Ana o nome da nai. Eu onte leín en Ponteareas, presentando un libro dun amigo, o poema «Mi corazón es patio», e moita xente da que estaba alí non coñecía, algunha non sabía o nome de Marcos Ana, e verdadeiramente quedaron conmovidos, porque a poesía de Marcos Ana, cando acerta, e acerta algunhas veces, é unha poesía dunha autenticidade e dunha forza extraordinaria. Pero, bueno, non basta con vivir experiencias duras, e el viviu-nas moi duras, senón que hai que ter un pouco o don da palabra poética e el tíñao. Polo menos, tíñao de vez en cando. E algún día que se faga xusticia por parte dos críticos literarios, Marcos Ana figurará máis ou menos á beira de Gabriel Celaya, de Blas de Otero, de Celso Emilio Ferreiro, e... bueno, tamén de, tamén de Miguel Hernández, e do Antonio Machado máis poeta civil. De momento non, porque parece que aínda só é un home que estivo 23 anos na cadea, é un home que foi militante comunista etc. etc. E parece

que non chegou o momento de que se diga que a súa poesía vale, vale, vale por si mesma. É asombroso que no telediario de antonte dedicáronlle medio minuto á morte de Marcos Ana. E... non teño noticia de que o actual e circunstancial xefe do Estado español, o cidadán Felipe de Borbón, lle dedicara unhas palabras, quen dous días antes en Valencia fixo unhas gabanzas verdadeiramente alucinantes dunha corrupta chamada Rita Barberá. Bueno, realmente esto é grave, é decir: que teñamos que estar presididos e simbolicamente representados por unha persoa capaz, capaz de falsear o idioma que fala para homenaxear a Rita Barberá, e non encontrar nin media ducia de palabras encomiásticas para homenaxear, en definitiva, a quen trouxo a democracia pola que el está donde está. Porque esa democracia non a trouxo Aznar, que decía: «No, no, mientras esos andaban detrás de los grises, yo estaba preparando las oposiciones». Eso díxoo Aznar, mentras os demais estaban donde estaban.

Por si fose pouco, ó día seguinte morre Fidel Castro. Tería que ter eu talento que non teño e tería que ter algo así como 15 anos para poder falar de Fidel Castro. Pero en todo caso, desde hai máis de 50 anos, en Cuba ninguén morría de fame. E desde hai 20 anos, hai pancartas por toda a xeografía de Cuba que din: «Esta noche, en el mundo, más de 200 niños duermen en la calle. Ninguno es cubano». É certo, que si eu vivise en Cuba, se cadra estaba na oposición. Na oposición desde o comunismo. É certo eso, pero non vivo en Cuba, e polo tanto, eu ese problema, ese problema non o teño, pero o único país que desde o ano sesenta e poucos, non ten analfabetos; o único país que ten

Sanidade ás veces precaria, pero Sanidade para todos, é Cuba. É certo que as liberdades de expresión, no sentido que hai aquí, non. É certo que aí, parece, din, que Fidel Castro matou a non sei quen. Bueno, i o medio millón de persoas que entre a CÍA o goberno de Sucarno, dereitista, en Indonesia matou no ano 65, por citar un exemplo, eh? Países donde hoxe hai desigualdades tremendas e a xente sigue vivindo nas rúas. Así que tampouco podíamos vir aquí, porque agora podemos a partir de agora contar chistes, bailar e cantar a rianxeira. E tamén, tamén podemos cantar (*cantando, sendo coreado no verso final por algúns dos presentes*): «Fidel, Fidel, / qué tiene Fidel, / que los americanos / non pueden con él». Non ten habido unha voz antiimperialista como a de Fidel, e o romanticismo e a Revolución e..., coa música que tiña no ano 59, no ano 60, non se deu. E hai moita xente que respirou, e hai moita xente que empezou a andar dereita na vida, porque existiu a chamada *Revolución de, de Serra Maestra*.

Evidentemente non podía eu deixar de mencionar estas dos acontecementos, e a partir de aquí é como si non existise de momento Fidel Castro nin Marcos Ana. Eu agora teño que pagar o meu xantar, teño que pagar o meu xantar e fixen un poema, así que preparaivos. Algunhas veces teño lido textos así... medio subversivos, digo *medio* porque *subversivos*, bah! Non, non hai liberdade de expresión aínda para eso. Esta vez fixen un poema que é, sobre todo, para profesores de galego. O ano que vén, Ana, etc., etc., vouvos examinar... vouvos examinar de cento dez palabras: «Oda a 110 palabras fermosas do idioma galego». Logo levádelo e estudiádelo... á noite, eh?

Quedábame quizais o mellor: aquela señora, aquela señora tan nova que está alí... chámase Alicia. Alicia, señoras e señores, moitos dos... bueno, non moitos, pero algúns dos que estamos aquí coñécena. E... Alicia é a nai de Xosé Carlos Gómez Alfaro. Un, non un dos grandes poetas do Ribeiro: un dos grandes poetas da Galicia do século XX, que nos deixou moi novo. E... aí está Alicia, a súa nai. Primeiro perderon o fillo, logo ela perdeu tamén o seu marido. E... hoxe mandámoslle recado para que por favor viñera, viñera tomar o café connosco, porque, bueno, sabemos que... a ela lle agrada saber que moitas das persoas que están aquí coñeceron a... a Gómez Alfaro, leeron a súa poesía, que está publicada en dous volumes que publicou o Pen Club. A súa casa está cerquiña de aquí e alí hai unha placa que recorda a Xosé Carlos Gómez Alfaro. Así que, Alicia... (*aplausos*) Logo xa nos damos un bico, Alicia.

E agora, bueno, uns minutiños de atención: «Oda a 110 palabras fermosas do idioma galego» (*introduce e recita un longo poema de contido filolóxico*).

—
DISCURSO
DEMOSTRATIVO
COMO CREACIÓN
LITERARIA
—

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2023. HOMENAXE A FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO³²

Excelentísimo señor presidente da Xunta de Galicia,
Excelentísimo señor presidente da Real Academia
Galega, señoras académicas, señores académicos,
autoridades, veciños e veciñas das terras de Lourenzá,
familiares de don Francisco Fernández del Riego, sen
esquecerme da irmá monxa que está en terras andalu-
zas e que probablemente, por algún destes artificios

³² Sesión extraordinaria, aberta ao público, da Real Academia Galega: celebración do Día das Letras Galegas dedicado a Francisco Fernández del Riego. Mércores, 17 de maio de 2023. Centro de Usos Múltiples Ponte de Cuñas (Lourenzá, Lugo). Interviron Margarita Ledo Andión, Francisco Díaz-Fierros Viqueira e Xesús Alonso Montero. O presidente Víctor F. Freixanes pechou a cerimonia. Alocución transcrita da gravación da Real Academia Galega, dispoñible en Youtube: <https://www.youtube.com/watch?v=yWXyaY3NEfs>

O texto, previamente escrito, con algunha que outra improvisación no discurso oral, é editado no *Boletín da Real Academia Galega* (BRAG).

que hai na modernidade tecnolóxica está asistindo a este acto. Miñas donas e meus señores.

Quería facer tamén un saúdo especial á señora alcaldesa de Lourenzá. E...

E... o señor presidente fixo comigo un por alusión. Non lles anunciou o título da miña disertación, da miña elocución preceptiva. Supoño que porque era demasiado longa. Titúlase «Tres horas na vida de Francisco Fernández del Riego, en Vigo, o 18 de outubro de 1949: o encontro (semiclandestino) dun intelectual do exilio interior, Fernández del Riego, co seu camarada, Luís Seoane, do exilio exterior, trece anos e catro meses despois de que fosen separados polas consecuencias da sublevación militar do 18 de xullo de 1936».

Miñas donas e meus señores:

Francisco Fernández del Riego e Luís Seoane viviron nos anos da II República momentos de entusiasmo cívico, participando, en ocasións, nas mesmas tarefas culturais e políticas, ás que levaron o seu compromiso i o seu esforzo. Camaradas no galeguismo («irmáns», dicíase neses anos), camaradas na causa da cultura e devotos do ideario republicano, representaban mui brillantemente, na Compostela desas datas, «aquele tempo de ilusión», que así o definiu Rafael Dieste. Ademais de compañeiros entusiastas na causa da República, na do galeguismo e na da cultura, foron colegas, moi próximos, na Facultade de Dereito, carreira que Seoane finalizou en 1932; e Del Riego, tres anos máis novo, en 1934. Licenciados ambos os dous, acollen o triunfo do Frente Popular de febreiro de 1936 cunha emoción especial... e con fermosas perspectivas, que foron dinamitadas, como é ben sabido,

a fins de xullo de 1936 por unha sublevación militar apoiada polos estamentos máis reaccionarios do país, xerarquía eclesiástica incluída, e coa colaboración mui eficaz de dúas potencias estranxeiras de réxime fascista, Alemaña e Italia.

Aquí (*sic*) as cousas, as novas circunstancias torcen a vida profesional e cívica dos nosos protagonistas de xeito moi diferente: Del Riego, xa destituído como profesor universitario de Dereito Civil, alísta-se, *a fortiori*, no Exército de Franco; e Seoane, que, por sorte para el tamén tiña nacionalidade arxentina, emprende viaxe a Portugal fuxindo das intencións da Falanxe coruñesa. Xa en Lisboa, embarca rumbo a Buenos Aires onde se instala, tras grandes dificultades, a fins de 1936. Seoane, ó principio con pseudónimo, loitará contra o Réxime de Franco coa espada afiada da súa pluma e co aguillón do seu lapis de debuxante; mentres Del Riego, en España, na chamada *zona nacional*, é un soldado de corazón republicano con uniforme franquista, que ten que disparar contra posicións que defenden, xa coa espada da pluma, xa co lapis do debuxante, xa con ambas, Rafael Dieste, Arturo Souto, Juan González del Valle e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Finalizada a guerra en 1939, Del Riego decide probar fortuna en Vigo, onde, *pro pane lucrando*, nos primeiros tempos, desempeña mesteres moi diversos, desde colaborar nun periódico deportivo ou nunha revista técnica de asuntos pesqueiros ata impartir clases de Letras nalgún centro escolar con carácter, en certo modo, semiclandestino. Mentres, Seoane, en Buenos Aires, en territorio libre, segue a execrar a

Franco e a gabar as virtudes do Réxime republicano. Nese período, non moi breve, de 1936 a 1946, Luís Seoane e Fernández del Riego, Del Riego e Seone, non teñen noticias precisas nin amplas o un do outro. Franco separara as súas vidas aínda que non lograra enfriar corazóns tan fraternos e fervorosos.

Vai ser o 10 de maio de 1946 cando Fernández del Riego escriba a Luís Seoane a primeira carta, que, por erros no enderezo, chegou moi tarde... ó seu destino. Iso explica, en boa parte, que Seoane conteste oito meses despois, o 20 de xaneiro de 1947. Da carta de resposta é inevitable non citar estas liñas³³:

De nuestra vida os suponemos enterados por [Rodolfo] Prada. Hemos trabajado mucho, con suerte y sin ella, de cualquier manera, haciendo de todo, pero tratando en todo momento de hacer honor con nuestra conducta y labor a Galicia. [Arturo] Cuadrado y yo hemos fundado dos editoriales dedicadas a publicar, en parte, libros gallegos, idea que tuvimos que abandonar por falta de eco en la emigración, no sin antes publicar unos cincuenta libros que, por lo menos, quedarán y darán idea de nuestra permanencia en ésta. (...)

Tu carta constituyó un pequeño acontecimiento cuando la tuve en mis manos y, a pesar de que te referías concretamente al envío de una obra tuya, ella fue leída por todos nosotros porque era algo así como la

³³ Esta cita e as seguintes da correspondencia entre Luís Seoane e Francisco Fernández del Riego, cuxos orixinais están depositados na Fundación Penzol de Vigo, proceden do «Proxecto Epístola» do Consello da Cultura Galega. Dispoñible en liña: https://consellodacultura.gal/fondos_documentais/epistolarios/epistolario.php?epistolario=1651

seguridad de vuestra amistad, y ello nos causó a todos una gran alegría. Con ella tuvimos la certeza de que, a pesar del tiempo, nuestros amigos, que recordamos constantemente, no nos habían olvidado.

Del Riego contesta axiña, á volta de correo, o 30 de xaneiro de 1947. E faíno en nome propio e no do grupo de vigueses que fan o que poden nas coordenadas do exilio interior:

Ahora mismo acabo de recibir tu carta y no demoro ni un solo instante en contestarla. Puedes creer que me ha producido sincera emoción la lectura de tus afectuosas palabras. También nosotros somos fieles a una amistad que, a pesar de la distancia y el tiempo no ha podido entibiarse.

A partir desta data, o número de cartas que se cruzan entre eles é mui elevado, i en todas elas está ben presente a amizade e a irmandade que xa estaban consolidadas antes do mes da sega do 36. Son as cartas de dous temperamentos mui efusivos, que, cando teñen que comunicar feitos relacionados, dalgunha maneira, coa política, reprimen a súa efusión para non daren pistas ó policía franquista que era, en moitos casos, o primeiro lector daquelas misivas.

As que agora máis nos interesan son as dúas escritas por Seoane, en 1949, non desde Buenos Aires: desde Europa, unha en París e a outra en Londres, ambas as dúas contestadas polo dilixente Fernández del Riego. O pintor exiliado comunícalle, o 15 de xuño de 1949, ó vello camarada, que xa leva dous meses

na capital francesa visitando, coa súa esposa, museos, galerías de arte, palacios e vellas igrexas. O que non lle conta é que, do 20 ó 25 de abril, asistira, como delegado, ás sesións do Congreso da Paz, dato –estou convencido–, do que tomaría boa nota o policía experto en literatura epistolar. Hoxe sábese ben que os Congresos da Paz eran, no esquema político da Guerra fría, organizados polos partidos comunistas i ós que asistían persoas que, non sendo militantes deses partidos, militaban de cheo na causa da paz desde as premisas da esquerda progresista. Era o caso de Luís Seoane, que nunca militou no Partido Comunista, pois, como dixo en memorable ocasión, el só tivo na súa vida un carné político: o do Partido Galeguista.

A esta carta respóndelle decontado Del Riego, verdadeiramente alborozado pola experiencia artística que estaba vivindo o pintor, que nunca viaxara a Europa. Informado Del Riego de que Seoane se propuña facer unha exposición da súa pintura en Londres, proporciónalle contactos eficaces na capital británica para conseguir unha galería axeitada.

A seguinte carta, de Seoane, está datada en Londres o 9 de outubro de 1949, casi catro meses despois da resposta de Del Riego, a quen lle comunica que fixo unha mostra dos seus cadros e que tivo certo éxito de crítica e de vendas. É unha carta moi breve, de medio folio, encabezada por esta noticia:

Salgo de Londres hacía Buenos Aires el día 15 de este mes, es decir, el sábado que viene, en el «Highland Princess», barco de la Mala Real Inglesa que para, para, una

o dos horas en Vigo. Me gustaría mucho verte lo mismo que a [Carlos] Maside si está en esa. A mí es casi seguro que non me dejan bajar pues viajo en terceira clase y me gustaría que tú hicieses lo posible por venir a bordo.

Non é difícil imaxinar a emoción, a conmoción, de Fernández del Riego ó saber que, dentro de moi poucos días, tería a oportunidade de abrazar ó amigo que deixara de ver desde o verán de 1936. Os dous amigos e camaradas tiñan a ocasión de vérense e de falaren, aínda que mui pouco tempo... trece anos e catro meses despois de que o fascismo hispano os separara.

Produciuse o inesperado encontro o día 19 de outubro a iso das doce, á hora da chegada do barco ó porto de Vigo. Sabémolo por unha noticia de *El Pueblo Gallego* (19-10-1949), xornal que tamén precisaba a hora de saída rumbo a Buenos Aires, ás tres da tarde. Así pois, a estancia de Seoane e da súa esposa en Vigo foi, *grosso modo*, de tres horas, que non foi moito, pero que superaba a previsión pesimista do viaxeiro («una o dos horas»). Felizmente tamén, non se cumpriu a previsión... do propio Seoane: a de que non os deixarían baixar do barco por seren viaxeiros de terceira. Todo fai supoñer que quen conseguiu este favor das autoridades portuarias viguesas foi Valentín Paz Andrade, avogado vigués, ehem, moi ben relacionado co universo empresarial marítimo e director da importante revista *Industrias pesqueras*. Aínda así, non é desaxeitado supoñer que o propio Fernández del Riego, vello amigo de Paz Andrade e redactor destacado na súa revista, colaborou intensamente co prestixioso avogado vigués. O certo é que Luís Seoane e Maruxa Fernández López residiron

en chan galego, despois de trece anos e catro meses, durante tres horas, quizais unha miguiña escasas.

Agardaban no peirán –no peirao, perdón– ós ilustres e saudosos viaxeiros, sete persoas conmovidas: Darío Álvarez Blázquez e o seu irmán Emilio, Celso Collazo Lema, Francisco Fernández del Riego, Laxeiro, Carlos Maside e Valentín Paz Andrade. Os sete pertencían ó bando dos vencidos na guerra civil e todos eles, cada un ó seu xeito, militaban moralmente na causa galeguista, que era a causa dos viaxeiros. Algúns, como Paz Andrade, Maside e Del Riego, sufriran diferentes tipos de represalia; dous, os irmáns Álvarez Blázquez, eran orfos de pai, fusilado no 36 polos sublevados cando Emilio cumpría 17 anos. Non sabemos canto tempo duraron os abrazos, dos que o menos breve foi, sen dúbida, o de Fernández del Riego. Estas intensas apertas eran observadas, con certo disimulo, por dous individuos da Policía Nacional. Despois dos abrazos e das primeiras palabras, máis tateadas que faladas, o grupo dos nove exiliados dirixiuse a unha taberna céntrica e coñecida da cidade, mui próxima á rúa do Príncipe, para xantaren, seguidos, a discreta distancia, polos dous policías, que case consideraban aquela amical paseata unha manifestación. Luís Seoane e Del Riego ían diante, capitáns que non paraban de preguntárense polos amigos mortos, polos compañeiros fusilados ou paseados e por un enfermo ilustre e venerado, por Castelao, daquela xa á beira do pasamento. No medio e medio do grupo, a única dama daquela comitiva, dona Maruxa Fernández López, vai de ganchete de Emilio Álvarez Blázquez, un dos cidadáns galegos de máis delicada xentileza.

Antes de chegaren á Travesía de la Aurora, n.º 4, á taberna do Eligio –como aínda se chama hoxe– a máis frecuentada neste tempo por artistas e escritores, o grupo fixo dúas paradas non mui breves: no Casco Vello, onde tiñan o seu estudo o pintor Carlos Maside, e nunha rúa pretiño da taberna, onde Laxeiro lles amosou os seus últimos cadros. Cando chegaron á famosa taberna, subiron ó primeiro andar, a un reservado que o dono ofrecía, en certas ocasións, a clientes mui especiais, no que estes consumían o viño do mellor pipote da taberna, que procedía das viñas de Gomariz, no Ribeiro de Avia, berce do mítico taberneiro. Pero ese día, nin Fernández del Riego, o mellor compañeiro de don Ramón Otero Pedrayo nas xornadas báquicas, se decatou da fina agulla do viño ribeirán. El e mais os outros oito do grupo debíanse a outros manxares, a outras necesidades: saberen dos infortunios dalgúns vellos compañeiros e se había, naquel outono vigués, algunha fáiça de esperanza para a Galicia que alborecera o 28 de xuño de 1936 –sábeno ben: o do Estatuto–. Comeron pouco, mesmo Fernández del Riego e Luís Seoane, non inimigos da boa mesa. De feito, tratábase dun xantar de traballo informativo cun certo ton elexíaco. Sospeitábano os dous teleacompañantes do grupo, contrariados ante o feito de que aqueles dúbidosos españois falasen das súas cousas sin que eles os puidesen oír. Tiveron que limitarse a permanecer na planta baixa da taberna, entre a xente do común, consumindo cafés con leite e simulando que lían o *ABC* ou o *Faro de Vigo*.

Os nove exiliados saíron da taberna co tempo xusto para chegaren ó porto ás tres da tarde, hora en que

o «Highland Princess» partía rumbo ás Américas. Del Riego, o máis emocionado sen dúbida, foi autorizado a subir á embarcación e, deste xeito, dispor duns minutos máis para despedirse, con frases entrecortadas, de Maruxa Fernández e Luís Seoane. Sabemos, por unha crónica oral totalmente fiable –Malores Villanueva,... está aquí–, que Del Riego, cando desatracaba o barco, tivo que baixar por unha escada de corda, montar nunha lancha e chegar nela ó peirao, onde os seis amigos agardaban desacougados.

Xa en terra firme, sete panos brancos despedían a aquela parella de irmáns conmovidos e bagoentos. Nese momento, os dous policíaes deron por cumprida a súa misión e regresaron á Comisaría, sita a menos de medio quilómetro. É mágoa que non saibamos que pensaron da comunión e da emoción daqueles nove cidadáns galegos.

Xa en Buenos Aires, Seoane tardou máis de dous meses en escribir ó vello irmán de Vigo. Fíxoo, o 2 de xaneiro de 1950, nestes termos:

Debí haberte escrito antes (...) pero no pude. No puedo explicaros lo que fueron para mí las dos o tres horas de nuestra estancia en Vigo. Vosotros debéis de comprender. No recuerdo las calles, ni el café, ni el bar donde estuvimos. Solo recuerdo vuestros rostros..., vuestros gestos, tan familiares míos y que los años no habían borrado de mi memoria y la espléndida (*sic*) pintura de Maside y de Laxeiro. Quizá no debería escribir esto. La salida de Vi..., de Vigo fue para mi mujer y para mí algo que nunca olvidaremos: aún siento el calor de vuestros abrazos (...) ¡Cómo nos

hubiese gustado quedar en Galicia! Por vosotros, por el aire, por el mar, por todo cuanto constituyete Galicia... A todos os encontré igual que siempre. A Maside, a quien debo innumerables lecciones que seguramente no sospecha haber dado y a quien admiro profundamente por su pintura, por su virtud. A Laxeiro, inquieto y valiente en su pintura como emocionado por todo lo que le rodea. A Valentín, a ti, que no has perdido ninguno de tus fervores y que eres con unos pocos, muy pocos más, una excepción de aquellas generaciones de estudiantes voceadores que solo tenían, se vio después, espíritu de clan. Por otra parte, a los Álvarez [Blázquez] y a Collazo me pareció conocerlos de siempre (...) Perdóname por todo esto que escribo pero quizás quedo más libre del recuerdo de esas horas de Vigo escribiéndolo. Me hizo mucho (*sic*) bien y mucho daño haber pasado por Vigo.

Doe aínda hoxe ler estas dez palabras, este decálogo: «Me hizo bien y mucho daño haber pasado por Vigo». Por que tanto dano? Tres anos despois, en 1952, Seoane publicou, en Buenos Aires, o seu primeiro libro de poemas: *Fardel de eisilado*, que contén un poema que titulou «Dende o Highland Princess». Nel, referíndose ós amigos, estampou este verso:

«sumidos en espesas, mouras tebras»

Eran as da *longa noite* de *tebra...* e de *pedra*.



Gravadora coa que Carmen Blanco Ramos rexistrou os discursos de Xesús Alonso Montero.



Xesús Alonso Montero con Olivia Rodríguez González e Carmen Blanco Ramos na súa casa de Vigo o 17 de febreiro de 2024. Foto Chema Ríos.

Este libro
PALABRAS PARA O NOSO TEMPO
de XESÚS ALONSO MONTERO,
en edición ao coidado
de OLIVIA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ,
foi impreso en xullo de 2024.



palabras para o noso tempo

catorce discursos orais (2014-2023)

GRAVACIÓN E TRANSCRICIÓN: CARMEN BLANCO RAMOS

Este volume é quizais un dos máis singulares da vizosa produción literaria de Xesús Alonso Montero. Reúne unha mínima pero brillante selección dos seus discursos, mantendo na transcripción do texto o espírito fiel da súa oratoria orixinal. Un traballo que partiu de moitas horas de gravación e transcripción a cargo de Carmen Blanco Ramos, e do coidado da edición de Olivia Rodríguez. O autor afirma ter pronunciado, ao longo da súa dilatada vida, máis de 5.000 discursos ante públicos ben diferentes.

Aquí presentamos catorce destacadas intervencións públicas. Por elas van pasando nomes inesquecibles da nosa historia e das nosas Letras como Rosalía de Castro, Isaac Díaz Pardo, Emilia Pardo Bazán, Francisco Fernández del Riego, Borobó, Ramón Piñeiro ou Xosé Neira Vilas. E tamén, como non, o exilio, o antifranquismo, a defensa das clases populares e a historia do comunismo europeo.

Como afirma a profesora Olivia Rodríguez no seu limiar, «esta obra é unha revalorización do pensamento creativo da palabra e da súa conexión co pensar, sentir e imaxinar (...). O principal obxectivo da súa oratoria é a transmisión de coñecemento para combater o silencio e o esquecemento, impostos no pasado e banalizados no presente».

alvarelloseditora.gal



EDITORA
alvarellos